Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 07/09/2021 10:41:20
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 25

Sesión plenaria
23 de febreiro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección dos seis vogais dos Consellos Sociais das Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo (11/PVCS-000002, 11/PVCS-000001, 11/PVCS-000003)

Punto 2. Textos lexislativos

2.1 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (doc. núm. 6203, 11/PPL-000002)
Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 96, do 17.02.2021
Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 96, do 17.02.2021

2.2 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 5637, 11/PPL-000001)
Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 94, do 15.02.2021
Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 94, do 15.02.2021

2.3 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia (doc. núm. 2794, 11/PL-000005)
Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 95, do 16.02.2021
Publicación de emendas e votos particulares, BOPG, nº 95, do 16.02.2021

Punto 3. Debate e votación das propostas de resolución formuladas á primeira revisión do Plan forestal de Galicia (doc. núm. 8904, 11/PEP-000001) (docs. núm. 10470, 10471, 10472 e 10473)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 28.01.2021
Publicación das propostas de resolución, BOPG nº 96, do 17.02.2021

Punto 4. Comparecencias

4.1 11053 (11/CPP-000041)
Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da incidencia da pandemia en Galicia no relativo á situación epidemiolóxica e asistencial e os avances no Plan galego de vacinación fronte á covid-19
Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

Acumúlase na anterior a seguinte:

4.2 7465 (11/CPP-000035)
Do Sr. conselleiro de Sanidade, por solicitude dos dezanove deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta das medidas que está tomando a Xunta diante da evidencia de que Galicia está inmersa nunha terceira onda por contaxios

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de covid-19 e da estratexia de vacinación, que debería ser unha peza clave para evitar a transmisión de contaxios
Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 13.01.2021

Punto 5. Mocións

5.1 10802 (11/MOC-000025)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa nova onda de contaxios de covid-19 e a estratexia de vacinación. (Moción consecuencia da Interpelación nº 8569, publicada no BOPG nº 83, do 27.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

5.2 10901 (11/MOC-000026)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento local. (Moción consecuencia da Interpelación nº 6176, publicada no BOPG nº 63, do 16.12.2020, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

5.3 10913 (11/MOC-000027)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a xestión da crise sanitaria provocada pola pandemia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 7888, publicada no BOPG nº 79, do 20.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

Punto 6. Proposicións non de lei

6.1 4762 (11/PNP-000541)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis
Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da encarga da construción dun buque de acción marítima para a Armada española nos estaleiros de Navantia na ría de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG nº 44, do 11.11.2020

6.2 7861 (11/PNP-000822)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa repartición do fondo Covid da Unión Europea para a reactivación *Next Generation*
Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6.3 9767 (11/PNP-000977)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e tres deputados/as máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque destinado a rebaixar a fenda salarial existente entre as mulleres e os homes de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 91, do 10.02.2021

6.4 9993 (11/PNP-000996)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre o impacto da pandemia na diagnose e tratamento do cancro e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 91, do 10.02.2021

6.5 10078 (11/PNP-001007)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a valoración pola Xunta de Galicia en relación coas bonificacións de peaxes e a transferencia da AP-9
Publicación da iniciativa, BOPG nº 91, do 10.02.2021

6.6 10320 (11/PNP-001026)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación que están a padecer as mulleres no ámbito laboral e familiar.
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 91, do 10.02.2021

Punto 7. Interpelacións

7.1 7604 (11/INT-000485)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis
Sobre os datos e informes cos que conta o Goberno galego acerca dos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

7.2 9382 (11/INT-000550)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto que está a ter para as mulleres a crise económica xerada pola covid-19.
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 88, do 03.02.2021

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.3 9630 (11/INT-000561)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa obtención de novas oportunidades de explotación enerxética en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 91, do 10.02.2021

Punto 8. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

8.1 11054 (11/POPX-000019)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da autoestrada AP-9 no referido ás peaxes e a súa transferencia a Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

8.2 11055 (11/POPX-000020)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da defensa que está a facer dos intereses da cidadanía de Galicia na pandemia da covid-19
Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

Punto 9. Preguntas ao Goberno

9.1 10069 (11/POP-001482)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e tres deputados/as máis
Sobre a presentación polo Goberno galego dalgún proxecto industrial tractor para os concellos das Pontes de García Rodríguez e de Cerceda
Publicación da iniciativa, BOPG nº 91, do 10.02.2021

9.2 11041 (11/PUP-000157)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e sete deputados/as máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego dalgunha iniciativa por parte do Goberno central para achegar axudas directas e a fondo perdido aos sectores máis afectados polas restricións derivadas da covid-19, nomeadamente, a hostalaría, autónomos e pemes
Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

9.3 11043 (11/PUP-000158)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade inmediata do estaleiro Barreras de Vigo, a supervivencia da súa industria auxiliar e a continuidade da súa actividade de construción naval
Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

9.4 7494 (11/POP-001192)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do programa Emega nestes últimos catro anos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 13.01.2021

9.5 10193 (11/POP-001497)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a deslocalización dos postos de traballo asociados á produción enerxética, como é o caso do centro de operacións de Naturgy na Coruña
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 91, do 10.02.2021

9.6 9855 (11/POP-001456)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do Plan galego de vacinación contra a covid-19, no caso da vacinación de dúas persoas relacionadas co grupo DomusVi
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 91, do 10.02.2021

9.7 7506 (11/POP-000982)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a consideración da necesidade de habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición dos lectores oculares e tabletas con brazo articulado para usuarios coa capacidade de comunicación e movemento impedida
Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

9.8 11036 (11/PUP-000156)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre o perfil previsto pola Consellería do Medio Rural para a cobertura dunha praza de directivo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona Carmen Aira Díaz (BNG) e as delegacións de voto das deputadas dona María Monserrat Prado Cores (BNG) e dona Alexandra Fernández Gómez (BNG) na deputada dona Ana Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 13.)

Elección dos seis vogais dos Consellos Sociais das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo. (Punto primeiro da orde do día.**)**

O señor presidente informa sobre o proceso de renovación dos membros dos Consellos Sociais das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo e dá conta do procedemento de votación. Así mesmo, solicítalles ao señor vicepresidente primeiro e á señora secretaria da Mesa que se sitúen a carón da urna para recoller as papeletas e tamén a esta última que efectúe o chamamento dos deputados e das deputadas. (Páx. 13.)

A señora secretaria, Porro Martínez, procede a facer o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que van depositando a súa papeleta na urna; a seguir fano os deputados membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa. (Páx. 14.)

Unha vez finalizada a votación, procédese ao escrutinio. (Páx. 14.) *Rematado este, o señor presidente comunica os resultados da votación, na que se acadaron as maiorías precisas para todos e cada un dos candidatos ou candidatas, e a designación dos seis membros de cada un dos Consellos Sociais das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.* (Páx. 14.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 15.)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Presas Bergantiños).* (Páx. 15.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 16.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 19.) *e Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 24.)

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 29.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 30.) *e Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx . 32.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 35.)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego (Porro Martínez).* (Páx. 35.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 36.), *Sra. Carreira Pazos (BNG)* (Páx. 41.) *e Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 45.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 50.), *Sra. Carreira Pazos (BNG)* (Páx. 52.) *e Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx.. 53.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 55.)

Presentación do ditame: *Sr. presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior (Rey Varela).* (Páx. 55.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx..57.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 61.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 65.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 69.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 71.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 73.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas 1, 9, 35, 36, 48, 50, 51, 52, 69, 74, 75, 76 e 80 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia: *rexeitadas por 14 votos a favor, 41 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 76.)

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás as xa votadas previamente, ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia*: rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)

Votación dos grupos de emendas 23 á 25, 30 á 36, 38 á 42, 49 á 54 e 117 á 119 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia: *rexeitadas por 18 votos a favor, 41 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 76.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás as xa votadas previamente, ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia: *aprobado por 41 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia*: aprobado por 41 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 78.)

Votación da emenda número 18 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia: *rexeitada por 14 votos a favor, 59 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 78.)

Votación das emendas números 4, 5, 12 e 14 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 79.)

Votación das emendas números 1, 3, 4, 12, 16, 17 e 20 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia: *rexeitadas por 18 votos a favor, 55 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 79.)

Votación das emendas números 23, 28, 29, 30, 33, 34, 37, 41, 47, 49, 50 e 51 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia: *rexeitadas por 18 votos a favor, 41 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 79.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás as xa votadas, ao Ditame, emitido pola Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 80.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia: *aprobado por 41 votos a favor, 14 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 80.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, sobre o Día Mundial das Enfermidades Raras, que é aprobada por asentimento. (Páx. 80.)

Debate e votación das propostas de resolución formuladas á primeira revisión do Plan forestal de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 82.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 86.), *Sra. González Albert (BNG)* (Páx. 89..) *e Sra. Candia López (P).* (Páx. 93.)

Suspéndese a sesión ás tres e vinte e dous minutos da tarde e retómase ás catro.

Acumulación de dúas comparecencias para a súa exposición conxunta

O señor presidente comunica a acumulación das seguintes comparecencias para o seu debate conxunto. (Páx. 97.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da incidencia da pandemia en Galicia no relativo á situación epidemiolóxica e asistencial e aos avances no Plan galego de vacinación fronte á covid-19. (Punto cuarto da orde do día.)

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por solicitude dos dezanove deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta das medidas que está tomando a Xunta de Galicia diante da evidencia de que Galicia está inmersa nunha terceira onda por contaxios de covid-19 e da Estratexia de vacinación, que debería ser unha peza clave para evitar a transmisión de contaxios. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 98.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 109.), *Sra Carreira Pazos (BNG)* (Páx. 113.) *e Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 116.)
Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 119.)

O señor presidente (Calvo Pouso) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 127..) *Nesta rolda interveñen o señor Torrado Quintela (S)* (Páx. 128.), *a señora Carreira Pazos (BNG)* (Páx. 130.), *a señora Amigo Díaz (P)* (Páx. 131.) *e o señor conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 133.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Iria Carreira Pazos, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa nova onda de contaxios de covid-19 e a Estratexia de vacinación. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 137.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 139.) *e Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P).* (Páx. 143.)

Nova intervención da señora Carreira Pazos (BNG). (Páx. 146.)

Cambio no desenvolvemento da orde do día

O señor presidente anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día consistente en debater a continuación a moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia que figura na orde do día en terceiro lugar. (Páx. 147.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a xestión da crise sanitaria provocada pola pandemia. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 147.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 148.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG).* (Páx. 151.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Amigo Díaz (P)* (Páx. 153.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 156.)

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento local. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 158.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 159.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 162.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 165.)

A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 169.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Iria Carreira Pazos, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa nova onda de contaxios de covid-19 e a estratexia de vacinación: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 171.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento local: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 171.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a xestión da crise sanitaria provocada pola pandemia: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 172.)

Suspéndese a sesión ás oito e dezaoito minutos do serán.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou inasistencia a este pleno a deputada Carmen Aira.

Solicitáronse dúas delegacións de voto: en concreto, a de dona María Monserrat Prado Cores e a de dona Alexandra Fernández Gómez, que o fan na deputada dona Ana Belén Pontón Mondelo. A Mesa autorizou estas delegacións.

Entramos na orde do día co punto 1.

Elección dos seis vogais dos Consellos Sociais das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo

O señor PRESIDENTE: O procedemento acordouse a través da Mesa do Parlamento na reunión do 19 de outubro de 2020, no que se tivo coñecemento do escrito da Xunta de Galicia polo que se comunican as vacantes de membros dos consellos sociais das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, (documento número 3530) por expiración do seu mandato, e posteriormente o 16 de febreiro de 2021, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, acordou a súa inclusión na orde do día do pleno, así como a apertura do prazo para a presentación de propostas de candidatura ata o pasado venres 19 de febreiro ás trece trinta.

En cumprimento do disposto no artigo 79 da Lei 6/2013, do 13 de xullo, do Sistema universitario de Galicia, procede a elección dos membros destes consellos.

Rematado o prazo, a Mesa, na reunión do 23 de febreiro de 2021, logo de cualificar as propostas presentadas, acordou elaborar unha lista única pechada, para cada un dos consellos sociais, na que figuran por orde alfabética os nomes das candidatas e dos candidatos propostos e mais os grupos parlamentarios propoñentes. A elección, de conformidade co disposto nos apartados 1.2º e 2 do artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia, será secreta mediante papeleta e chamamento por orde alfabética de apelidos.

A expresión do voto efectuarase introducindo na urna correspondente as papeletas previamente entregadas polos servizos da Cámara, nas que constan os nomes das candidatas e dos candidatos propostos, marcando cunha aspa os recadros correspondentes, ata un máximo de seis, para cada consello social.

Diferéncianse as papeletas dos diferentes consellos na cor, que é branca para o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, azul para o Consello Social da Universidade da Coruña e verde para o Consello Social da Universidade de Vigo, que se corresponde co distintivo que figura na urna na que deberán ser depositadas.

Considerarase voto en branco de non marcarse ningún recadro. Considerase voto nulo cando se escribisen os nomes doutras persoas ou outros sinais.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Efectuado o escrutinio proclamaranse elixidos ou elixidas se obteñen a maioría simple.

Supoño que xa están repartidas as papeletas, se hai alguén que non a teña, por favor, que nolo faga chegar. ¿Téñena todos?

Prégolles ao vicepresidente primeiro e á vicesecretaria que se sitúen na urna para a recollida de papeletas, e que a señora secretaria comece coa votación por orde alfabética.

(A señora secretaria, Porro Martínez, comeza o chamamento, pero prodúcese un problema de son que impide escoitar o comezo da súa intervención.)

(Pausa.)

O señor PRESIDENTE: Tranquilidade, a ver se nos arranxan isto os servizos da Cámara, pois non ten voz o micrófono da secretaria. *(Pausa.)*

(A señora secretaria, Porro Martínez, procede ao chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os deputados membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: ¿Ninguén quedou sen votar? *(Pausa)*

Procedemos ao escrutinio.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

Temos xa o resultado do escrutinio.

Votos emitidos: 72.

Vou ler agora os membros do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, que obtiveron todos 72 votos: don Manuel Lolo Aira, don Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez, don Manuel Francisco Martín García, don Ramón Medina González Redondo, dona María del Carmen Quintas Cruceira e dona Rosa Blanca Rodríguez Gutiérrez.

Consello Social da Universidade da Coruña, tamén todos con 72 votos emitidos: dona María del Mar Barcón Sánchez, dona Natalia Barreiro Mata, dona María Xosé Bravo Sanjosé, don Jaime Fernández-Obanza Carro, don Manuel Ángel Jove Santos e dona Inmaculada Rodríguez Cuervo.

Consello Social da Universidade de Vigo, tamén con 72 votos todos: don Xosé Manuel Atanes Limia, don Xulio Calviño Rodríguez, dona María de los Ángeles García Míguez, don Jesús Graña Nogueiras, dona María Elvira Larriba Leira e dona Yolanda López Fernández.

Polo tanto, acadadas as maiorías, quedan designados todos os representantes que acabo de ler agora membros dos consellos sociais das universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Remata aquí esta elección.

Continuamos coa orde do día, textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

O señor PRESIDENTE: Nesta proposición de lei mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame da Comisión ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Presas Bergantiños): Bo día.

Procedo á presentación do Ditame sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza.

A proposición de lei, presentada polo Grupo Parlamentario Popular, tivo a entrada no Rexistro do Parlamento o 19 de novembro do 2020. A Mesa do Parlamento, na reunión do 9 de decembro do 2020, admitiuna a trámite e dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. E esta proposición de lei foi tomada en consideración na sesión do Pleno do 22 de decembro do 2020.

O Grupo Parlamentario Popular formulou corenta e cinco emendas, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego cento vinte e oito emendas e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia oitenta emendas, que foron cualificadas o 27 de xaneiro do 2021.

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do 19 de xaneiro do 2021, designou as e os seguintes ponentes: por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, don Miguel Ángel Tellado Filgueira, como titular, e dona María Elena Candia López, como suplente; por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Noa Presas Bergantiños, como titular, e don Xosé Luís Bará Torres, como suplente; por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, como titular, e don Juan Carlos Francisco Rivera, como suplente.

Nas reunións do 4 e do 8 de febreiro do 2021, a Ponencia estudou o texto articulado da proposición de lei xunto coas emendas presentadas e rematou o informe, que contén as recomendacións que lle fixo á Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular. A Ponencia suxeriu tamén a aceptación das emendas números 2, 5, 12, 71, 72 e 79 do Grupo Parlamentario dos Socialistas e seis emendas transaccionais elaboradas coas emendas números 11, 39, 40, 46, 49 e 54 deste mesmo grupo parlamentario. Por maioría recomendou o rexeitamento das restantes presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e da totalidade das formuladas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Comisión, reunida o 15 de febreiro do 2021, aprobou por maioría o informe da Ponencia.

O texto do ditame que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria consta dunha exposición de motivos, seguida de sesenta e catro artigos, seis disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e quince disposicións derradeiras.

O articulado agrúpase en cinco títulos. O título I recolle as disposicións xerais relativas ás iniciativas empresariais. O título II regula os sistemas de apoio administrativo á implantación de iniciativas empresariais. O título III regula a simplificación administrativa para a tramitación das iniciativas empresariais. O título IV é o relativo ás medidas urbanísticas e financeiras orientadas á reactivación económica. E o título V establece unha serie de instrumentos de gobernanza para a planificación, a xestión e o control dos recursos económicos financiados polo instrumento europeo de recuperación e dos derivados do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

A parte final aborda aspectos concretos de simplificación administrativa e de apoio ás empresas, e establece beneficios fiscais para a implantación de iniciativas empresariais en zonas pouco poboadas.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Iniciamos agora a rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defenderen as emendas mantidas.

En primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

O Grupo Parlamentario do Partido Popular trae a esta cámara unha Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia que xustifica como urxente. E, como xa manifestamos na Comisión, os socialistas non cuestionamos a capacidade de iniciativa lexislativa de ningún grupo parlamentario —¡faltaría máis!—; o que criticamos e cuestionamos son as formas.

Vostedes tramitan unha proposición de lei que foi anunciada polo presidente Feijóo o 2 de novembro como proxecto de lei —e ademais dicía que ía ser aprobada nese mesmo mes de novembro—, para despois mudar de opinión, pois o Goberno galego achégalle o texto ao grupo parlamentario que o sustenta e este tramítao como proposición de lei pola vía de ur-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xencia. Facéndoo así evítase a exposición pública e os informes preceptivos, nin da Asesoría Xurídica nin do CES.

Con isto ningunéanse unha vez máis as funcións do Consello Económico e Social de Galicia como órgano consultivo da Xunta de Galicia. E quero recordar unha vez máis que o CES, entre as súas funcións, ten a de elaborar ditames preceptivos sobre os anteproxectos de lei que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. E se vostedes os do Partido Popular cren que esta lei non regula materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, deberían de explicalo, porque nin este grupo parlamentario nin a sociedade no seu conxunto comparten esa visión. *(Aplausos.)* ¿Ou consideran vostedes, o Partido Popular, que os axentes económicos e sociais que forman parte do CES non teñen nada que achegar? ¿Vostedes cren que non teñen nada que achegar as organizacións sindicais e empresariais? ¿Non teñen nada que achegar o sector agrario e pesqueiro?, ¿o sector dos consumidores?, ¿as tres universidades galegas e o sector da economía social?

En fin, a verdade é que aínda é máis rechamante que debateramos o trámite de toma en consideración o 22 de decembro, cando —como saben— inmediatamente se abre o prazo para presentar emendas polos grupos parlamentarios, e resulta que o grupo propoñente que trae unha proposición de lei con sesenta e catro artigos presenta corenta e seis emendas, e posteriormente unha corrección de erros que emenda dúas desas corenta e seis emendas presentadas á súa proposición de lei. Emendas que modifican incluso leis que non se modificaban no texto orixinal, emendas que son incorporadas na Ponencia porque vostedes teñen os votos suficientes, pero ás que os grupos da oposición non podemos achegar ningunha nova formulación.

A verdade é que, señores e señoras do Partido Popular, traen unha proposición de lei «traballada», un meticuloso e rigoroso traballo feito por parte do grupo maioritario da Cámara, que conta con corenta e dous deputados e deputadas. E despois o voceiro do Partido Popular nalgunhas ocasións, nun arrebato de desprezo polo traballo da oposición, táchanos de pouco traballadora.

Pois miren, señoras e señores do Partido Popular: vostedes, sendo o grupo que sustenta o Goberno, tendo corenta e dous deputados e deputadas, pasados case doce meses dende a declaración da pandemia mundial, contando con todos os órganos consultivos, así como con ese gabinete de expertos do que falan vostedes tantas veces, tráennos unha proposición de lei pouco traballada, que elude os debates e a busca de consensos e que non incide nos problemas estruturais do sistema produtivo galego. *(Aplausos.)* En fin, traen un texto no que o Goberno galego, na súa propia exposición de motivos, recoñece xa o fracaso da política económica da Xunta de Galicia. E leo literalmente: «Toda crise supón unha oportunidade de mudar políticas públicas que ao longo dos anos teñen manifestado unha inercia de resistencia ao cambio e que nalgúns casos ten freado o crecemento económico». E, efectivamente, a política ou a inexistente política económica e industrial da Xunta de Galicia durante once anos de Goberno Feijóo teñen sido un freo para o crecemento do noso país.

O Goberno galego do Partido Popular aprobou dúas leis nos últimos sete anos, que modificaron ademais en sete ocasións, e estas leis nacían co obxectivo de fomentar o emprende-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mento, apoiar as persoas emprendedoras como axentes dinamizadores da economía, dándolles seguridade xurídica e abordando a simplificación administrativa. Estes son obxectivos non cumpridos. Basta mirar os datos de confianza empresarial publicados polo INE para todas as comunidades autónomas, e temos que Galicia —e voume referir ao cuarto trimestre de 2019 para non facernos trampa— estaba na posición trece de dezasete, ou o que é o mesmo: a quinta empezando pola cola; 2,1 puntos por baixo do total nacional.

Unha vez máis, os datos amósannos a errada política económica do Goberno galego para favorecer a implantación empresarial no noso territorio. E o máis curioso aínda é que o señor Tellado nos dicía na Comisión que esa era a liña que tiña o Goberno e que con esta lei prometen seguir nesa mesma liña. Xa que logo, o Goberno pretende seguir na liña do propio fracaso empresarial.

Ben, os socialistas presentamos oitenta emendas a esta proposición de lei. Emendamos, en primeiro lugar, a propia exposición de motivos, posto que o Grupo Parlamentario do Partido Popular presenta unha exposición de motivos que no momento mesmo da toma en consideración xa quedaba extemporánea, posto que aludía a unhas circunstancias que xa estaban superadas e que nos atopabamos noutro momento da pandemia; polo tanto, cun maior sufrimento para a economía e para a sociedade no seu conxunto.

Os socialistas presentamos emendas que mellorarían a transparencia, a coordinación e a boa regulación, nas que introducimos a planificación estratéxica, a xestión por obxectivos con indicadores medibles, a coordinación das unidades administrativas na información e acompañamento ás empresas e ás persoas emprendedoras, así como na xestión de fondos europeos; unha administración máis moderna cunha xestión máis áxil e eficiente, con reporte de resultados que melloren esa xestión. Introducimos a avaliación dos procesos como un paso necesario na consecución dos obxectivos de eficacia, eficiencia e boa regulación. Outorgamos a responsabilidade de planificación dos procesos, así como da avaliación, ao órgano directivo da Xunta de Galicia con competencias en avaliación e reforma administrativa. Introducimos o Consello de Contas como órgano que é de fiscalización externo da xestión económica e financeira da Comunidade galega. Establecemos máis información centralizada, actualizada a través dunha xanela única, cun portal electrónico ao dispor dos operadores económicos.

Os socialistas presentamos emendas que, respectando a autonomía local, establecen a coordinación e a colaboración cos concellos a través dunha comisión paritaria para un mellor e máis áxil cumprimento desta lei. Buscamos que non haxa tutelas nin imposicións, como leva facendo a Xunta de Galicia nestes últimos once anos. Solicitamos a supresión do contido da lei que vai substituír informes e certificacións técnicas e xurídicas por certificacións de organismos externos do ámbito privado. E solicitamos tamén a supresión das funcións outorgadas por esta norma ás entidades de colaboración ambiental, norma coa que pretenden substituír as funcións que corresponden a empregados públicos. *(Aplausos.)*

Os socialistas presentamos emendas co fin de favorecer o máximo diálogo social que favoreza a cogobernanza dos fondos europeos e unha maior participación de todos os grupos parlamentarios representados nesta cámara galega na execución desta lei.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xa que logo, os socialistas non podemos votar favorablemente unha norma que non senta as bases para un cambio na estrutura produtiva galega, non ten en conta todos os sectores económicos e sociais de Galicia na súa formulación, pretende descapitalizar o sector público outorgando funcións públicas ao sector privado, non ten en conta os centros de coñecemento e transferencia, como son as universidades galegas, non conta cos órganos consultivos da propia Xunta de Galicia, obvia as negociacións de obrigado cumprimento na Mesa de Emprego Público da propia comunidade autónoma, non busca consensos cos consellos galegos na consecución dos fins desta lei e non ten en conta os grupos parlamentarios da oposición representados nesta cámara como representantes lexítimos dunha boa parte da cidadanía.

Polo tanto, xa anticipo que o noso voto vai ser en contra.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos de novo.

Desde o Bloque Nacionalista Galego mantémonos no voto en contra a este proxecto de lei, que consideramos que disfrazado de axilización administrativa é en realidade un cabalo de Troia para que a chamada «reactivación económica» sexa traducida nun modelo económico consistente basicamente no feudalismo das grandes empresas e no baleirado do sistema público; xusto ao contrario do que necesita este país. *(Aplausos.)*

E a aprobación desta lei si consideramos que é o abrazo definitivo da Xunta de Galiza do Partido Popular á máis absoluta desregulación económica e industrial e que afonda nun modelo do que a pandemia xa puxo en evidencia as súas feblezas. E lonxe de corrixir o rumbo, o Partido Popular o que propón, o que legaliza neste texto, é a barra libre para regalar os nosos recursos naturais a grandes fondos de investimento e deixar a sociedade galega ademais con cada vez menos ferramentas para ter unha marxe de resposta a este modelo depredador, que o único que busca servir son aos intereses do IBEX 35, que afonda na crise climática *(Aplausos.)* e que non xera valor engadido nin emprego de calidade.

E a aprobación desta lei é tamén —hai que dicilo así con todas as palabras— un atropelo democrático pola súa tramitación, que empregou o filibusterismo parlamentario do Grupo Parlamentario Popular de Galicia para evitar a resposta social. Pero a mala nova que lle traemos ao Partido Popular é que non lle funcionou. Por iso hoxe durante esta mañá vai estar ás portas deste parlamento a sociedade civil organizada contestando esta lei, contestando o Plan forestal e contestando tamén a súa repartición dos fondos europeos de reactivación.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Aplausos.) Porque hai, pese a estas circunstancias de pandemia, unha Galiza rebelde e consciente que sabe que esta lei é un paso máis nunha folla de ruta que vai en contra dos intereses deste país, que vai en contra dunha saída xusta e galega á crise e que non pon en marcha un novo modelo económico e social que sexa xusto, que estea a favor da sostibilidade ou de aproveitar os recursos endóxenos que temos como país para saír a adiante.

E a pandemia é unha coartada nestas circunstancias; unha coartada no marco doutras pezas que compoñen un *puzzle* cuxo resultado, desde logo, o Bloque Nacionalista Galego non imos avalar. Xa vimos aquí a tramitación da Lei de ordenación do territorio no mesmo sentido, veremos en breve a aprobación desa mal chamada «Lei de mobilización de terras», e esta é unha peza máis que basicamente o que compón é unha saída á crise que repite as mesmas receitas fracasadas que no 2009, con máis neoliberalismo, máis desregulación e máis baleirado do sistema público.

Este país ten memoria. E desde o Bloque Nacionalista Galego, por moito que se alporicen —dicímolo alto e claro e sen complexos—, non imos avalar esta folla de ruta unilateral do Partido Popular. *(Aplausos.)*

E o que fixo este mes e pico de tramitación xa non é que o texto non mellorase, é que foi a peor. Parecía difícil que un texto que xa era unha chapuza lexislativa, que xa mesmo mencionaba artigos de leis que xa non existían, puidese empeorar, pero vostedes conseguírono coas emendas do Grupo Parlamentario Popular, con esa gran corrección de erros de emendas do Grupo Parlamentario Popular. Fixérono en cuestións xa cuestionables desde o punto de vista ético e moral, como é introducir cambios na ordenación dos empregados públicos deste país, evitando levalos ás mesas de negociación coas forzas sindicais.

Xa demostran que non teñen nin o máis mínimo escrúpulo, e elevaron á potencia o abuso da súa maioría e do filibusterismo parlamentario. ¿E poden facelo? Si, efectivamente, poden facelo, acaban de demostralo, pero, desde logo, a nós non nos parece nin ético nin moral. E en canto aínda teñamos a potestade democrática de poder dicilo neste parlamento, pois van ter que escoitalo por moito que non lles guste. *(Aplausos.)*

E outra proba da soberbia e da arrogancia que vimos nesta tramitación é que das cento vinte e oito emendas que presentou o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego dixeron a todas que non. Son vostedes definitivamente os do non. Dixeron que non ao control público, que non á transparencia, que non ao consenso, que non ao diálogo, que non a apostar polas empresas que xeren valor engadido, que non a pechar os ciclos produtivos en Galiza, que non a medidas para transferir liquidez ás medianas e pequenas empresas, e unha longa lista de nons.

Porque nesta quenda o que imos facer tamén é desmontar as falacias do Partido Popular nesta tramitación lexislativa, que basicamente son tres: esta lei é urxente pola pandemia, é unha lei que vai de axilización administrativa e esta lei non reduce nin a máis mínima garantía. Esa son as tres grandes falacias.

A primeira é que é urxente pola situación da pandemia. Unha vez máis asistimos á pandemia como coartada para todo. Miren: é que estamos a quince días de facer un ano do inicio do

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estado de alarma. Levan vostedes máis de seis meses gobernando, e esta podía ter sido, se tan urxente era, a primeira lei que tramitaron, e non o foi. Porque neste caso a pandemia é exclusivamente unha coartada, unha coartada para tramitar pola urxencia, saltar informes previos como ese do Consello Económico e Social. Claro, negan coa cabeza, ¿que van facer? A mesma semana na que o CES non avala esa universidade privada de Abanca, pois é evidente que vostedes evitaron pasar esta lei polo CES porque sabían que non ía ter consenso e que non ía ter o apoio dese organismo, que ademais vostedes o que fan nesta lei é baleirado de todo de funcións.

Xa é bastante rechamante que nunha crise económica sen precedentes, o Consello Económico e Social non estea nin se lle espere. Pero é que vostedes lle restan aínda funcións e substitúeno por chiringuitos e por creacións de organismos *ad hoc* única e exclusivamente porque a vostedes, que teñen a maioría efectivamente parlamentaria deste país e que gobernan, non lles gusta respectar outras forzas sindicais que teñen a maioría no ámbito sindical. *(Aplausos.)* Entón, o que fan é sortear o CES porque non lles gusta o que teñen que dicir basicamente.

E, desde logo, fronte a iso, nas nosas emendas o que facemos desde o Bloque Nacionalista Galego é apostar polo diálogo, apostar pola transparencia e apostar tamén por dar os debates doutra maneira, por impulsar o CES e a participación dos axentes sociais e económicos deste país, que son moitos máis dos que vostedes invitan ás súas roldas de prensa. Hai máis xente neste país e máis colectivos que merecen audiencia, que merecen participación democrática no destino que ten que ter este país.

Tamén temos que lamentar que nesta lei avanzan noutras liñas que nós non compartimos, como, por exemplo, na sobrecarga aos concellos galegos. Unha vez máis, xa non só é que lles atribúan máis funcións aos concellos galegos, seguen na súa deriva de non colaborar economicamente con eles, de non respectar o seu marco competencial. E a proba é que a propia Fegamp —non rían, señores conselleiros— rexeitou este proxecto de lei. Como vostedes non teñen a maioría no municipalismo galego, o que fan é intentar sortear con esta lei tamén o papel dos concellos, para que non se opoñan aos plans que teñen vostedes para este país. *(Aplausos.)*

Tamén é a demostración —normal que lles dea a risa porque toman á risa esta cuestión— de que nesta lei o que fan vostedes é certificar que non teñen o máis mínimo interese en chegar a ningún tipo de acordo con esta oposición, que levamos sete meses demandando transparencia e diálogo respecto da cuestión dos fondos europeos. O que fan vostedes nesta lei é legalizar esa comisión chiringuito *Next Generation*, que basicamente o que é o Consello de Goberno de Xunta de Galiza e atribuír así unha serie de funcións para que sexa o Consello da Xunta exclusivamente quen goberne absolutamente todo. Se non queres escurantismo pois sete cuncas, podería ser o resumo.

Fronte a iso, nas nosas emendas, propoñemos algo tan básico, tan elemental e de mínimos democráticos como que a aprobación dos proxectos tractores pase por este parlamento. Neste parlamento teñen vostedes maioría, van poder seguir facendo o que queiran, pero cando menos un mínimo de democracia, de debate, de transparencia, de diálogo e de que se coñeza pola sociedade cal é esa folla de ruta.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A segunda gran falacia, como dicía ao comezo, é que isto vai de axilización administrativa, ¿non?, cando en realidade esta é a lei da disolución administrativa, con medidas parche, con medidas privatizadoras.

Medidas parche como é ese enésimo anuncio da constitución das oficinas *Doing Business*. Poñamos as cuestións en contexto. Estamos nunha situación sen precedentes, desde o punto de vista económico e social, por unha pandemia sanitaria, e o Partido Popular o que fai é repetir os anuncios do 2015. Noticia de 2015: «*Galicia tendrá una oficina* Doing Business *para facilitar la creación de empresas*». Este é o retrato do seu goberno: vostedes están conxelados no 2015 sen ofrecer nada novo. *(Aplausos.)*

E tamén é unha lei de demolición administrativa, porque o que fan é substituír administración por medidas privatizadoras. Vostedes no lugar de apostar na liña que van as emendas que presenta o BNG, de reforzo do persoal público, da súa formación, da súa organización, o que fan vostedes é dicir: non, substituímolo por entidades privadas que certifiquen cuestións tan importantes como as garantías ambientais. Ou sexa, o raposo coidando das galiñas, literalmente. Isto é: podemos ir a un escenario no que Ferrovial fiscalice se Ferrovial cumpre, no que a propia Naturgy cree empresas para decidir se se amolda a tramitación dunha instalación eólica, por exemplo, á normativa ou non. Ese é o modelo que vostedes formulan. Desde logo, nós entendemos que para mellorar a administración o que fai falta é máis persoal e mellores procedementos, pero non isto. *(Aplausos.)*

E, en terceiro lugar, quero determe nunha cuestión que é que xa non é que sexa unha falacia, que é unha mentira das gordas, que é que non se reducen prazos, que non é desprotección e que non se reducen garantías. ¡Claro que se reducen! Para comezar, nunha sociedade democrática, reducir as garantías de participación social é como mínimo paternalismo, xa por non chamarlle outra cuestión, pois vostedes hai trámites nos que exclúen directamente a participación social. E noutros plans reducen o tempo de participación social. Vostedes están declarando a cidadanía galega menor de idade e incapacitada para participar de procedementos e de procesos que lle afectan directamente. E iso, desde o punto de vista democrático, é moi grave.

Pero é que se reducen tamén as garantías ambientais, e é falso cando vostedes intentan ocultar esta cuestión. E temos exemplos de sobra onde sacan da manga que en procedementos de avaliación ambiental, os informes sectoriais, se non se emiten en prazo, pasan a considerarse como positivos. Unha cuestión que é moi grave, como no artigo 24 ou os artigos 43 a 49.

E isto pois nun contexto de descontrol eólico no que está habendo moitos problemas ao longo do noso país, onde Galiza está dicindo: «Eólica si, pero non así». E vostedes o que están facendo é un modelo de eólica en calquera lado. Vostedes pasan directamente dun problema enorme, que é ter un plan eólico sectorial do 97 desfasado. Vostedes o que fan, en lugar de aproveitar esta oportunidade para iniciar unha ordenación do modelo eólico do noso país, é todo o contrario; alfombra vermella. Non vai quedar un centímetro neste país que non sexa susceptible de instalar enerxía eólica. Non aprenden vostedes do modelo que condenan sentenzas xudiciais recentes, como a de Sasdónigas ou a do Iribio, e apostan por un modelo

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

produtivista *(Aplausos.)*, no que case podemos dicir que, efectivamente, o cen por cento do territorio galego é susceptible de ter instalacións deste tipo, porque vostedes están demostrando pola vía dos feitos que non respectan nin o 12 % raquítico de Rede Natura que temos.

Pero, en todo caso, esta é unha das moitas cuestións que trae este proxecto lexislativo que non podemos deixar de rexeitar. Porque, ademais, temos que dicir, negro sobre branco, que este proxecto de lei constata o fracaso de normas anteriores, a falta de planificación e que nesta pandemia pois definitivamente non queren vostedes nin mover unha coma do que fixeron nos anos anteriores. Pero é que do anterior sabemos os resultados: vimos un tecido económico galego que se enfrontou a unha pandemia sen precedentes con menor capacidade de resistencia da que tería se tivese unha economía máis baseada na innovación, por exemplo, no emprego de calidade e noutras cuestións que nós introducimos nas nosas emendas.

Hoxe temos unha Galiza máis débil, con máis deslocalizacións. E vostedes non aproveitan unha tramitación deste tipo para introducir medidas que corrixirían isto. Desde logo, está moi ben vestila de roldas de prensa, de escenificación. Pero isto non tapa o fracaso anterior do Partido Popular, porque basicamente o que presenta é moita palabrería e poucas propostas nun modelo que debería ser de transformacións profundas desde o punto de vista económico e do aproveitamento dos recursos que quizais cheguen.

Por exemplo, vostedes citan como obxectivo o peche de ciclos produtivos. Nós abrazariamos eses obxectivos sen lugar a dúbidas se houbese algunhas medidas que os acompañasen. Pero hai cero medidas para pechar os ciclos produtivos neste país. Nas nosas emendas propoñemos medidas, e propoñemos tamén medidas, por exemplo, para frear as deslocalizacións. Porque é inaudito que coa que está caendo neste país con empresas como Siemens Gamesa, co que aconteceu recentemente con Isobat, con Poligal, con outras tantas empresas que tiveron fondos públicos e que os aproveitaron, por exemplo, no sector da automoción, para instalar as súas derivadas en Portugal. E vostedes non introducen nin unha soa medida, como a que formula o Bloque Nacionalista Galego, que é que eses proxectos con financiamento da administración pública se se deslocalizan pois terán que devolver ata o último céntimo. *(Aplausos.)*

Tamén falan vostedes na exposición de motivos de innovación. O Goberno, que nos ten instalados no 0,94 % do produto interior bruto na innovación, lonxe xa dos obxectivos dos seus dous plans de innovación do anterior período, que os dous incumpriron. No último quero recordarlle ao señor Conde, xa que está tan atento, que incluso rebaixaron os obxectivos, pasamos do 2,5 % ao 2 %. En todo caso, non hai medidas para apostar na innovación. Nós propoñemos que se vinculen esas axudas públicas tamén e eses incentivos económicos a empresas que teñan un alto compoñente de valor engadido.

E tamén introducimos medidas para afrontar o principal problema que teñen as pequenas e medianas empresas, esas que tampouco lles interesan á Xunta de Galicia no noso país, que dá acceso á liquidez. Por iso, formulamos un Instituto Galego de Crédito e outras medidas ao respecto. *(Aplausos.)*

En definitiva, este país podemos resumilo con que está nunha encrucillada, onde ten que escoller entre repetir receitas do pasado ou apostar por un cambio de modelo. Vostedes o

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que fan é instalarnos no pasado, nas medidas que xa fracasaron, e orientar todos os recursos extraordinarios que poderá quizais ter este país única e exclusivamente para as grandes empresas en lugar de atender as necesidades que hai no territorio. Disfrazar unha axilización administrativa, que non é outra mostra máis que a deriva autoritaria que ten este goberno, que quere decidir...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...desde o Consello da Xunta absolutamente todo, sen dar lugar nin á participación social, nin á participación dos axentes sociais, nin á participación de axentes económicos que non sexan os que vostedes escollen a dedo.

Polo tanto, non contarán co aval do Bloque Nacionalista Galego. E saben que terán, non só nesta bancada, tamén aí fóra na sociedade, unha forte resposta porque isto é...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PREAS BERGANTIÑOS: ...o contrario do que necesita este país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Señor vicepresidente segundo, señor conselleiro de Facenda, señorías, bo día a todos.

Eu teño a sensación, logo de escoitar as voceiras do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, de que esta é unha oposición que non sae á rúa e non escoita a xente. Vostedes deben reunirse consigo mesmos, só se escoitan a vostedes mesmos, viven unha realidade ensimesmada, están vostedes confinados con vostedes mesmos. E a realidade é que se vostedes cren que a administración lenta é unha garantía de algo, é que non viven na realidade na que vive a inmensa maioría dos galegos. Vostedes probablemente están moi acostumados a vivir no público e do público, e non entenden que a sociedade civil ten na iniciativa privada un gran capital, *(Murmurios.)* que hai que apoiar e que crea emprego. Hoxe, na aprobación desta lei hai que elixir entre axilizar a administración ou ser os precursores do «*Vuelva usted mañana*». E esa é na dinámica na que se atopa o Bloque Nacionalista Galego, que cre que unha administración lenta é garantía de algo.

Eu teño que dicir que pouco democrático semella escoitar os grupos da oposición, os grupos minoritarios desta cámara, que non lle recoñecen a iniciativa lexislatura ao grupo maiori-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tario, como se nesta cámara os que somos máis tiveramos que ser menos, que é o que vostedes pretenden.

O Goberno pode impulsar proxectos de lei e os grupos parlamentarios proposicións de lei. Todos, non só vostedes; nós tamén. ¿Por que non? É que así o faculta o Estatuto de autonomía e o Regulamento desta cámara. Polo tanto, eu creo que non é fácil de entender como dende as filas socialistas se critica este grupo por traer esta proposición de lei, cando vostedes no Goberno de España gobernan a golpe de real decreto. Non lle tomen o pelo á xente.

¿Que é exactamente o que lles parece mal?, ¿que o Grupo Popular se apoie na experiencia de xestión do Goberno galego?, ¿que o Grupo Parlamentario e o Goberno nos entendamos? ¡Claro, é que isto non é un bipartito! É que somos un Goberno único e un Goberno unido. *(Aplausos.)* Cun grupo parlamentario tamén único e tamén unido, que sustenta e respalda ese goberno. É que traballamos da man. Entendo a súa sorpresa, porque vostedes hai escasos meses aspiraban precisamente ao contrario: a sortearse as consellerías da Xunta de Galicia, a gobernar polas mañás e a facerse oposición mutuamente polas tardes. Polo tanto, eu non invento nada. Porque isto xa pasou, xa o vivimos en Galicia entre o ano 2005 e o ano 2009, que a este partido lle faltaron uns poucos votos para ter a maioría absoluta e poder seguir gobernando. Perderon e vostedes gobernaron. E iso foi exactamente o que pasaba. Polo tanto, señora Presas, efectivamente, este país ten memoria.

Sen embargo, iso non aconteceu agora. O pasado 12 de xullo os galegos fixéronnos un encargo, a todos, ao grupo maioritario, pero tamén a vostedes. A nós encargáronnos xestionar dúas pandemias: a sanitaria e a económica. Iso foi o que decidiron os galegos o 12 de xullo: encargarnos a xestión de dúas pandemias. E para iso traemos a este pleno dúas ferramentas legais e cruciais para combater as dúas: a sanitaria e a económica.

Vostedes van votar en contra das dúas, posiblemente porque aínda non entenderon e aínda non asumiron o mandato das urnas. Os galegos mandáronos a vostedes á oposición, pero non os mandaron a patalexar, senón a colaborar lealmente co goberno, a facer unha oposición construtiva, e vostedes non o fan. Non o fixeron nunca. Polo que parece e polo que vimos non están dispostos a facelo agora tampouco. E mentres non entendan o mandato da cidadanía, seguirán durante moito tempo nas filas da oposición e seguiremos vendo desfilar por eses escanos novas caras, e todas elas terán o mesmo destino, tal como Emilio Pérez Touriño, Abel Losada, Pachi Vázquez, José Ramón Besteiro, Méndez Romeu, Fernández Leiceaga e, agora, Gonzalo Caballero nas filas do PSOE; Anxo Quintana, Xosé Manuel Beiras, Guillerme Vázquez, Xabier Vence, Carlos Aymerich, Francisco Jorquera e, agora, Ana Pontón nas filas do nacionalismo galego. Gañámoslles a todos e cada un deles, e gañámoslles tamén a todos xuntos.

Pero agora o importante é gañarlle a batalla á pandemia, á sanitaria e á económica. *(Murmurios.)* Vostedes poden seguir en contra de todo, *a la contra de todo*, no non permanente, pero nós imos seguir coa nosa tarefa, con vostedes ou sen vostedes. *(Aplausos.)* E hoxe parece que unha vez máis nacionalistas e socialistas elixiron quedar fóra de xogo. E eu o que lles podo dicir é: ¡alá vostedes!

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu vou falar da lei, porque aquí ninguén quixo falar da lei nas súas intervencións, *(Risos.)* e eu falarei da lei, falaremos da lei. Hoxe máis que nunca faise imprescindible que as administracións sexan útiles á cidadanía, e estamos nun momento excepcional que require todo o esforzo e todo o compromiso do conxunto da cidadanía, pero tamén das administracións. As administracións teñen que ser o apoio para a actividade dos profesionais e as empresas, nunca un freo, como pretende o Bloque Nacionalista Galego, especialmente nos momentos máis complexos como o que estamos a vivir.

Un momento como este fai necesario mudar a cultura administrativa do noso país. A lei que hoxe tramitamos é unha grande oportunidade para facelo. A reactivación pasa por que os gobernos impulsen a actividade e faciliten os procedementos administrativos, para que as empresas e os profesionais poidan desenvolver a súa actividade aquí en Galicia, así como para atraer tamén novos investimentos. Ese é o obxectivo.

Hai que ter valor para criticar dende o PSdeG-PSOE a política industrial da Xunta de Galicia, cando dende o Goberno de España —onde están vostedes— protagonizan un ataque permanente a toda a industria do noso país: ao sector naval —o público e o privado—, ao sector da automoción, pechan as térmicas, intentan pechar agora Ence —nós imos estar en contra—, atacan a industria electrointensiva, atacan a toda a industria ubicada en dominio marítimo-terrestre. Vostedes son unha ameaza para a industria galega. O seu partido e vostedes son os cómplices aquí en Galicia.

Os antecedentes desta lei, falaron deles. Nós sentímonos orgullosos deses antecedentes. Nós queremos facer unha política útil para os cidadáns. E política útil é ter aprobado un plan de reactivación económica cun investimento mobilizado de máis de tres mil millóns de euros dende que iniciou a pandemia. Esa é a política útil.

Política útil é un plan de rescate para autónomos e hostaleiros, 160 millóns de euros; un orzamento conxunto das dúas convocatorias, similar ao que supón o gasto completo da Consellería do Mar. Iso é o compromiso, o demais é *parole, parole, parole*. E para iso xa está o Partido Socialista e o Goberno de España.

Claro que queremos seguir modernizando a Administración galega, por suposto que si. Fixémolo dende o primeiro minuto que chegamos ao goberno coa Lei 14/2013, de racionalización do sector público; coa Lei 9/2013, de emprendemento da competitividade económica de Galicia; coa Lei 5/2017, de fomento da implantación de iniciativas empresarias. Esa lei que vostedes dicían que era unha «lei de depredación» e agora din que non serviu para nada. ¿En que quedamos? É que vostedes están en contra absolutamente de todo, de forma reiterada e de forma continuada.

Hoxe aprobamos unha lei que ten como obxectivo primordial xerar confianza, porque a confianza é fundamental para lograr a reactivación da nosa economía, para incentivar o consumo e para protexer o emprego. Para lograr esta confianza esta lei traballa en tres eixos: a axilización dos trámites administrativos, o apoio a empresas e profesionais e a anticipación para aproveitar a oportunidade que supoñen eses fondos europeos.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ben, sabemos que outros grupos o que pretenden é poñer atrancos ás iniciativas privadas, fano sempre, cunha desconfianza patolóxica que os leva a crer que o exceso de burocracia pode ser positivo para alguén. Láianse de que as empresas logo se deslocalicen e marchen a Portugal ou a Marrocos, pero non fan nada para evitalo. Iso é o que veremos hoxe nas bancadas das oposición: contradición permanente e oposición non á Xunta, senón oposición a Galicia.

Quizais o eixo fundamental desta lei sexa axilizar os trámites administrativos para impulsar a actividade económica. ¿Como? Simplificando trámites burocráticos, eliminando duplicidades —que as hai, o que non é de recibo—, aforrando custos, reducindo os tempos de tramitación, simultaneando procedementos, fomentando a coordinación entre diferentes administracións na tramitación dos expedientes. E non, señorías do BNG, esta axilización en ningún caso significa diminuír garantías, nin eliminar protección a outros valores fundamentais, como o ambiental, o cultural ou o natural.

Apoiar as empresas é un obxectivo desta lei. Apoiar as iniciativas empresariais, especialmente as que aposten por ubicarse no rural galego, é unha das claves desta lei. A lei deseña mecanismos de financiamento para pequenas empresas, apoiando a súa posta en marcha. Dedución do cen por cento nas transmisións patrimoniais onerosas no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, para as adquisicións de inmobles que se atopen en áreas pouco poboadas; esa dedución será do 50 % no resto do territorio galego. Dedución do cen por cento do gravame sobre actos xurídicos documentados, documentos notariais, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, para a adquisición, agrupación, división, segregación, declaración de obra nova e división horizontal de inmobles en zonas pouco poboadas e nas áreas rurais. Igual dedución do 50 % para o resto de territorio que non é rural, igual que no caso anterior.

A lei promove a creación dunha serie de catálogos de actividades por sectores, que recollerán todos os trámites administrativos exixibles para a implantación, así como unha serie de formularios, modelos de solicitude, o que supoñerá, dende logo, unha grande axuda para as empresas que se queiran instalar.

A lei prevé a creación do sistema de atención ao investimento, do que vostedes están en contra, porque propoñían nas súas emendas a súa eliminación; un sistema para acceder de xeito electrónico a toda a información e documentación indicada e consultar en tempo real o estado de tramitación.

A lei promove as oficinas *Doing Business* Galicia como unidade especializada no acompañamento e na tramitación destes proxectos industriais. A maiores, esta lei propón o desenvolvemento dun sistema de acompañamento individualizado, cunha rede de oficinas de apoio ás empresas. O artigo 56 regula o concepto de proxecto tractor. A lei promove a creación de instrumentos específicos de financiamento para as iniciativas promovidas por *startups*, emprendedores e pequenas empresas.

Promovemos esta lei sabedores de que os fondos europeos representan unha grande oportunidade de futuro, oportunidade para minimizar o impacto da pandemia e apoiar as em-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

presas nestes difíciles momentos e para transformar a nosa economía impulsando un modelo máis sostible, máis verde e máis dixital.

Pero para aproveitar estas oportunidades debemos estar preparados. Por iso a anticipación é ese terceiro eixo desta lei, cun mecanismo completo e integral de planificación, xestión e control deses fondos europeos.

Esta lei reforza a Comisión Next Generation, regulada no artigo 60; tamén o Comité Técnico regulado no artigo 61, que asesorará na valoración de plans e proxectos que son examinados pola Comisión Europea. E, por último, esta proposición tamén busca fomentar a participación, en contra de todo o que escoitamos agora por parte do Bloque Nacionalista Galego, claro que si. Fomentar a participación, en concreto no artigo 63, para prever tres instrumentos na planificación dos fondos: a comisión de expertos económicos, as mesas do diálogo social —existentes en Galicia, e nas que participan os sindicatos galegos e tamén a patronal— e a través dun grupo de traballo constituído coa Fegamp. Claro que esta lei ten mecanismos de participación, claro que os ten. Contamos coas principais institucións e expertos económicos, cos representantes dos traballadores e das empresas, así como dos concellos. En definitiva, unha representación ampla, unha representación xenerosa da sociedade galega.

Esta lei representa unha oportunidade para avanzar, para facer da administración un colaborar necesario para a implantación de iniciativas empresariais e o desenvolvemento da actividade económica. Outros pretenden que a administración sexa un obstáculo, que o pare todo, que o free todo. Outros preferirían presentar nesta Cámara a «lei de ralentización administrativa de Galicia», e nós presentamos nesta Cámara a Lei de simplificación administrativa de Galicia e de recuperación económica, unha lei ben distinta da que outros pretenderían impulsar coas súas emendas.

En resumo, esta é unha lei que continúa o traballo que desenvolveu o Goberno galego dende o minuto un do inicio desta pandemia no pasado mes de marzo. Apoiando os profesionais e as empresas pretende instaurar unha nova cultura administrativa en Galicia. Unha lei que rebaixa impostos e que crea mecanismos de asesoramento ás empresas, e que regula a figura dos proxectos tractores. Unha lei que se anticipa á chegada deses fondos europeos desenvolvendo instrumentos para a súa xestión, para a súa planificación, para o seu control. Unha lei, en definitiva, para que Galicia avance e lle faga fronte á pandemia económica derivada da pandemia sanitaria.

Eu lamento que os grupos da oposición xa teñan expresado que non están dispostos a apoiar esta lei; porque se non están dispostos agora, no peor momento que podiamos vivir en décadas, ¿cando van ser colaborativos?, ¿cando van facer unha oposición construtiva? Probablemente nunca.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Iniciamos agora a rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais.

En primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señor Tellado Filgueira, a verdade é que vostede sempre despreza o labor da oposición. Os socialistas presentamos oitenta emendas a esta proposición de lei recollidas dos sectores afectados: do sector empresarial, do sector eólico, do sector ambiental, da Fegamp e de expertos. Polo tanto, non lle consinto que nos veña tachar aquí e encima falar de que vimos con pataletas. *(Aplausos.)* Pídolle un pouco de respecto polo traballo desta oposición, que traballamos para intentar mellorar e enriquecer as normas que vostedes traen, e incluso algunhas de iniciativa propia. Pero vostedes co seu rodo, cos seus corenta e dous deputados e deputadas, impiden que haxa ese enriquecemento, impiden que haxa ese diálogo e impiden que saian a adiante iniciativas que nós tamén lexitimamente traemos a este parlamento galego.

Nós estamos totalmente de acordo coa axilización da administración, totalmente de acordo. De feito, manifestámolo nas nosas emendas, coa aceptación de moitas das cousas das que falamos tanto na Comisión como no anterior pleno. Pero nós queremos que sexa unha axilización administrativa con garantía, empregando os empregados públicos, utilizando a negociación na Mesa do Emprego Público para ver a situación do persoal, a súa adscrición, a súa formación e a súa retribución. Vostede chega aquí e vén aquí a esta tribuna e fala do Bipartito porque no fondo o que está dicindo é que carece de argumentos para defender esta lei.

Señor Tellado, vostede vén aquí e fala de que os fondos europeos son unha oportunidade; evidentemente, nós estamos totalmente de acordo con que son unha oportunidade. ¿Por que non llelo recordaron aos representantes do Partido Popular que foron a Europa intentando que estes fondos non chegaran a España e impedindo que non chegaran a Galicia? *(Aplausos.)* ¡Non mo negue coa cabeza! Vostede sábeo perfectamente. *(Aplausos.)* E agora en España, no Congreso, tamén intentaron que estes fondos non chegaran a Galicia. Polo tanto, non fale de quen defende máis os intereses galegos e de quen traballa máis para que cheguen aquí os recursos para todos os galegos e para todas as galegas.

Vostede tamén fala de que gañaron. Fixo aquí un nomeamento de todos os secretarios xerais do noso partido e tamén do BNG. E dígolle: vostedes gañan, evidentemente, e nós recoñecémoslles que gañan lexitimamente. Pero, mire: gañar non quere dicir que poidan facer o que lles dá absolutamente a gana, porque nós, os grupos da oposición, tamén representamos unha parte importante da cidadanía. E, polo tanto, deberían de ternos en conta para levar a cabo e para aprobar determinadas leis que son de importancia vital para cambiar a estrutura produtiva do noso país, e vostedes iso non o fan. *(Aplausos.)* Ademais, fala tamén de ser unha administración útil á cidadanía. Pois precisamente para ser útil á cidadanía hai que ter en conta toda a cidadanía ou, polo menos, a maioría da cidadanía.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Como último, insisto: nós intentamos que houbera un consenso. O que non entendemos é que o Grupo Parlamentario do Partido Popular, que inicia esta proposición de lei que foi elaborada polo Goberno, non inicie un trámite de consenso con tempo, que o puideron ter feito e iniciado o ano pasado. Recordáballes antes que hai un ano que se declarou a pandemia mundial. Podían buscar consensos e a participación dos axentes económicos e sociais, que teñen moito que dicir do que se regula nesta lei. Tiñan que ter en conta o informe do CES, da Asesoría Xurídica, ter diálogo e debate coa Fegamp, pasar pola Mesa de Empregados Públicos da Xunta de Galicia, contar coas universidades galegas, que tamén teñen moito que dicir, e facer unha exposición pública para que calquera cidadán ou cidadá nalgún asunto das cuestións que se formulan nesta lei que puidera facer as súas achegas. E, por último, tamén deberían de contar con estes grupos da oposición, que vostede unha e outra vez despreza, pero que traballamos polo ben dos homes e das mulleres de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Ben, o señor Tellado deunos grandes consellos. O primeiro co que quedei foi que nos di que non saímos á rúa esta oposición. Eu non sei se quizais quen non sae da torre de marfil de San Caetano é o Grupo Parlamentario do Partido Popular e o Goberno do Partido Popular. *(Aplausos.)* Vaian hoxe á porta deste parlamento, onde teñen a resposta social a esta lei e a outros pasos a adiante que están dando vostedes, señor Tellado.

Vostedes pensan que porque estamos nunhas circunstancias de restricións sanitarias, onde, evidentemente, a responsabilidade individual e colectiva limita algunhas actividades, como é a resposta social, iso implica que automaticamente a sociedade galega está anestesiada e confinada mentalmente. Pero iso non é así, señor Tellado.

E vostedes intentan aproveitar estas circunstancias para implementar mudanzas legais que non se atreverían noutro contexto. Por iso empregan esta lei para facer unha nova Lei eólica; por iso empregan esta lei para facer unha emenda á totalidade e ao principio de precaución e de cautela e de prevalencia do interese ambiental que arbitra a súa propia Lei de patrimonio natural, e por iso aprovéitana para outras cuestións. Pero unha cousa é que vostedes o intenten e que pensen que lles vai saír ben, e outra cousa é que o resultado final vaia ser ese ou que non haxa a capacidade neste país para contestar ese tipo de políticas, como noutro momento tiveron que dar atrás en cuestións como a mina de Touro, en cuestións como o paridoiro de Verín e tantas outras cuestións, señores do Partido Popular.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu teño que rectificar algo da miña propia intervención, porque eu acusei o Partido Popular de vivir instalado nas promesas de 2015, pero unha vez máis demostran que vostedes viven instalados no Bipartito. Tiveron que sacar aquí o Bipartito e a súa longa lista de escusas para non empregar os quince minutos, como si fixen eu, en falar deste texto lexislativo. Señor Tellado, faltoulle o tema de Cataluña, non sei por que neste pleno non queren falar das eleccións de hai quince días en Cataluña. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* ¿Por que será? *(Aplausos.)*

En todo caso, xa intentaron facer esta caricatura do que é o Bloque Nacionalista Galego e a súa oposición noutros momentos, e non lles funcionou porque a cidadanía sabe que é unha forza política seria e cun proxecto alternativo. E é o que demostramos nas nosas cento vinte e oito emendas das que vostedes —que tanta gala fan do consenso— non quixeron negociar nin unha soa. Ben, si, pretendían aprobar unha, que en realidade eran dúas e que cambiaba unha palabra, para poder dicir que aprobaran unha grande emenda do Bloque Nacionalista Galego. Pero a estas alturas esas cuestións non funcionan, señor Tellado.

Fala vostede de que este texto legal fomenta a participación. Iso xa é o colmo do cinismo. Vostedes o que fan é substituír as funcións do CES, darlle rango legal a ese autodenominado «diálogo social», para excluír a parte que máis lles molesta dese diálogo social. Falan de diálogo cos concellos nunha lei que non consensuaron coa Fegamp, que a Fegamp se posicionou con moitas cautelas a respecto de moitas cuestións que aparecen aquí consideradas. Falan vostedes de diálogo dos concellos cando afondan nesa imposición dos concellos *Doing Business*, e na extorsión aos concellos galegos que se non se adhiren non poden optar a cuestións como partidas para o fomento do emprego. Cuestións dese tipo. Si, si, efectivamente, faltoulle dicir que nesta lei arbitraron algún tipo de consenso co Parlamento galego. Polo menos, agradécese que non intenten escenificar aquí que lles interesa calquera consenso nesta cámara.

Despois láianse vostedes de que a oposición non fai nada pola deslocalización. Eu non sei se vostede é consciente de que levan once anos gobernando e de que hai conflitos neste país abertos en empresas que, se vostedes tiveran un modelo económico industrial ou enerxético que fidelizara, por exemplo, a fabricación de compoñentes neste país, non teriamos eses problemas. Se vostedes tiveran un control sobre as axudas públicas coas que doparon sectores da nosa economía nestes anos, pois quizais non se estarían empregando para deslocalizar empresas a Portugal. Polo tanto, non diga iso cando despois está dicindo non a propostas racionais que formula esta organización, como que, loxicamente, haxa unhas cláusulas polas cales se unha empresa aproveita eses recursos públicos para deslocalizarse poidan ser retornados.

Nós non nos escondemos, pois cremos no sector público como motor da economía e como garantía dunha determinada serie de principios. Pero, desde logo, o que non é admisible é que vostedes, que patrocinaron desde o ámbito do Estado e desde o ámbito da Xunta de Galiza tamén cando tiveron a oportunidade da descapitalización do sector público e dos sectores estratéxicos como o enerxético, veñan aquí facer gala de nada. Porque en parte neste país temos esta situación que temos grazas a vostedes.

¿E agora que? Pois agora formulan un modelo que basicamente aspira a obter financiamento de fondos de rescate para en lugar de rescatar a banca, pois agora rescatar as grandes em-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

presas, e facelo a cambio de nada e sen poñer ningún tipo de condicionamento económico, social ou ambiental; pois, desde logo, nós non somos partidarios dese modelo, señor Tellado. E a pregunta é ao revés...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...se nestas circunstancias extremas e sen precedentes do noso país vostedes non van mover un ápice da súa política económica, ¿cando o van facer? Se nestas circunstancias vostedes están instalados nunha deriva de soberbia e absolutamente autoritaria na que non queren diálogo nin neste parlamento nin cos axentes económicos e sociais relevantes do noso país, ¿cando o van facer? Efectivamente, vostede dixo unha gran verdade, hoxe eliximos e votamos dous modelos:...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...ou repetir receitas que empeoran as aplicadas no ano 2009, ou iniciar outra folla de ruta.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Desde logo, no Bloque Nacionalista Galego temos claro onde estaremos, e será de lado dun modelo alternativo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e unha saída xusta, social e galega a esta crise.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas.

Señora Presas, recoñecendo o dereito de todo o mundo a manifestarse, o único que lle temos que dicir é que nas portas deste Parlamento non está a sociedade civil protestando, ¡están vostedes! Están vostedes mesmos. *(Aplausos.)* Están esas partes do *holding* nacionalista. Porque, miren, organícense, vaian avisando de que vai acabar este debate e logo falaremos do Plan forestal. Porque, por unha parte, vén unha nova coordinadora, que se chama «Coordinadora Galega polo Reparto Xusto dos Fondos Europeos», que son vostedes, e logo vén o Sindicato Labrego Galego, que son vostedes. Entón, cambian de pancarta, cambian a camiseta, e son vostedes. A proba é que cando rexistra esta moción nos concellos a Coordinadora Galega para o Reparto Xusto dos Fondos Europeos quen a rexistra é o Sindicato Labrego Ga-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lego. Polo tanto, isto é pan con pan. *(Aplausos.)* É o BNG que protesta dentro e protesta fóra. Non lle tomen o pelo á xente. O BNG saca á rúa as súas franquicias. Esa é a realidade para protestar contra algo que é bo para Galicia. ¿E por que? Pola pataleta na que están instalados.

Señores e señoras do BNG, vostedes son negacionistas. Néganlle a Galicia calquera posibilidade de recuperación, néganlle a Galicia todo. Porque están en contra da Lei de saúde pública, están en contra dunha Lei de simplificación administrativa, están en contra de xestionar nós mesmos os fondos europeos que lle corresponden a Galicia, están en contra de que nos dotemos dunha lei que permita implantar novas iniciativas empresariais e evitar a deslocalización de empresas. Están en contra de toda iniciativa privada. Están en contra de todo. Vostedes son uns negacionistas. Os negacionistas de Galicia chámanse «Bloque Nacionalista Galego». *(Aplausos.)*

Escoitar o Partido Socialista falar de escurantismo hai que ter valor. Porque ¿é que vostede non sabe que o Regulamento dos fondos europeos o aprobaron vostedes? Eses que converten os fondos nun gran conxunto de opacidade aprobáronos vostedes con Vox. Nós aprobamos esta lei no Parlamento con luz e taquígrafos. Polo tanto, señora Rodríguez Rumbo, nada que ver. *(Aplausos.)*

As emendas do BNG constitúen en si mesmas unha emenda á totalidade a esta lei, porque vostedes perseguen o obxectivo contrario. Vostedes traen nas súas emendas a lei de ralentización administrativa de Galicia e do intervencionismo público da República Popular da Galiza. Ese é o seu modelo. Vostedes están noutra órbita e, probablemente, noutro século; no pasado, non; no anterior, no XIX. Aí está o Bloque Nacionalista Galego.

A intención desta lei é crear un sistema para acompañar, incentivar e axilizar a implantación de iniciativas empresariais. A súa intención, a das súas emendas, é ralentizar, dificultar e espantar investidores de Galicia. Polo tanto, claro que temos modelos distintos. Vostedes teñen unha patolóxica desconfianza do sector público e camiñan cara a atrás, cara ao illamento de Galicia na súa contorna nacional, internacional, comunitaria.

No BNG camiñan cara á autarquía galega. O seu modelo económico, por moito que lles moleste, é idéntico ao do franquismo dos primeiros anos: economía planificada, intervencionismo, empresas nacionais e nacionalizadas, exceso de regulación, proteccionismo, illamento. E para colmo vostedes son, ademais, antieuropeístas convencidos, cando máis precisamos de Europa. Non aceptan que vivimos nunha economía de mercado e que esa economía xera riqueza e emprego para todos.

A axilidade administrativa creando un marco de certezas para os investidores non está reñida coa protección ambiental do noso patrimonio; estas non son incompatibles. Vostedes son os defensores do «*Vuelva usted mañana*», pensan que a burocratización excesiva é unha garantía para o administrado, porque non escoitan a xente e porque non son coñecedores dos problemas que ten a xente na rúa no noso país. Esa é a realidade.

A lei aposta por evitar duplicidades e solapamentos nos procedementos que son concorrentes, diminuíndo os atrasos na emisión de informes. Nas súas emendas o BNG aposta por un

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sector público xigante, quere crear un Instituto Galego de Crédito, que no fondo é o Igape, que xa existe e xa funciona.

Esta nova lei, por certo, non dá nin quita funcións ao Consello Económico e Social de Galicia, nin lle pon nin lle quita novas funcións. Polo tanto, non enganen a cidadanía porque, dende logo, a súa postura non é sensata e non é a realidade.

Sobre as emendas do Partido Socialista, nós aceptamos seis das súas emendas e chegamos a outras seis transaccións. Calquera diría que parte desta lei é da súa autoría, e vostedes van votar en contra. Moitas das emendas son subsumidas dentro de emendas presentadas polo Grupo Popular, outras moitas son cuestións reiterativas. Vostede sabe que lle ofrecemos ao Partido Socialista sentarnos a chegar a máis transaccións se faciamos da lei unha lei de todos. E vostede sabe que Gonzalo Caballero non quixo e non deixou. Polo tanto, se esta lei no foi pactada co Partido Socialista foi porque Gonzalo Caballero é vítima das súas propias liñas vermellas, que é a incapacidade de chegar a acordos co grupo parlamentario desta cámara.

¿Sabe que ocorre? Que Galicia decidiu o 12 de xullo non necesitar nin a Gonzalo Caballero nin ao PSdeG-PSOE...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...nin ao Bloque Nacionalista Galego para saír desta pandemia.

Nós imos traballar arreo para que Galicia saia adiante da pandemia sanitaria, da pandemia económica e da pandemia social. E podemos facelo conxuntamente arrimando todos o ombro, ou que a oposición siga ao seu, que é tratar de sacar tallada permanentemente e a ver se consegue un puñado de votos. Pero ¿non se dan conta de que dende o ano 2009 os galegos lles din que esa non é a forma de facer política?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ¿Non se dan conta de que os galegos teñen decidido que esa forma de facer política é inútil e non serve para ninguén?

Nós, hoxe, aprobamos unha Lei de simplificación administrativa e de reactivación económica, sentíndonos orgullosos de facelo, sabendo que facemos o que temos que facer, o que Galicia precisa. E xa poden protestar dentro da Cámara ou fóra da Cámara. Saben no seu foro interno que non teñen razón.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Saben no seu foro interno que vostedes só serven aos seus proxectos...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...partidistas. E nós estamos aquí...

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...para servir a Galicia e a súa cidadanía.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

O señor PRESIDENTE: Continuamos co debate da proposición de lei da Comisión 5ª.

Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame ten a palabra a presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, dona Corina Porro.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO (Porro Martínez): Grazas, presidente.

Señorías, a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, tivo entrada no Rexistro do Parlamento con data do 19 de novembro de 2020. A súa admisión a trámite efectivizouna a Mesa do Parlamento na reunión do 23 de novembro, e na reunión do 24 de novembro acordou a súa tramitación polo procedemento de urxencia. Logo da súa toma en consideración na sesión plenaria do día 9 de decembro de 2020, abriuse o prazo de presentación de emendas ao articulado, que rematou o 29 de decembro de 2020, e acordouse a súa tramitación pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

As emendas ao articulado presentadas e admitidas a trámite foron un total de cincuenta e nove: cinco do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, vinte e catro do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e trinta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do 15 de xaneiro de 2021, designou a ponencia encargada de elaborar o informe; constituída nesta mesma data, despois de tres reunións coa asistencia das relatoras e o relator señora Amigo Díaz, señora Carreira Pazos e señor Torrado Quintela, elaborou o informe coas recomendacións definitivas que emitiron con data do 1 de febreiro.

Posteriormente, a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do pasado día 11 de febreiro, aprobou o ditame que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria,

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cuxo texto consta, ademais da exposición de motivos, dun artigo único dividido en vinte e cinco apartados, unha disposición transitoria e unha disposición derradeira.

Cómpre pois rematar hoxe a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, da Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Porro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defenderen as emendas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e todos.

Señor conselleiro, bo día.

O Partido Socialista está e debe estar en contra desta lei por convicción plena, pero ademais por tres fundamentos, que son, dende o noso punto de vista, inapelables: por rigor, por sensatez e por unha defensa convencida e apaixonada da ciencia. E eses tres criterios levan indiscutiblemente a estar en contra desta lei. Vounos pretender explicar.

En primeiro lugar, por rigor, porque isto é un dislate xurídico. Un dislate absoluto que pretende regular dereitos constitucionais a través dunha lei autonómica. Pretende substituír o Congreso dos Deputados, o Senado de España, as institucións do Estado a través dun parlamento autonómico, o cal é un dislate absoluto, e é unha falta de rigor tremenda.

Ademais, porque pretende instaurar a normativa de autoridade sanitaria para practicamente toda a poboación. Calquera unxido da man dun funcionario público pode ser autoridade sanitaria e utilizar as forzas e corpos de seguridade para iso. Como xa foi debatido nesta tribuna, isto pretendía ser un regulamento sancionador que se pasou de freada e que, ademais, se trasladou a rango de lei. Un regulamento sancionador que podía resolver algunhas cuestións operativas do día a día, si, como fixeron outras comunidades, si. Máis moderada, máis modulada esta normativa fixérona outras comunidades hai oito meses: Aragón, Baleares, Andalucía...

Esta lei chega demasiado agresiva e un ano despois de iniciarse a pandemia, porque é unha lei pretendida para facer un relato político e non para resolver este problema que temos. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Goberno, co presidente á fronte, que dicía que o estado de alarma era demoledor nunha pandemia, pretende instaurar un estado de excepción permanente, toda a vida, exista pandemia ou non exista pandemia; vivir permanentemente baixo un estado de alarma lexislado unicamente por unha comunidade autónoma, sen ter que acudir a tribunais, sen ter que pedir validación dalgunhas medidas que van contra os dereitos individuais, contra as liberdades públicas. Estou citando literalmente a lei.

Por sensatez estamos en contra. Porque isto non é máis que unha ferramenta da dereita máis conservadora e máis rancia da historia, que é utilizar o medo para recortar dereitos.

¿Onde están os liberais na cámara? Porque aquí é moi fácil falar de liberalismo ás veces, pero ao final cando hai que lexislar temos conservadorismo rancio, gris, casposo. Utilizar a doutrina do medo, a doutrina do *shock*. ¿Para que? Para recortar dereitos. Disto vai esta lei.

Porque esta lei, que fala de cuestións moi graves e que ten un dubidoso marco xurídico, e o seu encaixe legal é máis que discutible, e veremos se de querer aplicarse ten algunha posibilidade porque pode saltar polos aires nun xulgado, ademais de todo iso, esta lei non resolve nada. Pretendidamente camúflase nunha Lei de saúde pública ou nunha modificación da lei para mellorar a saúde pública.

¿Traballa sobre a mellora das condicións dos profesionais sanitarios? Non. ¿Aumentaremos o volume de profesionais sanitarios? Non. ¿Plantexa a necesidade de incrementar estruturalmente máis camas de UCI? Non. ¿Formula a necesidade de ter dispoñibles algúns mecanismos sanitarios para que en caso de situacións de pandemia como a que vivimos esteamos obrigados como país a ter algúns recurso? Non. ¿Plantexa subsumir recursos sanitarios á orde do Goberno de Galicia en cada momento? Non. ¿Plantexa mellorar as condicións para os pacientes? Non. Non plantexa nada diso.

¿Plantexa a oportunidade de dotar e de comprometer máis investimento en investigación? Non. ¿Plantexa —que podía ser unha solución— implementar un sistema para que en Galicia fabriquemos equipos de protección individual, máscaras, material de protección? Non. ¿Plantexa a necesidade de ter e de almacenar unha estocaxe mínima decente para poder afrontar unha situación coma esta? Non.

Nada diso se regula, nada. Porque isto é un camuflado dunha Lei de saúde que non fala de saúde, nada de saúde, salvo nunha cousa. Isto é como as cousas de Rajoy: é todo mentira salvo algunha cousa. Ou sexa, non fala nada de saúde, salvo unha cousa, que imos ir agora a ela. Nada de saúde. É un regulamento sancionador, excesivo, demasiado ambicioso, inapropiado legalmente.

Pero é que, ademais, é unha saída cara a adiante, unha fuxida cara a adiante dun goberno que foi trampulleiro coas formas, moi trampulleiro. Porque o Goberno que representou moitas reticencias contra o estado de alarma, agora quere lavar a cara. O Goberno que estivo en contra de todas as medidas que traballaban para mellorar a situación, agora quere lavar a cara. O Goberno que non fixo nada máis que criticar a outros e que engadiu unicamente tensión á xestión da campaña, agora quere lavar a cara. E para lavar a cara fan isto.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

De verdade, sexamos sensatos: nós estamos convencidos de que ata o Goberno sabe que isto é un disparate, e non o van utilizar. Vai quedar na lei porque o van aprobar, vano aprobar cunha negociación de cinco minutos na que non plantexaron ningunha transacción sensata, salvo unha, que era diminuír unha emenda do Partido Socialista e nada máis; ¡cinco minutos!

Vostedes queren deixar na lei algo que pode implantar decisións contra os dereitos, contra as liberdades públicas. ¿Onde están os liberais dos que tanto falan aquí? Cando hai que falar de verdade de liberdades non existen, porque dende o poder é moito máis fácil, aínda que máis covarde, xestionar as liberdades para os demais, sempre para menos; algúns sempre para menos.

E isto é o que pasa con esta lei, que non a van utilizar porque é un disparate e porque non trata nada sobre a pandemia, salvo unha cousa: a vacinación obrigatoria.

Nós non concordamos coa vacinación obrigatoria, pero preguntámonos: ¿que comité a validou?, ¿que comité clínico avala a vacinación obrigatoria?, ¿que sociedade científica? Porque a Sociedade Española de Vacinoloxía, non; os virólogos deste país, tampouco; os microbiólogos do país, tampouco. ¿Que sociedades científicas validan a vacinación obrigatoria? Por ser un pouco máis operativos: ¿que gobernos validan a vacinación obrigatoria?

Roberto Speranza, ministro de Saúde italiano —¡que bonito é chamarse «Speranza» como ministro de Saúde ante unha pandemia!—: «Cremos na necesidade de chegar á inmunidade de rabaño mediante a persuasión e o convencemento. Nunca utilizaremos a vacinación obrigatoria». Boris Johnson: «Non está na nosa cultura utilizar a vacinación obrigatoria. Por iso non a implantaremos». Angela Merkel: «Quero ser moi clara coa miña poboación. Non implantaremos a vacinación obrigatoria». Enmanuel Macron: «Aspiramos a un proceso transparente, limpo, pero nunca coa obrigación da vacina. Cremos na concepción colectiva». Merkel, Macron, Boris Johnson non son prosoviéticos perigosos, non son negacionistas irredentos ignorantes, son gobernos que toman decisións pensando no que hai que pensar: na ciencia. *(Aplausos.)* Porque os que estamos convencidos da ciencia non necesitamos obrigar. Porque isto é o que define as vacinas. Porque, ademais, non é necesario obrigar a vacinar. España e Galicia temos dos mellores índices de vacinación do mundo, e non obrigamos a ningunha vacina. Mellores que algúns países que no ámbito infantil si obrigan algunhas.

Se non temos un problema de vacinación, se non existe un problema de antivacinas en España, porque non existe, salvo que o alimenten dende o extremo, se non existe un problema de antivacinación, que non existe, porque temos boas taxas e a vacinación vai ben, ¿por que obrigar a vacinar, en contra de todo o criterio político e en contra de todo criterio científico?

Díganme un goberno do mundo que lexislase para obrigar á vacina, díganme un. O que máis se lle está parecendo, e aínda non chega a isto, é Brasil. Se este é o seu modelo de goberno, non é o noso. Non hai un goberno no mundo que obrigue a iso, polo menos no mundo occidental. Chámanlle «primeiro mundo» pero inclúen a América Latina, que para algúns non é primeiro mundo, para nós si. Salvo Brasil, que nin sequera isto, non hai ningún goberno que faga isto. ¿Por que? Porque noutros gobernos non teñen que facer leis tan perigosas para

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

salvarlle a cara a un presidente que non fai máis que facer tensións. *(Aplausos.)* Este é o problema.

Pero é que, ademais, a ciencia defende outras cousas. Tiven a oportunidade de dicilo aquí hai dous meses cando traballamos sobre a toma en consideración —advertímolo—, e tiven oportunidade de dicilo —falouse aquí incluso de psicoloxía social, e como comprenderán é unha área que me gusta—: obrigar a vacinar é o paso máis firme para alentar o negacionismo. E aí o teñen mentando a bicha. Porque os negacionistas, que son irredentos, que son inxenuos, que son ignorantes e que son en boa parte uns cretinos, poñen en perigo vidas. E nós non os queremos en fronte, querémolos desnudar con argumentos, non impoñer. Porque se un xera unha trincheira, que é o que está facendo esta lei, automaticamente aparece unha trincheira en fronte. Se isto está moi claro: non hai máis que tirar unha pedra para che devolvan unha pedra. Hai que desmontar con argumentos, hai que estar concienciados e traballar na concienciación. Esta é a política.

Nós estamos en contra dos negacionistas. Por certo, poñen en perigo vidas, moi gravemente. Como tamén, con moita ignorancia puxo algún negacionista en perigo vidas co medio ambiente; como ese primo de Rajoy, tamén un negacionista, un irredento, un ignorante e un cretino. *(Aplausos.)*

O negacionismo ponnos en problemas. ¿Por que o alimentan? Porque lles constrúe o relato. Obrigar é a mellor maneira de crear un movemento en contra. Se podemos concienciar, ¿por que imos obrigar? Se non é necesario, se non hai ningunha validación científica, se nada di que vai funcionar mellor. Obrigar é a ferramenta covarde do Goberno.

¿Onde debemos estar?, ¿onde deberiamos estar? Deberiamos estar facendo campañas conxuntas, e iriamos todos da man deste goberno. ¿Por que? Porque temos un problema grave diante. E iriamos todos da man, pero non só políticos, senón periodistas, deportistas, escritoras, músicos, sanitarios, docentes, todos, facendo unha campaña de vacinación, como están facendo, evidentemente, en Inglaterra, como están facendo os políticos e periodistas en Francia, como están facendo en Italia. A pesar do desgoberno en que viven, estes aínda están traballando nisto mellor que en Galicia, pois estana facendo con líderes sociais.

¿E onde estamos aquí?, ¿que estamos facendo? Implantar a vacinación obrigatoria. Iso si, hai unha contribución que fixo este goberno, que, ademais, é perversa, e hai que dicilo. ¿Saben quen está contribuíndo moito a difundir a bondade da vacina sen necesidade de obrigar? A alcaldesa de Boimorto e a xefa de DomusVi. *(Aplausos.)* Porque se elas utilizaron a súa influencia, que é corrupción, para poñela, ¡boa será! Iso é o que pensa moita xente aí fóra, e é certo. Agora ben, nós pedímoslles que non utilicen ese mecanismo, porque se non van dicir que para defender a vacina van empezar a coar todo o mundo, e non. O mellor é traballar na concienciación. A vacina é un éxito común, colectivo, de ninguén, non ten marcas, non ten logos. É un éxito da ciencia, defendámola.

Hai que estar moi pouco convencido para ter que obrigala. Nós non imos apoiar a vacinación obrigatoria porque estamos convencidos da súa bondade. Non hai que xerar unha trincheira onde non hai unha guerra, porque é a mellor maneira de que apareza un inimigo. Un inimigo

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que, ademais, non ten fundamentos, non ten razóns, e que traballa sen rigor ningún e sen importarlle a vida dos demais. ¿Para que queremos alimentar ese inimigo? ¿Para que? ¿Para construír o relato? ¿Para poder dicir que o de en fronte é malo e por iso hai que apoiarme a min, como algún dixo ultimamente? ¿Para ese argumento ridículo empobrecedor da democracia parlamentaria de que algúns coqueteamos co negacionismo? A min non me di que coqueteo co negacionismo ninguén. Porque eu non vou dicir que son máis que ninguén, pero vou dicir á inversa: non hai máis convencido da ciencia neste parlamento que quen está aquí falando, ninguén.

Hai que ser moi trampulleiro e moi ramplón, e ter moi poucos argumentos para defender esta lei dicindo outra cousa, porque os negacionistas que vostedes alimentaron están aí fóra facéndolle o caldo gordo ao Goberno. Se necesitan desas ferramentas, ¡malas alforxas para esta viaxe!

Temos unha sociedade convencida, e hai que crer que esta sociedade está convencida das bondades da ciencia; moito máis que este goberno, polo que se ve. A sociedade vai responder á concienciación profundamente. Hai mecanismos legais para resolver situacións excepcionais; xa se utilizaron, en Galicia tamén, hai unhas semanas. ¿Para que entrar noutros debates que o único que fan é alimentar un problema? Para nada.

Polo tanto, nós, por rigor, por sensatez e pola convicción plena da ciencia, que parece que este goberno non ten, non podemos apoiar esta lei. E, ademais, porque nós cremos que esta solución vai saír coa ciencia na man e coa sensatez e o rigor. Por iso nós negamos os extremos. Vostedes están creando unha polarización innecesaria, unha guerra innecesaria, que só vai traer problemas, porque nas guerras non gaña ninguén. E entre a intolerancia dos que protestan e os absolutismos, nós, o rigor. Entre a ignorancia que causa problemas e pode matar vidas e o totalitarismo desta lei, nós, coa sensatez. Entre o negacionismo e a imposición, nós, coa ciencia.

Este goberno está perdendo unha ocasión de ouro para camiñar xuntos en defensa de algo que é un éxito colectivo. ¿Por que necesitan xerar un problema onde non o hai? ¿Por que necesitan aproveitar isto para introducir un problema de restrición de dereitos? Porque, ao final, a vostedes gústalles porque di que fala de saúde pública, pero a vostedes encántalles esta lei porque restrinxe dereitos, porque xera trincheiras e porque o que fai é provocar unha confrontación que era innecesaria, e están xogueteando con algo bastante perigoso.

Por iso é imposible dende o rigor, dende a sensatez e dende a ciencia estar a favor desta lei, porque se non estariamos avalando algo que non compartimos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Iria Carreira.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Parece que chegamos ao final do debate parlamentario sobre este Proxecto de reforma da Lei de saúde de Galiza. Un proxecto a respecto do cal o BNG xa deixou clara a súa posición, tanto no debate de toma en consideración como no seu debate na Comisión 5ª, así como tamén fóra destas paredes.

Unha reforma lexislativa da que ao longo do seu transcurso por esta cámara non rematou por quedar clara a súa orixe; non se sabe moi ben se vén do Grupo Parlamentario Popular ou se é que este grupo está a actuar simplemente como un voceiro da Xunta. Unha Xunta de Galiza que vén anunciando esta reforma desde practicamente os comezos da pandemia, que se levou incluso ao Consello da Xunta de Galiza, máis que á hora da verdade o texto é rexistrado nesta cámara polo Grupo Popular. Rexistro que se fai en novembro do 2020 polo procedemento de urxencia, cando a pandemia podemos considerar que comezou en marzo e cando houbo meses e meses para elaborala.

Desde o BNG consideramos que esta confusión entre o Goberno da Xunta de Galiza e o Grupo Parlamentario do Partido Popular non é casual; máis ben é un xeito que existe para poder esquivar informes xurídicos ou para tamén desoír recomendacións.

Informes como o de impacto de xénero elaborado pola Secretaría Xeral de Igualdade, onde se apuntan claramente as consecuencias que pode supoñer esta reforma lexislativa, que contempla a maiores das sancións previstas que tamén se pode impoñer outra sanción accesoria pola que se prohibe que se poida percibir calquera tipo de axudas ou subvencións da administración pública por un período entre un e cinco anos. Leo textualmente o informe desta secretaría:

«É posible que, se a unha persoa se lle impón como sanción accesoria a prohibición de percibir calquera tipo de axudas ou subvencións e con posterioridade a esta imposición adquire a condición de vítima de violencia de xénero, esta persoa poida verse privada da posibilidade de optar ás axudas para as vítimas de violencia de xénero, algunhas das cales teñen por finalidade facilitarlle á vítima unha independencia económica ou un recurso habitacional que lle permita pór fin á súa relación co agresor e rachar coa situación de violencia que está a sufrir, garantindo tamén a súa seguridade».

¿Como é posible que pretendan aprobar unha reforma lexislativa que deixa este baleiro para as mulleres que están nunha situación de maltrato? Aquí cada cal coa súa conciencia, porque, ao final, despois poñer un lazo violeta no custa nada. Unha reforma lexislativa de tan gran calado que se pretende aprobar estando aínda inmersas plenamente na pandemia, cando aínda na semana pasada se adoptaron as primeiras medidas para aliviar as restricións desta terceira onda, que deixa tras de si unhas cifras arrepiantes, no medio dunha crise sanitaria onde non só temos a patoloxía que o SARS-CoV-2 trae consigo, senón que tamén temos outras frontes importantes ás que hai que prestar atención, como o aumento da morbimortalidade por patoloxía non-covid e a deterioración da saúde mental.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Coa poboación galega inmersa tamén nunha grave situación económica e laboral, moitas galegas actualmente non están traballando porque se atopan nun ERTE, ou porque directamente están desempregadas, ou cun panorama como o das traballadoras autónomas, ás que cada día lles resulta máis dificultoso manter aberto o seu negocio. Parece unha manobra de aproveitar o estado de *shock* da sociedade para aprobar esta lei. Unha reforma da Lei de saúde á que se leva tempo invocando para, supostamente, ter ferramentas axeitadas coas que facer fronte á pandemia, a maior pandemia sanitaria á que nos enfrontamos as que hoxe habitamos o planeta.

Curiosamente, o que se vén poñer enriba da mesa non son medidas sanitarias, son unha serie de medidas de carácter puramente restritivo e punitivo. Non se recolle ningunha medida para reforzar o sistema sanitario, nin se contempla unha maior contratación de profesionais, nin se contempla unha maior dotación de medios materias, nin tampouco se contempla unha redistribución do sistema sanitario aproveitando as lecciónns que deixou a covid-19 para estar preparadas no caso de ter que soportar outra crise semellante. Lecciónns que foron o suficientemente custosas, que supuxeron falecementos e unhas secuelas importantísimas, tanto a nivel sanitario como a nivel social, pero que o Partido Popular prefire obviar antes que aprender delas.

Esta reforma vén dotar de corpo lexislativo a acusación e a culpabilización do pobo galego do desenvolvemento e da evolución da pandemia. Ponse o foco sobre a responsabilidade individual no lugar de asumir a responsabilidade colectiva, e sobre todo a que ten o propio Goberno, por ser quen está á fronte. Céntrase nos posibles incumprimentos individuais, en condutas que durante este ano vimos que son totalmente marxinais e puntuais, en lugar de centrala na responsabilidade que ten o Goberno á hora de manter e dotar debidamente o sistema sanitario, os servizos sociais, o ensino e as administracións, nin tampouco se centra no investimento social e económico que se está ou non se está a realizar.

Cos datos de onte, eran cento corenta e seis galegas as hospitalizadas en coidados intensivos, que non en UCI, porque as UCI hai semanas que están cheas. Cando levamos máis de dous milleiros de persoas falecidas, resulta miserento que a reforma lexislativa que o Partido Popular trae para poñer freo a esta pandemia non aporta realmente medidas sanitarias.

E máis triste resulta isto cando o comportamento da poboación galega durante este ano está a ser exemplar, tanto na adopción das medidas establecidas como en continuar traballando para poder sobrepoñernos colectivamente a esta pandemia.

Como dicía, unha modificación da lei que é un veo de sospeita constante. Estamos a falar da supresión ou limitación de dereitos fundamentais das galegas, sen que se impoña o límite temporal claro e preciso, máis alá de que se estenderán o tempo que sexa necesario.

Fálase de acreditar autoridades sanitarias ata un punto que case podería resultar irrisorio se non estiveramos a falar dun tema tan grave. Autoridades sanitarias que terán a potestade de requirir a identificación de persoas ou a emisión de ordes de obrigado cumprimento. Medidas —como digo— que limitan os dereitos da poboación. Pola contra, non se contempla a obriga de render contas por parte do Goberno ante esta cámara, ou incluso que poidan ini-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ciarse sen ter que seguir un procedemento administrativo específico, ou cando aínda exista incerteza científica.

Tamén se contempla a obrigatoriedade para realizar tratamentos, para someter a probas diagnósticas ou para aplicar medidas de profilaxe, como poden ser as vacinacións cando así se considere. ¡Coma se fora este o problema real e o problema principal da sanidade deste país!

A poboación galega non amosa unha falta de confianza no persoal sanitario, máis ben todo o contrario, e tampouco a mostra coa vacinación. A porcentaxe da vacinación en Galiza é elevadísima, e demóstrano as taxas de vacinación infantil, por exemplo. O pobo galego acredita na ciencia e no avance enorme que supoñen as vacinas. O verdadeiro problema que ten o pobo galego non é que non queira vacinarse, é que non pode, como sucedeu hai uns meses cando se mandaba a xente para as súas casas porque non había vacinas contra a gripe suficientes para atender a demanda real. *(Aplausos.)*

O problema real non é o discurso negacionista ao que dá ás o propio Partido Popular co enfoque político desta lei, senón a falta de persoal, a sobrecarga de traballo, a falta de tempo para atender de maneira acaída as doentes e, por suposto, a falta de vacinas. Non é que a xente non queira vacinarse, é que non hai vacinas para poñerlle. *(Aplausos.)*

Impoñen e obrigan, pero, pola contra, non recollen ningunha medida para aumentar a educación sanitaria da poboación; infantalízana unha vez máis ao ditar as normas, pero sen proporcionar tampouco ferramentas que sexan reais e que son necesarias para aumentar o coñecemento científico das galegas.

E mentres falan desta vacinación obrigatoria, ¿que van facer coas mensaxes que saen desde o Sergas nas que poñen en dúbida a eficacia destas vacinas, que son verdadeiras aberracións científicas? Porque non dubidaron en cesar unha xefa de servizo cando no comezo da pandemia demandou medidas de protección para o persoal sanitario, cando a mensaxe que se lles daba ás profesionais era que non se debía utilizar a máscara todo o tempo porque creaba alarma social. ¿E agora vanse tomar medidas ou vaise permitir que desde o propio Sergas se envíen mensaxes acientíficas e que poden contribuír —desta vez si— a crear unha alarma social? *(Aplausos.)*

Estes son os instrumentos que nos presenta o Partido Popular para loitar contra a pandemia: restricións e sancións. Pero non se fai ningunha mención a aumentar a educación sanitaria da poboación, a reforzar o sistema sanitario, a dotalo de profesionais suficientes e de medios axeitados, a intervir as residencias da terceira idade e persoas con discapacidade. ¡Para isto si que non se contemplan medidas!

E todo isto vén recollido nunha reforma que vén supostamente solucionar as eivas que se foron detectando en materia de saúde pública. Curiosamente, en ningún momento se fala no conxunto do texto de reforzar estes servizos. Desde o BNG consideramos que este debe ser un dos aspectos chave: reforzar o servizo de saúde pública mediante a creación dun organismo que potencie as redes de vixilancia epidemiolóxica. Un organismo con capacidade

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de xestión, con estruturas propias e con recursos humanos e materiais, e que conte con sistemas de comunicación e coordinación co resto de áreas do sistema público de saúde. Unha coordinación que, ademais, ten que ser especialmente coidada coa atención primaria, para poder desenvolver medidas de promoción, de protección da saúde e de prevención da enfermidade.

Esta pandemia veunos mostrar múltiples evidencias que xa eran evidentes de antes, pero que agora aínda o son máis se cabe. A necesidade dun sistema público de rastrexo como un instrumento fundamental para detectar a aparición de gromos de patoloxías infecto-contaxiosas, e poder atallalos canto antes, interrompendo a cadea de transmisión, que do mesmo xeito poida controlar o illamento dos casos confirmados e realizar o seguimento dos contactos. Un sistema de rastrexo que sexa áxil e que sexa resolutivo, con capacidade para poder ampliarse se as circunstancias así o requirisen.

Outra evidencia que nos trouxo a pandemia é que é preciso un sistema sanitario robusto, e no caso da atención primaria, como eixo principal deste sistema, máis aínda. Estamos a ver agora como a atención primaria está, pola contra, asfixiada, soportando a atención das pacientes contaxiadas e o seu seguimento diario, a petición e a realización de probas diagnósticas ás pacientes sospeitosas, unha boa parte do rastrexo dos contactos de cada unha delas, e sumado todo iso á atención ordinaria de toda a patoloxía non-covid.

Se hai unha ensinanza que debe quedar clara a respecto da atención primaria despois desta pandemia é que, para que a atención primaria funcione, depende de que funcione o resto. Mentres non teñamos unha atención primaria ben dotada, resolutiva, con capacidade, con medios, con recursos, con profesionais, o sistema sanitario non vai poder ser sólido, por moito aparato diagnóstico de última xeración que poidamos meter no soto dun hospital. *(Aplausos.)*

E se algo vemos agora de xeito notorio coa chegada das vacinas é a importancia da ciencia e da investigación para poder avanzar como sociedade. Cremos que esta reforma da Lei de saúde tamén debera ser a oportunidade para crear un sistema público de investigación sanitaria. Temos neste país excelentes investigadoras, que están desenvolvendo liñas de investigación que son punteiras no panorama científico internacional e que están a subsistir cunhas condicións laborais indignas. *(Aplausos.)* Condicións laborais que en moitas ocasións acaban por ser determinantes, e que ou ben as empurran a emigrar e desenvolver as súas investigacións fóra do país, coa perda de todo ese talento, ou directamente as arreda do labor investigador e as aboca a buscar outras oportunidades laborais, perdendo unha vez máis tanto talento e tanto potencial.

Propoñemos que se cree un sistema público de investigación sanitaria, no que se integre todo o persoal que forma parte das tres fundacións biomédicas de Galiza, co obxectivo así de impulsar a investigación, a docencia, a innovación e o desenvolvemento científico-tecnolóxico. Este debe permitir establecer sinerxías entre o persoal clínico e o persoal investigador, que se mostran fundamentais para a xeración de coñecemento.

En resumidas contas, desde o BNG, o que consideramos que é un grave erro é enfocar un problema de saúde pública coma se fora un problema de orde pública. Do mesmo xeito que

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pretender poñer un parafuso cun martelo non ten máis sentido nin máis lóxica que perder o tempo e estragar o material, pretender combater unha pandemia, unha enfermidade infecciosa, pola vía de sancionar e multar, non ten máis sentido que esquivar a responsabilidade de atender o sistema sanitario.

Por iso presentamos as nosas emendas, co espírito de sumar ferramentas que si se teñen demostradas para atallar unha crise sanitaria, como son o propio reforzo do sistema sanitario, con máis medios e con máis profesionais. Para curar pneumonías non precisamos multas, precisamos persoal que traballe no seu diagnóstico e tratamentos para poder aplicalos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días.

Moitas grazas, presidente.

Eu quero empezar a miña intervención desexándolle a pronta recuperación á nosa compañeira Montse Prado, que está estes días a recuperarse da covid-19.

Hoxe, señorías, é un día importante coa aprobación desta reforma de lei que tanta algarabía está suscitando, que o que fai é vir dar garantías e actuar con responsabilidade.

Desde o inicio da pandemia vénse observando que o noso marco normativo sanitario non estaba preparado para afrontar unha pandemia tan longa e de efectos xeneralizados na nosa sociedade. Ante a grave situación pandémica que vivimos é necesaria unha lei.

O presidente do Goberno, o señor Sánchez, comprometeuse no verán a reformar a Lei orgánica de saúde, e así o recomendou o Congreso nas conclusións da Comisión para a Reconstrución Social e Económica. O 20 de maio do 2020 escoitabamos do presidente Sánchez, na súa intervención no Congreso dos Deputados, en Madrid, para solicitar a quinta prórroga do estado de alarma, decretado o 14 de marzo, estas palabras, que vou tratar de lerlles de forma textual: «*Lo que sí haremos, señorías, es planificar. Lo que sí haremos, señorías, es empezar a analizar y a debatir con todos ustedes y negociar la modificación de distintas leyes para garantizar la correcta gobernanza una vez hayamos levantado el estado de alarma*». Claro que seguimos en estado de alarma, ¡e non se fixo nada! E despois houbo unha sexta prórroga, tras a cal o Goberno da nación soltou o mando único e pasoulles a responsabilidade ás comunidades autónomas.

Estas reformas prometidas nunca chegaron. Esas reformas que ían ofrecer ás autonomías instrumentos xurídicos claros e precisos para poder regular e poñer límite ao que poida facer unha administración durante unha crise sanitaria, señorías, aínda as estamos esperando.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Xunta non está a facer nada que non estea previsto en termos xenéricos na lei estatal. Pola Lei orgánica 3/1986, de medidas especiais en materia de saúde pública, as comunidades autónomas xa poden adoptar medidas restritivas dos dereitos para protexer a saúde pública, incluíndo o confinamento perimetral e os confinamentos domiciliarios. E, por outro lado, a Lei do estado de alarma remítese ás leis de saúde, polo que o estado de alarma non concreta as accións que deben de desenvolver as comunidades autónomas. De feito, o estado de alarma limita as posibles accións das comunidades. Poñamos como exemplo o que nos ocorreu a nós mesmos en Galicia, ou a outras comunidades autónomas de distinta cor, como puideron ser Asturias ou Castela-A Mancha, que quixeron reducir estes horarios, e non puideron.

Hai que ter en conta tamén que a Lei de saúde pública, a Lei orgánica 3/1986, é moi xenérica e pouco garantista. Por iso, para precisar actuacións e facelas máis equilibradas en casos de pandemia, estados veciños da Unión Europea, como Portugal, Francia tamén, señor Torrado, e Alemaña modificaron as súas leis sanitarias.

E así acontece que as comunidades autónomas están actuando sen límites ou condicionamentos legais, agás o estado de alarma. E miren o que recentemente aconteceu no País Vasco, onde todos soubemos que coa sentenza do Tribunal Supremo de Xustiza en declaracións recentes, cando tombaron o que Urkullu dixo, por falta de seguridade xurídica pois isto non puido acontecer. Outras comunidades tamén, como Aragón, están actuando por vía decreto. E namentres ninguén fala do estado de alarma permanente no que estamos.

Sen ir tan lonxe, na miña provincia, señor Torrado, todo o que vostede dixo aquí ten que dicirllo ao presidente da Deputación de Lugo, que goberna conxuntamente co BNG. Vostede sabe que hai pouco aconteceu un problema cunha vacina nunha residencia de Ribadeo, e o presidente da Deputación, o señor Tomé, trasladou o feito á Fiscalía, co obxectivo de que promova as accións xudiciais que sexan pertinentes. E o mesmo alcalde de Ribadeo manifestou publicamente que a Xunta de Galicia promova a adaptación necesaria para que a saúde pública impere sobre os posicionamentos individuais egoístas e negacionistas e facer obrigatoria a vacinación nas residencias.

Entón, claro, todas esas cousas ten que falalas vostede cos seus. Non fai falta ser xurista para saber que por lei se restrinxe mellor a arbitrariedade dos gobernos que a través dun regulamento. Por lei mellor que en ausencia dun marco normativo, pois por lei facilitamos tamén a revisión xudicial. E, señor Torrado, aínda que probablemente isto non o entenderá vostede tras asegurar onte que para aprobar unha lei orgánica é preciso contar cunha maioría dos dous terzos, despois de asegurar iso —está aí escrito—, podemos esperar de vostede calquera cousa.

Señoría, o que estamos a facer en Galicia é garantir unha actuación da Xunta proporcionada á situación pandémica por lei, xusto o contrario do que vostedes din. Restrinximos o exercicio do poder, non como agora, que se deixa ao albur das autoridades. Esta é unha lei que, lonxe de ser autoritaria, o que fai é regular e poñer límites ao que pode facer unha administración durante unha crise sanitaria e garantir unha asistencia digna aos contaxiados.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O que non é garantista, señorías, e podería acabar sendo autoritario, é actuar sen máis control que a concisa Lei de medidas especiais de saúde pública de 1986 e que os xuíces non teñan máis criterios para interpretar e avalar estas medidas.

Esta lei desenvolve cando e como se poden aplicar moitas medidas que xa se viñeron aplicando durante esta crise sanitaria, dando así maior seguridade xurídica a administrados e a tribunais. Esta proposición de lei ten uns obxectivos claros e concretos, que non son outros que cubrir as lagoas e as carencias da lexislación actual vixente para loitar mellor contra a pandemia; unha situación sanitaria completamente nova e imprevista para todo o mundo. Quedan meses ou anos para a recuperación sanitaria, económica e social derivada desta pandemia, de consecuencias aínda por determinar, demasiada dor na nosa sociedade. E, á vista destes feitos, é necesario dar certezas legais tanto aos administrados como ás administracións.

A reforma da Lei de saúde autonómica que hoxe votaremos aquí é unha responsabilidade, é necesaria e dá cumprimento tamén á Recomendación 5ª da Comisión de Reconstrución Social e Económica do Congreso —que a aprobou co voto dos partidos aquí representados na súa parte sanitaria—, na que se instaba a actualizar a lexislación sanitaria de ámbito nacional e autonómico, dándolles prioridade a aquelas que irían dirixidas a loitar contra un posible segundo rebrote de pandemia. E, señorías, ¡estamos xa no terceiro!

Por certo, señor Torrado, aclárolle de novo a confusión que sempre amosa co voto do Partido Popular na Comisión de Reconstrución do Congreso. O PP votou que si ás propostas de Sanidade, despois de que se aceptaran unhas emendas. Non o negue. E o PSOE de Madrid amosou o seu agrado porque en materia sanitaria houbera consenso.

Mire: fala de medo. Medo é o que vostedes tratan de inculcarlle á xente.

Ben, este ditame do que falaba antes tamén di que se reformen as leis autonómicas de saúde, que é o que nós estamos a facer e o que nós traemos hoxe aquí ao Parlamento. Pero o que si está claro é que tanto PSOE como BNG viñan xa coa negativa baixo do brazo desde o minuto un. Menten e embarran ambos os dous partidos.

Nós, fronte á improvisación, ás incertezas e á disparidade de criterios xudiciais, pensamos que a regulación por lei garante o automatismo das respostas, reduce incertezas nos administrados sobre o que a administración pode e en que circunstancias facer, e permite unha interpretación máis homoxénea polos tribunais da proporcionalidade e adecuación das disposicións que a autoridade sanitaria adopte.

O que vostedes están facendo é defender a inacción de Sánchez. Esta lei, señorías, déixaos en evidencia. A Xunta non está a facer nada que non estea previsto en termos xenéricos na lei estatal, nada que non se estea a facer pero con inseguridade xurídica. Nada, por tanto, que vaia en contra da lexislación vixente, que é imprecisa en moitos casos, como quedou demostrado.

Precisamente, esta proposición de lei o primeiro que fai é delimitar que autoridades exercen de autoridade sanitaria en caso de pandemia. Establece e delimita quen é a autoridade sa-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nitaria, que inclúe desde o Consello da Xunta, a persoa titular da Consellería de Sanidade, as persoas titulares da inspección de servizos e de saúde pública, os titulares das xefaturas territoriais de sanidade e os alcaldes e as alcaldesas.

Non fala de saúde, non, non fala. Eu recoméndolles que volvan ler a lei, porque tamén se enumeran as medidas susceptibles de ser adoptadas por esas autoridades sanitarias, que van desde a incautación e inmobilización de produtos en caso de pandemia, algo que está previsto no estado de alarma pero non na Lei galega de sanidade, ou medidas de todo tipo: delimitación de capacidade, medidas de seguridade e hixiene en determinados lugares ou actividades, medidas de autoprotección ou intervención en centros de servizos sociais, ou subministración de datos necesarios para o control e a contención de risco para a saúde pública. E tamén inclúe medidas preventivas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se supoña a existencia de perigo para a saúde da poboación ou para unha persoa ou grupo de persoas. Tamén se prevé o illamento domiciliario en domicilios, nun centro hospitalario ou nun internamento como pode ser un hotel, ou o sometemento a corentenas no domicilio ou noutro lugar adecuado das persoas que estiveran con enfermos. E isto non é falar de saúde, non, non se fala de saúde.

Tamén se prevé a intervención dos centros de servizos sociais, logo de que se comprobara que é unha medida imprescindible para a protección da saúde pública, especialmente das persoas maiores e dos discapacitados.

En canto ás garantías de protección dos dereitos da cidadanía, evidentemente, imponse como límite absoluto o respecto da dignidade da persoa, e prevese unha serie de regras de actuación, como a relativa a que deben de ser o menos intrusivas e invasivas posible para lograr o obxectivo da saúde pública. Pero tamén se prevé que sexan temporais, que sexan transparentes e que sexan motivadas conforme tres regras: a idoneidade, a necesidade e a proporcionalidade da norma adoptada.

E, finalmente, inclúense tamén outras cuestións, como as que prestan especial atención ás novas tecnoloxías, como o mecanismo da información, prevención, detección e seguimento das enfermidades. E non vou falar da plataforma Telea, da que xa falei moitas veces aquí, e xa sabemos que permitiu un rastrexo da pandemia importante por ter este sistema incluído no noso sistema galego de saúde.

Tamén se impón dalgunha maneira a necesidade de colaboración entre a Administración galega e os concellos, no sentido de que se deben de facilitar información e prestarse reciprocamente a cooperación necesaria.

E, finalmente, claréxase o réxime sancionador; un réxime sancionador máis claro e máis completo, que evite que as normas non se cumpran, porque, entre outras cousas —pese a que se impoñan sancións—, estas non se están a facer efectivas.

Nós presentamos cinco emendas que falan de saúde, que falan de sanidade. E a emenda número 1 é na que vostedes non estaban de acordo con establecer prohibicións, limitacións e estratexias de prevención no consumo de bebidas alcohólicas para avanzar na desnormalización do seu consumo polas persoas menores de idade.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A número 2, que é referente á Estratexia galega de saúde e dos seus instrumentos de desenvolvemento sectorial e territorial. Seguimos sen falar de saúde, ¿eh? Isto dá conta dunha programación cun documento estratéxico de carácter plurianual para o desenvolvemento integral da política sanitaria galega.

A emenda número 3, que fala de modificacións en materia da saúde pública. A primeira delas é recoller expresamente o importante papel que os grupos de traballo poden desempeñar en relación co asesoramento na xestión das crises sanitarias e na adopción de medidas preventivas adecuadas. E unha segunda que se centra nas recomendacións do Ditame da Comisión para a Reconstrución Social e Económica do Congreso dos Deputados.

Unha emenda número 4, que fala da necesidade de asegurar unha planificación estratéxica integral da política sanitaria galega. Para tal efecto, créase a Estratexia galega de saúde como instrumento integrador. Para vostedes isto non é falar de saúde.

E unha emenda última, que vai referida á vixilancia epidemiolóxica.

Xa para rematar, quero recordarlles que unha das principais finalidades desta lei é concretar as medidas que, tendo en conta a lexislación sanitaria estatal de rango orgánico e ordinario, poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública, así como regular os requisitos que deben de cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exixencias de motivación e de proporcionalidade.

Escoitamos aquí de todo, ata que non hai informes xurídicos. Señorías, esta Lei de saúde, que regula dereitos, cumpre todas as garantías xurídicas. Consultouse previamente —como corresponde— cos asesores xurídicos; para iso están. Pero, ben, escoitamos aquí que parece que tamén o PP ten a culpa da falta de vacinas.

Desde logo, señor Torrado, se o Goberno central cumprira coa reforma da Lei de saúde, hoxe igual non estariamos aquí neste debate. Esta lei tivo unha tramitación de urxencia e é un exercicio de responsabilidade. Sorprende escoitar que esta lei, que vai regular por lei como se exercen os dereitos, vostedes din que é autoritaria. Nada máis lonxe da realidade; non é autoritaria, é garantista. Non poden mentir ante a evidencia.

Din que é unilateral, e estámola debatendo aquí neste parlamento. Eu chámoos á responsabilidade. Desde o Partido Popular actuamos con coherencia e responsabilidade, presentando esta proposición de lei que hoxe aprobaremos e que nos permitirá dar máis garantías, regular e poñer límites ao que pode facer unha administración durante unha crise sanitaria.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: Na súa man está apoiarnos ou non.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios para definírense sobre as emendas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Menudo disparate xurídico debe ser esta lei para a que argumentación foi que o alcalde de Ribadeo dixo non sei ou que a presidenta da Deputación de Lugo, para disparar contra Pedro Sánchez —¿como non?—, para dicirme a min que non me entero e que non aprendo, para recoñecer que a lei recoñece a dignidade das persoas —¡menos mal!— e que é transparente porque se está debatendo no Parlamento, que, ata onde eu sei, para modificar unha lei hai que debatela no Parlamento, ¡ata onde eu sei! A ver se é transparente por cumprir a normativa, que é obvio que ten que cumprir o procedemento.

O dos asesores xurídicos non me quedou claro, porque o señor presidente dixo que o consultaron cos asesores xurídicos da Xunta de Galicia, e preséntaa o grupo parlamentario, así que... Ben, non imos profundar niso, escarvar aí; non vaia ser que esteamos falando dalgunha outra cuestión. Pero, en fin, xa lles quedará para outra historia. *(Aplausos.)*

Si, esta lei ten un problema de marco legal, está subvertendo a orde xurídica do Estado, porque trata sobre cuestións que deben ser modificadas cunha lei orgánica ou cunha maioría cualificada, para cambiar a Constitución. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor Puy non está no debate, estivo no anterior, no da toma en consideración; debe ser que non quedou moi contento do que dixo, que hoxe non intervén pero quere falar agora dende alí. Agora debe ser a cousa que non lle gustou. ¡Mira que dislate xurídico debe ser que xa non quere vostede intervir pero quere falar dende o escano! *(Aplausos.)* En fin... A ver se se poñen polo menos de acordo de quen vai falar, que eu non teño problema, estou encantado, pero polo menos póñanse de acordo en quen vai vir facer o debate. Se me permite, señor Puy, porque a min mantivéronme no debate e a vostede non.

Esta cuestión que estamos a tratar é, evidentemente, un disparate e é unha fuxida para adiante. *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)* Se non lle importa, señor Puy, por favor, manteña un pouco a orde, que vostede é un deputado serio e formal. Se nos permite falar aos demais. Xa sei que con esta lei igual non nos van querer permitir falar, pero, polo menos, ata que se aprobe vannos deixar, se non lles importa.

Señora Amigo, non me contou nada da vacinación obrigatoria. ¿Por que non me contou nada de ningún exemplo de ningún país que a impoña?, ¿por que? Porque non hai ningún, señor conselleiro, ¡ningún!

¿Como valora vostede o que declaran sobre as vacinacións obrigatorias e a concienciación os gobernantes da Europa na que convivimos? Vostede dedicouse a disparar contra Pedro Sánchez, que se as vacinas, e dedicouse a falar doutras cousas, pero non comentou nada

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sobre que o único que está traballando nunha lei parecida é Bolsonaro. Claro, é que este é o problema, señora Amigo.

Que vostede me veu aquí trasladar un debate que ten que ver exactamente co que nós dixemos que tiña que ver esta lei, non coa saúde, co relato. O maldito relato: que se Pedro Sánchez é moi malo, que se a lei non sei que... Mire, se vostedes queren propoñer esta lei no Parlamento, no Congreso dos Deputados, teñen deputados alí. Pero, claro, é que xa o fixeron, e quedaron sós. E non debía ser moi boa porque non a apoiou ninguén. Por tanto, xa fixeron ese traballo. E igual que vostedes piden lexitimidade para a súa maioría aquí, que a teñen, pidan lexitimidade para o Congreso dos Deputados. Eu xa sei que tampouco lles gusta moito o que pasa en Madrid, e non estou falando do resto de partidos. Pero, ben, ¡se os puxeron vostedes! Polo menos, defendan que o seu grupo parlamentario en Madrid pode facer propostas; fixéronas, malísimas, e non as apoiou ninguén. Pois isto é o que hai, señora Amigo.

Agora ben, dígame vostede que non podemos tomar decisións coa lexislación que temos. ¿Ou non saímos da primeira onda? ¿Ou non saímos razoablemente da segunda? E estou citando textualmente palabras deste goberno. Pois, entón, é que non a necesitamos, non necesitamos obrigar. O que fai falta para loitar contra a pandemia é ciencia, vacinas e persoal sanitario, e non multas, sancións ou ameazas. É que isto é a cuestión.

Vostedes están lexislando para ter máis capacidade de poder autoritario, porque en tempos de medo e incertezas a dereita trata de reducir dereitos da cidadanía e quedarse con máis poder, porque é o que lles gusta facer. Atopan a oportunidade de lexislar en quente, sempre. En canto aparece algún problema grave, vostedes aplican a súa maquinaria de márketing para intentar lexislar en quente para reducir dereitos, sempre, sistematicamente. E nós o que dicimos é que iso é malísimo para a democracia, é rancio e é casposo; é a dereita máis conservadora, a de sempre.

Obrigar a vacinar é como querer resolver os problemas de tráfico prohibindo os coches. Pero vostede non falou diso. Algunha cuestión debe ter para non querer falar diso ou para falar despois na réplica para que non exista turno de réplica. ¡Canto lle gusta a transparencia que non queren debater sobre un problema gravísimo! Por certo, e vólvolle pedir: ¿que sociedades científicas avalan?, ¿que comités clínicos?, ¿que profesionais? Supoño que non será o de Ourense, que vostedes non queren nin falar del en función da liberdade de expresión, din. Iso si, a xefa de servizo de Vigo despedírona do seu cargo, pero ao de Ourense hai que protexelo, non vai ser que sexa amigo de alguén.

Vostedes están falando de algo que non corresponde, porque non é de saúde, viñeron aquí falar do malo que é Pedro Sánchez, que se o presidente da Deputación de Lugo ou o alcalde de non sei onde. Estamos falando dunha lei que fala de dereitos, de recortes de liberdades públicas, de vacinar obrigatoriamente, que é algo que non está facendo agora mesmo ningún país do mundo. E vostedes veñen aquí ao maldito relato. Porque trátase unicamente do relato e de construír algo que lles permita aparentar que fan cousas, e que lles permita dicir que o señor Feijóo é moi bo porque quere enfrontar con alguén. E de enfrontamentos non se come nin se resolve a pandemia.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ciencia, vacinas e persoal, e aí estamos todos. E se se queren saír, pois é unha pena, porque é o Goberno de todos e é o Goberno tamén en Galicia que nos vai sacar deste problema. Agardamos que o poidan facer con ciencia, con vacinas e con persoal, e non con sancións e con prohibicións, que non se sae así da pandemia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

O que fica claro despois de todo o debate parlamentario desta proposta é que a vontade de diálogo e de acordo é nula. Pretender facer pasar por diálogos os debates que son preceptivos para a aprobación desta reforma é unha brincadeira que —permítanme— non ten graza ningunha. *(Aplausos.)*

Unha mostra desta falta de vontade é que nin sequera atenden as recomendacións que se lles formulan dende o seu propio goberno, nin están dispostas a aceptar ningunha das emendas formuladas pola oposición. Ben, perdón, si que aceptaron unha, a emenda número 24 do Bloque Nacionalista Galego: revisar a linguaxe sexista do texto da proposición de lei. Unha emenda que é importantísima —non me malinterpreten—, pois a linguaxe é fundamental, e os textos lexislativos teñen que mostrar un respecto profundo neste sentido. Pero tamén é certo que esta é unha emenda que non deberiamos ter nin sequera que presentar para lembrar que a lexislación, e máis no século XXI, debe contar cunha linguaxe inclusiva e non sexista. *(Aplausos.)* ¡Só faltaría que votaran en contra tamén desta emenda! Agora ben, o que dicía é que é unha broma que sexa esta a única emenda que estean dispostos a aceptar.

As nosas emendas piden reforzos para a sanidade pública. Estamos falando de que os colectivos de profesionais estiman que no conxunto da Galiza se fixeron seiscentas mil consultas menos, vinte mil probas diagnósticas menos, tres mil intervencións cirúrxicas menos. De feito, a comunidade científica está a alertar dos graves prexuízos que a demora nos diagnósticos e nos tratamentos están a supoñer, por exemplo, para as pacientes de cancro, o que causa uns graves prexuízos sanitarios, pero tamén emocionais e sociais.

¿Onde están as reformas para facerlle fronte a esta situación? O sistema sanitario deste país precisa unha reforma profunda e decidida para fortalecer a sanidade pública e, desde xeito, a saúde da poboación galega. O que non precisamos nin as galegas nin a sanidade é que se rían de nós. E cando fallan os argumentos o máis sinxelo é caricaturizar, é pretender ridiculizar a oposición e pretender facela pasar por negacionista ou por anticientífica, cando saben perfectamente que esta non é a postura deste grupo parlamentario.

E vou rematar sumándome aos desexos de pronta recuperación que formulou a señora Amigo para que Montse Prado poida reincorporarse canto antes ao seu traballo habitual e poida intervir desde esta tribuna. Non quero adiantarme eu nin pretender poñer palabras na súa

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

boca, pero creo que despois desta longa travesía que ela está a padecer, igual que moitas outras pacientes da covid, ela lles poderá dar conta de primeira man da fatiga e da saturación das profesionais ou do perfectamente ben que funciona o sistema público de rastrexos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bo día de novo.

Moitas grazas, presidente.

Señora Carreira, vostede e eu sabemos perfectamente como se pasa nos hospitais, porque as dúas somos profesionais sanitarias, e sabemos perfectamente como é a vida nesta pandemia. E eu concretamente, que tiven covid na primeira onda, no mes de marzo, tamén sei desas cousas, de todos os trastornos que trae esta enfermidade.

Acabei a miña primeira intervención pedindo responsabilidade. É evidente que un non pode pedir algo a quen non o ten; carecen de responsabilidade pese ás evidencias. Dende que comezamos o trámite de aprobación da modificación da Lei de saúde neste pleno o pasado 9 de decembro aconteceron algunhas cousas. Naquel debate, o señor Torrado afirmou literalmente —é como consta no *Diario de Sesións*— que «a proposición era consecuencia dun certo delirio bolivariano do señor Feijóo». Señores do PSOE, non se confundan: os delirios bolivarianos parecen máis próximos a personaxes do seu contorno e cos que vostedes pactan. ¡Míreno ben!

Pouco despois o Portal de participación cidadá da Cámara veuse asolado por escritos promovidos por negacionistas antivacinas como un tal «Pablo», que afirmaba que ninguén lle poñería a man encima a el ou á súa familia para vacinalo e que preguntaba se Feijóo estaba máis preto das ditaduras bolivarianas ou socialistas. Rechamante coincidencia.

Naquel debate, señor Torrado, e hoxe repíteo, con escaso... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Dicíalle, señor Torrado, que naquel debate, e hoxe tamén o repite con escaso rigor xurídico, propoñía que as sancións se recollesen nun regulamento, como se un regulamento fose máis garantista que a lei, cando xustamente é todo o contrario, tal e como fixeron algunhas comunidades autónomas. Eu preguntaríalle, señor Torrado, dúas cuestións: ¿é menos autoritaria unha sanción dun regulamento do que dunha lei? E a segunda cuestión é: vostede di unha cousa e despois a contraria, di que chegamos tarde á lei e despois di que lexislamos en quente. ¡Ten que aclararse un pouco! *(Aplausos.)*

Curiosamente, vostede esqueceuse de mencionar o que o Goberno socialista do señor Lambán, en Aragón, tras ver as súas medidas de confinamento suspendidas pola xustiza, aprobou

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

un confinamento de determinados lugares por decreto-lei, ou sexa, por unha lei singular, para saltarse o control xudicial.

E naquel primeiro debate do 9 de decembro, igual que no debate de hoxe, a oposición tamén criticou a suposta obrigatoriedade das vacinas. Hai que ler e hai que entender. Nesta proposición de lei só figura un «poderá en circunstancias moi concretas».

E dentro das súas críticas tamén fala reiteradamente sobre a incerteza científica. Recórdolle tamén que lea o *Boletín Oficial do Estado* número 250, do 5 de novembro de 2011, onde verá que esta consideración está tomada da definición de principio de precaución que fai a Ley general de salud pública, aprobada en 2011 precisamente por un goberno socialista.

Tamén recordaba na intervención anterior o que aconteceu, que llo repito: falen co presidente da Deputación de Lugo, falen co alcalde de Ribadeo, a ver que din eles dese «poderá en circunstancias moi concretas vacinarse»; falen con eles.

Desde logo, a oposición socialista e nacionalista naquel debate negou que fose necesaria unha lei para regular e restrinxir as actuacións dos poderes públicos en caso de pandemia, para combatela con eficacia e salvar vidas, e garantir mellor os dereitos individuais, entre os que se inclúe o dereito á protección da saúde, garantindo unha asistencia digna aos contaxiados.

Con todo, o pasado 14 de febreiro, o presidente dun goberno de coalición nacionalista e socialista, moito máis responsable, concluía un artigo na prensa afirmando que «esgotamos todas as ferramentas xurídicas dispoñibles para a toma de decisións (...) e seguimos solicitando novas ferramentas para actuar sempre con todas as garantías xurídicas e, se fose o caso, contemplamos a alternativa de aprobar unha lei vasca antipandemia». Estoume referindo ao presidente Urkullu.

Pero a oposición hoxe persiste nos seus cualificativos tan próximos aos colectivos antivacinas e negacionistas. Sería bo que dixesen de que lado están, ¡posiciónense!, que se puxesen de acordo nas súas mensaxes cos seus alcaldes e cos presidentes das deputacións. E, señorías, que responsablemente recoñecesen que esta lei vén cubrir un baleiro legal que existía no noso país. Un baleiro legal que o presidente do Goberno se comprometeu a cubrir o pasado verán, para logo desdicirse, e que o Congreso recomendou, para despois botarse atrás.

Nós cumprimos coa nosa responsabilidade e dotamos Galicia con esta norma dun instrumento xurídico garantista para cos dereitos dos cidadáns e eficaz para que este goberno e calquera outro goberno que puidera sucederlle poida loitar con eficacia e contra unha pandemia como a que está a causar tanta dor a tantas familias na nosa terra.

E si hai centos de escritos en contra. Non sei se tiveron a ocasión de lelos e ver a sarta de mentiras, aberracións e barbaridades que algúns manifestan. E eu xa lles dixen na Comisión 5ª, cando debatemos a lei, que espero que vostedes non estean a favor de tantas barbaridades como as que lemos e escoitamos na manifestación que o pasado sábado tivo lugar aquí en Compostela. Eu entendería que non nos votaran a favor da lei, pero tamén entendería que se puxeran do lado noso en contra de todas esas opinións de todos eses negacionistas.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: E, señorías, non esquezan tamén os milleiros de persoas que apoian esta modificación de lei; entre eles, algúns dos seus, como aos que me acabo a referir, e tamén algún membro da xudicatura, como algún o manifestou recentemente nunha entrevista, que xuridicamente di que esta pandemia é un auténtico caos e ve necesaria unha reforma, poñendo de exemplo o que fixo Portugal na segunda onda ou o que aconteceu en Alemaña neste momento.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo, terminou o seu tempo.

A señora AMIGO DÍAZ: Xa termino, señor presidente.

Señores da oposición, nós quixemos transaccionar varias emendas con vostedes, pero vostedes estiveron dende o inicio en contra de chegar ao acordo. Vostedes prefiren ir á contra, ¡alá vostedes!

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: Eu laméntoo, porque é un reforma que vén determinada por un estado de pandemia, na que é necesario lexislar... *(A señora Amigo Díaz pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo. Grazas.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia

O señor PRESIDENTE: Continuamos co debate do ditame da Comisión 1ª.

Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame ten a palabra o presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, don José Manuel Rey Varela.

O señor REY VARELA: Moi bos días, señor presidente.

Señorías, o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 1 de outubro de 2020 co número de rexistro 2794.

A Mesa do Parlamento, na reunión do 6 de outubro de 2020, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou os días 24 de outubro e 10 de novembro do ano 2020 para as emendas á totalidade

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e ao articulado, respectivamente. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

As emendas á totalidade e as emendas ao articulado foron cualificadas pola Mesa nas sesións do 26 de outubro e do 26 de novembro de 2020 e publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* números 39 e 54, do 2 de novembro e do 27 de novembro, respectivamente. Existen dúas emendas á totalidade, de devolución, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e setenta e dúas emendas ao articulado, das cales cincuenta e tres son do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e dezanove do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Na sesión plenaria do día 24 de novembro de 2020 rexeitáronse as dúas emendas á totalidade, de devolución, presentadas.

Así, a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 11 de decembro de 2020, designou os seguintes ponentes: polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, don Alberto Pazos Couñago, titular, e dona Paula Prado del Río, suplente; polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Xosé Luís Bará Torres, titular, e don Daniel Castro García, suplente, e polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Pablo Arangüena Fernández, titular, e dona Paloma Castro Rey, suplente.

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o 8 de xaneiro de 2021 coa miña presenza e coa asistencia dos señores Pazos Couñago, Bará Torres e Arangüena Fernández. Nesta sesión fixouse o calendario de traballos. Nas seguintes reunións, concretamente os días 20, 26 e 27 de xaneiro, coa asistencia dos ponentes titulares, analizouse o texto articulado obxecto deste proxecto de lei e as emendas presentadas. Remataron o labor encomendado coa elaboración do seu informe e coas recomendacións que están presentes nesta ponencia.

Este informe foi debatido e aprobado con todas as suxestións feitas pola Ponencia na sesión da Comisión do 12 de febreiro.

Ata aquí, polo tanto, o percorrido lexislativo deste Proxecto de lei reguladora da acción exterior e da cooperación na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, que eu presido. Corresponde agora ao Pleno e ás súas señorías o seu debate e, se é o caso, a súa aprobación.

Moita grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rey.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a posición sobre o ditame e, se é o caso, defenderen as emendas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Arangüena.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, non exaxero se digo que considerando Galicia como país, Galicia é, sen dúbida, un dos países do mundo que —se se me permite a expresión— máis capital humano exportou nos últimos cento cincuenta anos en relación coa súa poboación. Polo tanto, falamos aquí hoxe dun tema importante para Galicia, dada a súa especial proxección exterior dentro das comunidades autónomas, pola singularidade que representa a diáspora galega e polo feito de atopármonos nun mundo cada vez máis globalizado e interdependente, o cal implica a necesidade dunha visión estratéxica e de longo alcance na nosa política exterior, dentro do ámbito da nosa autonomía.

Sen perder de vista que en calquera estado federal as políticas exteriores forman parte do ámbito da acción da estrutura central do Estado, por razóns obvias de eficiencia e de coherencia, sen prexuízo de que a propia Lei estatal de acción exterior establece un campo de xogo para as políticas das comunidades autónomas neste eido.

E a diáspora galega foi unha historia en boa medida tráxica nunha terra da cal tiña que emigrar o pobo para sobrevivir. Pero dentro desa traxedia, a diáspora foi tamén enriquecedora polo feito de que chegase un punto no cal había un galego en cada rincón do mundo, e algo diso queda aínda hoxe. E iso imprime carácter colectivo e dota este país dun activo desaproveitado pola incapacidade do Goberno galego para xestionar e imaxinar formas de poñer en rede esa enorme comunidade galega exterior, que supón un gran potencial cultural pero tamén económico —como digo— desaproveitado.

E iso non se solventa con esta lei, nin antes nin despois do proceso lexislativo, como xa aventurei no debate respecto da súa toma en consideración. Esta é unha lei inencauzable dende a raíz, porque está dominada de raíz por ese espírito que Kafka criticaba respecto das administracións decimonónicas nesas dúas fantásticas novelas que son *O proceso* e *O castelo*, lecturas que recomendo ás súas señorías do Partido Popular.

Porque está ben crear rexistros e censos de empresas residentes no exterior, como faría unha administración decimonónica, pero no século XXI esta lei pasa de puntillas sobre como poñer en rede todo ese potencial e aproveitar as sinerxías do capital exterior de Galicia, que é moito e —reiteramos— que está infrautilizado.

Na práctica, parece que o que máis lle importa á Xunta en materia exterior foi de sempre o clientelismo. As axudas discrecionais e os convenios de colaboración cos centros galegos, que con demasiada frecuencia serven para manipular o voto exterior, proliferaron na campaña e na precampaña despois de que hai menos dun ano soubésemos que o Tribunal de Contas do Estado, nun exame aleatorio, abriu expediente de responsabilidade contable pola desviación de 300.000 euros, que teoricamente estaban destinados a axudar a comunidade española de Venezuela, e en boa parte galega, e que foron destinados, sen embargo, a finalidades electorais. E iso foi un exame aleatorio, é dicir, practicamente unha casualidade, porque o Tribunal de Contas non fiscaliza máis que unha mínima parte da actividade administrativa. Por tanto, presumiblemente, a punta do iceberg.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E non esquezamos que a diáspora tradicional mudou na actualidade nunha nova forma de diáspora, que é a de xente ben formada e cualificada, na que o noso sistema educativo investiu moito tempo e recursos; xente que nos últimos tempos tivo que buscarse a vida polo mundo adiante, ata o punto de que hai decenas de milleiros de profesionais que tiveron que saír de Galicia, sinaladamente na última década, por falta de oportunidades na nosa terra.

E nesta materia, como en tantas outras, desmentindo a propaganda oficial, que difunde a imaxe falsificada e edulcorada dunha Galicia feliz e encantada de si mesma, que non existe na realidade. Estou seguro de que cada un dos deputados e deputadas desta cámara coñece casos de xente que tivo que abandonar Galicia nesa nova diáspora da que estou falando; xente que marchou e que no día de hoxe aínda non voltou nin ten plans de facelo.

Na elaboración desta lei non houbo unha implicación suficiente por parte dos actores interesados, nin da comunidade exterior galega. É unha lei que despois do proceso de emendas segue a ser unha norma atrapallada, excesivamente extensa e prolixa, que abunda en cuestións burocráticas máis propias dun regulamento e en declaracións tan extensas como baleiras de contido, ademais de que é totalmente imprecisa en canto aos obxectivos e aos medios cos que pretende acadar eses múltiples obxectivos que se marca. Algúns deles son tan absurdos como promover Galicia como «polo de excelencia científica e tecnolóxica», un obxectivo completamente alleo á realidade, cando Galicia está —como sabemos— moi lonxe da media de investimento en I+D+I do conxunto do Estado, que, pola súa banda, está ben lonxe da media europea. De feito, o único lugar onde pode considerarse Galicia como aspirante a polo de excelencia científica e tecnolóxica é na mente dos propagandistas do señor Feijóo. Pero nunca debería plasmarse algo así nunha lei, porque cando a propaganda oficial chega ás leis que deberían ser o ámbito da razón e da obxectividade, introdúcese a peor parte da política no núcleo mesmo do estado de dereito. *(Aplausos.)*

Todos sabemos, señorías, que Galicia está lonxe de ser xa non excelente senón simplemente regular no eido científico e tecnolóxico. Antes ben, a pesar de ser receptora de inxentes importes dos fondos europeos, caemos a plomo retrocedendo vinte e sete posicións entre o ano 2013 e o ano 2019 no ránking de competitividade rexional que elabora a Unión Europea. E sabemos que a competitividade está intimamente ligada á ciencia e á tecnoloxía.

E á parte de converter a propaganda oficial en norma xurídica, non contempla apenas esta lei unha regulación minimamente coherente de algo tan importante como é a acción de promoción económica no exterior, máis alá de obxectivos xenéricos, como atraer investimento estranxeiro. Sen dúbida, moi loable, se non fose porque Galicia é sistematicamente ano tras ano unha comunidade que recibe moitísimo menos investimento directo que a media do Estado. Por exemplo, no último ano economicamente normal, o 2019, que foi publicitado como grande éxito pola Xunta na captación de investimento, Galicia captou 112 millóns de 14.792 millóns, é dicir, menos do 1 % do total, cando o seu peso no PIB e na poboación do conxunto do Estado supera amplamente o 5 %. E no 2018, ano moito máis estándar e parecido á regularidade estatística, captou o 0,14 %, é dicir, corenta e dúas veces menos do que lle correspondería en función da súa aportación á economía do Estado. ¡Cifras que son absolutamente demoledoras!

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, ademais, non se contemplan os medios para facer de Galicia un país máis competitivo a nivel internacional, máis alá da idea case diría que humorística de examinar cada ano o informe do *Doing Business* do Banco Mundial. Este é outro dos aspectos que máis me chaman a atención, porque resulta insólito que unha lei estableza a obriga de que alguén no Goberno galego lea un informe de referencia como é o *Doing Business*. Ademais, parece implicar que ata o de agora ninguén na Xunta se molestou sequera en ler ese informe, o cal resulta incrible na medida en que ese informe, en primeiro lugar, se traduce ao castelán. Así é que ata o señor Feijóo, que non se manexa en inglés, pode lelo. E, en segundo lugar, non é un informe moi extenso, así é que non debería levarlles moito tempo nin esforzo; o único que necesitarían sería interese e responsabilidade.

E aquí o problema é, como moito outros, de fondo. O Igape é recoñecidamente un desastre, tanto na promoción exterior das empresas galegas como na captación de investimento estranxeiro acorde ou atendendo aos seus resultados. Tanto é así que poderiamos dicir que a pesar de ter nos seus fins a promoción do comercio exterior de Galicia e a captación de investimento estranxeiro, só un dos seus departamentos ten entre as súas funcións esas finalidades, é dicir, ao redor de vinte dos aproximadamente cento vinte traballadores e funcionarios públicos do Igape teñen como unha das súas tarefas a acción económica exterior de Galicia. Unha enorme desproporción con respecto á importancia desa acción económica exterior no século XXI. Algo do que a Xunta do señor Feijóo semella que nin se enterou, como o demostra o feito de que en once anos de goberno a única acción de captación de investimento estranxeiro por parte dese autoproclamado xestor que é o señor Feijóo foi o chamado «caso Pemex». Este consistiu en que uns meses antes das eleccións do 2016 o presidente da Xunta anunciou un acordo marabilloso, absolutamente marabilloso, polo cal Pemex mercaba o estaleiro Barreras, e ademais ía construír en España máis de vinte barcos, concretamente vinte e dous, que, ao final, quedaron en dous. Tamén ía aparecer un centro loxístico para toda Europa en Punta Langosteira, no porto exterior da Coruña, do que nunca máis se soubo. Por non falar da situación de Barreras na actualidade.

Por certo, os nulos antecedentes de captación de investimento e a inexistente política industrial do Goberno de Galicia non permiten albiscar horizontes esperanzadores en materia de xestión dos fondos *Next Generation*.

Outro problema da acción exterior galega que non solventa esta norma é a dispersión na súa dirección, dividida entre a Secretaría Xeral de Emigración, que depende do señor Feijóo, e a Dirección Xeral de Acción Exterior, que depende do señor Rueda. E así é francamente difícil coordinar as políticas no eido exterior, ademais de tratarse dunha anomalía respecto doutras comunidades autónomas.

Todo o anterior e moito máis demostra a inadecuación dunha lei que semella por momentos completamente allea á realidade, fixando como obxectivo captar inmigrantes especializados no exterior, cando Galicia padece —como sabemos— por motivos basicamente económicos unha crise que é tan aguda a nivel demográfico, que presenta os peores datos de España e unhas cifras de paro que duplicaban as da OCDE antes de que se disparase pola crise derivada da actual pandemia. O cal leva á pregunta lóxica: ¿como vai captar Galicia inmigrantes especializados cando a xuventude mellor preparada da historia de Galicia ten que marchar fóra

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de Galicia para atopar traballo? Outra incoherencia entre a Galicia oficial e a Galicia real. Na Galicia oficial estamos captando inmigrantes especializados sobre o papel; na Galicia real os mozos e mozas, despois de dedicaren anos á súa formación con apoio público, esforzo persoal e familiar, teñen que facer as maletas para atopar traballo.

En materia europea, esta lei non vai contribuír a reverter o feito de que a Fundación Galicia-Europea viu reducido o seu orzamento aproximadamente un cincuenta por cento na última década, coincidindo cos gobernos do señor Feijóo. O señor Feijóo, que a pesar de que a política galega se xoga hoxe tanto en Bruxelas como en Madrid, e a pesar de que a nosa participación nos fondos europeos é vital e non baixa dos catrocentos cincuenta millóns de euros cada ano, e non está en absoluto garantida, prodígase ben pouco por Europa; en cambio, si se prodiga un pouco máis por Latinoamerica co problema de que a menudo a xente coa que se fai fotos remata en prisión.

Unha lei que dedica un título ás delegacións e oficinas autonómicas permanentes no exterior, no que semella un intento de mimetizar as actuacións de comunidades como Cataluña, que foron moi polémicas anos atrás e que semellan moi pouco atinadas. Por outra banda, obvia a existencia dunha ampla rede de embaixadas e oficinas comerciais do Estado no exterior, que poden servir —como veñen facendo, por certo, dende hai décadas— para as finalidades que se contemplan nesta lei, sen necesidade de investir os escasos recursos públicos galegos en novos edificios baleiros. E non hai que esquecer que a Xunta leva décadas dedicándose con fruición a construír edificios baleiros, e a acción exterior de Galicia —coma o resto das políticas públicas da nosa comunidade— non vai ser mellor por ter máis edificios baleiros e tantas veces carentes de sentido.

Señorías, o que cómpre no ámbito da acción exterior é ter claro por onde van os tiros no mundo no século XXI, deseñar unha estratexia coherente, aproveitar os recursos públicos cada vez máis escasos e saber que a presencialidade no século XXI está cedendo paso á virtualidade. Antes para facer un estudo de mercado tradicionalmente toda a vida había que estar sobre o terreo, hoxe pódese obter a información sen moverse practicamente do sitio.

En canto á Estratexia galega de acción exterior, á parte de pintala nun papel, sería bo que esa estratexia se revisase, se analizase por parte de quen ten que facelo, que é xustamente este parlamento, que en teoría tería que recibir conta dela cada ano, o cal non se cumpre, como tampouco se cumpre a periodicidade das reunións do Consello Galego de Acción Exterior.

Para rematar, estamos ante unha lei que afronta os problemas da acción galega entre o inmobilismo, a autocompracencia e unha visión extremadamente burocrática que sería case optimista cualificar de propia do século XX cando estamos xa no século XXI.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

O BNG ten grandes diferenzas con este proxecto de lei, no que temos, resumindo, tres grandes discrepancias de fondo.

A primeira é que este proxecto é froito dunha visión tutelada, domesticada e sometida ao control preventivo do Goberno central e do marco creado pola Lei, do ano 2014, de acción exterior do Estado, a Lei de García Margallo, que tiña precisamente esa finalidade de disciplinar. Era unha lei —digamos— antipolítica exterior de Cataluña. Por iso esta é unha lei —podemos dicir— capada polo Goberno central. Por certo, que botamos de menos no expediente o informe sobre esta lei do Goberno central, que teñen que ocultar, señoras e señores do Partido Popular, porque non aparece por ningún lado. Se tivésemos que representar como unha imaxe o que representa esta lei, podiamos dicir que é como un paxaro coas ás cortadas, un paxaro que non pode voar.

A segunda discrepancia é que é unha lei da Xunta, pero non de Galiza, nin de Galiza nin de Galicia, como queiran, non o é. E non o é porque deixa fóra grandes axentes da política exterior que teñen que ser, por exemplo, as cidades ou as deputacións, ou as universidades, ou as organizacións non-gobernamentais, que non aparecen no corpo central desta lei como axentes principais da política exterior, e porque, á fin de contas, é un proxecto de lei falto de ambición, falto de ambición de país. Podería valer este proxecto para unha rexión, ao mellor podería valer para Estremadura ou para Andalucía —con todos os respectos—. Pero nós propoñemos e queremos un proxecto de lei dun país, dunha nación con orgullo, con presenza como tal no mundo, con voz propia, coa súa propia marca-país, que precisamente é a proposta que nós presentamos e que vostedes rexeitaron. E hai exemplos —non hai que saír do Estado español— doutras nacións que teñen unha política propia con orgullo, con empoderamento. Temos aí o exemplo de Euskadi, que é un modelo do que aprender e para o que mirar.

E a terceira discrepancia podemos dicir que ten que ver co que entendemos por «acción exterior». Para vostedes ¿é exterior para Galiza e a súa política exterior o que fagamos en Andalucía, en Estremadura ou en Madrid? Para nós, si. Bueno, o señor Feixóo estes días anda —podemos dicir— pavoneándose polos platós madrileños, dando lecciónns de xestión inmobiliaria e seica do porrón de millóns que debe o Partido Popular. E tamén —de paso que fai oposición a Casado— podería plantarse diante do Goberno central e facer oposición a esas medidas lesivas para Galiza —pero ese é outro conto—. Pero, indo ao caso, ¿é «exterior» Estremadura, Madrid ou Andalucía? Para vostedes é exterior Vilanova da Cerveira ou Chaves. Son exteriores porque os poñen nesta lei como espazos de acción exterior. En cambio, Madrid, non. E, miren, se non me entenden a min ou non me queren entender, vóullelo explicar con esta lámina do maxistral álbum *Nós*, de Castelao, no que lle preguntaba o neno ao vello: «E logo os da outra banda ¿son máis estranxeiros que os de Madrid?» «Non se sabe o que lle contestou o vello» —dicía Castelao—. *(Aplausos.)* Pois está claro o que lle contestou o vello: Os da outra banda non son máis estranxeiros que os de Madrid. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E por iso é absolutamente ilóxico o que vostedes plantexan. E vetaron precisamente unha emenda na que diciamos que o espazo da política exterior de Galiza é o espazo de fóra de Galiza, do territorio de Galiza. A nós parécenos que é unha cousa absolutamente obvia, pero a vostedes isto non lles gusta, non vaia ser que nos desmandemos aquí e que non obedezamos as ordes e as consignas do Goberno central e do Ministerio de Asuntos Exteriores.

E entrando a debullar o texto máis polo miúdo, entrando nos detalles —e xa di o dito que o demo está nos detalles—, teriamos que falar de cuestións como o organigrama que se propón aquí —que nós non compartimos, desde logo—. E facemos tamén unha proposta moi concreta: propoñemos que a política exterior estea dirixida por unha secretaría xeral. Se houbese unha viceconsellaría, sería mellor; pero, cando menos, unha secretaría xeral —porque non temos viceconsellearías, evidentemente—. ¿Por que? Porque agora hai unha dirección que nin é dirección nin é xeral, porque non coordina toda a política exterior do Goberno. Non coordina, por exemplo, a política de emigración, e iso non ten absolutamente ningunha lóxica. E se non a coordina o propio Goberno, ¿como vai coordinar algo máis?, ¿como vai coordinar toda a política do país? Esa é a realidade.

E tamén é unha realidade que nesta lei e na propia estratexia de acción exterior non se establecen os recursos e os instrumentos para facer unha verdadeira política de acción exterior. Porque para iso fan falta recursos —e, sobre todo, recursos económicos—. Xa llelo dixemos: a política exterior custa cartos e tamén dá bos resultados e bos réditos para un país. E aí temos o exemplo de Euskadi, que no 2018 investiu 53 millóns en acción exterior —Galiza investiu 8—. E aí está o balance, aí están os resultados. E non digo que nos teñamos que equiparar —porque temos orzamentos, financiamento e discriminacións distintas en Galiza—, pero, polo menos, achegarse a avanzar e ter máis medios para facer esa política. Igual que no caso do Consello de Acción Exterior, que se revelou como un instrumento inservíbel e por iso levou á dimisión de importantes representantes e figuras relevantes da acción da política exterior e do pensamento exterior de Galiza, como Xulio Ríos, que no ano 2013 dixo «ata aquí chegamos, eu no comparto esta forma de traballar, eu bótome fóra». Porque non estaba de acordo en como se estaba levando e falaba, concretamente, da devaluación, da degradación incluso xerárquica da política exterior da Xunta de Galiza.

Outra cuestión: as delegacións no exterior. O BNG fai propostas concretas para que teñamos delegacións propias no exterior, non sucedáneos. E falamos dunha delegación permanente en Lisboa. Isto para nós é algo absolutamente estratéxico e prioritario por dúas razóns fundamentais. Temos que conformar con Portugal un polo para defender conxuntamente os mesmos intereses —xa se está vendo no debate das infraestruturas e do ferrocarril—, pero iso hai que trasladalo a máis cuestións, porque, se non o facemos así, ¿cara a onde vai a balanza? Porque xa sabemos cales son as prioridades, e vai para outras que están en Madrid e están no mediterráneo. Polo tanto, iso é fundamental. Ter alí unha delegación é fundamental para iso e tamén para ter unha presenza e unha interlocución en todo o ámbito da lusofonía.

Tamén propoñemos unha delegación permanente en Bruxelas e non ese sucedáneo da Fundación Galicia Europa, que foi tamén reiteradamente cuestionado porque está absolutamente devaluado como órgano de representación. E ademais propoñemos unha axencia de cooperación para o desenvolvemento, que é un instrumento que teñen outras comunidades do Es-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tado, como Andalucía ou como Navarra. Porque, ademais, é a demanda que teñen os propios colectivos que traballan neste ámbito. Pero vostedes vetan e negan tamén esta posibilidade. Xa non falemos da nosa proposta de dotar de máis recursos e de máis medios orzamentarios a política de cooperación ao desenvolvemento, e tamén de máis flexibilidade para aplicar os programas e as axudas que se dan —que tamén vostedes negaron—.

Outro detalle importante: a planificación. A súa política e este proxecto revela unha absoluta falta de visión e de misión na política de acción exterior. Temos unha Egaex, unha Estratexia de acción exterior, que é un documento que foi caracterizado como descritivo e non prescritivo, propositivo e non proactivo, que está cheo de xeneralidades e de vaguidades, e que necesita concreción, necesita converterse nunha estratexia proactiva con medidas, con orzamentos, con programas, con tempos, con seguimento, con recursos, con avaliación. E iso non está neste proxecto. Igual que non están neste proxecto as prioridades tanto xeográficas como temáticas ou sectoriais.

E xa lles dicimos —reiterámolo outra vez, porque xa o dixemos nos anteriores debates— que, entre as grandes prioridades xeográficas, hai varias —e non están só en Europa, por certo—. Estannos dicindo grandes especialistas que temos neste país —xa citei antes a Xulio Ríos— que hai moitas prioridades. Pero tamén é certo que o que piden os expertos é que hai que escoller claramente as prioridades. Para nós unha delas neste momento é Portugal, é a lusofonía. Pero o suposto acordo que había con respecto a este tema traizoárono vostedes cando, despois de ter aquí un acordo unánime neste Parlamento en outubro de 2018 para que Galiza presentase a súa candidatura e entrase na comunidade de países de lingua portuguesa, lle dixeron ao Goberno de España que tiña que entrar España, que tiña que entrar o Goberno central, non que tiña que entrar Galiza. Isto é unha auténtica traizón. Dixérono claramente nunha resposta a unha pregunta que nos mandaron ao BNG: «A Xunta de Galiza solicitou ao Goberno central que presente a candidatura e negocie a adhesión de España como estado observador.» É dicir, que non presentou o Goberno de España esta candidatura, foi unha proposta da Xunta de Galiza, que renunciou ao acordo que había neste Parlamento. É unha auténtica vergoña e unha labazada aos acordos que se tecen, nos que hai tamén moita xente e moitos colectivos detrás.

E tamén podemos falar das prioridades nos ámbitos temáticos, das prioridades a respecto, por exemplo, da cultura ou do deporte, que teñen un importante papel que facer na promoción e na presentación no mundo dun país como Galiza para que entre pola porta grande. Nós propuxémoslles e vostedes vetaron a creación dun organismo, dun instituto —que leve ademais o nome de Rosalía de Castro—, para facer ese labor de promoción exterior da cultura e da lingua de Galiza. Mañá celebramos a Rosalía, que plantou figueiriñas —e podemos plantar moitas figueiriñas—. Pero, sobre todo, Rosalía plantou o orgullo de país *(Aplausos.)*, plantou liberdade, plantou rebeldía, plantou a defensa da dignidade deste pobo e das súas clases traballadoras, das súas mulleres, da súa cultura e da súa lingua. *(Aplausos.)* ¡Que maior marca de identidade dun país que presentar no mundo unha figura como Rosalía! Porque non hai ningún país no mundo no que unha muller fose a fundadora da súa literatura nacional contemporánea, entre outras moitas cousas. E vostedes vetan tamén esta proposta, igual que a de utilizar o deporte, os deportistas e as seleccións nacionais como carta de presentación do noso país.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Que problema hai? Hai moitos países, nacións sen estado e en Europa, que fan uso do deporte para a súa proxección e promoción exterior. E a moitos países coñecémolos precisamente por isto, desde Escocia ata as illas Feroe. A vostedes failles moita graza que falemos nós aquí das illas Feroe, pero as illas Feroe teñen un status propio dentro da Unión Europea e poden negociar os seus tratados internacionais e pesqueiros, por exemplo, cousa que nos gustaría ter a nós. *(Aplausos.)*

Vou rematando, e non quero facelo sen facer referencia loxicamente ao trámite parlamentario. Temos que dicir a este respecto que percibimos unha actitude —aínda que isto soe así un pouco estraño— máis receptiva que no caso doutras leis —teño que recoñecelo—. Porque é certo que se aceptaron algunhas emendas do BNG —normalmente como transaccións, polo que tamén lle aplicaron aí as tesoiras ao paxaro—. A verdade é que aceptaron algunhas emendas pero temos que lamentar outra vez o veto sistemático á participación, a utilización da lei mordaza que fan permanentemente para vetar a participación neste Parlamento de representantes da sociedade. E ese é un trámite que está previsto no Regulamento do Parlamento. O BNG presentou ata dez propostas de entidades e persoas para vir comparecer ao Parlamento para axudar a facer unha lei mellor. E isto, utilizando toda a flexibilidade que nos dá o Regulamento e que nos dá o trámite parlamentario, permitiría —seguro— ter unha lei mellor e, en todo caso, facer un debate franco escoitando todas as voces ou unha parte das grandes voces que poden falarnos aquí de política exterior, como o Igadi —xa que temos tamén un instituto propio, un organismo propio, unha entidade propia que traballa neste ámbito e que, por certo, non recibe, a través de ningunha convocatoria pública, ningún tipo de subvencións—, a Fegamp, o Eixo Atlántico, a representación da Fundación Galicia Europa —tamén para coñecer como se traballa alí—, a representación da Coordinadora Galega de ONGD, Xulio Ríos, Serafín Pazos, que é doutor en Unión Europea e o xefe da Oficina dos Concellos Escoceses en Europa —nada máis e nada menos, un galego de Redondela que se chama Pazos—. *(Risos.) (Aplausos.) (Murmurios.)* Hai algún bo, efectivamente. Tamén está o Consello da Cultura Galega ou a Academia Galega da Lingua Portuguesa, que tanto traballou e tanto lle debemos, por exemplo, para que teñamos unha lei absolutamente paralizada —como a Lei Paz Andrade— ou para que tamén se formalizase e formulase esa candidatura frustrada de Galiza para entrar na Comunidade de Países da Lingua Portuguesa —que, en fin, vostedes volveron vetar esta posibilidade—.

E remato xa cunha conclusión, e é que esta é unha oportunidade perdida —e ben que o lamentamos—, é un proxecto que non está á altura. Nós entendemos que temos que ter unha visión moito máis ampla, máis integradora e máis ambiciosa da política exterior. E non o dicimos nós, é que o din moitas destas entidades. Díxoo o Eixo Atlántico nunha moi boa análise do que debe ser a política exterior galega. Dixo que é unha lei de mínimos, non de máximos, que vén ser un decreto un pouco arranxado para convertelo nunha lei. É a lei dunha rexión que pide permiso. Vostedes nesta lei pintan un paxaro coas ás cortadas e nós queremos que Galiza sexa un paxaro coas ás ceibes para voar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Señorías, comecemos polos pequenos milagres do Parlamento de Galicia. O señor Bará descubriu que hai un Pazos bo de Redondela. Nunca choveu que non escampara. E eu agradézolle que teña tanta devoción polo señor Pazos —Serafín— e agradézolle tamén que incluso hoxe non mostraxe unha especial xenreira polo outro Pazos —imos dicir «o menos bo»—. Agradézollo en calquera caso. Teño que agradecer algunhas cousas ao BNG, ¡eh!, e vouno facer ao longo desta intervención.

Teño que agradecerlle algunha menos ao PSdeG, tamén teño que dicilo. E laméntoo, créanme que o lamento. Hoxe deunos unha nova mostra o señor Arangüena. O señor Arangüena pasou pola ponencia, pero a ponencia non pasou polo señor Arangüena, ¡non pasou! *(Aplausos.)* Miren, hoxe tomei unha molestia. Fíxeno estes días porque eu lin atentamente o seu discurso. Téñoo aquí. O seu discurso do debate de totalidade son estes tres folios. Despois seguín atentamente o seu discurso no debate da ponencia. Son os mesmos folios —a parte subliñada de laranxa—. E despois seguín atentamente a súa intervención hoxe, que son os mesmos folios pero na parte subliñada de cor verde. Hai que recoñecer que é vostede un gran lector, pero é moito mellor escritor. Fixo vostede o discurso perfecto, válelle exactamente o mesmo discurso para a súa intervención o primeiro día que entrou a lei aquí que para despois de tres ponencias nas que se modificou un vinte e cinco por cento da lei. A vostede válelle o mesmo discurso. ¡Parabéns! A verdade é que se entende a súa actividade alá no Parlamento de España: catro propostas en dúas lexislaturas. Seguindo este esquema de traballo, enténdoo perfectamente.

Miren, eu teño que confesar que me sinto orgulloso, dobremente orgulloso, de defender hoxe a aprobación da Lei reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. En primeiro lugar, síntome orgulloso polo contido da lei, e creo que é unha lei magnífica, teño que dicilo. É equilibrada, plural, eminentemente plural, e útil. E é a primeira lei de acción exterior aprobada no Estado por unha comunidade autónoma sen confrontación institucional. A primeira foi a de Cataluña, e creouse unha certa controversia á que seguro que non é allea ningún dos grupos desta Cámara. Galicia foi a primeira comunidade autónoma que aproba unha lei de acción exterior sen ningún tipo de confrontación institucional e da man do Goberno de España, da man dun ministerio que hoxe goberna o Partido Socialista —non sei se o mesmo Partido Socialista—.

O segundo motivo de orgullo é que é unha lei tramitada de maneira exemplar. E creo que ese orgullo que eu sinto debería ser hoxe compartido, sen dúbida, polo Goberno. O que me apena é que non teña ese orgullo a oposición.

Miren, en primeiro lugar, é unha lei útil, é unha lei de país. E eu quero recalcar este concepto de país, señor Bará, que se eleva sobre as diferenzas partidistas para atender as necesidades de Galicia, e onde se fala de cousas importantes —claro que si— da nosa relación coa Unión Europea, tan deostada nesta Cámara nalgunhas ocasións e que hoxe máis ca nunca está demostrando ser o maior foco de democracia no mundo e un elemento de solidariedade entre

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

os pobos europeos esencial para afrontar, polo menos, unha situación tan complexa como a que estamos atravesando.

É unha lei que non esquece as comunidades galegas no exterior, nin moito menos. Consideramos que son os nosos mellores embaixadores. Os mellores embaixadores que ten este país no exterior son esas comunidades galegas ás que a lei lles presta unha especial atención.

Dicía o señor Bará que nos esqueciamos da lusofonía. ¡En absoluto, en absoluto! Contémplase especificamente na lei e ademais entendemos que é un vínculo cultural que debe ser fondamente fortalecido. Por suposto, é unha lei que tamén atende ás necesidades da cooperación galega e que pon en valor o compromiso galego coa solidariedade internacional. E por todo iso cremos que é unha lei da que nos debemos de sentir orgullosos.

Pero a outra cuestión da que me sentía orgulloso é de como se tramitou a lei. Seguro que vostedes coñecen esa famosa cita que algúns atribúen a Bismarck —creo que é de Godfrey Saxe—, que di que coas leis pasa como coas salchichas, que é moito mellor non ver como se fan. E a min pásame o contrario con esta lei. A min gustaríame que todas as galegas e todos os galegos tivesen a oportunidade de ver como se elaborou esta lei, que tivesen a oportunidade de coñecer as aportacións dos distintos colectivos, das institucións e das distintas persoas que lle fixeron achegas, do diálogo construtivo que presidiu a súa elaboración en todo momento e do escrupuloso respecto institucional —porque todas estas cuestións están perfectamente reflectidas en cada artigo deste texto—.

A lei nace do consenso da Estratexia galega da acción exterior, que foi aprobada nesta Cámara sen ningún voto en contra. Foi despois dialogada permanentemente co Ministerio de Asuntos Exteriores, co anterior goberno e co actual goberno. Foi dialogada e debatida no Consello de Acción Exterior de Galicia, no Caex, onde pasou sen un só voto en contra. Fixéronse aportacións a través do «Lexisla con nós» —que limos atentamente— e ademais foi amplisimamente consensuada cos grupos parlamentarios.

E, claro, a pregunta que se estará a facer calquera cidadán que me estea escoitando é obvia. Se existiu tanto diálogo e tanto consenso, ¿por que a oposición non apoia esta lei? Eu creo que hai distintos motivos polos que non a apoian.

Díxenlle o outro día, e ratifícoo hoxe, señor Bará, que vostedes comparten a lei, pero o que non comparten é o modelo de Estado. Non o comparten e iso é lexítimo, pero iso non pode condicionar a acción legal e lexislativa. E o PSdeG comparte a lei e comparte o modelo de Estado. O PSdeG simplemente —e vaino ratificar hoxe en tres ocasións— está neste Parlamento para negarse a calquera acordo co Partido Popular, ¡calquera!, en calquera materia e sexan cales sexan as circunstancias. Vostedes están no non polo non.

No que fai referencia ao BNG, eu xa lle dixen o outro día, señor Bará, que as súas políticas e as súas emendas son politicamente lexítimas pero son normativamente ilegais. E, polo tanto, non é que este goberno ou este grupo parlamentario non poida aceptar esas emendas, é que non llelas podería aceptar ningún outro goberno salvo que estivésemos buscando unha colisión, unha confrontación directa, co Ministerio de Asuntos Exteriores, co Goberno de Es-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

paña. E sei que a vostede lle apetece, pero vostede ten que entender que un goberno responsable intente evitala na medida das súas posibilidades.

Mire algunha das súas emendas. Hai dúas emendas que, efectivamente, o que pretenden é incluír no concepto «exterior» o resto de España. Eu sei que iso é un desexo que ten o BNG, pero ningún dos parlamentarios deste grupo ao que eu represento pode apoiar que o resto de españois sexan estranxeiros na súa terra. Non o imos apoiar nunca e, polo tanto, esas son dúas emendas inaceptables para este grupo. Igualmente é inaceptable que vostedes pretendan eliminar da lei o concepto de «lealdade constitucional». Temos que ser leais á Constitución, non podemos facer outra cousa e tampouco queremos apoiar ningunha das seis emendas que presentan vostedes para eliminar a referencia a España. Téñenlle alerxia ao termo e entón queren eliminar o termo «España» de calquera lei —e, nomeadamente, desta—.

Tamén teñen unha certa teima coa eliminación do concepto «investimento privado». É curioso porque esta mañá no debate da primeira lei negábanse practicamente a calquera investimento privado ou a facilitar o investimento privado no ámbito interior, no ámbito de Galicia. Pero parece tamén que a teima os leva a perseguir o investimento privado que tamén vén do exterior. Eu non sei como pretenden vostedes xerar riqueza en Galicia. É algo realmente complicado de entender.

E logo presentan outras cinco emendas, das que falou o señor Bará, que basicamente o que fan é engordar a arquitectura da Xunta de Galicia. Eu entendo que vostedes consideren que se xestiona mellor a acción exterior de Galicia a través dunha secretaria xeral, é lexítimo. Pero para iso, señoría, para iso non fai falta reflectilo nunha lei. ¡Para iso o que hai que facer é gañar as eleccións! Porque comprenderá vostede que o Goberno ten dereito a organizarse, ¿verdade?, como considere oportuno. A realidade é que este Goberno considera que debe facelo a través de dúas direccións xerais; e vostedes, a través dunha secretaría xeral. É lexítimo pero non hai nada nesta lei que impida que, se vostedes o día de mañá gañan lexitimamente as eleccións, poidan declarar ou determinar que a dirección desa política se leve a través dunha secretaría xeral. ¡Nada llelo impide!

Tampouco nada lles impide abrir delegacións. Por certo, estaría ben —xa que se apoian mutuamente neste tema— que vostedes aclarasen por que tipo de delegacións van apostar. O señor Arangüena di que as delegacións teñen que estar nas embaixadas españolas. O señor Bará di que non, que teñen que estar perfectamente diferenciadas. A cuestión é que despois votan xuntos. É unha cuestión certamente difícil de entender.

Vostedes din tamén que é imprescindible crear o «Instituto Rosalía». Nós non estamos de acordo. Díxenllo o outro día: unha cousa é que non coincidamos en que esa sexa a ferramenta para desenvolver a política cultural de Galicia no exterior e outra cousa é que renunciemos a desenvolver a política cultural de Galicia no exterior, ¡nada máis lonxe da realidade! E exactamente igual pasa coa Axencia Galega de Cooperación ao Desenvovemento. Simplemente vostedes apostan por crear chiringuitos e nós non cremos nese modelo, señor Bará. E pídolle respecto para iso.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren, ¿por que non apoiamos que as seleccións poidan ter representación exterior? Porque é ilegal. É que é ilegal, está prohibido pola Lei do deporte. Entón, señor Bará, ¿que pretende?, ¿pretende que, para satisfacer o BNG, saltemos a lei? Pois non podemos facelo.

O do PSdeG é outra cuestión totalmente distinta. Miren, custa entendelo. Presentaron vostedes 19 emendas, aceptámoslle 9 e transaccionamos 5. Esta é a Lei de acción exterior de Galicia, unha lei, dixo vostede, longa. Ben, pode que si, pode que non. E estas son as discrepancias que mantén o Grupo Socialista respecto desta lei. Quero que o miren, ¡eh! ¡Medio folio! Estas discrepancias gravísimas son as que impiden que vostedes non apoien esta lei. Pero vostedes ¡que concepto teñen do consenso! ¡Dígollelo de verdade1

Dinos que a lei é moi longa e, polo tanto, está moi enfadado porque non queremos crear tres artigos máis que nos propón vostede nesta cuestión. É unha cousa certamente digna de ter en conta. E plantexan un plan director quinquenal e plans anuais de acción —que os plantexan aquí— que os desbotamos porque nin sequera os leva a cabo o Ministerio de Exteriores con moito máis peso administrativo que a Xunta, ¿verdade? Tamén piden un informe anual sobre a totalidade de viaxes ao exterior, cando xa está contemplada unha comparecencia —que ademais acordamos co BNG que sexa ampla para que se poida falar de calquera cuestión relacionada coa política exterior—. Piden un informe con datos do Igape, que xa están reflectidos noutros informes oficiais. E piden tamén que minimicemos o custo das delegacións porque vostedes queren que estean nas embaixadas —xusto ao contrario do BNG, aínda que, xa lles digo, non se van opoñer a esa cuestión—. E, por último, non lles gusta a expresión «polo de excelencia cara ao exterior» —e fin das diferenzas—.

Vostedes van votar en contra dunha lei da que o que non comparten son estas cinco cuestións. É sorprendente, dígollelo de verdade, é sorprendente. Non sei que pretenden que fagamos para que poidamos alcanzar algún consenso con vostedes nesta Cámara.

Mire, durante o debate do informe de ponencia afirmei que esta lei era a proba do algodón sobre a suposta lealdade institucional que pregoa a oposición. Porque nin existen motivos reais para non apoiar este texto nin é probable que atopemos durante toda a lexislatura unha lei con maior consenso que esta. É altamente improbable. Todos os elementos centrais da acción exterior galega foron consensuados con vostedes sen máis límite que a Constitución. Ningunha das discrepancias que mantemos sobre esta lei lles impediría a vostedes desenvolver a súa propia visión de goberno se lexitimamente gañaran as eleccións. E esta lei vincúlanos a todos no que se refire á estratexia exterior de Galicia e permite a todos desenvolver libremente as accións políticas propias de calquera goberno sexa cal sexa a súa cor. Se o BNG non apoia esta lei será porque antepón o ideario do nacionalismo galego aos intereses do pobo galego. E se o PSdeG non apoia esta lei estará confirmando que o actual proxecto do socialismo galego está politicamente amortizado.

Porque, señorías do BNG, para aprobar unha lei non se pode exixir que ignoremos o sentimento identitario maioritario do pobo galego ao que vostedes queren representar. Iso é profundamente antidemocrático. E, señores do PSdeG, díxenlles o outro día —e reitérollelo hoxe— que quen en nada pode acordar nada ten que aportar á cidadanía. Hoxe votan vos-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tedes en contra do consenso da Estratexia galega de acción exterior, do consenso amosado polo Caex, do consenso acadado a través do diálogo institucional co Ministerio de Exteriores e do diálogo parlamentario. Volve a peor versión do PSOE, volve o PSOE do «non é non». E eu creo que deberían de replantexalo, porque Galicia xa lles dixo o que opina desa maneira de facer política. A realidade de todo isto, señorías, é que Gonzalo Caballero conseguiu bater o récord negativo de Abel Caballero na representación do PSOE nesta Cámara. Paréceme que é un balance francamente pobre.

Polo tanto, non teño moito que dicirlles. Reiteraron vostedes os seus discursos. Repetiu vostede, señor Arangüena, exactamente as mesmas falsidades que no primeiro —o cal lamento, por certo— facendo algunhas acusacións moi desagradables. Eu xa llo recordei: a única Xunta que pagou unha viaxe a Arxentina dun axente electoral foi a súa, non foi a do Partido Popular, foi a súa, a que presidían, ou copresidían —non sei moi ben o que facían— estes dous señores. Non é este goberno o que está cometendo ilegalidades no exterior. Foi o seu.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: E eu non falei dese tema durante a tramitación da lei. O que lles pediría é un mínimo de prudencia e de ecuanimidade. O que lles pediría é que fagan algo por acordar con este goberno.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: O que lles pediría é que por unha vez tendan a man. Pero, como pedírllelo a vostedes é como pedir peras ao olmo, o que lle pido realmente ao Partido Socialista é que máis pronto que tarde, de verdade, celebren ese congreso galego que teñen pendente e oxalá teñan máis acerto e poñan á fronte deste grupo parlamentario a alguén que teña algo que ofrecerlle ao pobo galego. Desgraciadamente non serán vostedes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Pazos, volve vostede incorrer, na miña opinión, nese estilo político que vostede cualificou a semana pasada —precisamente na Comisión 1ª e debatendo sobre esta lei— como contundente, aínda que se está moderando —calculo que para a segunda parte da súa intervención—. O cualificativo de contundente igual lle comprace a vostede. Incluso se ve vostede a si mesmo como contundente. Pero eu substituiría o de «contundente» por «bronco». E iso que —como lle digo— hoxe non está especialmente bronco. Calculo que estará máis na segunda intervención. E, dende logo, a min paréceme un estilo parlamentario

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

impropio dun parlamentarismo maduro, despois de corenta anos de democracia, como debera exercerse nesta Cámara. Pero, en fin, vostede verá.

Votamos xuntos co BNG —dinos vostede—. Claro, imos opoñernos xunto co BNG a esta lei. Di vostede que temos opinións diferentes sobres as oficinas comerciais e sobre as delegacións. Bueno, temos opinións moi diferentes sobre moitas cousas, e votamos xuntos, o cal non quere dicir que esteamos na mesma posición respecto desta lei. Pero si imos estar —parece ser— na mesma votación negativa fronte a esta lei.

Vostede non está conforme e fala de emendas aceptadas e considera que deberiamos votar a favor porque se aceptou parte das nosas emendas. Pero xa dixemos dende o principio —díxeno dende o principio e repetino— que estamos en contra do espírito e da substancia desta lei, e que o que debería facerse é devolver esta lei —por iso pedimos a súa devolución non emendada—. E se lle parece negativa a nosa actitude, contrástea vostede coa que mantén o seu partido en Madrid respecto da renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial —por poñer un exemplo—, ou contraste a responsabilidade que exerce o PSdeG con respecto ás restricións sanitarias coa actitude de deslealdade constante que ten a Xunta de Galicia do señor Feijóo respecto das actuacións en materia sanitaria do Goberno central. Contraste vostede se lle parece negativa a nosa disposición ao consenso.

Permítame que lle diga que falo dun tema que coñezo algo máis alá da teoría, porque traballei nunha das oficinas comerciais no exterior, das que vostede fala —concretamente na de México—. Tamén traballei nunha empresa en materia de exportación —unha empresa galega de referencia—. Cando facemos críticas, cando as fai o meu grupo, non son críticas por falta de vontade de consenso, nin son, nesta materia, ideolóxicas. Son críticas baseadas no coñecemento propio e alleo das deficiencias crónicas da acción exterior galega do seu goberno, que esta lei, como dixen, non vai contribuír a remediar por moito que aceptaran vostedes —cousa que, por certo, agradecemos— parte das nosas emendas. Como dixen anteriormente, esta non é unha lei que se arranxe emendando, e por iso solicitamos no seu momento a súa devolución.

Tampouco se arranxa a acción exterior galega con este goberno facendo as mesmas cousas de sempre, co clientelismo —demasiadas veces directamente fóra da legalidade—, coa falla de captación de investimento estranxeiro, de promoción das exportacións de Galicia, coa falla de medidas para mellorar a competitividade internacional de Galicia dentro das competencias que ten a nosa Comunidade Autónoma e un longo etcétera.

Nós, con respecto ás emendas do BNG —e para marcar a nosa posición—, consideramos que a tentación centrifugadora que poida ter algunha forza política no eido exterior non ten sentido nin dende o punto de vista da racionalidade e da cohesión estrutural do Estado nin dende o punto de vista das tendencias do mundo do século XXI. A acción exterior, como a xeopolítica, tende á conformación de grandes bloques de intereses comúns, non ás segregacións de Estados ou á segregación da acción exterior estatal. Por iso votaremos en contra dalgunhas emendas do BNG e imos absternos noutras —aínda que votaremos a favor da maioría—. Tamén, como sabe o presidente, pediremos a votación separada.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis, moita grazas e, en todo caso, teñan en conta que con esta lei que van aprobar poden facer vostedes política exterior ou poden vostedes seguir sen facer política exterior. Eu, dende logo, anímoos a que a fagan —cousa que non fixeron nos últimos once anos—.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Di o señor Pazos que non houbo confrontación institucional. E ¿saben por que non houbo confrontación institucional? Porque vostede achantaron con todas as imposicións do Goberno central, por iso non houbo confrontación institucional. Se din «si bwana» a todo o que lles mandan dende Madrid, ¡como vai haber confrontación institucional! Pero, ademais, dixo claramente o señor Gamallo que nos mandaran non sei cantos folios de correccións ao texto —que, por certo, non está no expediente, xa llo dixen—. Igualmente achantaron no da CPLP. Cando foron alí coa proposta de que Galicia entrase na CPLP, o señor Borrell díxolles que ¡que era iso de que entrase Galicia, que entraba España! Foi así, tal cal, e vostedes achantaron. Por iso non hai confrontación institucional, porque din «si bwana».

E despois fálanos de diálogo e consenso —¡tan sobrevalorado!—. Mire, aprobouse no Consello de Acción Exterior sen o apoio do Igadi —que é o máximo organismo, entidade, que hai en Galiza de estudos internacionais—, sen o apoio do Eixo Atlántico e sen o apoio da Fegamp. ¡Tanto, tanto, tanto diálogo e consenso non habería! E, ademais, vostedes vetaron a participación destas entidades no Parlamento; polo tanto, de moito diálogo tampouco poden presumir.

Fálanos de ilegalidades. Ao mellor habería que falar de ideoloxía. Por aí igual si, evidentemente, temos grandes diferenzas nesta materia, como en moitas outras. E poderiamos falar tamén de ética, por exemplo, ao falar das seleccións nacionais. Porque vostedes, por exemplo, non permiten nin sequera as competicións amigábeis no caso do fútbol. Non me estraña, porque teñen á fronte da federación —e permíteno vostedes, o Partido Popular— un señor condenado por prevaricación e por fraude, un señor que non é calquera. *(Aplausos.)* Non pasaba por alí, foi un dos máximos dirixentes do Partido Popular, presidente provincial e presidente da Deputación. ¿A que están esperando? ¿A que están esperando para pedir responsabilidades tamén neses cargos? Aínda que non haxa que aplicar a lei, hai que aplicar a ética, hai que aplicar a moralidade e hai que aplicar a exemplaridade. E non vale todo.

E, miren, fálannos de cuestións ilegais, de propostas ilegais do BNG. Voulles explicar cales son as nosas propostas ilegais. O desenvolvemento da marca país ¿é ilegal para vostedes? Mire, é que isto propúxoo, nun estudo que publicaron no ano 2018, o Foro Económico de Galiza, que eu non sei, pero non diría que é un organismo asesor do BNG. Fixeron un estudo e propuxeron o desenvolvemento da marca país. E puxeron exemplos, no Estado e no mundo, de países, de nacións, que estaban traballando nesta clave. Falan concretamente da elabo-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ración dunha marca país galega que integre cultura, comercio, turismo e medio ambiente. E vostedes votan e vetan esta proposta.

Da CPLP propoñemos que o Goberno galego xestione a admisión de Galiza como membro da CPLP. Non me estraña que vostedes voten en contra, porque están traballando en contra —pola porta de atrás, en segredo— de que Galiza entre na CPLP.

Propoñemos unha delegación permanente en Lisboa e outra en Bruxelas. ¿Onde está a ilegalidade desta proposta? ¿Que problema hai? Propoñemos plans plurianuais, orzamentos e tamén participación para desenvolver a Lei Paz-Andrade. E, ¿saben por que? Porque os colectivos promotores da Lei Paz-Andrade saíron publicamente no seu día denunciando o nulo desenvolvemento da Lei Paz-Andrade catro anos despois da súa aprobación, e acusan o Goberno galego de «incumprir o compromiso adquirido durante a negociación con nós e cos grupos parlamentarios». Estano dicindo todas estas entidades, non o di o BNG. Por iso queremos poñer na lei plans plurianuais, programas anuais, medios, orzamentos, investimentos, participación da sociedade no desenvolvemento desa lei. Porque, se non, pásanos o que din tamén neste documento: que nos dá mil lecciónns Estremadura —como xa lles dixemos moitas veces—, que ten unha política propia, un Plan Portugal, que ten unha estratexia de país, ou de rexión, para ter presenza en Portugal. E por iso tamén teñen cinco ou seis veces máis estudantes de portugués dos que ten Galiza —cando teñen só un millón de habitantes e nós temos 2,7—. Son unha auténtica vergoña estas cifras. ¡Como pode ser isto! Pois é porque vostedes non cren na lusofonía, non cren no portugués, non cren en Portugal. E, como moito, vostedes chegan ata o Douro, ata a Eurorrexión. De aí *al vacío*. Acabouse.

Hai máis propostas que vostedes din que son ilegais. Por exemplo, a Axencia de Cooperación Exterior, que é unha petición dos propios colectivos que traballan no ámbito da cooperación. En definitiva, o que estamos propoñendo nós é o que están facendo moitos países e nacións de Europa —do Estado e de fóra do Estado—. E o que propoñemos nós é o que piden entidades que non son sospeitosas de querer romper nada, como, por exemplo, o Igadi ou a Coordinadora de ONGD ou o Foro Económico de Galicia ou o Eixo Atlántico ou a Academia Galega da Lingua Portuguesa. Nós quixemos ser a voz de todas estas entidades, de todos estes colectivos, a través das nosas emendas. E vostedes vótanas en contra e vétanas aquí, co cal están demostrando que non cren nese país posíbel, nun país que teña voz propia no mundo e nun proxecto de lei, polo tanto...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...dun país ambicioso, valente e decidido a chegar sen límites a onde se propoña.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo Grupo Popular de Galicia, ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Pois a ver se consigo evitar ese ton bronco que tanto parece incomodarlle ao señor Arangüena, que nos últimos meses se caracterizou por ser un auténtico *gentleman* neste Parlamento. *(Risos.) (Aplausos.)* En fin, ¡cousas veredes!, ¡cousas veredes!

Mire, señor Bará, imos empezar por entender algunhas cousas. ¡Claro que Galicia ten voz propia, claro que queremos unha voz propia para Galicia! O que ten que entender vostede é que a voz de Galicia non é a súa. ¡É que se veñen empeñando vostedes nos últimos trinta anos en falar por un pobo que non os quere, *(Aplausos.)* que non os vota, que non os elixe, que non se sente maioritariamente representando! *(Aplausos.)* ¿Que é o que non entende disto?

¡É que é unha cousa tremenda! Hoxe compáranos vostede con Estremadura. Di que hai máis estudantes de portugués en Estremadura, Claro, porque os estremeños necesitan estudar portugués para falar cos seus veciños. Nós non, nós entendémonos perfectamente con eles, ou faise por curiosidade intelectual, por querer un maior coñecemento da lingua do país veciño. Non hai un galego que non se faga entender en Portugal, ¡nin un!, porque son os nosos irmáns e como tales nos sentimos. *(Murmurios.)* Non diga barbaridades. Outra cousa é que haxa que mellorar no coñecemento académico da lingua, que son dúas cousas totalmente distintas.

Eu díxenllo o outro día. Hai unha diferenza —aínda que vostede non a queira asumir— con Feroe e con Escocia respecto de Galicia: os escoceses non se senten maioritariamente británicos —ou polo menos nunha gran parte—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A inmensa maioría dos galegos sentímonos plenamente españois, e isto é o que vostede non entende. Vostede non pode impoñer un sentimento distinto aos galegos.

Mire, non prohibimos, non estamos por prohibir, que as seleccións non poidan competir no exterior. Non o prohibimos nós, prohíbeo a Lei do deporte. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Home!, pois sobre a lei correspóndelle o impulso a quen está no Goberno —que, por certo, ten unha postura francamente curiosa nisto—.

Unha última cousa para o BNG. Di vostede que vetamos as comparecencias. Non me faga trampas, pídollo por favor. Vostede presentou esta lista. O que non pode é utilizar o Parlamento como escusa para xustificar que non fixeron o seu traballo. Da lista que vostede presentou, nós falamos en reiteradas ocasións con todas, co cen por cento. E vostede di: ¿por que non aquí? Porque non ten moito sentido. Nós falamos con elas antes, cando as súas achegas poden ser aportadas ao texto da ponencia. O que non ten ningún sentido é falar con estas persoas cando está vencido o prazo de presentación de emendas e, polo tanto, non se poden incorporar as súas achegas. Xa llo dixeron os letrados, pero a vostede dálle igual.

E, ¡home!, o de «si bwana» eu pídolle que llo explique ao señor Arangüena e ao señor Caballero —celebro que estea hoxe aquí, señor Caballero—. Porque, claro, di que presentamos

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha lei que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Interrupción.)* ¡Admitimos absolutamente todo o que nos impuxo o Ministerio de Asuntos Exteriores!, ¡todo! É do que nos acusa o BNG. Vostedes xa van votar en contra. ¿Como se explica? ¿Como se explica isto? E dígoo de verdade.

Mire, di o señor Arangüena que a lei non se arranxa emendando. Como non se arranxa a lei é sen traballar. ¡Claro, se non presenta vostede emendas, é imposible que se arranxe ningunha lei! Pero xa aproveito que está aquí o seu xefe de filas, que ultimamente está caro velo nesta Cámara. Non sei a que se dedicará. Sempre critican que non miramos os membros do Goberno. Os membros do Goberno están gobernando, están facendo aquilo para o que os elixiu o pobo galego. O que non sei é o que están facendo os membros da oposición, que non están facendo aquilo para o que os elixiu o pobo galego. *(Protestas.)* ¡Non se alteren!, ¡non se alteren!... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

O señor PAZOS COUÑAGO: Escoitei esta mañá un deputado que dicía que os parlamentarios elegantes non interrompían dende o escano. ¡Era do seu partido! *(Aplausos.)*

Mire, eu sei que vostedes ultimamente están un tanto perdidos e quero ofrecerlles un pouco de luz, modestamente. Porque, claro, miren, o que afirma o PSdeG, sobre o porqué de que vaia votar hoxe en contra desta lei, é que é un partido constitucionalista. E como supoño que votarán o mesmo que votaron na ponencia, ¿pódeme explicar por que vostede vota a favor de suprimir esta expresión da lei?: «Comunidade autónoma constitucionalmente recoñecida como nacionalidade histórica, indisolublemente integrada no reino de España.» Xa lle dixen que eu creo que non saben moi ben o que votan. Votaron o outro día a favor.

Claro, hoxe díxolles o BNG que había que evitar tentacións centrifugadoras. ¿Pódenos explicar por que votaron a favor da participación directa —cando o BNG di directa quere dicir sen a representanción do Estado— de Galicia nos organismos europeos e na toma de decisións en materias como pesca, política agrogandeira e política industrial? ¿Vostedes están a favor disto? ¡Votárono a favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É unha cousa curiosa.

Claro, é curioso que nos diga que esta lei non lle gusta porque é demasiado extensa. Entón propón eliminar un artigo, crear catro novos e outros catro subapartados. Non lle gusta a expresión «polo de excelencia». En vez de modificala, ¿que é o que fai? Pedir a eliminación do artigo. Isto é o que piden vostedes que eliminemos —señor Caballero, dígollo porque igual lle interesa saber o que vai votar—. Piden que eliminemos que «a Administración autonómica potenciará, no marco das súas competencias, as relacións de colaboración cos organismos e organizacións internacionais no ámbito da investigación e da innovación». ¿Están en contra disto? ¿De verdade?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Acusounos de tentar mimetizar as actuacións de Cataluña, comparando as delegacións das que falei coas embaixadas da Generalitat. Pero hoxe non se opón,

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non se vai opoñer, a crear as delegacións galegas en Lisboa e Bruxelas —e hoxe o señor Bará acaba de dicir que non quere sucedáneos—. Cree que non teñen nada que ver coas embaixadas españolas. Defenden a legalidade —din vostedes—, pero non se opoñen á participación internacional das seleccións deportivas galegas, prohibidas na Lei do deporte. ¿Van modificar a Lei do deporte, señor Caballero?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Mire, é tal o dislate, é tal o disparate —remato xa, señor presidente—, que nós incluso transaccionamos con vostedes a redacción do artigo 51. Estamos de acordo, chegamos a unha transacción e incorporámolo á lei. Ben, pois vostedes votan a favor da emenda do BNG que modifica esa transacción. É unha cousa certamente curiosa.

En fin, señor Caballero, Lei de acción exterior, discrepancias do Partido Socialista, isto é... *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos, rematou o seu tempo.

¡Grazas, grazas, xa terminou!

(Aplausos.) (Fortes murmurios.)

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Rematados os textos lexislativos procedemos á súa votación.

Comezamos coa votación das emendas mantidas ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Comezamos coas emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

(A señora Presas Bergantiños pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señora Presas?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Facemos unha solicitude de votación separada dunha serie de emendas. Se quere, repítollas.

O señor PRESIDENTE: Pero agora estamos votando as do Grupo Parlamentario Socialista. E eles pediron separar unhas súas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ¡Ah, vale, vale! Pensei que estaba falando da totalidade.

O señor PRESIDENTE: Non, non, imos ir votando as emendas do Grupo Parlamentario Socialista. Despois comentariamos iso que di vostede. *(Murmurios.) (Pausa.)*

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Correcto, ás veces un, con tantas horas e a mascarilla, tamén perde o control de determinadas cousas. *(Risos.)*

Entón encomezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, en concreto a 1, 9, 35, 36, 48, 50, 51, 52, 69, 74, 75, 76 e 80.

Votación das emendas 1, 9, 35, 36, 48, 50, 51, 52, 69, 74, 75, 76 e 80 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 41; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás as xa votadas previamente, ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, respecto das que se pide votar por separado —petición que fai o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e a ver se o digo ben— uns grupos de emendas, que son, en concreto, da 23 á 25, da 30 á 36, da 38 á 42, da 49 á 54 e da 117 á 119. ¿Correcto? *(Asentimento.)*

Votación dos grupos de emendas 23 á 25, 30 á 36, 38 á 42, 49 á 54 e 117 á 119 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 41; abstencións, 14

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás as xa votadas previamente, ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Por último votamos o ditame da comisión.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

O señor PRESIDENTE: Aprobado este ditame, queda aprobada, consecuentemente, a Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Votamos agora as emendas ao Ditame emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Votamos en primeiro lugar as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Por último votamos o ditame da comisión.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

O señor PRESIDENTE: Aprobado o ditame, queda aprobada, consecuentemente, a Lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Votamos agora as emendas sobre o informe emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Socialista, en concreto as números 4, 5, 12, 14 e 18.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (O señor Bará Torres pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón? ¿Si?

O señor BARÁ TORRES: Perdón por non pedila previamente, pero queriamos pedir a votación separada da emenda número 18 do Grupo Socialista.

O señor PRESIDENTE: Entón, comezamos votando a emenda número 18 do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da emenda número 18 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 59.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas números 4, 5, 12 e 14 do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas números 4, 5, 12 e 14 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos as emendas do Bloque Nacionalista Galego. Pedíronse votacións por separado. O Grupo Parlamentario Socialista solicitou uns grupos en concreto.

Agora imos votar as emendas números 1, 3, 4, 12, 16, 17 e 20.

Votación das emendas números 1, 3, 4, 12, 16, 17 e 20 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 55.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas números 23, 28, 29, 30, 33, 34, 37, 41, 47, 49, 50 e 51.

(Pausa.) (Votación.)

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón? ¿Hai unha abstención máis? Entón serían 72 e unha abstención máis. Correcto, sumámolo así. Agora non imos repetir toda a votación, máis ou menos quedou claro o que había.

Votación das emendas números 23, 28, 29, 30, 33, 34, 37, 41, 47, 49, 50 e 51 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 41; abstencións, 14.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Agora en concreto o que imos votar é o resto das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás as xa votadas, ao Ditame, emitido pola Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos o ditame da comisión.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 14; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

O señor PRESIDENTE: Aprobado o ditame, queda aprobada, consecuentemente, a Lei reguladora da acción exterior e de cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións, pero teño que ler unha declaración institucional que me fan chegar os grupos. É unha declaración sobre o Día Mundial das Enfermidades Raras que en concreto di o seguinte:

«En Europa, as enfermidades raras son aquelas cuxa prevalencia está por debaixo de 5 por cada 10.000 habitantes. Só o 5 % das máis de 6.100 identificadas en todo o mundo teñen tratamento. As máis de 3.000.000 de persoas (200.000 en Galicia) que se estima que conviven con estas patoloxías en España, ou están en busca de diagnóstico, constituíron sempre un colectivo vulnerable e con necesidades específicas ao conviviren con enfermidades xenéticas, crónicas, multisistémicas e dexenerativas.

A crise sanitaria puxo de relevo a importancia da coordinación social e sanitaria, da investigación como única fórmula para lograr unha solución, ou do valor de contar con profesio-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nais preparados e comprometidos, e con estruturas e estratexias que aseguren o acceso equitativo ao diagnóstico e ao tratamento. Está demostrado que as organizacións de pacientes son punto de referencia para frear o descoñecemento e que a coordinación entre plataformas do sector nos permite abrirnos paso ante as necesidades comúns das persoas con enfermidades crónicas e discapacidade.

Con esta pandemia demostrouse a importancia da coordinación dos esforzos nacionais e internacionais, así como a colaboración público-privada, co obxectivo de desenvolver unha solución que se traduciu nunha vacina. É dicir, cando investimos en investigación e se desenvolve de forma colaborativa, esta é posible.

Tamén se demostrou que moitas propostas que viña trasladando o colectivo de enfermidades raras desde hai anos eran efectivas, como o Rexistro de Enfermidades Raras ou como a innovación desenvolvida para garantir a continuidade socioeducativa dos menores vía telemática ou a posta en marcha do tratamento domiciliario e telemático, que melloran a autonomía e a calidade de vida das persoas que as padecen. É un proceso que debemos acompañar instando o Goberno ao recoñecemento da especialidade de xenética clínica en España.

Agora máis ca nunca, no marco do Día Mundial das Enfermidades Raras que se celebra este 28 de febreiro, a Federación Española de Enfermidades Raras e a Federación Galega de enfermidades raras e crónicas poñen de relevo a importancia do compromiso —co incremento do investimento en investigación para facela posible—, a loita —motivando a cooperación entre comunidades autónomas para facer fronte a unha problemática común da man de estratexias en enfermidades raras—, e a unión necesaria para intercambiar coñecemento e ofrecer unha mellor atención e coordinación entre profesionais sociais e sanitarios a través do sistema de centros, servizos e unidades de referencia e a súa coordinación con Europa. Estes valores potenciaranse se van da man da esperanza das familias para conseguilo.

Neste Día Mundial das Enfermidades Raras 2021, máis ca nunca, queremos traballar en rede recoñecendo o papel das organizacións de pacientes, que demostraron ser a resposta ás familias cando máis o necesitaban, e confirmando que xuntos podemos logralo.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2021.» *(Declaración aprobada por asentimento.)*

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Agora continuamos co punto 3 da orde do día.

Debate e votación das propostas de resolución formuladas á primeira revisión do Plan forestal de Galicia

O señor PRESIDENTE: Mantéñense as propostas de resolución 1 á 3 do Grupo Parlamentario Socialista; a 24 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e a 6 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hai unha intervención por parte da Xunta de Galicia, que a fai o conselleiro do Medio Rural, don Xosé González Vázquez.

Cando queira.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Señor presidente, señorías, moi bo día.

Traer o Plan forestal ao Parlamento foi un acto de boa fe, un acto para colocar o Parlamento, a casa de todos os galegos, onde merece, no centro da política autonómica. O Plan forestal é un decreto do Goberno galego, non precisaba este trámite. Mais a nosa convicción na Xunta de Galicia, e tamén a miña persoal —como deputado que son e que xa era antes de ser conselleiro—, é a de que o Parlamento debe estar presente sempre. O respecto cara a esta institución é completo.

A miña sorpresa aparece cando durante este procedemento a oposición decide ignorar que este plan nace froito do traballo conxunto con todo o sector forestal, decide ignorar que este plan representa a todo o sector afectado e decide facer política simplista criticando sen base, partidismo barato e de baixa calidade. É unha estratexia que, como ben saben, ten uns resultados vistos hai escasos oito meses nas urnas galegas. A oposición busca tirar por decreto todo o que chegue do Goberno da Xunta, pero esta estratexia é mala —sobre todo cando non ten unha crítica consistente e realista—.

Este plan forestal está baseado no longo prazo, mira cara ao ano 2040. E para ese momento establécese o que queremos. O principal obxectivo do plan é a neutralidade carbónica. É por iso que o plan asume catro compromisos transversais que permiten —ou que permitirán— cumprir o dito obxectivo: a transición verde, a biodiversidade, a neutralidade climática e o consumo responsable. Non é comprensible que ningún grupo parlamentario teña algo en contra dalgún destes catros compromisos. Pero é que non son palabras deste conselleiro, son datos. Non son simples compromisos senón que levan consigo unha planificación completa, unha planificación consensuada e unha planificación cun alto orzamento asignado.

¿Por que digo que é consensuada? Porque, señorías, recolle 101 das 115 directrices do grupo de traballo que se creou no seo do Consello Forestal de Galicia. É dicir, hai consenso co sector. Este grupo de traballo do Consello Forestal foi esencial para que o Plan forestal sexa hoxe unha realidade. Tivo unha participación activa moi destacable, e é de xustiza recoñecela neste Parlamento. Elaboraron enquisas detalladas que se trasladaron a informes públicos —presentados para acceso de calquera entidade ou persoa en todo momento—. Hai tamén actas aprobadas, e de acceso público a través da *web*, de todo o proceso, nas que se constata esa participación activa dunha representación de todas as organizacións que forman parte do Consello Forestal —ata un total de 26—. E así este grupo de traballo estaba composto polos departamentos administrativos sectoriais, entidades privadas en representación da propiedade forestal, Asociación Forestal de Galicia, Frouma, Organización Galega de Comunidades de Montes, organizacións empresariais do sector forestal, empresas de servizos ou de aproveitamentos, representación dos colexios profesionais autonómicos, dos centros de

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

investigación, das universidades galegas e das organizacións autonómicas de defensa ambiental —Amigos da Terra e a Federación Ecoloxista Galega—.

As directrices votáronse e foron aprobadas con amplo consenso na práctica totalidade dos casos. Miren, varias das organizacións que hoxe se opoñen ao Plan forestal participaron no grupo de traballo e votaron a favor das directrices que agora se recollen no Plan forestal. Non dixeron nada naquel momento, nin sequera o dixeron na presentación do documento ao pleno do Consello Forestal —consenso sectorial—.

¿Por que é consensuada esta planificación? Tamén porque, señorías, dá cumprimento ao 75 % das recomendacións do ditame que foi aprobado neste Parlamento no ano 2018, na Comisión de Estudo dos Incendios, en outubro de 2017, co 75 % tamén a favor de todos os que formaban parte daquel Parlamento, o Partido Popular e o Partido Socialista. E no ano 2018 tivemos que adaptar, como non podía ser doutro xeito, o Plan forestal precisamente para dar cabida a esas recomendacións, para cumprir o mandato parlamentario.

Incorporamos tamén as achegas recibidas no trámite de consultas e participación pública, porque tamén fixemos un proceso de consulta activa. Solicitamos achegas ao texto a 35 centros directivos e organismos pertencentes á Administración xeral do Estado, á Xunta de Galicia, ás catro deputacións provinciais e á Fegamp. E este trámite de consultas complementouse coa solicitude de achegas a outras dezaoito organizacións, entre as que se atopaban a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (Adega), a Sociedade Galega de Historia Natural ou Verdegaia. Hai, por suposto, constancia documental desta adecuación do Plan forestal ás directrices do grupo de traballo do Consello Forestal, ás recomendacións do ditame parlamentario e, ¿como non?, ás achegas recibidas no trámite de consulta e exposición pública.

Señorías, tamén había un consenso de todo o sector sobre a necesidade de ter un inventario forestal o máis actualizado posible, e así se recolleu tamén na recomendación número 1 do Ditame da Comisión de Estudos dos Incendios Forestais á que antes me referín e concretouse e está recollido na medida 511 deste Plan forestal de Galicia 2021-2040.

Recordemos neste momento que os inventarios forestais ata o de agora se fan polo Goberno central cunha periodicidade decenal. Entendemos todos que isto non se adecúa ben ás necesidades dun sector forestal tan dinámico como o galego, que supón o 50 % das cortas de toda España. Por iso, e cumprindo tamén o que recollía a recomendación do ditame, no ano 2019 a Xunta de Galicia puxo en marcha un convenio coas universidades galegas que finalmente se asinou a principios do ano 2020 e que nos vai permitir ser a primeira comunidade autónoma en ter un inventario forestal propio e actualizado de forma moito máis áxil que os inventarios do Goberno central. Teremos información do Inventario forestal galego entre finais deste ano e principios do ano 2022. Estase traballando nese sentido.

Asumida esta necesidade do Inventario forestal galego, a Administración autonómica e o sector forestal, tamén de consenso, entendemos que a mellor solución, dada a necesidade desta planificación do monte galego, era presentar o Plan forestal coa previsión de ir actualizando os seus datos en canto estivera operativo o Inventario forestal galego e, ao tempo,

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

regular revisións quinquenais do plan que permitiran reaccionar de xeito áxil aos resultados do inventario. Por iso me sorprende que unha das principais críticas ao plan é que se basea nun inventario desactualizado e que había que esperar un novo inventario, porque a decisión, señorías, se tomou de acordo, de novo, con todo o sector forestal galego.

¿Por que digo tamén que é unha planificación sustentada en orzamento real? Porque ten asinados máis de 4.900 millóns de euros para o seu cumprimento nestas dúas décadas.

As actuacións estratéxicas deste plan son ou deberían ser tamén de aceptación ideolóxica transversal. Búscase conservar os ecosistemas cunha xestión activa. ¿Como? A través do fomento da biodiversidade e da multifuncionalidade, coa loita contra o cambio climático e co fomento de enerxías renovables. Todo isto, sempre acompañado dunha mellora xenética e coa conservación dos recursos forestais.

Os eixos estratéxicos do plan plásmanse nunhas liñas de traballo que contribuirán á consecución do monte galego do ano 2040, que estou seguro de que é o que todos desexamos. Estas liñas de traballo xa foron suficientemente debulladas polo director xeral na súa comparecencia na Comisión 7ª, porque, como saben todos vostedes, optamos por seguir o procedemento máis garantista na tramitación do Plan forestal neste Parlamento, pero eu voulle trasladar cal é o obxectivo que buscamos para ese monte galego 2040:

Acadar un monte ordenado e certificado, con 850.000 hectáreas baixo instrumentos de ordenación e xestión. Neste ano 2021 o 60 % de todo o que se está certificando en España estase certificando no monte galego. Desas 850.000, 650.000 contarán con certificación forestal.

Un monte tamén multifuncional, con actividade gandeira, recursos xenéticos, montes protectores, infraestruturas verdes e fixación de poboación no rural.

Un monte diverso, cunha maior superficie de coníferas —agardamos un incremento de 20.000 hectáreas—; de soutos, coa recuperación de soutos tradicionais e novas superficies; e de frondosas caducifolias, arredor das 425.000 hectáreas, e cunha diminución de eucaliptais nun 5 % respecto á superficie actual. Vinte mil hectáreas de eucaliptos serán transformadas en plantacións doutras especies.

Un monte con madeira en cantidade e calidade, cunha taxa de aproveitamento do 70 %, con frondosas de alto valor e madeira de calidade por medio da mellora xenética.

Un monte resiliente e saudable, co programa de saúde e vitalidade forestal de Galicia, con modelos de xestión silvícola e cun alto grao de resiliencia mediante programas de mellora xenética forestal.

Un monte fiable, innovador e dixitalizado, co Inventario forestal continuo de Galicia, e un programa de fomento da investigación, desenvolvemento e innovación forestal, cun orzamento de 135 millóns de euros, así como coa creación da Oficina Virtual Forestal de Galicia.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostedes, señorías da oposición, dixeron que este plan non tiña consenso, algo que queda claramente refutado e en contradición co feito de que este plan nace do e co traballo do sector forestal. Vostedes dixeron tamén que este plan non era realista, mais está claramente deseñado con 4.900 millóns de euros de orzamento ata o ano 2040 e cunhas liñas estratéxicas completas e transversais.

Vou rematando, señorías, pero quero facelo deixando clara a posición do Goberno galego a respecto dunha das cuestións máis debatidas do noso monte.

Ao fío de todo o exposto e de todas as cuestións plenamente recollidas no Plan forestal, que, como dixen, pretende conseguir a neutralidade carbónica, a biodiversidade forestal e a sustentabilidade económica, medioambiental e social do noso monte, cabe destacar —e así o fago, chegados a este punto— unha proposta transcendental; unha proposta que está implícita no propio plan, que vostedes decidiron criticar e que hoxe presentamos de xeito explícito. Unha iniciativa que, ademais, está plasmada xa nunha das propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular e que pretenderiamos transaccionar con todos os grupos logo deste debate.

Miren, todos somos coñecedores da reticencia ou crítica con maior ou menor fundamento que a sociedade ten en xeral cara ao monocultivo de calquera tipo de especie arbórea, pero, sobre todo, do eucalipto. E neste senso temos que reafirmarnos cando sinalamos que o sector forestal, señorías, actúa en Galicia como un exemplo de plans de pensións, e así o apoian os datos fundamentados na súa rendibilidade. Así, especies como o eucalipto ou o piñeiro constitúen especies xeradoras de riqueza e emprego. Máis de 80.000 propietarios forestais teñen ingresos anuais polas cortas de madeira en Galicia. Isto tradúcese en que arredor do 12 % das familias galegas perciben ingresos por este concepto. Falamos nin máis nin menos que duns 300 millóns de ingresos cada ano.

Cómpre lembrar, ademais, que en números redondos Galicia rexistra anualmente arredor da metade das cortas de madeira que se realizan en España. Non podemos desprezar esa realidade.

Neste contexto estase a desenvolver, como xa expliquei, un inventario forestal de carácter académico e científico coa universidade que permitirá tomar as determinacións acertadas en relación á realidade forestal galega, proba e antecedente da vontade inequívoca da Xunta de Galicia de impulsar a biodiversidade forestal do noso monte. Este feito determina que sexa o momento idóneo de lanzar, como lle digo, esta proposta, que ademais garanta o cumprimento do criterio e das directrices recollidas no plan acerca do eucalipto. Por isto, aceptaremos que se vincule a votación a favor, de todos os grupos parlamentarios deste Parlamento, no Plan forestal de Galicia, á exixencia plasmada na devandita proposta de resolución, que, como digo, vai tratar de transaccionar o Grupo Parlamentario Popular cos demais. Nesa proposta asumiremos que a Xunta de Galicia, da forma máis inmediata posible e co rango normativo necesario, regule unha suspensión temporal das novas plantacións de eucaliptos naquelas superficies nas que non se plantaran ata o momento da suspensión. Dito doutro modo: que a superficie de eucalipto en Galicia non aumentará a partir desta suspensión.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das propostas de resolución.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

No verán do 2018 aprobouse o Ditame da Comisión de Estudo e Análise das Reformas de Política Forestal e da Prevención e Extinción de Incendios Forestais, e o noso partido chegou a un acordo co Partido Popular que se substanciaba en 123 medidas concretas que deberan encamiñar o futuro do noso monte. Os socialistas galegos acordamos que todas as actuacións forestais debían integrarse no conxunto das actividades rurais, de xeito que foran económica, social, ambiental e territorialmente sostibles, compatibles e sinérxicas.

Dende o momento do acordo, o Partido Popular non fixo máis que incumprir o pactado nun afán por continuar coas súas vellas e erradas políticas, que se poñen de manifesto en tres grandes indicadores que quero dicir aquí.

En primeiro lugar, o caos, cunha Galicia que ten unha ampla zona costeira cun monocultivo ao servizo dun gran oligopolio industrial, outra gran zona de montaña oriental e suroriental, onde o monte non chega nin a estar infrautilizado, e a gran diagonal central de Galicia, onde o monte está sometido a unha enorme conflitividade e inseguridade que desincentiva calquera tipo de actuación e converte os propietarios e xestores forestais en sospeitosos.

En segundo lugar, o abandono. A xestión forestal consistiu en perpetuar problemas como os lumes, o abandono das comunidades de montes ou a desaparición da industria forestal, local e comarcal, e en incentivar problemas novos como os conflitos entre gandeiros e propietarios forestais, entre a sociedade urbana e a rural como consecuencia do incumprimento flagrante da lexislación ou a utilización perversa da Administración forestal.

E en terceiro lugar, a perda de valor. Mentres que a superficie forestal non parou de medrar nos últimos vinte anos, no Informe da economía galega 2019-2020, no apartado de dinámica do complexo agroalimentario da madeira, en termos de aportación económica, o sector forestal pasou de ser o 2,7 % do PIB no ano 1995, a ser o 2 % no 2018; unha caída do 25 % en vinte e cinco anos.

Hoxe vimos debater sobre un novo plan, que dixo o conselleiro que quería consensuar no Parlamento e tamén na rúa, pero a realidade é que o trouxeron a toda présa, sen participación e porque non podían evadir —aínda que vostede o pon coma se fora algo que quixo facer o Partido Popular, pero non podían— o compromiso de traelo ao Parlamento, tal e como acordaron na comisión de estudo, pero non debateron nada, nin tan sequera contestaron as nosas

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

preguntas, e semella que desexan un plan que só contente a certas empresas do sector. Ata dubidamos que estea legalmente tramitado, tal e como lles expoñemos nas nosas propostas de resolución despois dos cambios lexislativos que vostedes mesmos aprobaron.

Non quixemos emendar parcialmente este documento, xa que é dunha calidade tan pobre que non acada o mínimo rigor técnico que se lle debe exixir ao que debe de ser o instrumento fundamental de planificación do noso forestal e que vai actuar sobre máis das 2/3 partes do noso territorio.

É un documento que comeza por ter dous títulos diferentes: por unha banda, unha revisión e, por outra, un plan novo, con dous horizontes temporais diferentes. Non sabemos se chega ata o 2030 ou se chega ata o 2040, pero o delirante é que, cando falan de modelo do monte, falan de planificar para os próximos corenta anos; polo tanto, sería bo que se aclarasen en algo tan esencial como é o horizonte temporal.

Entrando no documento, non sabemos cal é a metodoloxía que se seguiu. É insólito atoparse cun plan que non ten diagnóstico. É coma se un médico pretendese curar un enfermo sen antes miralo e saber o que padece. Un diagnóstico coherente amosaría os problemas actuais e futuros do monte, permitindo coñecer a súa dimensión e importancia, a ausencia de resolucións e as sinerxías que se poden construír, pero nada de nada. Miren se é desastroso este documento que se xa é complicado establecer obxectivos sen coñecer o punto de partida; como dicía, neste documento os obxectivos estratéxicos adquiren distintas denominacións e estruturas ao longo de todo o documento.

O modelo do monte que debera de ser o reflexo sobre o territorio da planificación forestal e que foi un elemento central na planificación do ano 1992 e de moitos outros plans rexionais debera ser algo sobre o que debater con criterios técnicos, económicos, ambientais ou sociais para cada distrito, concello ou parroquia. Isto sería o que poderiamos esperar dun plan forestal normal, racional e cun mínimo de rigor. Pero din que o deixan para os PORF, que prevén que estean para o quinquenio do 2026 ao 2030. Curioso que agora se acorden desta figura que existe na Lei de montes estatal dende o ano 2003 e na galega dende o 2012 como solución á falla de rigor deste plan, cando non desenrolaron ningún plan en vinte anos.

Con respecto ao eucalipto, establecen que para o primeiro quinquenio, 2021-2025, o número de hectáreas se incremente un 3 %, e para o cuarto quinquenio, que diminúa un 5 %; unha forma de planificar moi curiosa e sospeitosa. Primeiro, ¿sobre que cifras se fan estes incrementos e eses descensos? ¿Por que non aportan ningunha? Pero se tomamos en consideración a superficie que a Xunta de Galicia publica nos anuarios de estatística forestal de Galicia para os anos 2018 e 2019, no apartado 5, de repoboacións forestais, vemos que se establece que nos últimos anos os viveiros forestais galegos non producen nin venden, nin se planta eucalipto en Galicia. ¿Como van conseguir incrementar un 3 %, señores do Partido Popular?, ¿en que parroquias?, ¿en que concellos? ¿Como se vai cumprir a súa promesa se xa se di que non se venden eucaliptos en Galicia, señor conselleiro? Non aparece en todo o documento ningún tipo de aclaración, e o máis lamentable é que semella que a manipulación estatística que amosan non será corrixida no futuro coas cifras do Inventario forestal continuo que está en desenrolo.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dentro do mesmo apartado establece que se incrementará a produtividade nas zonas nas que existe xa eucalipto; ou sexa, que se intensifica o monocultivo. En concellos onde xa teñen eucalipto no 93 % do monte queren chegar ao cen por cento. Ademais, curiosamente, este aumento coincide co establecido nos plans estratéxicos de determinadas empresas dedicadas á pasta de papel, que vén a necesidade de incrementar o volume de eucalipto nas zonas próximas ás súas fábricas. ¿Non será unha casualidade, señor conselleiro?

Con relación aos piñeiros, marcan como obxectivo conseguir un incremento de entre 15.000 e 20.000 hectáreas e establecer en que montes. O Goberno galego deixou de xestionar e permitiu que se corten a feito e non se volten plantar decenas de miles de hectáreas de piñeiro en Galicia nos últimos anos e agora establece que van ser os propietarios privados os que planten o piñeiro nas súas terras.

A pregunta é: ¿que estudos avalan esa previsión? ¿Cantos propietarios están dispostos a plantar piñeiro? Os informes máis recentes, como o publicado polas Sofor, indican que soamente entre un 2,5 % e un 5 % dos propietarios nas zonas do interior da Coruña e un 13 % dos de Ourense están dispostos a volver plantar piñeiro. ¿Cal é o obxectivo que hai detrás deste incremento de superficie repoboada con piñeiro e en que tipo de montes?, ¿nos anteriormente xestionados pola Xunta de Galicia, señor conselleiro? ¿Estamos ante un novo plan de reforestación de terras financiadas ao cen por cento con fondos públicos? Estas cuestións deberíaas aclarar o plan.

Finalmente, falan das frondosas caducifolias. ¿Cal é a orixe desas novas masas de frondosas? Podo dicirllo eu, o abandono, señor conselleiro. Unha vez máis, recorren a valores medios para xustificar que nunhas zonas se permita o monocultivo do eucalipto e noutras a obrigatoriedade de que todo estea a monte de frondosas sen ningún tipo de valor e rendemento económico para os seus propietarios. ¡Bonita forma de planificar: para uns, todo e para outros, nada!

Falando do orzamento, trátase dun plan de gasto da parte forestal da Consellería do Medio Rural, xa que neste documento se mencionan exclusivamente os fondos desta consellería, sen falar doutros departamentos, nin doutras administracións, nin de aportacións privadas.

En canto á distribución destes fondos, en concreto, o primeiro quinquenio, que é simplemente o que se pode estudar —porque logo fala do incremento lineal do 2 %—, seguimos sen entender a distribución orzamentaria entre os eixes de actuación, establecendo porcentaxes de investimento con intervalos tan amplos que carecen de sentido. Voulles poñer un exemplo. Na táboa de evolución orzamentaria para o primeiro quinquenio, no eixe de estatística forestal, formación e investigación forestal, facendo os cálculos do 10 %, que é a media do establecido na táboa, corresponderíanlle 105 millóns de euros; ou sexa, van gastar na Consellería do Medio Rural 105 millóns de euros nesta lexislatura. Estaría ben que empezase a dicir o que gastaron nos últimos corenta anos para ver a súa falla de rigor. E se percorremos os indicadores para intentar localizar o orzado entre o xa realizado e o que inclúen neles, todos sabemos que chega cunha centésima parte, e así con todas as propostas e indicadores que presentan para todos os feitos. ¡Un auténtico despropósito!

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Póñolles outro exemplo. Din que queren conseguir, ao final deste quinquenio actual, 200.000 hectáreas de superficie certificada en Galicia, e vostedes mesmos publican que temos 270.000 hectáreas no 2020 neste documento que nos deron polo tema da reactivación. ¿Cal é o obxectivo do plan, señor conselleiro?, ¿eliminar superficie certificada? ¡Un auténtico despropósito o documento, señores do Partido Popular!

Dende o noso grupo pedímoslles que retiren o documento, que volvan ao procedemento da exposición pública —que o pasaron polo arco do triunfo no 2018— e que fagan un plan real que teña en conta as oportunidades e riscos que vaia ter o sector no futuro e que estea integrado no territorio, na sociedade e na economía deste país.

Para nós, este sector é un sector fundamental para Galicia, e apostaremos sempre por que este se desenrole en todo o noso territorio, non só en determinadas comarcas, para que unhas sexan as que producen e outras sirvan única e exclusivamente como reserva. Nós non queremos un plan para oligopolios nin monocultivos, queremos un plan para todos os propietarios de Galicia, e cremos que o camiño para conseguilo é a lei e a planificación e non unhas táboas cubertas en rigor para aprobar rapidamente un plan que colme os intereses de quen intenta conseguir as axudas do PDR, algo do que, por certo, non sei o que opinará o sector agrogandeiro, ao que seguramente non informaron, señor conselleiro. Como entenderá, despois de ver, como vemos nós, esta piltrafa que é o Plan forestal, o documento do Plan forestal, non nos vai convencer cos seus fogos de artificio na sesión de hoxe.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín seco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Grazas, señor presidente.

Bo día.

Bo día, señor conselleiro.

Eu, antes de nada, quero darlle as grazas por esta magnanimidade que amosou traendo o Plan forestal ao Parlamento de Galiza. *(Aplausos.)* Desde xa, dígolle que este feito, que está moi ben, non elimina o de que vostedes furtasen o debate social deste documento, e desde aquí xa lle pido antes de nada, por primeira vez na miña intervención, que retiren este Plan forestal para iniciar un proceso participativo.

¿Que sería para nós esperábel dun plan forestal? Primeiro, nós entendemos que ten que ser —ademais, xa o mencionamos na Comisión— un documento transversal, un documento participado, que contemple un modelo de monte con capacidade de resiliencia e dotado orzamentariamente para poder poñer en práctica ese modelo. Polo tanto, ten que incorporar

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

medidas do punto de vista da planificación forestal, é evidente, mais tamén do medio ambiente, do turismo, da empresa, do ensino, etc. Porque o monte é moito máis que unha materia prima e o Plan forestal ten que ser moito máis que o plan do sector forestal. Un plan forestal ten que facer tamén a súa planificación con base nunha análise real da situación actual, ten que fixar uns obxectivos, ao acadar o termo da súa vixencia, e ten que incorporar, como calquera plan, unha serie de mecanismos de control e corrección intermedios para comprobar graos de cumprimento e poder virar alí onde vexan vostedes fallos.

Presentan aquí este Plan forestal que está redactado, como vostede ben dixo, sen un inventario actualizado, e vostedes, que gustan moito do substantivo «pioneiro», aquí non o usan... Ben, si que o utilizan, digo mal, ¡perdón!, porque si que o empregan para poder referirse ao Inventario forestal continuo galego, que será aló cara a finais do próximo ano cando se publique. Vostede aquí adianta un ano a súa publicación. Permítame que o dubide. Cando o teña listo, será pioneiro, como dixo o seu director xeral, en toda Europa. E eu téñolles que dar a razón e asegurar que esta vez son pioneiros. Son pioneiros en querer aprobar un plan forestal sen saber que teñen no monte. ¡Máis innovadores é imposíbel! Pero é que, ademais, o venden como unha fortaleza, e supoño que, en realidade, cando fan este discurso, fano cun receptor claro, porque vostedes saben que quen está a escoitar este discurso, desde logo, non é a cidadanía, que se estivo a manifestar fóra hoxe en contra deste plan, e estou certa de que hai empresas encantadas co feito de que este sexa un plan tan flexíbel como nos están a contar.

En terceiro lugar, un plan forestal ten que defender e buscar un modelo de monte, como digo, e ten que telo porque é un documento que debería ordenar até dúas terceiras partes do noso territorio, incluíndo —a pesar tamén do que di o director xeral de Planificación Forestal— a Rede Natura, que ten unha superficie forestal de até o 80 %, hábitats comunitarios e outra serie de espazos sensíbeis.

En cuarto lugar, é un plan forestal no que cada neutralidade carbónica ten obrigatoriamente que incorporar medidas e políticas que vaian cara a esa neutralidade e que non perpetúen un modelo de escasa biodiversidade sen resistencia fronte aos lumes e de moi baixa —cando non nula— protección dos espazos máis delicados. E, miren vostedes, ningunha destas catro cuestións fica resolta no documento que traen hoxe aquí a aprobación, ningunha das catro.

No que ten que ver coa primeira, coa transversalidade, é un documento que, antes de nada, non cumpre cos procedementos requiridos para a súa tramitación e aprobación, a pesar do que vostede dixo, señor conselleiro. Vostede empéñase en tentar vender á opinión pública algo que nin sequera o Partido Popular cre, que é que este documento é o mesmo que se expuxo en 2018, pero mellorado; polo tanto, podería ser considerado parte daquel mesmo proceso, como din no documento de análise e, polo tanto, parte do mesmo proceso de tramitación. Repito que vostedes non cren nisto, e non o cren porque é mentira, e como saben que é mentira, fixeron unha modificación da lei para evitar agora os trámites correspondentes, a exposición pública, o proceso participativo e a avaliación ambiental estratéxica. Porque se era o mesmo proceso, eu pregúntolle, señor conselleiro: ¿para que era necesario modificar a norma na Lei de acompañamento aos orzamentos? ¿Por que había que explicitar nesa Lei de acompañamento que non habería unha nova exposición pública? Porque non é

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o mesmo plan. Se valera a exposición pública de hai dous anos, non terían vostedes que ter modificado esa lei. *(Aplausos.)*

E ben, agora que penso que estamos todas de acordo neste primeiro punto —gustaríame pensar que estamos de acordo neste primeiro punto—, imos pasar ao segundo, no que ten a ver coa competencia técnica e a planificación. Este é un documento que non se sostén tecnicamente, e non o fai porque non pode facelo, porque carecen vostedes de datos e, polo tanto, parten dunha irrealidade. Vostedes aquí pretenden facernos crer que están a planificar sobre un monte que recoñecen vostedes mesmos descoñecer, e non vou entrar aquí nas erratas, nas incongruencias e incluso nas contradicións recollidas neste documento, porque, desde logo, non chegarían os dez minutos dos que dispomos para nomealas, pero non quero deixar pasar algunhas cuestións no que ten a ver co financiamento. Aquí so se prevé o gasto público, nunhas cantidades, por outra banda, ao noso modo de ver, totalmente sobredimensionadas, pero en ningún momento falan aquí das achegas privadas, e isto é unha auténtica perversidade, ao noso modo de ver.

Os fondos públicos teñen que servir como motor de cambio, e aquí non se ve nada nese sentido. É, polo tanto, un documento curtopracista, curto de miras, se o que se pretende é aumentar o valor engadido e mudar o determinismo ao que teñen abocado o noso monte.

No que ten a ver con dúas cuestións, que son as que máis anunciaron e publicitaron en prensa —e eu comentei esta cuestión en comisión—, o PP anuncia unha falsa redución —xa se dixo aquí— do 5 % da superficie do eucalipto, e o obxectivo de acadar 425.000 hectáreas de frondosas en 2040, que, ademais, vostede vén de mencionar de novo e que nun titular de prensa queda moi ben, pero é que é un dato absolutamente ridículo cando vostedes no documento din que partimos de 405.000 hectáreas.

E unha cousa que sorprende é o número de recomendacións da Comisión de Lumes, que din atender o 75 %, e, postos a mentir, eu, de verdade, ¿por que non dicir que as cumpren todas? Porque a correlación entre boa parte dos programas de actuación aquí propostos e estas recomendacións do ditame son —para ser moi xenerosas— totalmente tanxenciais.

E, por último, quero pararme un pouco na cuestión organizativa, porque vostedes presentan un documento que está estruturado en quinquenios, pero eu case o asociaría con lexislaturas; e aquí, claro, véñense totalmente arriba. E así, neste primeiro quinquenio, prevén aumentar ata o 3 % do eucalipto. Vostede agora desdíxose dunha forma un pouco curiosa, verémolo maña.

Isto de verdade que penso que daría para falar moito, porque recoñecen, primeiro, que non saben canto eucalipto hai no día de hoxe no país, aínda que dan por bo o dato publicado en 2018 no Inventario forestal de especies produtivas, que fixa esta superficie en 422.000 hectáreas. Entón, eu pregúntolle: ¿canta superficie supón ese aumento do 3 %? ¿Onde se determina?, ¿onde se pode aumentar?, ¿onde non?, ¿con que criterio? E vou máis aló, no caso de que se sobrepase ese 3 %, ¿que ferramentas se reserva a Xunta de Galiza para impedilo? Xa lles contesto eu: ningunha en absoluto; ningunha, porque os plans, os PORF —os plans de ordenación dos recursos forestais—, que serían un instrumento legal que tería a Adminis-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tración para incidir nesta cuestión, os deixan para o segundo quinquenio. En resumo, o seu criterio parece ser: imos facer o que nos dea a gana durante esta lexislatura e, quen veña detrás, alí se las apañe co que se atope no monte galego. *(Aplausos.)*

No referido ao modelo de monte, eu dígolle —volvo dicir— que non o teñen e no fondo aquí estou facéndome trampas a min mesma, porque eu creo que si que teñen modelo de monte; teñen un modelo de monte, evidentemente, baseado no monocultivo do eucalipto, e iso é o que se reflicte neste plan. Se ben non está en tinta sobre papel, porque quedaba bastante feo, si que queda claro no conxunto do documento que non teñen a máis mínima intención de modificar as inercias que nos levaron ata esta situación. A súa intención é continuar a meter fondos, neste caso europeos, sen planificar nin modular un modelo de monte alternativo, rico en biodivesidade e que non converta Galicia nunha eucaliptal desde o cabo de Fisterra até os montes de Trevinca.

No que ten a ver coa cuarta cuestión que mencionaba, que é a neutralidade carbónica, e que, ademais, é o argumento que viste todo este Plan forestal, eu creo que é unha trampa coa que pretenden vostedes contrarrestrar a mala imaxe do eucalipto no noso país; unha premisa que argumentan moi ben no documento de síntese, pero que despois non trasladan a ningún dos eixos de execución, e non a trasladan porque non poden. ¿Como se avanza cara á neutralidade carbónica? Pois faise favorecendo as masas mixtas e de rexenerado natural e faise comezando a desandar o camiño do monocultivo do eucalipto. Introduzan vostedes outras especies, non só 10.000 hectáreas de frondosas e 20.000 de coníferas a vinte anos. Modelen un sistema que permita alongar os turnos das cortas e non causar, con estas cortas, plantacións a feito, máis liberación de CO2 á atmosfera da que reteñen nos seus curtos períodos de pervivencia. Entendan os procesos restauradores como algo complexo que debe incluír o mantemento e o fomento de estruturas.

E cando falen de resiliencia, non empreguen o termo como un titular baleiro, apliquen políticas que abunden nesa resiliencia, nesa capacidade de supervivencia e de adaptación dos nosos montes ás agresións dos lumes, ao paso do tempo, á acción do ser humano e ao uso produtivista do territorio. E non o di esta deputada, dino as técnicas do sector e dino tamén todas as organizacións de montes, sindicais, ecoloxistas, asociativas e sociais, que esta mañá se manifestaron fronte a este edificio, por moito que os arrinconaran —que nin fronte á porta do edificio os deixan manifestarse—, e que están preocupadas pola aprobación dun documento que vai hipotecar o noso futuro para sempre.

En resumo, vostedes fan aquí unha análise da situación nun documento de diagnose que, como dicía a súa portavoz o outro día na Comisión, cando se falou do Plan forestal, é un documento de diagnose que podería asinar calquera, porque o problema é que practicamente todas as medidas que propoñen despois nos distintos eixos van en sentido oposto.

Eu non sei se chamarlle a este documento de síntese, un conxunto de desiderátum, ou a maior tomadura de pelo da historia, porque o que se nos pide aquí aos grupos da oposición é que fagamos un acto de fe, que esquezamos todo o que sabemos de cal vén sendo o seu modelo de xestión forestal, de en que situación teñen agora os nosos montes, e que creamos na boa nova de que o PP por fin vai mudar a súa forma esquilmadora de entender o noso territorio. E es-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tivemos a puntiño de crelo de verdade, o que pasa é que, despois, aparece na prensa o señor presidente da Xunta, o señor Feijóo, e di que hai que aumentar as cortas de madeira dos 9 millóns de metros cúbicos actuais —¡que lle parecen pouco!— até os 12 millóns. E, claro, quítanos esta debilidade de golpe, porque aquí é onde reside o quid da cuestión. *(Aplausos.)*

Nós non entendiamos —de verdade que non— as présas por aprobar un plan forestal tendo en conta o pouco que lles interesou aplicar o plan anterior, e entendemos que fai parte desta voráxine propagandística na que se atopa inmersa a Consellería do Medio Rural coa Lei de recuperación de terras agroforestais, o Plan forestal, a anunciada nova Lei de incendios ou a anunciada modificación da Lei de montes en man común, que aquí nos poderiamos parar, ou nos poderemos parar, cando se debata esa lei e falar tranquilamente da súa ofensiva...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ... —si, estou rematando; grazas, señor presidente— de acoso e derribo absoluto ao monte mancomunal neste país.

Este é un plan —remato— feito por e para a recepción de fondos PDR e co obxectivo último de poñer eses fondos europeos en mans do sector do eucalipto, e díxoo o clúster da madeira esta semana. Dixeron literalmente: «hai que aprobar o documento nun breve prazo e aliñar os obxectivos do plan co período de programación europeo para acceder a estes fondos». Eu non teño que engadir aquí nin unha vírgula, porque, máis claro, auga.

Con base nesta análise e nestes criterios —remato—, presenta o BNG as súas 24 propostas de resolución. A primeira reclama de novo a retirada deste documento por todas as cuestións que veño de sinalar, porque estamos a tempo, de verdade, de facer as cousas ben. Retiren o documento até que teñamos o Inventario forestal. E as outras 24, tendo en conta que non o van retirar, son para que, polo menos, poidan comezar a incorporar modificacións que suavicen o lesivo do documento.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moi bo día.

Moitas grazas, presidente.

Moitas grazas, señorías.

Sen dúbida, para unha demócrata convencida, participar o 23 de febreiro na aprobación de tres leis no Parlamento de Galicia é un día de ledicia, pero tamén o é para unha ruralista

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

convencida poder defender un instrumento de planificación forestal, un instrumento absolutamente ambicioso, necesario e rigoroso, que, xunto coa Lei de recuperación de terras —que tamén tiven ocasión de defender recentemente—, vaticina unha lexislatura acertada, comprometida e, dende logo, que está traballando por algo para o que nos elixiron o pasado 12 de xullo.

Eu, conselleiro, quero darlles as grazas a todas as persoas que contribuíron a este traballo serio, rigoroso e responsable. E non se ofendan, dende logo, por ese cualificativo tan feo que lle puxo o voceiro do Partido Socialista, que mire que levo anos escoitando intervencións nos concellos, na deputación e menos tempo no Parlamento, pero aínda nunca vin unha falta de respecto similar chamarlle a tanto traballo, a este documento, «unha piltrafa».

Doulle as grazas tamén a vostede, conselleiro, porque hoxe fai algo tamén moi importante, cumpre algo que ía expresamente no noso programa electoral, e non é un tema menor. No proxecto político que eu hoxe represento, cando asinamos un contrato coa veciñanza, indubidablemente, cando cumprimos, iso fainos sentir ben, porque somos xente de palabra e porque somos xente de ben. *(Aplausos.)*

Dicía o conselleiro que traer este documento aquí é un acto de boa fe, e así o sinto. Non só traelo a esta casa, senón tamén traelo polo procedemento que máis reforza a participación de todos os grupos, aínda daqueles que os galegos colocaron dunha maneira absolutamente indiscutible na oposición; se cadra, por iso, máis apoio e máis invitación á participación.

Como saben, temos, en primeiro lugar, a presentación, teremos un día de suspensión e chegaremos ao debate final cunha clara vontade de consenso. É un chamamento ao consenso. Din que en política moitas veces unha media verdade fai máis dano que unha mentira. E aquí, se cadra, non estaría de máis recordarlle á voceira do Bloque Nacionalista Galego o que dixo o clúster da madeira. O clúster da madeira invitou ao consenso; di que é un instrumento necesario, un instrumento, ademais, no que recoñecen que traballou moita xente nos últimos cinco anos, e ademais considérano, efectivamente, un documento que debe ir con consenso para que dea estabilidade.

O conselleiro explicouno perfectamente, pero a min tamén me gustaría insistir na definición dun documento que mira ao futuro, ata o 2040, e que busca un claro obxectivo da neutralidade carbónica. Os catro compromisos que enumerou o conselleiro e nos que a min me gustaría insistir —aquí tamén vai unha media verdade da voceira do Bloque Nacionalista Galego— son o que eu lle repetía na Comisión que sería seguramente no que todos estarían de acordo, e por iso debería levalos a interpretar o documento cun espírito de maior consenso. Non dixen o que dixo vostede. Concretamente, a transición verde aposta pola biodiversidade, a neutralidade climática e o consumo responsable. Despois de escoitalos, ¿acaso non coinciden nestes catro obxectivos?

É un documento que tivo un importante consenso, o conselleiro explicouno. Desas 26 entidades que podería reproducir hoxe aquí —e que, ademais, despois do que escoitei, ao mellor ata non estaba mal— incorporáronse un 87,8 %; 101 de 115. Está claro que a porcentaxe de integración destas propostas é o suficientemente ampla para definir que vén con consenso.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Cal é o problema, entón?, ¿que non debe de ser o foro o Consello Forestal? ¿É aí onde cren vostedes que non está representado o sector? Chámame moito a atención porque escoitei esta mañá noutra das leis importantísimas que recriminaban unha e outra vez que non a apoiaban porque non se debatera no Consello Económico e Social; sen embargo, nun sector importante, entendo que o Consello Forestal está ben representado. E non o entendo só eu. Eu teño aquí un decreto dun señor, que seguramente recordarán, que é Suárez Canal, onde explicaba a composición deste consello e defendía o Consello Forestal como un órgano consultivo e asesor da Administración forestal co obxecto de facilitar unha axeitada xestión sustentable dos montes galegos. ¿Non é o mesmo, logo? ¿Non lles vale agora? Eu, sinceramente...

Tamén dicía na Comisión —e canto máis os escoito máis o conclúo— que deberiamos un día facer unha proba, entregar un documento coma este *(A señora Candia López mostra un documento.)*, non lles dicir quen o fixo, e no que, por suposto, non figure nin a Xunta de Galicia, nin o Partido Popular. Estou absolutamente convencida de que abordarían o seu estudo e o seu traballo dunha maneira obxectiva e que chegariamos a moitísimos máis acordos. Porque a vostedes o único que lles dá arrepío e que lles produce urticaria é simplemente o proxecto político que nosoutros representamos, e, evidentemente, terán que recoñecelo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, é verdade, ¡é verdade!, *(Aplausos.)* pero é moi triste, ¡eh! ¡Iso é moi triste!

Ben, seguramente non desautoricen o órgano. Entón, en definitiva, ¿cal é o problema? Ten uns obxectivos perfectamente claros e identificados, ten orzamento. É a primeira vez que escoito dicir ao Bloque Nacionalista Galego que o orzamento está sobredimensionado. Señor conselleiro, ¡mete moito diñeiro! Ese é o problema. Se non hai presuposto... ¡É sobredimensionado o orzamento! *(Murmurios.) (Risos.)*

Mire, eu dígolle con absoluta boa fe —créame, con absoluta boa fe— que estou convencida de que este é un dos instrumentos máis importantes e que ten unhas liñas de actuación estratéxicas nas que, insisto, todos coincidimos: a importancia de apostar polos servizos ecosistémicos, por conservar xestionando activamente; o fomento da biodiversidade; a loita contra o cambio climático e o fomento das enerxías renovables; a mellora na xenética forestal; apostar por traballar contra o cambio climático; a restauración e protección contra a erosión dos solos forestais; sanidade forestal; prevención e defensa contra incendios; a loita contra o abandono; a aposta pola xestión sustentable, a divulgación, a formación, a investigación e o desarrollo; e, por suposto, unha liña estratéxica moi importante, apostar por insistir nun novo modelo de gobernanza.

Hai uns obxectivos, ademais, moi concretos. Tamén é verdade que esta intervención, especialmente a do voceiro do Partido Socialista, non viña moi traballada. Señor Seco, repetiu con puntos e comas o que dixo na Comisión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso tamén é moi importante, porque cando un conselleiro nun debate empeza a súa intervención dicindo que vén con boa fe, que fai un chamamento ao diálogo, e vostede colle e reproduce o que traía preparado para hai catro días... Polo menos, para entender, primeiro hai que atender. Entón, ou non atendeu, ou simplemente a conclusión será que non lle interesa.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Obxectivos concretos: 850.000 hectáreas baixo instrumentos de ordenación ou xestión; aposta clara e decidida polas aldeas modelo; mobilización de 150.000 hectáreas de terreos agroforestais —¿eses non son obxectivos concretos?—; aposta por un monte multifuncional, un monte diverso, cun obxectivo claro dun incremento nas superficies de coníferas, máis de 20.000 hectáreas. Todo está perfectamente cuantificado, incluso o Inventario forestal; un instrumento absolutamente innovador. Dicía o señor Chan na Comisión que probablemente non só en España senón en Europa. É un inventario forestal que, ademais, se enfoca como un documento vivo.

Eu aquí fago unha reflexión: ¿que pasa, que non lles gusta como se está facendo o Inventario forestal? ¿Tiñan vostedes algunha alternativa e por algunha razón este importante, ambicioso e innovador convenio coas universidades galegas lles tirou a vostedes isto por terra? É que, por máis que leo e escoito, se leron o mesmo documento que leu e traballou o grupo que eu represento, e moi fundamentalmente o Consello Forestal, vexo que non estasmos lendo o mesmo documento. É imposible, ten que haber unhas razóns ocultas que aquí aínda non se nos explicaron que evitan un apoio a este instrumento tan importante.

¡Pero ollo co convite de diálogo do propio conselleiro! É moi importante. Eu xa sei que coa plantación de eucaliptos tampouco... Pasa como co lobo, o Partido Socialista non o ten moi claro. Aquí *(A señora Candia López mostra un documento.)* case o cualifica coma unha especie invasora, e criminalízanos case coma se fósemos terroristas a calquera persoa que aposte por este cultivo, pero noutros sitios —por suposto a vostede, que tanto lle gusta ler aos alcaldes— declara a guerra porque di que se lles prohibe plantar eucaliptos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso é verdade, pero non é só iso; agora parece ser que tamén se lle está sumando A Fonsagrada.

Señorías, remato xa porque —e non quero desestabilizalos— creo que ao único que veño aquí é a buscar que crean que realmente este é un bo documento, un documento vivo, que ten uns ítems para ir analizando a súa evolución, incluso uns informes anuais e unha petición para as dúas forzas políticas. Creo que ninguén dubida de que este é un instrumento necesario. Eu pídolles que abandonen a política do non, que demostren que queren o noso rural e que cren nel coa aprobación deste documento que entre todos permitirá construír un rural con máis oportunidades.

Póñanse ao lado da Galicia verde, da que sente e aposta polo rural, por un monte produtivo e ordenado. Os cidadáns sempre respectan a confrontación política, pero se desas ideas xorde algo positivo. Hoxe —créanme— chegou o momento para o noso rural, o momento de pasar dunha política imposta do non polo non á política de acordos. A través das propostas de resolución e das súas correspondentes transaccións hai unha oportunidade de demostrar que o futuro da riqueza forestal de Galicia nos importa. Señorías, impórtalles. A radicalización e a polarización acompañadas da exaltación do que nos separa conducen a esa incapacidade de acordar solucións estables, a que nos demanda tamén o sector e os propietarios, nun momento, no que, señorías, nos deparan retos moi complexos. É imposible levar reformas duradeiras, esas que transforman un territorio, se non imos cunha visión de país...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CANDIA LÓPEZ: ...e cun espírito de diálogo.

É o momento de dirixentes con talento para a conciliación e con tolerancia para o consenso. Non pedimos renuncias, señorías, pedimos entendemento nun escenario de pluralidade. Agardo que mañá poidan ter en conta o que hoxe aquí se lles dixo, moi importante, non para o grupo que eu presido, senón para o noso rural.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Mañá continuaremos coa tramitación deste punto. Farémolo despois da votación das proposicións non de lei, e farase cunha rolda de portavoces para fixar a súa posición respecto das propostas de resolución dos outros grupos, por un tempo de dez minutos. A votación das propostas será despois da ordenación que faga a Presidencia da Cámara.

Lémbrolles que o prazo para presentar no Rexistro da Cámara as posibles propostas de resolución transaccionadas polos grupos parlamentarios remata hoxe ás 18.30 horas.

De momento, nada máis.

Suspendemos a sesión ata as catro.

Suspéndese a sesión ás tres e vinte e dous minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto 4º da orde do día.

Acumulación de dúas comparecencias para a súa exposición conxunta.

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa acumulación de dúas comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da incidencia da pandemia en Galicia no relativo á situación epidemiolóxica e asistencial e aos avances no Plan galego de vacinación fronte á covid-19

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por solicitude dos dezanove deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta das medidas que está tomando a Xunta de Galicia diante da evidencia de que Galicia está inmersa nunha terceira onda por contaxios de covid-19 e da Estratexia de vacinación, que debería ser unha peza clave para evitar a transmisión de contaxios

O señor PRESIDENTE: Comezamos. E para iso ten, en primeiro lugar, a palabra o conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moi boa tarde, presidente.

Señorías, quixera comezar esta intervención miña, en primeiro lugar, tendo unhas palabras de recordo para a nosa compañeira Montse Prado, que está pasando unha situación delicada nestes momentos. Dende aquí botarémola de menos esta tarde, seguro, polas súas intervencións, e queremos desexarlle a recuperación máis pronta posible.

Comparezo a petición propia neste pleno para continuar cumprindo co compromiso da Xunta de transmitir información periódica sobre a situación da pandemia en Galicia e a súa evolución e tamén, neste caso concreto, para dar conta dos avances realizados no Plan de vacinación.

Comezarei, como sempre intento facer, facendo mención aos falecidos neste caso o día de onte, eses 11 falecidos que se suman aos anteriores para facer esa cifra terrible de 2.187 falecidos no que vai de pandemia. A nosa maior solidariedade cos familiares e coñecidos destes falecidos.

E tamén, como sempre, intento facer un recoñecemento e un recordatorio explícito aos profesionais sanitarios de atención primaria ou dos hospitais, ou de calquera dispositivo asistencial sexa público ou privado que están a afrontar a pandemia nestes momentos en Galicia.

Respecto da situación actual, a primeira valoración que debo facer sobre a evolución da situación epidemiolóxica é que esta está a ser positiva. Saltan á vista os datos de redución de índice acumulado tanto a 14 días como a 7, a redución dos casos activos e a porcentaxe de positividade das probas. E esa evolución é a que nos move a adoptar medidas como as que tomamos onte mesmo, que van na liña de ir reducindo gradualmente o nivel de restricións na actividade e na mobilidade social.

A segunda valoración que é imprescindible facer é que estamos nun momento no que calquera cambio nos pode facer volver á situación previa de máximo risco. Fíxose un esforzo importante, tanto por parte da poboación como dos profesionais sanitarios, para devolver Galicia a unha tendencia na evolución que nos poida conferir xa certa tranquilidade, pero aínda non será completa mentres haxa risco de que os niveis de contaxio volvan medrar e con eles as hospitalizacións e os falecementos.

Por iso, non quero deixar de chamar á prudencia. Dende o Goberno podemos ir mudando a intensidade das restricións, pero o que nunca mudamos é o nivel de compromiso co cumprimento das medidas. Por iso é a miña obriga trasladarlle á poboación que a mellora da situación non pode en ningún caso servir de escusa a ninguén, nin á Administración, nin aos axentes económicos, nin a ningún cidadán para desatender o cumprimento das medidas. Debemos ser máis cautos que nunca ao dar estes pequenos pasos porque só esta cautela e esa prudencia nos vai evitar dar unha marcha atrás tanto en cifras como en restricións.

En Galicia temos acadado e deixado atrás cifras que consideramos de máxima incidencia e que están xa por debaixo dos 250 de incidencia acumulada a 14 días por 100.000 habitantes. Onte mesmo, co último dato oficial, estabamos en 216 nesta IA a 14. Quero recordar que hai

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

menos dun mes, cando tomamos as medidas máis restritivas, o 26 de xaneiro, a incidencia acumulada a 14 días era de 726; unha cifra, ademais, que se viu multiplicada en moi pouco tempo. Se botamos a vista atrás, o 13 de xaneiro, cando tomamos as primeiras medidas, xa era de 340.

E aínda que o normal sería que a curva ascendente fora moito máis pronunciada que a descendente, o traballo conxunto da sociedade, dos sanitarios, permitiu que os novos casos remitisen antes do agardado nun comezo. Este esforzo dos profesionais e da poboación do que falaba viuse tamén reflectido no descenso da taxa de positividade, onde podemos comprobar que Galicia agora mesmo é a comunidade autónoma con menores cifras, o que, sen dúbida, é un bo sinal de cara á evolución dos datos nas vindeiras semanas. No día de hoxe temos unha taxa de positividade do 4,07 % na última semana en promedio.

E a positividade non baixa porque deixemos de buscar casos positivos, todo o contrario; na última semana, segundo os datos do Ministerio, Galicia foi con diferenza a comunidade autónoma con maior taxa de probas diagnósticas realizadas por cada 100.000 habitantes; concretamente 3.325 fronte a unha media nacional de 2.120. Mesmo en números absolutos fixemos máis probas que algunha comunidade que nos supera en poboación. Estamos realizando unha media de 100.000 probas á semana, aínda que, como saben, o Ministerio non contabiliza os tests de saliva que facemos en Galicia.

Os cribados son unha das principais ferramentas contra a pandemia. Isto foi moi posible nas residencias de maiores, onde á súa efectividade se demostrou coas probas de PCR semanais e as de antíxenos realizadas tanto ao seu persoal como aos residentes e que permitiron atallar con rapidez moitos gromos.

Dende novembro os cribados semanais a todo o persoal das residencias permitiron detectar de xeito precoz máis de 2.500 casos positivos. Dende o 1 de decembro as áreas sanitarias levaron a cabo cribados poboacionais ou a colectivos específicos que incluíron máis de 368.000 persoas e detectaron 1.024 casos positivos. Só na semana pasada citamos a un total de 69.783 persoas a cribados realizados na comunidade. Realizamos cribados poboacionais a cidadáns de ata doce concellos nas catro provincias galegas.

Nesta mesma semana temos citado, polo momento, a 34.000 persoas, e están pendentes aínda de terminar algúns cribados a realizar; ademais dos universitarios que, como saben, poderán realizar as probas diagnósticas durante a vindeira fin de semana e o luns e martes da seguinte, antes da súa incorporación ás aulas.

Concretamente, tamén no concello de Marín, se instala hoxe mesmo a unidade móbil da Consellería de Sanidade para a realización de cribados masivos mediante proba PCR en tests de saliva. A posta en marcha en novembro permitiu desprazala a doce concellos, analizar xa mostras de máis de 70.000 galegos e galegas e detectar máis de 200 casos positivos.

Para a realización dos cribados, ademais, por suposto, do excelente traballo que realizan desde o departamento de saúde pública da Consellería —e aproveito, por suposto, para agradecer publicamente o traballo de todas as persoas que conforman este departamento—, contamos

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tamén co traballo dos servizos de atención primaria, que especificamente eles están facendo probas de antíxenos, pero tamén colaborando cos cribados masivos, na súa realización, e tamén os propios concellos, que teñen disposto todo o necesario para facilitar a súa realización.

É un esforzo importante, e por iso quero seguir pedíndolle á poboación que acuda cando sexan chamados. Sabemos que moitas veces pode supoñer un pequeno inconveniente ter que desprazarse ao lugar fixado para tomar as mostras, pero só dese xeito, atallando os positivos o antes posible, podemos reducir aínda máis as cifras de contaxiados.

Polo tanto, hai un esforzo grande de diagnóstico en Galicia no que estamos a colaborar todas as administracións, con todos os recursos, no que está a colaborar a cidadanía de xeito moi maioritario, e ao que se suman cada vez máis colectivos para contribuír a aumentar esa capacidade.

Falando de cribados, gustaríame dar as grazas de xeito específico, en primeiro lugar, ao Colexio de Farmacéuticos da provincia de Ourense, que xa nos meses de atrás, nos meses de novembro e outubro pasados, colaboraron coa Consellería nos cribados, naquel caso con tests de anticorpos na súa provincia. Tamén ao Colexio de Farmacéuticos da provincia de Pontevedra pola súa colaboración na implantación dos tests de saliva neste caso nas propias oficinas de farmacia, feito que permitiu analizar xa máis de 20.000 probas e detectar un total de 39 casos positivos nestes días. E, finalmente, aos restantes colexios de farmacéuticos de Galicia, especialmente ao da Coruña, co que estamos a traballar para que este programa se estenda canto antes a esta provincia.

A algúns pareceralles pouco, pero un positivo asintomático sen detectar pode multiplicarse rapidamente en varias persoas infectadas cando non se illa correctamente. Por iso cremos na necesidade de seguir implantando programas pioneiros como este, xa que cantas máis probas diagnósticas realicemos menos probabilidade de transmisión temos.

Respecto á situación asistencial, no día de hoxe en Galicia temos 663 persoas ingresadas en plantas covid menos que no pico máximo que tivemos estes días, e tamén 111 persoas menos en camas de críticos. Aínda que, loxicamente, a situación non é aínda a óptima, temos avanzado moito dende ese pico máximo, que se produciu na ocupación de camas de críticos o pasado 1 de febreiro, con 257 persoas ingresadas nesta unidade, e hoxe temos 146. É un 56,8 % dese pico máximo.

E no caso das persoas hospitalizadas nas plantas covid, o máximo acadado dende o inicio da pandemia foi o 30 de xaneiro, con 1.210 casos con camas ocupadas, tendo hoxe 547. Estamos agora mesmo no 45,2 % dese pico máximo.

Como xa temos comentado, a ocupación de camas de críticos adoita prolongarse máis tempo e por iso tamén o descenso é máis lento. Por iso seguimos insistindo na necesidade de non abandonar o sentidiño ao que apelamos tantas veces ao longo destes meses.

A aposta pola concepción dun sistema público de saúde en Galicia co modelo de hospital único permitiunos tamén poder facer un mellor aproveitamento dos recursos e tamén darlles

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aos pacientes unha mellor atención, derivando pacientes críticos de hospitais cunha maior presión nesta área de críticos a hospitais que tiñan unha situación mellor. Dende o inicio do ano desprazamos 38 pacientes, concretamente 19 de Pontevedra a Vigo e 19 de Ferrol a Lugo e Pontevedra.

Outra das cuestións que nos permitiu afrontar a pandemia dende o comezo sen que o noso sistema colapsara foi a anticipación. Xa o 27 de febreiro do ano 2020 un comité de expertos formado por intensivistas, neumólogos, etc., comezou a definir cales eran as necesidades, as características dos equipos necesarios para facer fronte á pandemia en Galicia. E ao día seguinte xa se comezou a tramitar o primeiro procedemento de emerxencia. E non só a anticipación, tamén a experiencia na xestión das compras do Sergas foi fundamental. Ata se puideron desenvolver dez expedientes de emerxencia. Xunto, efectivamente, coas doazóns de entidades privadas, permitiron que Galicia contara naquel momento con 866 ventiladores máis para poder facer fronte non só ao inicio da pandemia, tamén á segunda onda e especialmente a esta terceira, onde a presión das unidades de críticos foi a maior que tivemos enfrontado en todo este período dende a chegada do virus.

Precisamente deses equipos 440 estaban destinados ás áreas de críticos e ás súas áreas de expansión. Ademais, esta anticipación na compra de material permitiulle a Galicia recibir o kit de equipos no prazo previsto e ademais cunha redución importante dos prezos respecto a outros concursos.

Nese mesmo sentido, quero informar que este mes levamos ao Consello da Xunta a disposición de 2,5 millóns de euros para a incorporación de 31 respiradores non invasivos con dous niveis de presión, 16 equipos de radioloxía portátil e 7 tomógrafos de impedancia eléctrica para dotar, neste caso, no caso destes últimos, as UCI e, no caso dos respiradores non invasivos, para dotar as unidades de coidados respiratorios intermedios; un dispositivo que antes tiñan soamente algúns hospitais e que a raíz deste procedemento completamos en todos os hospitais do Sergas, tendo agora mesmo 74 camas en toda Galicia para pacientes que requiren este apoio adicional e que poden evitar o seu ingreso na UCI ou, polo contrario, para facer unha saída dende a UCI a estas unidades dun xeito moito máis seguro.

No relativo aos pacientes non covid, acabamos de coñecer recentemente os datos de lista de espera do ano 2020 ao seu peche. En consultas externas estamos nunha media de 49 días. Efectivamente, son 8 días máis que os 41 cos que pechamos o 2019, o mellor dato da serie histórica. Pero en xuño esa lista de agarda era de 66 días no ano 2020. Así os profesionais da nosa sanidade pública lograron nestes seis meses últimos baixar esa media en case 20 días, como digo, e rematar neses 49 días de demora en consultas.

O atraso derivado da primeira onda e o que poida producir esta terceira agardamos poder recuperalo cun plan de recuperación da actividade, do que falarei un pouquiño máis adiante, e que o Sergas ten previsto poñer en marcha cando baixe a presión asistencial derivada da covid.

Ademais, hai que destacar que o Sergas cumpriu en todo momento coa realización de probas diagnósticas urxentes e de todas as recollidas no Decreto polo que se regula o sistema de

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

garantía de tempos máximos realizado no prazo de 45 días exixido por esa normativa autonómica.

E gustaríame destacar que, a pesar desta situación á que se tiveron que enfrontar os profesionais da sanidade galega nesta terceira onda, ao contrario que durante a primeira, non se suspenderon probas de ningún dos cribados de cancro que se están a facer na comunidade.

Con estes datos, en consecuencia, temos avanzado xa no día de onte os axustes nas restricións que permiten recuperar a actividade nalgún ámbito, pero a medida que a presión hospitalaria diminúa, especialmente exercida sobre as unidades de críticos, será o momento de recuperar un pouco máis a normalidade con pandemia, e esperemos que nun futuro, máis preto que lonxe, a normalidade prepandemia, que é a de verdade.

Pero consideramos que todas as medidas deben ser tomadas con criterios de prudencia, e especialmente naqueles casos nos que sabemos que a diminución das restricións afecta directamente o crecemento da interacción social e, polo tanto, hai un maior risco de contaxio.

En definitiva, é vital neste momento facer planificación prudente da desescalada. Por iso cremos que a reapertura da hostalaría debe ser realizada coas maiores garantías posibles. Sabemos do esforzo realizado por todo o sector para o cumprimento das medidas, pero, aínda así, cremos que debemos de crear un novo modelo que dea maiores garantías de seguridade, algo que será positivo para a sociedade en xeral, pero tamén para os propios establecementos; seguridade para os propietarios, empresarios, traballadores do sector e tamén para os seus clientes. Por iso queremos contar tamén coa Administración local, que consideramos que debe estar implicada tamén, sempre e cando conte cos medios necesarios no cumprimento das medidas para que en todos os establecementos poidamos desfrutar dunha hostalaría segura. Para iso temos elaborado un plan, que xa temos anunciado, no que se contemplan varias actuacións que paso a detallar. Seguiremos tomando medidas respecto a horarios, porcentaxes de aforos autorizados e de usos de espazos no interior e no exterior, segundo a situación epidemiolóxica do concello.

Queremos, ademais, mellorar a xestión dos aforos, tanto para beneficio dos propios hostaleiros como para os veciños que usan estes locais. Facilitarémoslles aos propietarios ferramentas para o seu cálculo, tanto no interior como no exterior. Estableceremos a necesidade dunha declaración responsable deses aforos que sexa visible no local, e será tamén necesario visibilizar as mesas inutilizadas tanto no interior como no exterior para facilitar a súa comprobación de aforo e tamén as distancias.

Traballamos tamén na habilitación dun sistema de trazabilidade a través de códigos QR, neste caso a través da aplicación Passcovid, para facilitar o seguimento en caso de requirir facer algún estudo de contactos nese local.

Para todo isto, a Xunta pon á disposición do sector toda a axuda posible a través dos medios que temos. Hai máis de 200 profesionais dos servizos de inspección de saúde pública que xa dende o comezo da pandemia incrementaron o seu labor, asumindo tamén vixilancia no re-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lativo ao cumprimento de medidas de prevención fronte á covid-19. Co traballo destes profesionais e coa Dirección Xeral de Saúde Pública, puxemos en marcha a campaña de reforzo para a mellora do cumprimento das medidas sanitarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola covid-19. Esta campaña contempla a realización de visitas específicas por parte dos servizos de inspección de saúde pública para asesorar e verificar a implantación das medidas sanitarias derivadas da covid-19. Comezou no mes de xaneiro e ata o de agora estivo especialmente dirixida a establecementos onde se podía producir unha maior afluencia de persoas e favorecer a transmisión do virus, principalmente centros comerciais, prazas de abastos, hipermercados, supermercados ou instalacións deportivas.

Agora é o momento de que este equipo de inspectores colabore no asesoramento e axuda ao sector da hostalaría, para axudarlles no cumprimento das medidas necesarias para garantir a seguridade sanitaria.

A Xunta, polo tanto, porá os medios á súa disposición para esta colaboración, pero, como consideramos que é unha tarefa de todos, solicitaremos aos concellos que continúen colaborando dentro das súas posibilidades para velar tamén polo cumprimento das medidas sanitarias nos locais de hostalaría. Precisamente mañá temos convocada unha reunión coa Fegamp, coas forzas e corpos de seguridade do Estado, para seguir colaborando nesta liña.

En definitiva, ao final desta nova desescalada, agardamos volver ter a hostalaría aberta, pero será unha apertura dunha hostalaría distinta; unha apertura con medios de seguridade garantidos polo propio sector, que está mostrando unha extraordinaria vontade de colaboración —temos que dicilo—, e unha apertura con eses criterios de seguridade reforzados polo apoio do persoal da Administración autonómica e das administracións locais.

Teremos que poñer tamén un sistema de seguimento automático dos valores de incidencia acumulada, de xeito que calquera das medidas que poidamos poñer encima da mesa sexan tamén postas —repito— de xeito automático e rápido, utilizando probablemente máis incidencia acumulada a 7 días que a que viñamos utilizando agora de 14.

Tamén agardamos que ao final desta desescalada haxa unha situación distinta no que respecta á inmunización da nosa poboación, grazas aos pasos que estamos a dar no Plan de vacinación. Como saben, iniciamos xa nesta mesma semana a administración da vacina aos maiores de 80 anos, aínda que o pasado venres realizamos unha pilotaxe na área de Santiago para poder poñer a proba todo o sistema de organización desta vacinación e que puidese comezar onte en toda Galicia coa maior normalidade. Teriámolo feito antes, pero coas vacinas das que dispoñiamos priorizouse, como saben, a segunda dose nos colectivos xa vacinados para comezar agora cos maiores.

Avanzamos, como saben, ao máximo ritmo que nos permiten as doses coas que contamos, e, por iso, quero dar as grazas, hoxe especialmente, primeiro, a todo o equipo de citación especial, formado por persoal de atención primaria, que deu tamén un paso voluntario para formar estes equipos, un por cada área sanitaria; estamos falando da orde 60 ou 70 profesionais que están a ser os encargados de chamar os usuarios nesta nova fase do plan e de facilitar aos nosos maiores o encaixe da súa cita.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Segundo, a todo o persoal de enfermería —o noso corpo de elite neste proceso de vacinación, dende que comezou naquel caso coas residencias— polo seu traballo nestes meses intensos. O seu traballo e a súa dedicación son os que fan posible que Galicia teña este ritmo na vacinación e que estea protexendo con tanta rapidez a poboación máis vulnerable.

E, terceiro, de novo, o persoal de saúde pública da Consellería de Sanidade, que, como dicía dende o principio, dende o inicio da pandemia, leva feito un traballo extraordinario co seguimento dos casos, co establecemento dos criterios e agora mesmo tamén, como non podía ser doutro xeito, coa súa dilixencia no desenvolvemento do Plan galego de vacinación.

A pasada semana estivemos vacinando o persoal non de primeira liña de hospitais concertados e privados, ademais de todo o persoal sanitario colexiado que exerce en consulta privada ou en empresas, o que no Plan nacional de vacinación se denominan os grupos 3A e 3B. Tamén se procedeu á vacinación do persoal das empresas contratadas no Sergas: limpeza, seguridade, mantemento e o persoal das fundacións de investigación sanitaria, así como o alumnado de medicina e enfermería, que están realizando prácticas nos hospitais. Todos estes forman parte tamén dese grupo 3B, neste caso.

Unha vez rematado todo sete proceso de vacinación de todo o persoal da área sanitaria, vacinaremos os seus representantes sindicais.

Por outra banda, avanzamos tamén esta semana na vacinación do persoal dos centros de día e do persoal de pacientes de hospitais psiquiátricos públicos concertados e privados; cuestión esta última demandada, ademais, polo colectivo —forman parte do grupo 3B—. Tamén no dos servizos de axuda no fogar; un proceso no que quero agradecer a colaboración da Federación Galega de Municipios e Provincias, que axudou a recolectar e procesar información subministrada polos concellos. E mañá comezaremos a vacinación do persoal docente, 50.000 profesores, que agardamos ter vacinado antes de rematar o mes de marzo. Fixemos onte algunha proba, hoxe mesmo tamén, pero, repito, a partir de mañá xa se fará de xeito estendido.

Vacinaremos en primeiro lugar os menores de 55 anos pola maior disposición que temos neste momento, como todos vostedes saben, da vacina de AstraZeneca e que, ademais, foi o motivo de intercalar este grupo —neste caso o grupo 6— no Plan de vacinación, en paralelo cos grupos 4 e 5.

Estamos a traballar tamén coa Fegamp no seguinte proceso, no de recompilación dos datos do persoal de seguridade e emerxencias, dependendo das administracións locais. Por outra banda, tamén tivemos contacto coa Delegación do Goberno para organizar o proceso de vacinación das forzas e corpos de seguridade do Estado, os que constitúen o denominado grupo 6A.

Esta semana publicamos a segunda actualización do Plan galego de vacinación, que, aínda que para moitos non existe, é o que rexe en Galicia o procedemento de vacinación, onde se recollen as características das vacinas, o procedemento de vacinación, a loxística, a formación, etc. Está dispoñible para todos na páxina web da Consellería de Sanidade e demos conta del en varias ocasións neste Parlamento.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pois ben, este plan actualizado e adaptado ás novidades que nos fixa a Estratexia nacional de vacinación foi o que nos guiou e o que nos guía neste proceso de vacinación —repito—, modificado de xeito case permanente pola irrupción da vacina de AstraZeneca, con esa limitación provisional de uso para menores de 55 anos.

Reitero o que xa dixen en numerosas ocasións. En Galicia temos destinado persoal con dedicación exclusiva para vacinación fronte á covid, un 10 % máis do persoal de atención primaria, de enfermería de atención primaria, que nos permita administrar sen problemas, de momento, as doses que nos chegan dende o Ministerio. Agora mesmo temos recibidas 153.385 doses de Pfizer, 9.800 de Moderna e 23.800 de AstraZeneca, que supoñen un 5,16 % do total de España.

Con estas cifras temos vacinado de momento a 19.753 usuarios de residencias con pauta completa e a 1.869 cunha soa dose, derivado de incorporacións, de gromos nas residencias, etc.

Do mesmo xeito levamos 14.486 traballadores de residencias coa pauta completa e 1.129 cunha soa dose; 19.063 traballadores do ámbito sanitario con dúas doses e 44.025 cunha soa dose, e arredor de 5.000 persoas do ámbito sociosanitario cunha dose. En total, levamos 170.570 galegos e galegas vacinados, dos cales 58.000 xa dispoñen da segunda dose.

Non obstante, debo expresar a satisfacción da Xunta de Galicia polo acordo acadado na última reunión, ou na penúltima neste caso, do Consello Interterritorial de Saúde, e que identifica xa claramente os seguintes grupos diana, que serán grupos de idade de xeito descendente desde os 80 anos, en caso de vacinas de Pfizer e de Moderna, e dende 55 no caso dos de AstraZeneca.

Este acordo cumpre co solicitado en reiteradas ocasións pola Xunta de Galicia: dotar a nosa poboación dun escenario de futuro certo sobre o punto no que poden agardar a súa vacinación os galegos e as galegas. O ritmo pode variar en función das doses que cheguen e das novas vacinas que se incorporen, pero, por fin, toda a poboación ten unha expectativa clara de en que momento será a súa quenda, algo que permite albiscar un mellor futuro.

Do mesmo xeito, temos unha visión máis clara de xestión futura desta pandemia grazas á aprobación esta mañá, neste mesmo Pleno, dunha lexislación específica, reguladora das medidas de saúde pública que un goberno autonómico pode tomar nunha situación de emerxencia sanitaria como a que estamos, resolvendo unha carencia que o Goberno de España se comprometeu a solucionar e que nunca fixo. Ter esta normativa permítenos afrontar esta pandemia con mellores garantías para o futuro.

Tamén é importante que o propio sistema sanitario teña expectativas, certezas e instrumentos para xestionar o seu futuro. Temos falado moitas veces neste Parlamento das terribles consecuencias que esta pandemia tivo na nosa sociedade, especialmente naquelas familias nas que tiveron que despedir algún dos seus membros, e tamén na nosa economía, onde diferentes sectores sufriron especialmente como consecuencia das restricións.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Un dos colectivos sobre os que máis temos chamado a atención é o dos profesionais sanitarios, aos que nunca poderemos deixar de agradecer o enorme esforzo realizado neste último ano. Aínda que contan coa capa da súa vocación, o cansazo e a incerteza sobre o final da pandemia leva meses facendo mella neles. Por iso, anunciamos xa a pasada semana o novo Plan de intervención psicosocial para o apoio e atención ao persoal do Sergas, no que investiremos medio millón de euros, e co que queremos, ademais, recoñecer o traballo levado a cabo polos máis de 44.000 profesionais sanitarios e atender as posibles repercusións sobre a súa saúde e o benestar dos traballadores.

A pandemia trouxo consigo consecuencias psicosociais para a nosa poboación: a situación económica, de saúde, medo... Toda esa situación leva consigo impotencia, medo, incerteza, pero o persoal sanitario sofre tamén o derivado das condicións de traballo subxacentes ao contexto da crise sanitaria. Por iso, con este plan pretendemos tomar medidas específicas para o apoio e a atención de todas as persoas que forman parte do equipo de profesionais que conforman o Sergas. A pandemia trouxo consigo, para os traballadores da sanidade galega, unha maior demanda asistencial, e non só a propia carga en si, senón que vivimos unha situación descoñecida, sen precedentes, ademais dunha maior demanda emocional polo medo ao contaxio, especialmente pola situación de gravidade de moitos pacientes e como exposición ao sufrimento de moitas familias co illamento do paciente que conleva esta enfermidade. Xunto con iso, supuxo unha importante repercusión na vida persoal polo autoconfinamento ao que algúns se someteron e por ter que limitar os coidados a familiares vulnerables ou simplemente reducir o contacto cos seus conviventes por temor a expoñelos a un contaxio.

Cremos que contar cun plan de apoio permitirá, ademais de previr a aparición de posibles problemas de saúde, tamén mellorar a calidade dos servizos prestados e, loxicamente, unha correcta atención dos profesionais redundará tamén nunha mellor atención aos pacientes. O primeiro que faremos será reforzar o recoñecemento para todo o noso persoal, para que se sintan valorados; destacar, ademais, o traballo realizado; e salientar o positivo, xa que se teñen enfrontado a unha enfermidade descoñecida, con procedementos novos, coa carga que supón o uso de equipos de protección persoal, o trato con pacientes de idade, etc. Por iso queremos seguir destacando o labor dos nosos traballadores, que souberon estar á altura. Toda a sociedade galega debe seguir apoiándoos baixo o lema «Grazas por tanto», xa que o seu traballo foi fundamental para enfrontarnos a esa pandemia. Para isto, instalaremos buzóns de agradecemento, unha conta de correo específica, ademais dun espazo de agradecemento onde se mostrarán as mensaxes recibidas. Tamén realizaremos, cando a situación o permita, os tempos para o encontro, para volver poñer en contacto os pacientes coas persoas que os coidaron nos hospitais durante as súas convalecencias. E, entre outras moitas cuestións, implantaremos un programa específico denominado «Cóidate para coidar», construiremos equipos específicos e dotaremos a cada área sanitaria dun psicólogo para o acompañamento e o apoio psicosocial do persoal.

Polas mans destes profesionais pasaron ata o día de hoxe 111.167 pacientes diagnosticados de coronavirus, que tamén deben afrontar agora o seu futuro. Aínda que a experiencia e o coñecemento adquirido nos últimos meses respecto a esta enfermidade permita mellorar o tratamento que se lles daba aos que requirían hospitalización, tanto eles como moitos dos que

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pasaron o virus nos seus fogares sofren no día de hoxe os efectos secundarios causados pola covid-19; non só os causados pola propia enfermidade, senón tamén, en moitos casos, as consecuencias de períodos longos de inmobilización nas hospitalizacións. Aínda que sabemos que estas consecuencias na saúde dos pacientes se abordaron tanto por especialistas como polos seus médicos de atención primaria, consideramos necesaria a creación de unidades poscovid. Por iso xa lles anunciei que o Sergas ten intención de poñer en marcha unidades de seguimento multidisciplinares nas que se levará a cabo unha abordaxe integral do paciente, para o que é necesario contar cun protocolo de atención destes pacientes e cun plan funcional que abarque os recursos dos dous niveis asistenciais: a atención primaria e a atención hospitalaria.

Son moitas as afectacións que poden sufrir os pacientes covid e que abranguen dende a afectación pulmonar, ás afectacións cardiovasculares, como arritmias, miocardites ou insuficiencias cardíacas, ata afectacións neurolóxicas, entre as que se poden atopar a dor de cabeza, o vértigo, a perda de gusto ou de olfacto e en casos máis graves, ictus ou inestabilidade da marcha, ademais da deterioración do nivel cognitivo, que se viña producindo na poboación de máis idade como consecuencia do illamento e da soidade. Tamén se produciron alteracións psiquiátricas, xa que á sinalizada e denominada «fatiga pandémica» únese o maior risco nestes pacientes de padecer depresión ou ansiedade. Por iso é necesario abordar a atención destes pacientes dun xeito eficiente, dunha forma homoxénea, estandarizada e de máxima calidade, unha vez superen a fase aguda desta enfermidade.

As unidades estarán formadas por especialistas en medicina interna, en pneumoloxía, en atención primaria, en enfermaría e contarán cun coordinador.

Ademais, crearemos tamén un comité clínico poscovid para atender e facer o seguimento dos casos máis complexos. Así, cos pacientes que non requiriron dunha hospitalización, continuarase o seu seguimento en atención primaria, e, de ser o caso, se o paciente continuase con sintomatoloxía durante tres meses despois do diagnóstico, solicitaríaselle unha interconsulta á unidade.

E nos casos de pacientes que estivesen hospitalizados, farase un seguimento directamente dende a unidade a través do programa Telea, ou do teléfono, con consultas presenciais no terceiro, sexto e décimo segundo mes, podendo ser dados de alta para seguimento en atención primaria tras cada unha das consultas presenciais no caso de non detectarse ningunha alteración relacionada coa enfermidade que motiva o ingreso.

Buscamos deste xeito prestarlles unha atención integral a todos os pacientes que padeceron esta enfermidade e un tratamento axeitado para evitar que determinadas alteracións funcionais ou orgánicas se tornen en permanentes.

Se falabamos dos pacientes covid, non podemos esquecer aos non-covid. Mentiría se lles dixese que a pandemia non ten absorbido gran parte dos recursos do Sergas, pero, igual que despois do confinamento traballamos para poder atallar os atrasos que se puideron producir nalgunha listaxe de espera cirúrxica, tamén agora, despois desta terceira onda e coa previsión de vacinar a poboación máis vulnerable nos vindeiros meses, poñeremos en marcha o plan de recuperación da actividade.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Traballamos en cuantificar as necesidades tanto dotacionais como de recursos humanos para permitir abordar a actividade pendente que tivo que ser suspendida como consecuencia do coronavirus. Gustaríame recordar que nesta terceira onda, a de maior dimensión e na que acadamos os maiores picos de ocupación de camas de críticos e infectados, non se suspendeu a actividade cirúrxica nos centros hospitalarios, a diferenza, por suposto, da primeira onda. De feito, nalgúns casos aproveitouse para poder avanzar en cirurxías ambulatorias, que non comprometían a ocupación de camas de críticos cirúrxicos.

Este plan do que falo estará dotado con polo menos 15 millóns de euros, que nos permitirán seguir reforzando o noso sistema para poder programar, unha vez que a pandemia nolo permita, toda a actividade pendente e continuar coa atención prevista, ademais de financiar toda a actividade extraordinaria necesaria para restablecer os prazos de realización de probas previos á pandemia.

Neste sentido, este plan de recuperación da actividade abordarase reforzando o concepto de hospital único, para permitir optimizar toda a capacidade do sistema na resolución de toda a actividade, especialmente cando se trate de patoloxías tempodependentes.

Pensando en que superamos a pandemia, temos que pensar no sistema de saúde que queremos e necesitamos para o futuro. Por iso estamos deseñando xa ferramentas que permitan o mellor acceso tanto á atención médica como á información por parte dos usuarios. Temos deseñada unha nova aplicación, denominada Sergas móbil, na que, ademais de mellorar o acceso a aplicacións xa asistentes de xeito máis intuitivo, se introducirán novas facilidades, como o acceso á tarxeta sanitaria virtual e tamén á videoconsulta. Con isto pretendemos achegar máis a sanidade aos cidadáns, permitindo contar con ferramentas coas que poder acceder máis facilmente á información, como a folla de medicación activa, e facilitar tamén a recollida de turno nas consultas, etc.

Aínda que, como saben, o meu compromiso é acadar a maior porcentaxe de presencialidade, no caso das teleconsultas que se realicen, o noso obxectivo é mellorar a comunicación co paciente. Como dicía, implantaremos progresivamente —xa se fixeron as probas— a denominada videoconsulta, que mellorará, sen dúbida, a calidade da atención nos casos nos que non sexa posible ter esa atención presencial ou nos casos onde o médico e o paciente estimen que por videoconsulta se pode resolver o problema en cuestión.

Aínda así, por suposto, seguiremos traballando para recuperar a presencialidade, tal e como me comprometín neste Parlamento. De feito, os datos finais do ano amosan que case un 40 % —un 38,67 %— das consultas de médicos de atención primaria xa foron presenciais. E se temos en conta a globalidade das consultas que fan todos os profesionais de primaria, vemos que o dato de presencialidade chega ao 58 %.

Nos orzamentos da Consellería para 2021 contamos cunha importante partida de máis de 18 millóns de euros destinada á renovación de equipos informáticos, que nos permitirá avanzar no cumprimento destas medidas.

Por último, e tal como adiantei na comparecencia de liñas xerais desta consellería, iniciaremos os traballos para contar canto antes coa Estratexia de saúde integral; un novo docu-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mento reitor no que se fixen as prioridades sanitarias, os medios para abordalas e o resultados en saúde para avalialas. Unha das cuestións nas que deberemos de incidir é na atención primaria. O colectivo de profesionais que conforman este servizo levou a cabo un importante esforzo nestes últimos meses. Eles e elas son a porta de entrada ao noso sistema, e viron incrementada a súa carga como consecuencia desta pandemia. Estes profesionais son os máis próximos aos pacientes, polo que debemos de retomar canto antes o proceso de cambio do modelo cara a unha atención primaria onde se priorice a atención ao paciente e os sanitarios conten con todos os recursos para iso.

Por iso é necesario modificar diferentes decretos, o cal require un importante estudo na normativa vixente, e as súas posibilidades de reforma. E por iso quero anunciarlles que para que o traballo de loita contra a pandemia non demore máis este obxectivo temos decidido crear, dentro da Consellería de Sanidade, un departamento destinado en exclusiva a esta tarefa, para que poida encargarse dende xa, precisamente, de levar a cabo un traballo de planificación deste futuro.

En definitiva, seguimos traballando para poder darlles a todas e todos os galegos a mellor atención sanitaria posible e tamén para ofrecerlles aos sanitarios do sistema público galego as mellores condicións para poder atendelos.

Agardamos poder contar con vostedes nestes moitos e complexos retos que nos quedan por diante.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde, señor conselleiro.

Esta é a súa segunda comparecencia —creo— en pleno dende que é conselleiro —permítame o chascarrillo—, mentres que a ministra que vostedes criticaron, que é ministra dende hai pouco, leva dúas xa no Congreso, nun mes. Vostedes tenden a dar un pouquiño menos de explicacións, pero está ben que vostede compareza para poder compartir algunhas cousas.

A situación, como vostede di, é grave. Aínda que a tendencia é descendente, é grave, compartimos isto que vostede dixo; unha análise que cremos moi acertada nun punto clave, por-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que errar agora tiraría por terra todo o feito nos últimos tempos, sobre todo nas últimas semanas, sen embargo, acertar permitiría acelerar ou polo menos manter a tendencia. Digamos que estamos probablemente, como din todos os expertos, nun punto do modelo no que nos permitiriamos asumir que é o máis clave no que temos. Probablemente agora debemos de decidir —aínda que non é esa a palabra— como sociedade se continuamos ou non.

Por iso é importante non equivocarse, e nós desexámoslle a este goberno, que toma as decisións, que non se equivoque. Como lle trasladamos moitas veces, nós compartimos as decisións do Goberno; ás veces podemos estar máis ou menos de acordo, pero compartímolas, e se cremos que se equivoca, tamén as compartimos, porque é moi difícil asumir situacións como esta.

É certo que xa puidemos ir afinando algo máis. Compartimos situacións do Goberno que son políticas, porque eu non paro de ler cada día ou cada dous días que «o Comité Clínico tomou decisións». Non, non é certo, incluso nos comunicados oficiais que difunde a Xunta de Galicia e que di «o Comité clínico acordou...». Non, o Comité Clínico informa, porque, se acordara, non as anunciaba Feijóo dous días antes. Bueno, a semana pasada tamén as anunciou e vostede tivo que saír a dicirlle que non, pero agradecémoslle que lle pare un pouco os pés. En todo caso, se xa non se poñen de acordo entre vostedes, imaxinen..., como para que o Comité Clínico acorde algo. Imos ser sensatos con iso.

Trasladou vostede aquí, ademais desta situación, unha perspectiva sobre como imos ter a sanidade do futuro. E é certo, nós temos dez minutos de intervención, non podemos entrar en todo o debate, pero parécenos interesante, e por iso traemos sistematicamente iniciativas. Mañá hai unha sobre oncoloxía que plantexa o BNG; nós plantexamos ese debate xa antes de finalizar o ano pasado. Estamos interesadísimos en tratar sobre a cuestión de saúde mental, e temos rexistradas iniciativas que virán a debate moi pronto. En fin, cremos que aí hai algúns espazos a mellorar.

Lémbrolle, só por poñer ese exemplo, que en oncoloxía este grupo parlamentario do que eu son voceiro en sanidade plantexou aquí estudar a posible redución de diagnósticos no 2020, e incluso facer un estudo, e levou o voto contrario do Partido Popular. Hoxe vostedes, polas respostas deste grupo a quen lles fala, xa están asumindo que reduciron un 10 %, pero probablemente é máis. Polo tanto, imos ver se somos capaces non só de dicir que se fan as cousas, senón de traballar por elas.

Nós imos falar especialmente da situación que nos trouxo ata aquí en termos de pandemia, porque é o principal, ademais da situación da dificultade e de compartir que as decisións son difíciles. Hai unha cuestión sobre as medidas, e é que nós cremos que algunhas cousas son mellorables; como dicimos, non na concreción das medidas, que, se opinamos, o opinamos en privado e trasladámolas, pero non niso, en todo caso, si nalgunhas cuestións periféricas, por exemplo, nos anuncios sistemáticos e descoordinados. Produce un certo desacougo ver —xa lle mencionei algún caso— como se anunciou unha «desescalada *interruptus*» hai dez días. A pouco que este goberno se sente presionado, comeza a facer anuncios. Outra cousa, non, pero a este goberno con anunciar cousas vaille moi ben; o que pasa é que despois non as cumpren. Entón, a xente que está en vilo cos negocios, que está coas persianas baixadas,

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que está coas neveiras paradas na hostalería, viu como un día o señor Feijóo lle dicía: «o luns desescalamos», que ao día seguinte vostede dixo: «Uhhmm..., non é prudente», que ao día seguinte o señor Feijóo volveu manter que desescalabamos e que vostede tivo que volver saír dicir que non era prudente. E, ao final, chegado o día, xa ninguén sabía se desescalabamos ou non, e foi que non daquela e que si desta; menos do que se ía dicir, máis do que tal e, coma sempre, ao final, hai que facer un sudoku para saber as medidas.

É importante ter un pouco de claridade, porque a xente que está mal, aínda por riba, non pode aturar unha situación na que non sabe que vai pasar mañá. É moi difícil facer previsións a longo prazo, é moi difícil facer previsións incluso a medio prazo, e non é fácil facelas a curto prazo, pero, polo menos, non engadamos certo desacougo.

Dá a sensación de que —e isto repetímolo varias veces— a oposición estamos máis preocupados de ser leais para que atopen solucións ca vostedes, que parece que están máis preocupados do relato e da imaxe. A ver se somos capaces de saír diso.

Citou vostede os cribados, unha boa medida. Hai algunhas desordes nos cribados. Hai algunhas poboacións nas que se fai no mesmo lugar e outras ás que lles mandan desprazarse. Lembre que na primavera este goberno saíu en tromba a falar moi mal dos estudantes. Os estudantes de Santiago eran os culpables de todo. Fíxose un cribado e tiñan menor incidencia da covid que no resto da poboación. Ninguén lles pediu sequera unhas mínimas desculpas. A ver se van volver facer un cribado para volver botarlles a culpa das cousas. Tamén lles pasou coa hostalería, que eran os culpables e, ao final, os cribados aos hostaleiros tampouco demostraron iso. *(Aplausos.)*

Respecto dos recursos, nós vimos demandando dende hai tempo máis persoal. Non é suficiente o persoal que temos para vacinar, por moito que queiran vender números multiplicados nunha calculadora. A realidade di que non. Vostedes xa están empezando a asumir «que podemos ter que recorrer a profesionais de primaria, que son moi bos». Son boísimos, pero a cuestión está en que por que non contratar e manter os profesionais de primaria, que xa están saturados, que xa teñen unha dificultade para facer o traballo. ¿Para que imos retirar de aí podendo contratar? ¡Se contratar agora persoal sanitario é, probablemente, a medida máis aplaudida socialmente, a máis xenerosa que se pode entender! Ademais, en termos de custo —sexamos sensatos—, contratar persoal sanitario hoxe para vacinar non é un custo, non o é; non ten un impacto real nas contas e nos orzamentos, e máis cando teñen 1.500 millóns de euros que chegaron do Goberno de España.

Vacinas. As vacinas son un éxito colectivo, a pesar dalgunha interpretación que se quixo facer esta mañá —certamente nauseabunda— dalgunhas cuestións. As vacinas son un éxito colectivo, dicímolo constantemente; un éxito de todos: da ciencia, en primeiro lugar, da cidadanía, pola paciencia, e dos gobernos, das administracións, que as puxeron en marcha, que as negocian en Europa, que as distribúen nos gobernos dos Estados e, no caso noso, que as distribúen ás comunidades autónomas.

A este goberno cústalle moito isto dos éxitos colectivos. Se é propio, gústalle moito, pero, se é colectivo, xa non lle gusta. E nós dicímoslle: este goberno é parte dese éxito, pero parece

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que queren os éxitos sós. Están nesta permanente visión, neste mundo do Goberno de Puigdemont. Vostedes son un pouquiño como Puigdemont: «*España nos roba*» sempre. E distribúen esta idea de que a dispersión das vacinas ou que a difusión das vacinas é incerta. Por certo, con algún cálculo que non superaría primeiro de Matemáticas sobre que a porcentaxe de xente que temos nunha poboación ten que ser proporcional ás vacinas que recibimos do Goberno de España... Non, non. Miren, o acordo de vacinas está feito, vostedes son partícipes do acordo, vostedes subscribiron ese acordo e o acordo é bo porque o que di é, basicamente, que recibiremos as vacinas en función da porcentaxe que teñamos de cada grupo con respecto á nosa poboación. É dicir, se hai que vacinar a 8, recibiremos 8; se hai que vacinar a 100, recibiremos 100 e se hai que vacinar a 200, recibiremos 200. Porque dicir o contrario é dicir que vai quedar xente sen vacinar. ¿Queren dicir vostedes que vai quedar xente sen vacinar? ¿Queren vostedes implementar esta estratexia do medo? As vacinas están para distribuír, e o único que temos que facer é conseguir entre todos que as vacinas que teñen as farmacéuticas agora cheguen. Pero a distribución está pactada e, evidentemente, todos os grupos poboacionais chegarán no momento que teñen que chegar. Dicir o contrario é mentir directamente. Pero este goberno respira manipulación; ás veces é un tufo un pouco insoportable.

En todo caso, se vostedes acordaron —e celebro que vostede o dixera aquí— algunhas cousas sobre o interterritorial, o penúltimo neste caso, e acordaron algúns avances, que así o fixeron, felicitámolos. Nós cremos que ese é o camiño. Ademais, está o do interterritorial famoso do 23 de decembro, no que vostedes acordaron todo isto que agora de vez en cando algúns membros do seu goberno saen a criticar, a pesar de que o firmaron, pero, xa sabe, isto a min lémbrame moito a algúns gobernos, a estes que din que a culpa de todo é do outro sempre, de España principalmente. Está ben, España está aí para que lle boten a culpa; é unha función histórica tamén, en todo caso.

Nós o que dicimos é que está ben ese nivel de compromiso e de coordinación que vostedes tratan de desenvolver. E seguro que algunhas das cousas que vostedes plantexan nós podemos velas doutra maneira, pero, en todo caso, celebramos que cheguen a eses acordos. Eses acordos implican, entre outras cousas, eses calendarios de distribución. Dígallo ao seu goberno, porque ás veces non se enteran. Pero, ademais diso, implican unhas medidas sobre os grupos. Verá vostede que nós non facemos unhas críticas —e pídensenos ¡eh!; ben seguro que a vostede tamén—... Todos os colectivos cren ser de primeira liña agora, todos. Vostede sábeo perfectamente. Nós poderiamos estar dicíndolles a todos que si. A medida que vostedes tomen sobre os colectivos está ben tomada, porque son o Goberno, que ten que decidir, e porque facelo é moi complicado. Non nos verán facendo esa crítica de que todo o mundo ten que saír, de que todo o mundo ten que ser primeira liña. Non, porque se todos son primeira liña, ninguén o é, e non hai que ser demagóxicos con isto.

Por tanto, nós cremos na capacidade deste goberno de facer moitas cousas ben, porque, cando está acordando cousas, faino ben. Cando sae a discrepar só por xerar tensión, non, porque, ao final —e trasládoo novamente—, nós defendemos que isto é un éxito colectivo se o facemos ben, pero ás veces dá a sensación de que este goberno está máis preocupado do maldito relato e de contar outras cousas. Hai que contar contaxiados e reducilos e non andar contando votos ou titulares de prensa.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A nós nesa liña non nos van atopar, pero, na de colaborar, si, e desexámoslle, coma sempre, que poidamos seguir traballando para que esta pandemia a superemos canto antes; non moi rápido, porque, se queremos ir moi rápido, chegaremos tarde, pero si na medida en que o necesitemos. Nese sentido, conta coa nosa lealdade nese plano.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Boa tarde de novo.

Grazas, señor presidente.

No anterior pleno falabamos de como se estaba a desenvolver esta terceira onda da pandemia, de cales eran as liñas a seguir no Plan de vacinación contra a covid. Desde o BNG levamos advertindo durante estes meses de pandemia que é importante limitar as improvisacións ao mínimo imprescindible e que hai que ter unha estratexia clara de actuación por parte do Goberno. Vostede mesmo, señor conselleiro, falaba do plan deseñado, no que se recollían xa non só as características das vacinas —tanto a de Pfizer como despois a de Moderna, e que nos últimos días tamén incorporou as características da vacina de AstraZeneca—, senón tamén a loxística, a organización, o rexistro, a aplicación, a formación, etc., mais que lles faltaba simplemente o número exacto de vacinas a recibir, cal ía ser a frecuencia da recepción e que ese era o condicionante principal polo cal non se lles permitía afinar nas súas previsións.

Xa se encargou o señor presidente de sacar peito en reiteradas ocasións facendo as contas da leiteira de canto lle ía levar vacinar a toda a poboación se lle desen o número que el solicitaba, e, ao final, creo que no último cálculo case sobraban horas do día para vacinar a todas as galegas.

Anunciou vostede mesmo tamén ese día que se comezaba a vacinación das profesionais sanitarias que non eran de primeira liña e a das traballadoras do servizo de axuda no fogar e como se estaba a avanzar para a vacinación de persoas grandes dependentes e tamén das que son maiores de 80 anos. Parece que había unha estratexia clara de como ir organizando os diferentes grupos de vacinación e que estaba máis ou menos previsto como se ía desenvolver.

Pero na mañá de onte tivemos unha pequena sorpresa. Profesionais docentes de diferentes centros educativos, tanto de primaria como de secundaria, de diferentes puntos do país e de diferentes franxas de idade recibiron unha cita para seren vacinadas sen ningún outro aviso previo; citación que se deu sen máis organización, o que contribuíu a crear situacións de difícil xestión, como pode ser que foi convocada unha boa parte dos claustros

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

avisando cunha marxe menor a 24 horas e sen deixar espazo para deseñar alternativas de atención ao alumnado. Así, hoxe pola mañá, 200 docentes que estaban citadas ás 8 da mañá en Montecelo agardaron horas pola vacina amoreadas nun corredor, e mentres en numerosos centros de ensino o profesorado de garda viuse claramente insuficiente para atender a todo o alumnado, así que tiveron que estar nos patios para poder prestarlles atención.

Pero o mellor de todo é que o conto non remata aquí. Esta mañá os equipos directivos dos centros de ensino recibiron o aviso de que as profesionais ían ser avisadas; é dicir, avisan hoxe de que as ían vacinar, cando xa están vacinadas. Houbo centros que chegaron a recibir esta notificación á unha e cuarto do mediodía; un aviso —aquí está— *(A señora Carreira Pazos mostra un documento.)* que —hanme de desculpar— é moi pouco serio e moi pouco rigoroso. Aínda que sexa simplemente polo criterio formal, é triste que se mande unha notificación sen unha mísera sinatura, tan só cos logotipos da Consellería de Educación e de Sanidade e co membrete do Xacobeo 2021. Non se sabe quen envía esta notificación, se parte directamente de ambos os dous conselleiros, se é algunha dirección xeral..., nada.

Neste aviso recóllese tamén unha estimación do tempo preciso para recibir a vacina. O proceso terá unha duración prevista de 8 minutos, logo dos cales hai que permanecer no centro sanitario un total de 15 minutos para estudar posibles reaccións adversas graves. Hai docentes, por exemplo, que están a traballar no instituto de Viveiro e que hoxe tiveron que acudir a Burela. Quero pensar que non houbo ningunha variación neste aspecto. Normalmente este traxecto en coche leva máis ou menos media hora. Non sei onde se contempla, onde se recolle, esa hora de desprazamento nin tampouco as posibles demoras na atención, que as houbo, e que hai que sumar á ausencia de 23 minutos que se prevía e que terá que ser asumida polas compañeiras destas profesionais.

E todo isto está a suceder a pesar de que con anterioridade xa se lle tiña solicitado ao Sergas un plan de actuación para evitar situacións de caos e de desorganización, mais foi isto o que finalmente imperou, solapándose a vacinación das docentes coa das persoas maiores de 80 anos. E todas estas citacións danse, ademais, cando non son coñecidos os criterios que se seguiron para decidir que profesionais se vacinaban e cales non. Non hai indicacións claras e mestúranse incluso as idades das persoas citadas, contradicindo as mensaxes que se envían desde o propio Sergas. Alégrome, de verdade, moitísimo polas agraciadas que recibiron hoxe a vacina, mais permítame apuntar que isto semella máis unha tómbola que un plan de vacinación serio e rigoroso, como debera ser. *(Aplausos.)*

Resulta inconcibible que un procedemento tan importante como debera ser a vacinación aconteza de tal xeito, citando primeiro as docentes, como dicía, e sen ningún aviso para vacinalas ás 24 horas, notificando aos centros que estas profesionais van ser vacinadas ao día seguinte, cando están recibindo esas doses. E despois de todo isto, ao final de todo este proceso, é cando se reúnen coas representantes sindicais para explicarlles o procedemento que se vai seguir. Non pode ser que a estas alturas da película exista tal falta de planificación e de organización; non pode consentirse que, cando levamos un ano —¡un ano!— con esta situación, a tónica xeral sexa a da improvisación e a da ausencia total de rigor.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Aínda que si vou salientar unha pequena mellora que introduciron con respecto a anteriores grupos profesionais: tendo en conta que as vacinas nalgúns casos poden producir reaccións despois da súa inoculación, que son leves, pero que poden implicar que unha determinada profesional non poida acudir ao seu posto laboral nas 24 horas seguintes, foi verdadeiramente arriscado vacinar servizos hospitalarios enteiros na mesma xornada, que incluso acabaron por producir que algúns destes servizos estivesen traballando practicamente en servizos mínimos pola cantidade de profesionais que precisaron repouso domiciliario.

Como dicía, non temos ningún tipo de información de cales son os criterios que se están a seguir para elaborar as listaxes de citación e tampouco de cales son os medios cos que se prevé contar de cara a unha posible mellora no ritmo de subministración das vacinas. E non pode ser que esteamos sempre pendentes da última moda, esta moda que trouxeron consigo os últimos cambios nas restricións, que é a de estar pendentes de que se publique o DOG ás once da noite.

Respecto da evolución da pandemia, o certo é que melloran as cifras de pacientes con infección activa, tamén as de pacientes ingresadas, mais cómpre máis que nunca evitar discursos triunfalistas e non baixar a garda. No día de hoxe aínda temos a 146 pacientes ingresadas en coidados intensivos e acumúlanse 2.187 falecementos desde o comezo da pandemia. E falo de ingresos en coidados intensivos e non das UCI, porque estas unidades levan semanas cheas; UCI como a do CHUS, na que as súas profesionais aínda manteñen as reivindicacións, a pesar de que vostede xa comentou no anterior pleno que xa está licitada a obra para a reforma tan necesaria que precisa esta unidade. ¿Por que as manteñen? Porque pasan de ter 15 camas a 12, coma se sobrasen as camas de UCI.

E todo isto dáse, ademais, cando empezan a ter un maior peso as cepas do virus con maior potencial de expansión e de contaxio. A terceira onda da pandemia foi e está sendo devastadora para o noso país, e é que a metade dos falecementos que se deron desde o comezo da pandemia sucederon nos últimos tres meses, chegando a superar durante días e días a cifra de 20 falecementos diarios; 20 persoas cada día que perderon a vida por mor desta infección. Por iso, desde o Grupo Parlamentario do BNG consideramos que debe imperar a prudencia á hora de anunciar desescaladas e cambios nas medidas para evitar posibles repuntas. E é que esta nova desescalada que se anunciou onte, coa incidencia da enfermidade en descenso, sucede cando os hospitais aínda están nunha situación peor que cando se iniciou a desescalada previa ao Nadal.

O certo é que melloran as cifras de contaxios, pero se hai algo que non varía e sobre o que non se albiscan cambios é a situación das profesionais do sistema público de saúde; profesionais que levan un ano traballando nunhas condicións que deberan ser excepcionais e que xa están practicamente asimiladas como cotiás, coa atención primaria afogada, e onde queda moi lonxe aquela cifra que vostede dera no comezo desta lexislatura de 30 pacientes diarias. A atención primaria está a asumir unha parte importante do labor de rastrexo e identificación dos casos sospeitosos de covid-19, ademais de toda a atención á patoloxía non covid e a atención á saúde mental, que xa se prevé como a gran damnificada no período pospandémico. E todo isto cunha gran carga burocrática que trouxo consigo a pandemia e —permítanme— que non é en absoluto desprezable.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mencionou vostede o Plan de intervención psicosocial para o apoio e a atención do persoal do Sergas. Como xa se esgota o tempo, reservareino para a miña seguinte intervención, porque pode ser importante.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boa tarde de novo.

Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, conselleiro.

Desde o Grupo Popular agradecemos a vontade do Goberno de ser transparente e de informar sobre a evolución da pandemia. Agradecémola sempre, ademais, ben sexa neste Parlamento ou sexa ante calquera medio de comunicación.

No anterior pleno o Grupo Socialista lamentaba que o presidente da Xunta xa non comparecía tanto ante a prensa como durante a primeira onda. Dicían que era porque,, agora que tiña a responsabilidade, se agochaba. Pero resulta que o luns pasado deu unha rolda de prensa e xa saíu o voceiro do Partido Socialista a queixarse de que era TeleFeijóo.

A nós parécenos ben que a Xunta dea información ante os medios, ante o Parlamento ou ante a poboación xeral, porque a cidadanía nestes momentos necesita información; información veraz. Ante tanta terxiversación de feitos, agradécese a veracidade. Para manipular e para embarrar xa están os demais, os grupos da oposición. Non nos sorprende, porque, mire, é o de sempre: se facemos, porque facemos e, se non facemos, porque non facemos. Agora vacinamos demasiado rápido, abusamos... Non se entende, sempre hai algún porqué.

Esta fin de semana, en Santiago, tivemos a desgraza de ter aquí unha especie de cumio da desinformación: grupos negacionistas da pandemia chegados desde diferentes lugares e saltando toda a normativa vixente percorreron as rúas para desinformar sobre a Lei de saúde, ao mesmo tempo que os grupos da oposición daban roldas de prensa para desinformar no mesmo sentido. Unha estraña concorrencia... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Así foi, así se escribe a historia. *(Protestas.)* *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, esta fin de semana os negacionistas da pandemia de toda España viñeron a Galicia a unirse aos negacionistas autóctonos, que levan anos negando a realidade do sistema público de saúde de Galicia. Eses grupos que levan anos negando a mellora da nosa sanidade pública, facendo de profetas da apocalipse do desmantelamento, tiveron que ver como a atención primaria —que levan anos dicindo que está saturada— puido facerse cargo

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do seguimento de máis de 20.000 pacientes que superaron a covid no seu domicilio, coa asistencia dos sanitarios de primaria, e como eses hospitais que levan anos dicindo que non funcionan resistiron picos de máis de 200 pacientes covid nas unidades de críticos e de máis de 1.200 pacientes en hospitalización. E tamén esas infraestruturas sanitarias que demonizaron, como o Hospital Público Álvaro Cunqueiro, fixeron posible non só atender os pacientes da área sanitaria, senón tamén recibir pacientes doutras áreas con máis problemas e mesmo ofrecer espazo ao veciño Portugal.

Esta foi e está sendo a realidade da sanidade galega nesta terceira onda, unha onda durísima para toda a poboación e para os profesionais sanitarios, pero que serviu para demostrar que temos unha sanidade pública forte, uns hospitais con recursos, unha atención primaria potente e unha plantilla que, cos reforzos necesarios, foi quen de afrontar ao mesmo tempo a onda máis dura da pandemia e o inicio do proceso de vacinación. Esta é a realidade constatable e demostrable con datos.

Por suposto, temos que lembrarnos dos que xa non están, de todas as persoas ás que esta terceira onda levou antes de tempo. Estamos con elas e coas súas familias, pero penso que tanto a nós como a elas nos queda ese consolo de saber que o Servizo Galego de Saúde tivo sempre á disposición todos os recursos para non dalas nunca por perdidas. Loitouse por todas e cada unha desas vidas ata o final e nunca faltou persoal nin medios materiais para atendelas. Ninguén que precisara unha cama hospitalaria ou unha cama de UCI quedou sen ela.

Isto, por suposto, non quere dicir que nos conformemos. Desde mediados de decembro ata hoxe perdemos case 1.000 galegas e galegos. Isto é moito máis do que ningunha sociedade pode tolerar nin asumir como normal.

Pero estes datos que vostede nos amosou son posibles non por casualidade, non é por sorte; a sorte e a casualidade en sanidade non existen. Isto é froito dun goberno que xestiona, que toma medidas equilibradas e sensatas e que, ademais, as toma con sustento científico, porque se apoia nun comité clínico independente e cuxa composición é totalmente transparente.

Por iso felicitamos o conselleiro polos avances que hoxe nos anunciou para ter unha desescalada máis segura e para ter un plan de vacinación eficaz e que protexa canto antes as persoas máis vulnerables. Esas e non outras son as medidas que nos van librar de ter que vivir unha situación como a destas últimas semanas.

E permítame que me fíe do criterio deste goberno e do Comité Clínico que o asesora, tan cuestionado aquí ultimamente. Un comité ao que o Goberno, a pesar dos desprezos dalgún membro da oposición, agradece e ten en conta o traballo que veñen facendo desde o inicio da pandemia. Por suposto, as medidas que se toman neste comité son consensuadas e, desde logo, tidas en conta polo Goberno.

Puxéronse aquí en cuestión as medidas tomadas durante o Nadal, aínda que foron bastante máis estritas das que propoñía o Goberno central. Pero dá igual, neste Parlamento temos un

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSOE que nos pide insistentemente que asumamos o erro de facerlle demasiado caso ao Goberno do PSOE e de non afastarnos aínda máis do que se recomendaba desde este ministerio. Eu estou segura de que todo o mundo pode equivocarse nas súas previsións. A virulencia desta terceira onda sorprendeu a gobernos de todas as cores e, ao contrario que na primeira onda, sen ter instancias superiores insistindo nas advertencias.

Polo tanto, eu tamén animo a Xunta e o Comité a recadar cada vez máis datos para afinar mellor nas súas previsións, pero fago unha recomendación aínda máis encarecida: que, por favor, á hora de falar de previsións, non lle fagan caso nunca ao Partido Socialista. O Grupo Socialista fala moito aquí de recoñecer erros, pero aínda non lles escoitamos pedir desculpas polo seu primeiro erro desta lexislatura, que foi pedir que as eleccións autonómicas se atrasasen máis alá do verán. Ese mesmo Partido Socialista, que fala agora de que a Xunta non tivo previsión na terceira onda, dixo literalmente que facer as eleccións en xullo era unha lotaría e propuxo levalas a setembro. En xullo, cando se celebraron as eleccións autonómicas, a incidencia acumulada a 14 días en Galicia era de 9; a positividade das probas era do 0,3 % e había un total de 230 casos. Nunca en ningún momento, desde que rematou o mes de xullo, volvemos ter datos tan baixos como aqueles, e aínda non recoñeceron o erro de cuestionar aquela data electoral, que se puxo cos criterios científicos da Xunta e do Comité Clínico e que demostraron ser certeiros.

Hai uns días vimos outra cara dese mesmo PSOE que dicía aquí en xullo que estabamos a poñer a situación en risco por votar nesas condicións e que tiña alcaldes pedindo a suspensión das eleccións. Ese mesmo PSOE aplaudiu o seu ministro Illa *(Murmurios.)* durante a campaña electoral que se celebrou en Cataluña, cunha incidencia acumulada de 14 días —que aquí tiñamos de 9— alí superior a 300 e con 25.000 casos activos en Cataluña.

Os mesmos que aquí nos chamaron irresponsables por facer as eleccións galegas no mellor momento epidemiolóxico aplaudiron que as eleccións catalás se celebraran no mellor momento político, para eles, claro.

Se as nosas medidas de decembro foron para o Partido Socialista de Galicia unha estratexia de salvar o Nadal, ¿como habería que chamarlles a esas medidas máis laxas que propoñía o Ministerio? Se cadra, serían medidas para salvar o candidato Illa.

Polo tanto, señor conselleiro, é moi duro ver que os que nunca recoñeceron eses erros tan evidentes como estes veñan agora exixindo aos demais.

E o mesmo pasa co Bloque Nacionalista Galego. Acabamos de ver como as medidas que tomou a Xunta en Galicia conseguiron reducir nun 80 % a incidencia en 20 días. ¿De verdade que non van recoñecer o erro que cometeron cando dicían que as medidas da Xunta eran parches e que era necesario un confinamento total de 15 días para obter eses resultados? ¿Que efectos podería ter suposto ese peche total que vostedes pedían tan alegremente? Por suposto, efectos no emprego, efectos nos autónomos, nas empresas, pero tamén efectos sociais, sanitarios e na saúde mental. E iso que vostedes predican que están ao carón do pobo.

Vostedes sempre poñen a solución fácil por diante, sen importarlles os custos que isto poida supoñer, e, unha vez máis, as cifras amosan que se equivocan, que non era necesario ese

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

confinamento total para reverter a tendencia e dobrar a curva. Pero vostedes tampouco van recoñecer ese erro.

É certo que saímos da terceira onda grazas ás medidas da Xunta, claro, ao non quedarnos nin co modelo laxo que propoñía o PSOE nin co peche radical que nos propoñía o BNG, e é certo que, grazas a esa actitude prudente e mesurada, podemos ver o futuro con optimismo.

Agradecemos ter un goberno que tamén está mirando ao futuro na vacinación, no tratamento futuro dos pacientes que pasaron a covid e na recuperación da actividade sanitaria para moitos pacientes non covid, que viron adiadas as súas consultas ou intervencións, na creación dese comité clínico poscovid ou na Estratexia de saúde integral.

Nós agradecemos á Consellería que siga traballando con esta visión a longo prazo no sistema sanitario e que non quede cos reproches, as falsas polémicas e as anécdotas coas que a oposición quere empequenecer este debate.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a réplica, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Presidente, señorías.

Señor Torrado, en primeiro lugar, quero agradecer o ton da súa intervención. *(Murmurios.)* E máis alá de agradecerlle o ton, si que non vou estar de acordo con vostede, obviamente, nalgunhas afirmacións que fixo e que, se me permite, quero matizar.

Eu creo que a situación de Galicia empezou a reverter nunha boa situación epidemiolóxica pronto, efectivamente, tamén froito das medidas que —recordo— tomamos o 13 de xaneiro. Realmente, nunca deixamos de tomar medidas. Dende o mes de xullo nunca deixamos de tomar medidas semana tras semana. E, nomeadamente, no Nadal tomamos medidas as semanas anteriores —logo falarei do acordo do 23 de decembro, se me permite—. Tomamos medidas no propio Nadal, mantendo pechados concellos que tiñan incidencias acumuladas por debaixo do establecido no noso protocolo, que segue sendo o mesmo, por certo. E despois dese período de Nadal tomamos medidas o 13 de xaneiro e o 26 de xaneiro, no peor momento, practicamente. Comentaba antes os datos de ocupación hospitalaria e en críticos, señora Carreira —que eu sempre falo de críticos, nunca falo de unidades de coidados intensivos, non me escoitarán a min falar de UCI—, no peor momento de críticos e hospitalización, tomamos unhas medidas importantes, e antes incluso de que esas medidas empezaran a dar os resultados xa vimos os resultados das medidas, que tamén foron importantes. De feito —repito— os maiores cambios notáronse poucos días despois dese 27 de xaneiro, o cal vén demostrar que as medidas que tomamos o 13 foron realmente efectivas. Repito: a data de pico máximo foi o 30 de xaneiro cando as medidas máis duras se tomaron o 27, co cal a Xunta se anticipou.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ben, eses resultados bos produciron en moitos sectores a lóxica expectativa de apertura de canto antes volver retomar esa que chamamos agora «normalidade», e incluso vendo outras comunidades autónomas que con valores aínda por riba dos nosos xa avanzaban nesa desescalada. Esa «presión» por tomar medidas levou a unha situación onde calquera día que saïamos o presidente ou eu, ou calquera persoa do Goberno, se nos preguntaba por cales ían ser as medidas.

Escoiteino de primeira persoa e escoiteino nos medios de comunicación que cando ao presidente se lle pregunta que pasos se van dar, dixo que ían ser proporcionais e progresivos. Esa foi a frase que el dixo un día e que eu repetín ao día seguinte. Non houbo, nese sentido —teño que levarlle a contraria—, ningún tipo de descoordinación. Todos tiñamos claro, tamén o Comité Clínico, que, por suposto, estou de acordo con vostede en que non toma as decisións políticas, senón que as asina o presidente e mais eu; iso creo que nunca se dixo o contrario. Pero si é certo que nos respaldamos no Comité Clínico, como cremos que é o correcto.

Iso dános unha amplitude de miras con distintos sectores, tales como a atención primaria, que parece que non está no Comité Clínico; si, a atención primaria ten catro membros. De feito, é o colectivo que máis representantes ten no Comité Clínico. Isto dígollo a algunha asociación ou fundación que critica o Comité Clínico, non vostede. Pero a esa asociación si quero dicirlle que a atención primaria está perfectamente representada, e se non que nos digan que nomes e apelidos dese comité de atención primaria non deben estar nese comité e a quen propoñen para substituílos.

Dito isto, digo que o Comité Clínico tamén, evidentemente, en torno aos que estivemos semana tras semana e día tras día, en moitos casos, manteña esa prudencia, que foi o que dixemos o presidente e mais eu. Dixémolo hai tres semanas, hai dúas e hoxe mesmo; onte mesmo o dixo o presidente e eu acabo de dicilo agora: imos abrindo porque a situación epidemiolóxica o permite, pero con moita prudencia. Eu dicía hai algún tempo que a avaliación era positiva pero con prudencia, e hoxe acabo de dicir o mesmo. Nese sentido, tamén o dicía a señora Amigo: toda a prudencia que temos que plantexar nesta desescalada.

Polo tanto, en primeiro lugar, teño que dicir que non houbo ese desacordo. Totalmente de acordo con vostede en que hai outras patoloxías, e acáboo de dicir agora: as patoloxías non-covid, nos aspectos cirúrxicos, nos aspectos de demora de probas diagnósticas, evidentemente. Non se me ocorre a min vir dicir aquí que a atención sanitaria do resto de pacientes non-covid non se ve afectada. Iso é moi doado de comprobar que non é así.

Tamén teño que dicir que, xustamente, no ámbito da oncoloxía foi onde maiores esforzos se fixeron por manter esa actividade. E dicía, digo e direi que o ámbito oncolóxico dende o punto de vista de estrutura non viu mermado ningún dos seus recursos; non houbo nin menos consultas de oncoloxía médica, nin menos consultas de oncoloxía radioterápica, nin menos tratamentos de ningún destes dous ámbitos, e, por suposto, non houbo menos intervencións cirúrxicas de pacientes de oncoloxía.

Vostede fala desa redución do 10 %; dato que, efectivamente, llo demos nós, porque vostede nos pregunta. Creo que levamos sesenta preguntas dende que empezou o período parlamen-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tario, e algunha respondida un pouco máis tarde que outras —tamén teño que dicilo—, pero por fluxo de información que non sexa. Na última pregunta vostede pregúntanos e nós démoslle a resposta de que dende xaneiro a outubro de 2020 hai unha diminución do 10 %. Se facemos a conta de xaneiro a decembro, cando xa pasou sobre todo o verán e a primeira onda, esa diminución apenas chega ao 7 %, e, ademais, é da mesma orde que os datos de 2018.

Polo tanto, incluso nas consultas primeiras, no ámbito oncolóxico, teño que dicir que, en termos xerais, a atención oncolóxica dos pacientes en Galicia se mantivo. E, ademais, teño que dicilo non por min, senón por xustiza aos profesionais desas unidades, que na pandemia foron dos poucos servizos que non pecharon. Estes mantivéronse non soamente abertos durante a mañá, senón que moitos deles fixeron turnos de tarde e de noite para manter o tratamento dos pacientes oncolóxicos.

Polo tanto, non podo consentir, ou admitir, ou tolerar de boa gana, que se diga neste parlamento que a atención aos pacientes oncolóxicos diminúe no Sergas. Eu podo falar do Sergas, non podo falar doutras comunidades autónomas, onde probablemente o impacto da pandemia foi moito maior. Pero tamén me parece inxusto que eses impactos noutras áreas acaben salpicando —repito— os profesionais do Servizo Galego de Saúde, que en ningún momento deixaron de atender estes pacientes oncolóxicos.

Respecto da saúde mental, vostede sabe que temos un plan de saúde mental en desenvolvemento, que creo que, ademais, xa se degraeu na correspondente comisión, e seguiremos implantando ese plan de saúde mental, porque xa o diciamos antes da pandemia, e agora con máis motivo —efectivamente, coincido con algúns dos que interviñeron antes–: probablemente, os aspectos de saúde mental serán dos aspectos que máis teremos que coidar unha vez que esta situación se reverta.

Xa falando da pandemia, falaba vostede de certa desorde nos cribados. ¡Benditos cribados e bendita desorde! Eu creo que Galicia neste sentido, non o digo polos datos que temos agora enriba da mesa, que —como dicía antes na miña intervención— colocan a nosa comunidade autónoma no primeiro lugar en ratio de probas por cen mil habitantes; con bastante diferenza, por certo, no día de hoxe coa segunda. Pero aspectos como os cribados nos traballadores de residencias, que se facían cada semana e se están a facer cada semana, dezasete mil traballadores aos que se fai un cribado semanal polo menos con saliva e outros tantos con tests de antíxenos, a min gustaríame que nese repaso que vostede ás veces fai por todo o mundo me dixera en que país ou rexión sanitaria se fai un cribado aos residentes, aos traballadores das residencias, dúas veces á semana con distintos métodos. Eu, de verdade, descoñézoos; se mo di podo comparar os datos.

Polo tanto, evidentemente, cando se implantan procesos deste tipo, onde dicía eu na miña intervención —facendo creo que xustiza— que creo que temos colaborado cos concellos, con moitos dos concellos, de todas as cores políticas, na realización deses cribados, e formando parte activa os alcaldes e os concelleiros deses procesos, colaborando coa policía local, que —repito— agradecía antes e volvo agradecer esas tarefas de coordinación, e os cribados facíanse —téñoo que dicir— por unha cuestión epidemiolóxica. Ás veces, tiñamos

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que explicar por que se facía un cribado nun concello e non no outro, e por que se facía ou se fai con saliva e noutro faise con PCR. Hai normalmente un motivo epidemiolóxico, dado que os tests de antíxenos están orientados para un tipo de incidencia acumulada concreta, a saliva para outros, as PCR para outros, sintomáticos, asintomáticos.

Eu —como digo— confío plenamente no equipo de saúde pública, que é o que soe establecer xunto coas xefaturas territoriais os cribados máis axeitados en cada caso. Co cal teño que levarlle a contraria tamén nisto, igual que a coordinación co presidente na desorde dos cribados. Creo, francamente, que nin os profesionais que fan os cribados nin a poboación que acode a eles merecen esa etiqueta de «desordenado».

Respecto do persoal, eu non sei como explicalo. Incrementamos un dez por cento o persoal de atención primaria. Había —si, señor Torrado— hai 2.000 enfermeiras en atención primaria e temos contratado 200... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* en enfermería, señor Torrado, que incrementamos un dez por cento o persoal de enfermería de atención primaria. ¿Por que digo que o incrementamos? Porque pedimos voluntarias en atención primaria, as que deron un paso adiante substituímolas por outras; entón, esas 200 saen de primaria e son maioritariamente substituídas. Polo tanto, temos 200 enfermeiras máis, que están facendo un traballo —eu non me canso de dicilo— impresionante. Entón, gustaríame que isto tamén o dixeran tanto vostede, que —repito— no ton o estaba recoñecendo, como a señora Carreira, que parece que non contratamos a ninguén e que aquí todo o mundo está cos mesmos recursos que tiña antes. *(Aplausos.)*

Esas 200 enfermeiras, a un ritmo de vacinación bastante asumible —pola información que elas mesmas dan—, poden vacinar corenta e cinco persoas cada día. Se eu multiplico 45 vacinas por turno por 200 sáenme 9.000, nove mil pacientes día. ¿Vostede sabe cantas vacinas temos ao día en Galicia? No día de hoxe sobre vinte mil de Pfizer e, dependendo da semana, dez mil-vinte mil de Astra-Zeneca, porque de Moderna, créame que non critico o Goberno de España, non é culpa do Goberno de España que Moderna non nos pase as súas vacinas.

Pero tamén lle vou dicir cando nos chegan os datos das vacinas. Despois da reunión do Consello Interterritorial, antes da rolda de prensa, aí dannos os datos das vacinas. No Consello, non; non vaia ser que o Consello sirva para algo. Despois do Consello dannos os datos das vacinas. E ás veces o venres pola tarde. Ben, non pasa nada.

Con esas contas, ao que ía é que con 20.000 máis ou menos outras 20.000 saen 40.000 doses á semana. E a capacidade destas 200 enfermeiras adicionais é de 9.000 ao día —nove por cinco son corenta e cinco—. As contas saen, tamén as podo facer eu. Polo tanto, temos unha capacidade de vacinación en atención primaria que case é o dobre das vacinas que nos chegan. É certo: estamos esperando que nos cheguen máis e preparándonos para que nos cheguen máis, pero de momento as vacinas que nos chegan son esas, co cal non podemos vacinar máis das vacinas que temos. Iso si, formámolas en equipos de dous, están indo aos centros de saúde agora para ir formando as enfermeiras de atención primaria para cando cheguen esas moitas poida todo o mundo incorporarse.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta é a estratexia. É discutible, evidentemente. Pero reforzamos a atención primaria e estamos facendo a vacinación con estas enfermeiras adicionais, tratando de que o resto de enfermeiras de atención primaria poida dedicarse de momento ás súas tarefas. Tamén é certo que se chegara esa avalancha de vacinas eu mesmo lles pediría ás enfermeiras de atención primaria que durante un par de semanas se volcasen e fixesen vacinación. O que, ademais, estou seguro de que o van facer encantadas, porque así mo din. Co cal esa estratexia creo que é axeitada.

Falando de profesionais, no Sergas é que temos 3.100 persoas máis contratadas do que tiñamos en marzo do ano pasado. Tamén a alguén lle pode parecer pouco. Se 200 é da orde do dez por cento, estas tres mil son máis do seis por cento en todo o Servizo Galego de Saúde. Contratáronse cando chegou a primeira onda; non se marchou ninguén para a súa casa, ningún contrato se anulou. Cando viu a segunda onda volveron reforzarse por se fora necesaria. E na terceira onda volvéronse reforzar e seguen aí polo menos ata o mes de maio. Todo isto froito —teño que dicilo— do acordo que se asinou coas centrais sindicais para ter ese plan de continxencia aí armado.

Polo tanto, a nivel de esforzo en recursos humanos, tanto en atención primaria como no resto do Sergas, creo que o esforzo é importante e, ademais, a situación meréceo.

Vostede dicía que contratar agora mesmo é máis doado. Totalmente de acordo con vostede. Contratamos os bens que temos e estamos reforzando con 3.100 persoas máis o Servizo Galego de Saúde.

Falaba vostede do número de vacinas que recibimos. Pois aí tamén teño que levarlle a contraria ou non estar de acordo con vostede. Supoño que vostede sabe, porque polo que vexo ten acceso ás actas da reunión da Ponencia de vacinas, que nós pedimos en varias ocasións o criterio do envío das vacinas do grupo 1 e do grupo 2. Nunca o recibimos, señor Torrado. Dinnos que é polo número de residentes, pero ninguén nos deu a listaxe de residentes que temos, e a listaxe de Asturias. Eu recoméndolle que vaia todos os días pola mañá a *La Voz de Galicia* e mire a gráfica de *La Voz de Galicia*, onde constan as doses que recibe Galicia e como está a porcentaxe de vacinación da poboación galega. Aí pode ver vostede perfectamente cales son as doses que nos chegan respecto da poboación. Non están chegando as doses, polo menos para os primeiros grupos, de acordo coa poboación que temos.

Tamén dixen que respecto dos maiores de 80 anos, por primeira vez, esta ministra, que vostede di que transmite tanto, dixo e comprometeuse en público a que para o grupo de maiores de 80 anos iamos recibir o 8,2 % das doses. A semana que vén, que é cando recibimos o primeiro envío, confirmareillo, pero, de momento, eu co envío das vacinas aprendín xa hai algunhas semanas a non dicir nada, ata que as teño na neveira. Polo tanto, se a semana que vén chegaran, direi que para o grupo de maiores de 80 recibimos 8,2.

Para o resto de grupos, teño que dicir que non é certo. E repito: nós, Galicia, non por mérito deste conselleiro, senón que —repito— por mérito destas enfermeiras do servizo de saúde pública e a rede loxística, vacinamos durante moitos días; somos a comunidade que máis vacina, a que máis vacinas puxo. Vostede ve, vacinando como vacinamos, a porcentaxe de poboación que temos, comparada con outras comunidades autónomas cercanas a nós.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, si que hai un problema. En todo caso, ademais, aínda que o dato fora correcto, ¡transparencia! Eu non podo ver en ningún sitio con que criterio se lles asinan as vacinas a Asturias, a Galicia, a Madrid, a Cataluña e ao País Vasco; ao mellor vostede si, eu non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non eu non podo velo, eu non podo ver cal é o denominador de Asturias no grupo 1, nin no grupo 2, nin no grupo 3. É máis: teño serias dúbidas de que de Galicia teñan os datos axeitados, porque é difícil ver os datos de canta xente hai nos privados, nos públicos. Eu poderíalle contar as listaxes que nos chegan de distintos colectivos, os problemas que temos para encaixalos, porque é certo que é un tema difícil.

Repito: a min con que me deran os datos e puidera comprobarse a porcentaxe, estaría contento; non podo facer isto. Repito que si estou esperando que agora coas vacinas de Pfizer da semana que vén, efectivamente, se cumpra e poidamos vacinar os maiores de 80 anos con ese criterio.

Falaba vostede do acordo do 23 de decembro. Teño que insistirlle unha vez máis, e tamén levarlle a contraria outra vez aquí, que nós asinamos un acordo cun requisito, que era poder limitar o número de unidades familiares. Tamén llo contei a vostede en público e en privado, que se nos dixo que si e despois que non. Ademais, foi que non dicindo que en ningún caso se podía baixar de dez. Por iso nós non puidemos establecer como medida que fora menos de dez, senón que temos que dicir dez ou recomendamos dúas unidades familiares.

En todo caso, teño que dicir tamén, e xa llo dixen o outro día, que o capitán a posteriori funciona moi ben. Naquel momento todas as comunidades autónomas puxemos unhas medidas que nos pareceron axeitadas. Nós fomos, como dicía a señora Amigo, máis restritivos, case os máis restritivos, porque en Valencia foron máis restritivos ca nós, coa limitación dos días de mobilidade para visitar familiares, e o resultado finalmente foi o que foi.

Polo tanto, creo que nese sentido aquel acordo foi bo. A min gustaríame que se tivera respectado o pacto que se tiña, pero, en todo caso, creo que o problema non estivo nese acordo.

Respecto de todo o proceso de vacinas, o que máis me gustaría é saber cantas se van recibir, cunha exactitude. Como dicía antes: cústanos moitísimo facer programación porque, por desgraza e ás veces por motivos de información, e ás veces por outros motivos, a planificación témola que mudar.

E salto neste caso xa á intervención da señora Carreira, á que non lle vou agradecer o ton, en absoluto. Paréceme non sei como dicilo..., pero ¡que se fale de «tómbola» —con todos os respectos aos feirantes, dito sexa de paso— no proceso de vacinación en Galicia! ¿Pero vostede en que Galicia vive? ¿Como se pode falar dunha tómbala? Estamos falando de vacinar 170.000 persoas cunha dose, 50.000 con dúas doses. Un proceso impecable; con algún erro, evidentemente, porque son moitos os cidadáns que vacinamos. ¿E vostede fala aquí dunha tómbola? ¿Por que?, ¿por que lles mandamos un sms aos docentes con vinte e catro horas de antelación?, ¿por iso?

Nós, e acáboo de dicir eu hai un momentiño, e dixémolo hoxe pola mañá en rolda de prensa, tanto onte coma hoxe fixemos unha proba de pilotaxe cos mestres, analizamos os problemas

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que tiñamos en cada centro para vacinar, e comprometémonos a partir de mañá en vacinar 50.000 docentes. ¡Cincuenta mil, o grupo 6! Non é unha invención, señora Carreira, está no documento do Ministerio, que establece dende o 9 de febreiro cales son os seguintes grupos. O grupo 6, pódeo ver vostede aquí: 6A, as forzas e corpos de seguridade do Estado, que estamos traballando coas listaxes; 6B, os docentes de atención infantil, e o grupo 6C, primaria e secundaria. ¿Dígame vostede como preparamos 50.000 persoas e, ademais, as convocamos de xeito que a ninguén lle pareza unha tómbola, e a vostede menos? *(Aplausos.)*

Teño que reivindicar, reivindico e reivindicaba na miña intervención, e fareino sempre, o traballo da xente que está a citar, da xente que está a chamar, a xente que lle pasamos que nos di o venres o Ministerio que nos manda vinte mil vacinas de Astra-Zeneca, que os chamamos, que convocan todo o mundo.

Mire: a semana pasada, a fin de semana pasada, que, por certo, seguiuse a vacinar con toda a intensidade habitual, vacinamos os farmacéuticos. ¡E claro que os farmacéuticos nos dicían que non podían deixar a farmacia para vacinarse! Creo que a vacina é un proceso tan crítico, tan importante e tan excepcional que require medidas excepcionais, e se nunha farmacia, como pasou, convocan todos integrantes a vacinarse, a maior parte deles foron encantados. ¡Xa me gustaría a min! De feito, estamos traballando e fixemos esa pilotaxe para poñer mecanismos para que iso non ocorra.

Como se fixo, e non entenda vostede en que hospital estaba, cos sanitarios. Os sanitarios non se vacinaron todos dun servizo, polo menos non foi a instrución que se deu. Colleuse a todos os sanitarios de cada grupo: grupo 2, grupo 3..., xuntáronse e ordenáronse alfabeticamente, e citáronse por orde alfabética, para tratar de diminuír a posibilidade de que foran catro da UCI ao mesmo tempo. Iso fíxose nos hospitais, e fíxose nos docentes. Precisamente esa proba que se fixo onte e hoxe, nela utilizouse a orde alfabética para tratar de diminuír a posibilidade do que dicía. Pero nós non podemos doutro xeito buscar unha maneira de que non coincidan dous profesores do mesmo centro.

O que si que fixemos, para evitar en parte esa situación, é vacinar por centro educativo, non por domicilio, que era outra das cousas que algunha vez se nos plantexou. Nós non podemos vacinar por domicilio, porque o que temos é a información que nos pasa Educación ou os colexios privados de onde está o colexio ubicado. Polo tanto, co mellor dos ánimos, fixemos unha proba, que non chegou creo que a dúas mil persoas de 50.000, non chegamos ao catro por cento dos docentes de proba, para ver como podiamos facer. E nese proceso —¡vaia erro cometemos!— ocorréusenos sentar hoxe cos sindicatos de educación. ¿Non sei que parte da tómbola lle parece tamén mal desta reunión hoxe cos sindicatos para trasladarlles o noso punto de vista e recibir as súas achegas?

Polo tanto, teño que reivindicar unha vez máis o traballo da xente que está coordinando a campaña de vacinación, dos que vacinan. Porque a eses docentes os estivo vacinando hoxe enfermería específica, que repito que leva 170.000 vacinados en Galicia neste tempo, e creo que merecen, primeiro, o respecto, e podemos dicir que foron mal guiados, que tiveron unha mala dirección... Pero —repito— falar de «tómbola» neste proceso permítame que me pareza excesivo.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Fala vostede das obras da UCI de Santiago. Pois, efectivamente, creo que a Xerencia da área foi sensible a esa demanda. Non se puido facer noutro momento. Hai un proceso administrativo que de momento non nos queda máis remedio que cumprir, e, por suposto, cumprimos encantados, e licitouse —como vostede sabe— o día que o anunciamos aquí.

Entre as demandas que fan aos traballadores da UCI está a de ter boxes pechados e boxes con espazo. Os espazos que temos na UCI de Santiago, nos distintos espazos que posibilitan, obrígannos a pasar de quince postos a doce. É certo, pero porque estamos falando de espazos pechados e dun mínimo, porque facer espazos pechados pequenos, ao final, non servía para nada.

Analizouse coa dirección e cos profesionais do servizo esa redución a doce. Neste momento, nin quince nin vinte, habería que ter moitas máis. Pero pensando, porque as obras dese tipo, de áreas tan críticas, hai que facelas cunha previsión a longo prazo, todo o mundo estimou que esas doce camas eran máis que suficientes, polo que se ganaba na calidade dos boxes. Teño que recordarlle ademais —e vostede sábeo perfectamente— que no Clínico hai unha área, que é a que está utilizando de espazo natural a UCI agora, que ten polo menos quince postos máis. Polo tanto, se a situación volvera complicarse, teriamos doce boxes das mellores condicións posibles, que é o espazo que temos agora. Polo tanto, creo que é unha boa noticia, a pesar de que, evidentemente, a min me gustaría que foran trinta en boxes grandes, por suposto que si.

Respecto da desescalada. Ben, o mesmo que dicía antes. Esta creo que foi prudente. Por suposto, temos que ter mecanismos de reversión, e iso tamén os tivemos sempre ata agora, e tiñamos ese documento e seguimos tendo ese documento que nos permite subir e baixar, adaptarnos á situación, e seguirémolo utilizando como ata o de agora.

Fala vostede do papel da atención primaria. Súmome completamente ao que vostede di: a atención primaria está facendo un papel moi bo na contención da pandemia. Fai de rastrexador; ese labor que ás veces lles custaba recoñecer nos de primaria. Pois si, claro que si, xa o diciamos, e ségueno facendo: rastrexan moitos casos. Teño unha información dos cupos, que é difícil tela se non se está nese cupo. Fan de rastrexadores, piden probas. Teño que dicir tamén que hai tres ou catro meses puxemos un sistema automático porque cada vez que detectan un contacto, esa petición de PCR ao contacto estreito xa se fai automaticamente, e non teñen que facela eles. Pero seguiremos traballando en quitar esa carga burocrática.

Anunciaba eu na miña comparecencia esa revisión do xeito que xa estaba planificado antes da pandemia, o de poñer certos elementos nas mans de atención primaria para reducir esa carga administrativa. A propia aplicación Saúde Móbil que lle comentaba hai un momento vai permitir tamén acceder a certos documentos e evitar a necesidade de ir ao centro de saúde recoller, por exemplo, un parte de baixa. ¡Claro que estamos pensando nesa liña!

Pero, en todo caso, repito: o papel da primaria non é para nada cuestionable. Nós, se nos quere buscar para que digamos que non está facendo o seu papel, nada máis lonxe, por suposto que si, e neste caso sumámonos plenamente ao seu discurso sobre o papel da atención primaria e, por suposto, o papel dos hospitais.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Respecto dos comentarios que facía a señora Amigo, pois hai que insistir nese papel da atención primaria que vostede reivindicaba e tamén, que parece que nos olvidamos, da atención hospitalaria. ¿Que sería da pandemia en Galicia sen o novo hospital de Lugo, que este goberno rematou? É certo que outro Goberno empezou a construílo e estivo dispoñible. Tamén sen o Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo. Ou sen todas as reformas que temos feito, por exemplo, tamén no hospital de Santiago, con esas Urxencias que abrimos hai pouco máis de dous meses.

Polo tanto, cos esforzos económicos en infraestrutura en hospital e en atención primaria, eu creo que temos unha das atencións primarias mellor dotadas a nivel de estrutura. Cousa que se demostrou ou que se está a demostrar nese período, posibilitando centros de atención primaria que fagan circuítos diferenciados de covid e non-covid, ou tendo espazos onde os profesionais poden descansar sen estar xuntos ou compartindo pouco espazo.

Nese sentido, débese indicar que nestes últimos meses, por exemplo, na área de Santiago temos inaugurado o Centro de Saúde da Estrada, no que onte se vacinaba a xente de toda a comarca nunhas condicións envexables, ou o Centro de Saúde do Milladoiro, que tamén abrimos hai un par de semanas, e que tamén foi o punto de pilotaxe o pasado sábado. Non nunha tómbola, senón nun proceso previo de ver como funcionaban para poder facelo hoxe coas máximas garantías.

E, por último, vou rematar agradecendo, e collendo o pé que me daba a señora Amigo, o papel do Comité Clínico. Comentábao antes: a verdade é que é un luxo poder contar con trinta e cinco persoas, que os sábados, os domingos, os luns pola tarde, os martes pola tarde, todos os días quitan tempo da súa vida persoal e o dedican a repasar as incidencias, a ler documentos de todo tipo, de microbioloxía, de vacinas, de calquera cousa, e poñelos á disposición do Goberno da Xunta de Galicia. Repito que é un luxo. Hai outros profesionais que tamén o fan e agradecémosllelo, pero nomeadamente estes trinta e cinco profesionais están aí.

Evidentemente, como dicía ao principio o señor Torrado, axúdannos, dannos opinións. Ás veces seguimos estritamente o que nos recomendan e ás veces temos que chegar a un punto medio, no que eles tamén están, porque os trinta e cinco —asegúrollelo— non pensan de xeito homoxéneo.

Polo tanto, hai que insistir nesa reivindicación do Comité. E creo que co apoio do Comité, coa prudencia, coa estrutura hospitalaria e de atención primaria que temos, e sobre todo cos nosos profesionais, poderemos facer que para os galegos e as galegas cada vez estas comparecencias de datos epidemiolóxicos e de vacinación sexan mellores. E aquí seguirei vindo todas as veces que sexa necesario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Iniciamos agora a apertura dunha rolda especial de aclaracións con dúplica do Goberno.

En representación do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, sabe que con este ton é sempre moito máis fácil discutir, incluso nas grandes discrepancias, algunhas pequenas, e tamén nas coincidencias que temos. Eu quero agradecerllo persoalmente.

Non vou entrar moito nas cuestións de saúde non-covid e saúde poscovid porque, ademais, sería invadir unha iniciativa que ten o BNG mañá, e son cuestións que nos ocuparían demasiado tempo.

Voume quedar con algunha das cuestións. Si, temos ese proceso cos cribados. Nós cremos —como lle dixen— que están moi ben, pero están algo desordenados nalgunhas cuestións; hai algúns datos evidentes que o demostran. Pero, en fin, discrepamos, e tampouco é unha discrepancia que nos vai levar a un enfrontamento real.

Vostede citou aquí un cálculo. Fíxese se estamos de acordo en cousas, que ese cálculo que vostede fixo aquí, o de aproximadamente estandarizar en 45 vacinacións ao día por enfermeira, é dicir, 9.000 que se poden facer nun día, é un cálculo que nós temos falado aquí; eu mesmo repetino aquí falando de vacinacións. ¿Sabe por que trouxen aquí ese cálculo de 9.000 ao día? Por facer un cálculo: 9.000 ao día son 56.000 á semana, e en dez semanas, 560.000. Ata aquí cheguei eu.

En dez semanas dixo o señor Feijóo que podiamos vacinar toda Galicia. Pero toda Galicia non son 560.000. Entón, agora explíqueme isto de que vostedes... Xa sei o que me vai contar: non, é que cando teñamos máis vacinas, pola culpa de tal..., xa colleremos aos de primaria. E nós dicímoslle... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor TORRADO QUINTELA: É sorprendente. Comparece o conselleiro, que eu debata co conselleiro parécelles peor aos demais que ao conselleiro. ¡É incrible! ¡En fin! Hai que rebaixar a tensión, deben de vivir cun pouquiño menos de tensión, que non pasa nada. ¡Tranquilidade todo o mundo! «Se hai para todos», como dixo un día aquí un.

Señor conselleiro, o que vostede me trasladará é que temos os profesionais de primaria, porque as 200 van facer un traballo impagable, sublime, e as de primaria son fantásticas. Pero o que nós defendemos é que non retiremos de aí, podendo contratar máis para non ter que depreciar a primaria nestes tempos con menos persoal. Se a cuestión é: se as imos necesitar, contratemos. Ese é o noso plantexamento.

Sobre os datos. Vostede queixouse de que reciben os datos do Ministerio cando hai as roldas de prensa. *(Risos.)* *(Murmurios.)* E a segunda apreciación que me fixo polos datos é: se vos-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tede quere velos, vaia á *La Voz de Galicia* cada mañá. *(Aplausos.) (Risos.)* Ímolo deixar aquí, porque creo que a broma se fai soa.

Nós repetímoslle o que lle repetimos sempre, a pesar da discrepancia: coa vacinación é necesario máis persoal para non retirar de primaria. Coa dificultade das decisións, que —como lle traslado moitas veces— se hai erros —¡que algo se fixo mal para estar onde estamos!—, nós tamén os compartimos. Sobre os datos —permítame—, se nós bromeamos por WhatsApp cando vostede me trae os datos. Así é que non pasa nada por discrepar.

Polo tanto, nós entendemos a situación, compartimos a dificultade e plantexámoslle algunhas advertencias sobre que si cremos que hai que ser máis claro na transmisión das mensaxes, porque a xente o está pasando mal. Pero si que entendemos a dificultade, e somos nese plano comprensivos na medida en que nos corresponde.

E o resto do tempo que me queda quería dedicalo a unha cuestión que me parece importante. Descúlpeme, señor conselleiro.

Señora Amigo, eu creo que vostede cruzou hoxe tres veces unha liña perigosa; probablemente vostede considere que non, e é lexítimo. Eu podo entender, de verdade, e pódome equivocar, a posición que vostede ten que defender. Pois ten que facer certa crítica á oposición, a pesar desta comparecencia do conselleiro, o que é bastante comprensible. Ten que buscar os puntos que á oposición lle parecen máis molestos para ver se, ademais, lles atrapa un tempo para non poder... Eu enténdoo, si é normal. Entendemos todas as discrepancias, a utilización e as perspectivas distintas.

Vostede cruzou tres veces unha liña moi perigosa, deixando deslucir algo sobre a nosa convivencia e a miña persoa, que son o que falei, cos negacionistas. Os negacionistas matan xente, porque a súa conduta mata xente. O que vostede fixo hoxe non é só grave, senón que non está á súa altura como deputada e como persoa, que é moi alta. *(Aplausos.)* Por iso plantéxolle... De verdade, a min aféctame, probablemente de máis, pero iso son cousas miñas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A min aféctame, señora Amigo. E dígoo porque indiscutiblemente de que poida ser cousa miña, eu o que plantexo aquí é que ese límite non o deberamos cruzar entre nós. Porque os negacionistas —fíxese o que lle vou dicir—, en contra dalgúns discursos oficiais partidistas, non son de esquerdas nin de dereitas, son de enfronte. *(Aplausos.)* E son enfronte de vostede, de min e sei que de todos os que estamos aquí.

Hai regates parlamentarios que non valen. Os negacionistas matan xente. Eu estou convencido...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...de que non hai ninguén aquí que os ampare. Eu, dende logo, non. E sei que vostede tampouco. Pero é que se aí fóra alguén me di que vostede é negacionista, eu vouna defender. Eu non lle pido que faga iso, non digo que me defenda en privado, pero, polo menos, pídolle que non me ataque en público por algo que —dígollo de verdade— é cruzar unha liña moi perigosa. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a respecto do que deixei sen formular na miña anterior intervención do Plan de intervención psicosocial para o apoio á atención do persoal do Sergas, enunciouno vostede, está recollido neste propio plan: o piar fundamental ou un dos primeiros pasos que se dará é o recoñecemento ao traballo feito por estas profesionais. «Cóidate para coidar», que este é o aspecto fundamental.

A miña pregunta é: ¿que medidas se van tomar para mellorar as condicións laborais deste persoal? Sabendo que nin a súa consellería nin o seu goberno poden controlar e facer desaparecer a pandemia así cun golpe de man, ¿que se vai facer para que esta pandemia teña as menores repercusións posibles sobre as profesionais? Porque se o que non estamos atendendo é a causa deste malestar, este plan o que vén é ser un paliativo.

Comentaba vostede —xa o dixo en numerosas ocasións— o aumento do 10 % da plantilla da enfermería de atención primaria. Permítame un pequeno matiz: pediron voluntarias para conformar os equipos de vacinación e contrataron profesionais para substituílas. É dicir, a atención primaria está a funcionar coa mesma cantidade de persoal, nin unha máis, nin unha menos, todo o contrario. É que de non producirse esta contratación, o titular sería moi diferente, sería que «o Sergas recorre e debilita a atención primaria para poder desenvolver o Plan de vacinación».

Nunca, en ningún momento, se dubidou do traballo que estaban a desenvolver as profesionais da sanidade, nin por parte miña, nin por parte de ningunha das deputadas deste grupo. Todo o contrario, pois recoñecemos o labor que en tempos moi difíciles están a desenvolver as profesionais, todas, desde as médicas da UCI ata as traballadoras da limpeza, que son verdadeiramente as que están a facer que Galiza poida combater a pandemia.

Permítame matizar, porque creo que non se entenderon ben as miñas palabras. Non se criticou en ningún momento que se estea a iniciar a vacinación dos grupos 6B e 6C; non foi ese o obxecto da crítica. Evidentemente, canto máis poidamos avanzar nos grupos de vacinación, ¡benvido sexa! O que se criticou foi a falta de previsión e a improvisación coa que se fixo. ¿Como se desenvolve un grupo piloto de vacinación avisando con vinte e catro horas de antelación, que non lles dá marxe ás docentes para organizaren a súa propia vida, pero é que non lles dá marxe aos centros educativos para planificaren que é o que fan con ese alumnado que deixa de ter un profesor ou unha profesora ao cargo. *(Aplausos.)* E, así, viuse como moitos centros docentes tiveron os nenos no patio, porque non tiñan profesionais de garda suficiente para atendelos.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para rematar, señora Amigo, dicir que en ningún momento faltaron recursos nin profesionais é, cando menos, falso. As axendas en atención primaria superan as 30 pacientes por día; xornadas con 40, con 50, con 60 pacientes citadas non son anécdotas. Noites en Urxencias nas que na zona covid as pacientes agardaron horas para ser atendidas a pesar de que eran de risco; xa non só de risco pola súa patoloxía individual, senón porque eran pacientes sospeitosas de padeceren a covid. Pacientes oncolóxicas, que viron aprazadas as súas operacións cirúrxicas porque no momento non se podía atender esa programación de quirófanos. E non faltan camas de UCI. Evidentemente, non faltan camas de UCI, porque se están a utilizar camas de fóra da UCI; estanse a utilizar camas de críticos que veñen de fóra da UCI.

Paréceme unha vileza —xa o dicía o señor Torrado— pretender equiparar a posición que os grupos da oposición mantivemos a respecto da modificación de Lei de saúde coa de grupúsculos anticientíficos, como poden ser os negacionistas. *(Aplausos.)* Grupos que nada teñen que ver con nós e que supoñen un grave risco para a poboación e para a saúde comunitaria. A min iso paréceme un descualificativo que non está á altura desta cámara. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Carreira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra por parte do Grupo Popular a deputada señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes de novo.

Moitas grazas, presidente.

Non sei por onde empezar. Primeiro, vou empezar por unha aclaración para o señor Torrado e tamén para a portavoz do BNG, a señora Carreira. Nós escoitamos aquí que somos ditadores, que somos autoritarios, que temos tendencias ditatoriais, compárannos cos bolivarianos, con Bolsonaro... Todo iso non é cruzar a raia, ¿non? (*Murmurios*.) ¡Iso non é cruzar a raia! *(Aplausos.)* Eu o que dixen e reitero, e xa o dixen na Comisión 5ª, e volvino reiterar hoxe, é que esta fin de semana houbo unha manifestación en Santiago que dicía que a lei era autoritaria, entre os que había moito negacionista. E dixen que esta fin de semana vostedes deron roldas de prensa para desinformar nese mesmo sentido. E o que lles pedín era que se aclarara.

E respecto á Lei de saúde, dixen que entendía que non a apoiaran. Pero que tamén entendía que se posicionaran ao lado de nós para defender que a lei non era autoritaria. Mire: *donde las dan, se toman*, e hai que saber encaixar. (*Aplausos*.)

E, señora Carreira, con respecto ás camas de UCI, na próxima imos falar das camas de UCI. E vólvolle reiterar que en Galicia ninguén morreu por quedar sen atender. Outra cousa son as esperas, pode ser, pero ninguén quedou sen atender.

Señor conselleiro, de novo reitero o agradecemento da súa comparecencia e, por suposto, polo seu labor á fronte da Consellería, e máis nestes tempos, porque a Consellería de Sani-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dade nunca foi unha consellería fácil, e a vostede tocoulle collela nun momento bastante delicado. Fronte a todas estas críticas destrutivas, as terxiversacións e o negacionismo, hai que actuar como actúa o Goberno: con responsabilidade, con fortaleza e con prudencia.

Nestes meses que quedan aínda queda moito por construír para afrontar este futuro pospandemia. Temos que afrontar unha nova desescalada con novos mecanismos de seguridade, como os que propuxo a Xunta e como os que agardamos que se poñan tamén nos concellos. Temos que avanzar no proceso de vacinación, con eses recursos humanos que a Xunta puxo para a dimensión desta nova etapa, e para o que agardamos ter esa porcentaxe de doses axeitada á nosa poboación maior que comprometeu o Goberno de España; porque quedou claro que se temos vacinas, temos persoal para poñer esas vacinas. E temos que avanzar na reestruturación do sistema sanitario tras a pandemia, na planificación, na normativa, na organización, nas estruturas e tamén na tecnoloxía. Sabemos que a Xunta está xa a traballar nesas bases, non só polos anuncios que fixo hoxe, senón polo que vimos vendo nestes días. Temos unha consellería que está mirando máis aló da pandemia, e iso é o que hai que facer nestes momentos.

Eu vou falar agora da miña provincia. A semana pasada vostede estivo alí e xa se puxeron en marcha actuacións de renovación nos hospitais comarcais, tanto da Mariña como de Monforte; eses hospitais comarcais que iamos pechar e que tanto deron que dicir. Pois vemos que hai medidas que se toman e que son importantes, non só para o curto prazo, senón tamén para o longo prazo. E aí está xa actuando a Xunta de Galicia. Agardamos ter novas noticias desa visión a longo prazo. Nós queremos ese plan de infraestruturas sanitarias que avanzou vostede na pasada comparecencia; o Plan de renovación integral de tecnoloxía sanitaria, que está contemplado tamén nos orzamentos do ano 2020-2021; o desenvolvemento do Plan de hospitalización a domicilio, coa creación este mes da nova categoría de médico de Atención a Domicilio, na que Galicia vai ser pioneira; a nova lexislación sobre a prevención de adición de menores, cuxo contido anunciou por sorte a semana pasada no Parlamento, onde se chegou a un acordo na Comisión 5ª; os plans sobre oncohematoloxía e sobre enfermidades raras, que sabemos que tamén se están a desenvolver, e esa futura estratexia de saúde, que van poñer en marcha.

En definitiva, confiamos na Consellería para poñer en marcha esas propostas de futuro a longo prazo, porque da oposición, lamentablemente, hai ben pouco que agardar neste sentido.

Xa remato. Estamos vivindo momentos duros e difíciles, tempos moi complicados, dos que ninguén das nosas xeracións recorda. Pero temos a confianza e a certeza de que temos un Goberno que xestiona, que goberna e que pensa nos intereses de todos os galegos. Iso, conselleiro, dános moita confianza.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dúplica do conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Torrado, neste caso vou empezar outra vez por vostede, pola orde e non por outra cousa.

Ben, alégrome de que, ao final, as discrepancias sobre os cribados sexan pequenas. Podemos estar de acordo en que o método escollido algunha vez é mellorable, ou as franxas sectarias de poboación que escollemos. En todo caso, insistimos nesa estratexia de anticiparnos, de detectar casos canto antes. A min, de verdade, tamén me decepciona cando facemos un cribado, facemos ao mellor 15.000 probas e non detectamos ningún positivo. Realmente, alégrome por esa poboación, pero gustaríame que ese esforzo permitira illar un caso. En todo caso, pesa a alegría por non ter encontrado ningún. Dende logo, si que sinto satisfacción cando ese dispositivo permite illar 4, 5, 20 ou 39 casos como levamos, por exemplo, nas oficinas de farmacia agora mesmo. Creo que é importante cortar canto antes as cadeas de transmisión, detectar eses casos e illalos. Son normalmente a maior parte dos casos asintomáticos que non saben que son positivos. E repito: creo que aí temos que seguir facendo un esforzo grande por seguir mantendo ese alto nivel de probas que estamos a facer.

Vostede xa dicía como lle ía dar resposta ao tema dos 9.000. Pero é que teño que dicilo, señor Torrado: nós temos 2.000 persoas profesionais de atención primaria, que non poucas nos transmiten a súa intención de botar unha man coa vacina, elas queren; a min chegáronme varios comentarios nese sentido. E nós o que lles dicimos é que hai que esperar, que imos manter de momento a actividade ordinaria de atención primaria, porque o manexo do paciente crónico é importante. E non é unha crítica, non o entenda como crítica, porque o número de vacinas que temos agora mesmo para poñer non xustifica iso. Claro que se as 2.000 colocan cada unha 45 vacinas, estamos en 90.000, e eses son os datos que o presidente traslada e que eu subscribo.

Se a nós nos chegaran mañá 500.000 vacinas, ¡que oxalá pasara!, hai dúas alternativas: empezamos a contratar, porque supoño que vostede non dirá que as teñamos contratadas antes por se acaso veñen as 500.000, ¿non? *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, si, ¿podemos contratalas? Ben, pois nós temos que dicir que non. *(Murmurios.)*

Nós temos —repito— 3.000 persoas contratadas a maiores no Sergas para prestar atención nun momento crítico como o que pasamos estas semanas atrás, seguen con nós. Quero insistir neste punto: ningunha deixou de estar con nós, van estar con nós. E é certo que se chegaran esas 500.000 vacinas, teriamos que tirar desas, e estou seguro de que temos que tirar das enfermeiras de atención primaria, porque coñecen os cupos.

Nós estamos vendo agora na vacinación de maiores de 80 que, aínda que hai unha porcentaxe moi alta de pacientes que van ao centro de saúde, normalmente acompañados dos seus familiares, hai unha porcentaxe non menor que non pode ir ao centro de saúde, que temos que ir ao seu domicilio. Pois eu creo que entre os domicilios e completar a actividade de atención primaria creo que sería un erro non contar coas enfermeiras de atención primaria

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e os seus cupos. E iso dános unha capacidade, nese suposto de que cheguen 500.000, desas 100.000-110.000 dependendo de como avancemos. E esa segue sendo a nosa intención. ¿Que nos chegan un millón de golpe? Pois habería que buscar outras alternativas adicionais, que, por suposto, tamén estamos a considerar.

En todo caso, repito —e agradezo ese recoñecemento ás enfermeiras de atención primaria—: están facendo un labor extraordinario, tanto as que están no centro de saúde como estas que poñemos de reforzo.

Respecto dos datos, nós os datos manexámolos creo que con transparencia. Calquera cidadán pode ir á páxina web e ver ao momento a súa incidencia acumulada, facer os seus cálculos. Imos completar ou xa completamos as restricións nese mapa, e seguirémolo facendo así. Máximo cando agora, cos sistemas que estamos establecendo co Comité Clínico, imos traballar —como dicía antes— cunha incidencia acumulada a 7, co cal seguramente teñamos que anticiparnos. E coa información que estea na páxina web ou noutros recursos, o cidadán vai poder ver de xeito rápido como evoluciona a súa incidencia. E imos tomar medidas seguramente máis precoces. ¿Por que van ser máis precoces? Porque a situación das novas cepas e esa explosividade parecen indicar que nos van obrigar a responder máis rápido. Polo tanto, eu non descarto que haxa un automatismo e que esas decisións se tomen de xeito inmediato, e tomaranse cos datos que están á disposición.

Outra cousa son os datos —e vou explicalo— de *La Voz de Galicia*, da súa noticia sobre a información diaria das vacinas. Eu, dende logo, esa información non a teño, e creo que eles si que a teñen. E aí —como dicía— demóstrase día tras día que as vacinas que chegan a Galicia non son axeitadas polo menos do mesmo xeito que a outras comunidades autónomas, porque, a igualdade de vacinas e a igualdade de vacinación, unhas comunidades teñen unha porcentaxe máis alta de poboación vacinada, e nós temos a que temos.

En todo caso, nós non deixamos ningunha vacina na neveira, e en canto chegan facemos o necesario, incluso ás veces facendo probas de pilotaxe dun día para outro e avisando con vinte e catro horas de antelación, para poder vacinar canto antes eses 50.000 mestres nos que estamos a traballar. E tamén dicía que estamos a traballar coas forzas e corpos de seguridade do Estado, que é outro dos colectivos que tamén temos encima da mesa para vacinar.

Respecto do Plan de intervención psicosocial, señora Carreira, eu creo que é coñecido, está publicado, trasladouse aos representantes sindicais, que maioritariamente o agradeceron e viron cousas positivas nel. Vostede dicía que quería cousas concretas. ¿Hai algo tan sinxelo como dispoñer dun psicólogo para acompañamento e apoio psicolóxico aos traballadores que así o precisen, por poñer un exemplo?, ¿ou sistemas de recoñecemento?, ¿ou outra serie de estratexias que están aí establecidas no plan? Cremos que é unha aposta importante neste momento, sempre o foi. Eu creo que dende os servizos de prevención de riscos laborais que temos en todos os centros sanitarios, como non podía ser doutro xeito, eses aspectos sempre se contemplaron. É certo que a magnitude da pandemia e a afectación que tivo en moitos colectivos, nuns máis, noutros menos, pero en xeral en todo o sistema sanitario, desbordaron todas as previsións. Creo que estamos no momento axeitado pola duración deste proceso,

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por ese alongamento das situacións, pois xa pasou o verán, xa pasou o Nadal, e a situación de momento perdura. Precisamente agora é máis necesario que antes, e por iso se toma esa decisión agora. En todo caso, repito que creo que é unha noticia boa para os traballadores. Temos moitas esperanzas postas neste plan, que sirva de verdade para corrixir esa situación que vemos dos nosos compañeiros.

Por suposto, hai que seguir agradecendo o traballo da enfermería de atención primaria e, en xeral, de todos os traballadores de atención primaria, que están a facer un traballo encomiable dende o punto de vista de seguimento dos pacientes crónicos, que seguen aí e que eles atenden, e, por suposto, todo ese primeiro labor, unha vez identificado un positivo, de facer ese seguimento diario. Xa dixemos aquí que os positivos os segue atención primaria e os contactos estreitos corentenados séguenos neste caso os militares ou a Central de Seguimento de Contactos. Creo que está ben repartido este traballo e funciona ben.

É un sistema, ademais, que se adoptou cando agora estamos a falar dun número de positivos baixo, pero cando tivemos días de 1.800 positivos había que chamar 1.800, e ás veces por catro ou por cinco, polos seus contactos, e o noso sistema, os de primaria e, especialmente, o Centro de Seguimento de Contactos, adaptouse a unha situación que foi realmente complicada. Os nosos indicadores de seguimento de chamadas a contactos non baixou do 95 % nin nos peores días de número de casos. Repito: ese é un labor importante dos compañeiros de atención primaria, que colaboraron na súa parte, e tamén desoutras estruturas das que nos tivemos que dotar, porque non as tiñamos francamente e houbo que dotarse delas.

E xa para rematar, quero agradecer, por suposto, as intervencións de todos os portavoces; os que entenden perfectamente o que facemos cada día, con máis motivo, e os que non o entenden e cren que aínda hai áreas de mellora, por suposto, seguiremos a traballar para que todo vaia mellor.

É importantísimo neste momento, ademais de atender a situación derivada da pandemia, que repito que hai apenas tres semanas estabamos nunha situación realmente complicada, e tomamos as medidas para anticiparnos e que o noso sistema sanitario nunca estivera comprometido, e adiantámonos coas medidas que dicía eu do 13 de xaneiro ou as do 27 de xaneiro para que, como dicía a señora Amigo, ningún galego tivera que quedarse sen un recurso de camas de críticos, e así foi. Creo que podemos dicir con orgullo que a ningún galego que necesitou apoio de críticos non o tivo. Tivo respiradores, tivo profesionais, é certo cun esforzo grande en moitos casos, e tivo instalacións dignas para ser tratado. Por desgraza non puidemos ter menos, ¿non? Repito que nese sentido estiveron perfectamente ben atendidos.

Agora, que esa situación baixou, temos que seguir traballando entre todos nese modelo de convivencia máis inmediata como diciamos antes, observando certas medidas, que xa non volverán ser probablemente como foron tempo atrás. Anunciabamos onte que, de momento, a hostalería vai permanecer pechada ata as dezaoito horas, e non imos ver durante un tempo, salvo que a situación así o recomende, zonas cos restaurantes ou cos bares ata as vinte e tres horas, que nos parece agora mesmo que non é o axeitado.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E estas medidas tan duras para o sector hostaleiro, ou para outros sectores que dun xeito ou outro están como a hostalería, terán que vir acompañadas —repito— de medidas de seguimento moito máis estrito, de moito máis control, de moito máis automatismo, porque —como comentaba— a situación das variantes, polos datos que estamos tendo dos servizos de Microbioloxía, os de onte mesmo que se comentaban na rolda de prensa, do 63 % de media de variante británica ou hospitais cun 88 %, fainos ser moi precavidos. Nese sentido agradezo tamén ese sumarse a esas medidas de precaución, porque creo que é o que temos que ter agora mesmo e transmitir así á poboación.

E logo seguir traballando con todas esas infraestruturas, porque a covid algún día a controlaremos entre as vacinas e todo o traballo que estamos a facer. Teremos que afrontar o seguir cos pacientes oncolóxicos, pero non só cos oncolóxicos, senón cos cardiolóxicos ou neurolóxicos. E temos que seguir tendo infraestruturas nós a pesar de que «o fácil é comprar respiradores», tamén mercamos —si, señora Carreira— equipamento diagnóstico de intervencións cirúrxicas, porque cremos que non debemos descoidar esa parte, porque os pacientes que teñen un tumor, e non é cirúrxico, temos que facer algo con eles. Se temos unha oportunidade agora mesmo en Santiago de ter o primeiro equipo destas características para un sistema público, creo que non é para agochalo nin non dicilo, e canto menos criticalo.

Seguiremos facendo iso coas infraestruturas sanitarias, con ese Plan de acomodación dos centros de saúde, de centros de saúde novos, como os que levamos inaugurando estes días, e os que seguimos construíndo e os que seguiremos a construír nestes vindeiros meses-anos, e, por suposto, con todas as reformas dos hospitais. Porque unha das ensinanzas desta pandemia é que se tes unha boa infraestrutura sanitaria, unha boa infraestrutura hospitalaria, as condicións para levar unha pandemia deste tipo son mellores que se non a tes.

Seguiremos esforzándonos na ampliación do hospital de Santiago, rematando a ampliación do hospital de Ferrol, con ese novo hospital da Coruña que temos xa en marcha, coas reformas do hospital de Ourense, coas reformas de practicamente todos os centros comarcais que temos en marcha con distintas intensidades e, por suposto, tamén con toda a tecnoloxía, o equipamento diagnóstico... Todo o que levamos investido nestes meses nas áreas de microbioloxía, por exemplo, co que somos agora mesmo un referente a nivel nacional ou incluso —diría— internacional en certas técnicas, son froito desa aposta polo investimento en infraestruturas. O que, por suposto, ten que ir tamén, ¿como non?, acompañado de investimentos e esforzos nos profesionais. O equipamento sen os profesionais non pode funcionar. E creo que, unha vez máis, tivemos os profesionais máis comprometidos coa pandemia e coa sanidade galega.

Polo tanto, aí seguiremos e eu seguirei —como dicía antes— vindo informar cada vez que sexa necesario, como fago regularmente cos portavoces e cos portavoces tamén do Goberno.

Moitas grazas, máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pasamos ao seguinte punto, ao punto 5, de mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Iria Carreira Pazos, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa nova onda de contaxios de covid-19 e a Estratexia de vacinación

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Comezamos pola moción 5.1.

A esta moción non se presentaron emendas e para formular a moción ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Ben, cambiamos de punto pero non cambiamos de tema.

Como xa mencionei na comparecencia do señor conselleiro, nesta cámara presentouse o Plan galego de vacinación contra a covid, que se trouxo perfectamente estruturado e deseñado, no cal se recollían todas as características técnicas das vacinas que se ían administrar, pero tamén as indicacións de organización, de rexistro e aplicación, e incluso cun espazo de formación para as profesionais. Un plan que —como dixen— só precisaba do número exacto de vacinas que se ían recibir en cada quenda de repartición e que con iso quedaría perfectamente estruturado.

Era un plan que despois comprobamos que tiña pequenos ocos para a picaresca, pois permitiu que se incluísen nas listaxes de vacinación de persoal xente que non debería entrar nas súas primeiras fases. Xa vimos: desde altos cargos directivos de empresas multinacionais ata alcaldesas. Mais desde o Goberno sinaláronse estas vacinacións como casos illados, como casos puntuais, e aínda así non se fixeron públicos os criterios para deseñar estas listaxes de vacinación. Parece —como dicía— que había unha estratexia clara de como ir organizando os grupos.

Comentei na miña anterior intervención, e permítanme incidir sobre o tema, que onte si que se deu unha pequena sorpresa cando se avanzou na vacinación do que sería o sexto grupo: docentes de diferentes centros, de diferentes niveis educativos, de diferentes franxas de idade, que recibiron unha cita para seren vacinadas hoxe sen máis aviso previo. Citas que se deron sen marxe para a organización dos centros, cunha parte importante do claustro que tiña a vez marcada máis ou menos para a mesma franxa horaria e que se avisou cunha marxe de vinte e catro horas, sen deixar espazo para deseñar alternativas para atender ese alumnado que quedaba sen a súa profesora.

Un proxecto piloto, polo que comentou o conselleiro, para ir deseñando a vacinación que comezará mañá —se non me equivoco— das docentes e que se deu cando xa con anterioridade, desde a comunidade educativa, se lle tiña solicitado ao Sergas que se deseñase un plan de actuación claro para evitar situacións de caos e desorganización. De feito, desde este mesmo grupo parlamentario solicitouse información a respecto de como se ían organizar as seguintes fases do Plan de vacinación; información que en ningún momento foi proporcionada.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Díxeno antes, dígoo agora e continuarei dicíndoo: resulta inconcibible que un procedemento tan importante como debe ser a vacinación se realice de tal xeito, citando as docentes sen ningún aviso previo para vacinalas as vinte e catro horas, notificar aos centros que estas profesionais van ser vacinadas cando xa foron vacinadas, e despois de que suceda todo isto reunirse coas súas representantes para explicarlles o procedemento. Non pode ser que a estas alturas da película exista unha falta tal de planificación e de organización. *(Aplausos.)*

Por iso nesta moción que hoxe debatemos solicítase, por unha parte, que se elabore un informe detallado de como se desenvolveron as primeiras fases do Plan de vacinación, pero tamén que se redacte un plan exhaustivo para as fases próximas. Aínda tendo en conta que non se pode anticipar a cantidade de doses diarias que se van recibir, si que é importante que estea previsto como se van distribuír, cales van ser os grupos que as van recibir, quen as vai administrar e como se vai organizar toda esa actividade.

Despois dos sucesos destas últimas vinte e catro horas, onde —reitero— profesionais docentes agardaron horas en centros hospitalarios para ser vacinadas, mentres o alumnado estivo no patio por non poder recibir outra atención, queda manifesto que necesitamos ter ese plan; necesitamos ter a maior organización posible, porque a vacinación é un asunto o suficientemente serio como para evitar improvisacións, que veñen de facer as cousas rápido, correndo ou apuradas para ter a mellor noticia do día.

E, ademais, mentres que esta vacinación non se aplique ata acadar a tan desexada inmunidade colectiva, van seguir sendo precisas as medidas de protección xa coñecidas para todas para evitar novos gromos e repuntas nos contaxios. Medidas profilácticas que inclúen tamén un sistema de rastrexo que debe ser eficaz.

Atopámonos nunha situación na que as cepas víricas de recente descrición que teñen alta capacidade de contaxio e transmisión están a acadar unha importante presenza no noso territorio. Por iso precisamos contar con todos os medios posibles para detectar cada novo positivo e cortar a cadea de transmisión precozmente.

Tamén, como mencionaba antes o señor conselleiro, nas fases sucesivas do Plan de vacinación contémplase que, de ser preciso, se botará man das profesionais de atención primaria; profesionais, enfermeiras neste caso, que están amplamente capacitadas para este tipo de campañas. Iso demóstrano ano tras ano, tanto a través da campaña de vacinación antigripal como no caso das enfermeiras que atenden a poboación pediátrica a través da vacinación desta poboación.

Mais isto, que pode soar idílico sobre o papel, contrasta coa situación que está a atravesar a atención primaria, que é o eixo do sistema sanitario e que durante esta pandemia non viu incrementado de xeito substancial o seu persoal. Unha atención primaria que leva un ano enfrontándose ao reto de dar resposta, xa non ao seguimento, ao rastrexo de casos de covid, senón que continua mantendo toda a súa actividade asistencial ordinaria, co seguimento das pacientes con patoloxías crónicas, coa atención domiciliaria de pacientes que non se poden desprazar dos seus domicilios e coa atención a toda patoloxía psicolóxica e psiquiátrica que está comezando a despuntar como preocupante despois de todo este ano de pan-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

demia. Profesionais que levan meses vendo como día tras día a situación é máis dramática. E xa non é unha opinión persoal desta deputada, é que de todo isto faise eco o Consello de Bioética de Galiza.

Este consello, no informe que fai público o día 8 de xaneiro sobre as condicións éticas da atención primaria galega, atende unha serie de cuestións que quero facer explícitas aquí. Por unha parte, a presión asistencial intensa e mantida no tempo que están a soportar estas profesionais; a limitación do acceso ás consultas presenciais. Vostede deu o dato antes, señor conselleiro: o 40 % da actividade das médicas de atención primaria fora presencial; o 50 % se miramos o global de todas as categorías profesionais. Dada a volta, o 50 % de todas as consultas foron telemáticas e o 60 % das consultas de medicina de familia foron feitas de xeito telemático.

Continúo co informe do Consello de Bioética: a modificación das pautas da práctica clínica habitual a través de protocolos que fican obsoletos nun prazo de tempo moi breve; ter que darlle preferencia á atención dos problemas relacionados coa covid; o incremento dos labores burocráticos das profesionais; a variabilidade dos procesos asistenciais nas diferentes áreas sanitarias —temos un sistema sanitario galego que non ten os mesmos criterios na Coruña que en Ferrol, que en Vigo, que en Pontevedra—; e o descontento, sobre todo, percibido pola poboación respecto da atención en relación coa falla de información que ten a poboación galega.

Todas estas circunstancias están a afectar a dous alicerces da atención primaria: por unha banda, a súa lonxitudinalidade, é dicir, a asistencia continua e permanente no tempo que evita a fragmentación do seguimento de cada paciente, e a súa accesibilidade. A atención primaria ten que ser accesible; calquera paciente, en calquera momento, ten que ter a posibilidade de contactar de xeito eficaz coa súa médica de cabeceira, coa súa enfermeira de atención primaria, coa súa odontóloga.

Por iso, consideramos fundamental o reforzo urxente de persoal de atención primaria, porque o eixo do sistema sanitario non pode manterse nunha situación tan débil, que xa leva arrastrando máis tempo do que debera.

Consideramos que estas medidas que se recollen na moción que hoxe presentamos veñen dotar de máis corpo a sanidade pública galega. Por iso agardamos contar co apoio do resto dos grupos parlamentarios.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Carreira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Ía dicir boa tarde, pero sería un pouco repetitivo. Como di o señor Balseiro: hoxe gañei o soldo. É que tampouco somos tantos desta vez, entón temos

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que repetir, xa me entende vostede, temos que distribuír. Xa sei que son un pouco aburrido por repetir, pero intentareino.

A verdade e que é unha moción que permite —como di a señora Carreira— continuar o debate. É certo que hoxe hai unha aparente saturación de debate sobre sanidade, pero permite ter un debate máis prolongado tamén, permítenos ir pouco máis ao fondo porque profundizamos. Igual o conseguimos nisto e é interesante.

Nós negámonos a deixar de repetilo, cada vez que falamos de vacinación, e nesta moción fálase moito de vacinación, do seu proceso exitoso. Como dicimos sempre, e podéndonos espraiar máis neste caso, é un proceso exitoso porque, a pesar da aparente velocidade na vacina, que moitas veces se pode interpretar por moita xente, non foi tanta. Demorou moitos meses, pero cando hai unha dedicación de recursos, como houbo privados e públicos, unha dedicación de moito persoal moi bo en exclusiva ao traballo e cunha bagaxe de coñecemento, de investigación previa sobre traballos en vacinas e sobre viroloxía, cando se poñen os recursos, as cousas saen. E a verdade é que demorou tempo, pero ten toda a garantía e toda a seguridade, porque, en realidade, o traballo biosanitario ás veces xúlgase por xente que non vive directamente o ámbito, e parece que calquera pode discutir agora que a vacina saíu moi pronto. Se non sabes canto se tarda en sacar unha vacina, ¿como podes discutilo? A xente que sabe, esa entende perfectamente que a cantidade de recursos e de esforzo que se fixo garanten plenamente isto.

E iso é un éxito tamén por poñer eses recursos sobre a ciencia. A ver se a pandemia nos ensina a todos un pouco, que igual hai que poñelo sempre, non só facer a ciencia de bombeiro cando é necesario.

Hai algúns avances máis. A colaboración entre administracións nós cremos que é un éxito colectivo tamén, a nivel europeo. Tamén a nivel estatal, coa colaboración entre o Ministerio e as comunidades autónomas, a pesar dos intentos do relato e das tensións que se xeran. Pero co tempo saberemos, e cada vez queda máis en evidencia, que é unha intención puramente de lectura partidista, e en ningún caso ten un real fundamento. Está funcionando ben, con eivas e con melloras, está funcionando ben.

Hai algúns erros, seguro que non empanan o global do proceso. En Galicia hai algúns erros e tampouco empanan o global do proceso. O proceso é bo, os profesionais están facendo un traballo fantástico. Aquí algúns mencionáronse, non por deixar de falar deles deixan de ser erros. Nós mencionabámolo á mañá. Igual, paradoxalmente —este é un país tamén peculiar para algunhas cousas, esta Galicia na que vivimos—, o maior traballo para a concienciación das bondades da vacina fixérono a alcaldesa de Boimorto e a xefa de DomusVi, con isto de intentarse colar. *(Aplausos.)* E a verdade é que, xa que o mal está feito, polo menos —non digo agradecelo—, celebremos a parte boa. Hai que intentar buscarlle a parte boa, que non estamos en tempos de desperdiciar ningunha cousa boa. Polo menos, contribuíron a iso. Igual non creo que a elas lles vaia interesar moito máis ou menos, pero se lles interesa, ¡benvido sexa!

Nós pedimos tamén dende hai moito tempo un informe sobre o Estado das nacións, sobres os perfís, non os datos concretos, porque non ten sentido. E é tamén o que pide o primeiro punto desta moción. Polo tanto, clarisimamente ten o noso apoio este primeiro punto.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E no segundo, porque traslada a necesidade de máis persoal. E vou intentar construír un pouco máis o debate sobre este asunto. Hoxe xa sabemos cal é o cálculo estándar. Xa o sabiamos, pero polo menos hoxe repetímolo. Nove mil vacinacións ao día pode facer o Sergas co persoal que está dedicado en exclusiva. Para aumentar ese volume ao día, que todos desexamos —díxoo o conselleiro antes, e seguro que nalgún momento, máis cedo que tarde; oxalá canto máis cedo, mellor—, necesitamos máis profesionais.

¿Que defendemos nós? Defendemos ter contratado persoal, porque probablemente con esa vacinación poidamos coller profesionais de primaria para que a fagan, pero eses ocos en primaria ten que cubrilos alguén, que é o procedemento que se fixo para as 200 profesionais de agora. As que están vacinando non son as que entraron novas, senón que son profesionais de primaria con coñecemento, cunha experiencia moi contrastada, e están facendo procesos de vacinación, e os seus douscentos ocos están cubertos por profesionais eventuais durante este tempo. Nós o que dicimos é que agora temos que incrementar ese volume de 200 persoas. Se queremos esperar ao último momento para aforrar uns días, esta non sería a nosa estratexia.

Por iso cando di: «¿queren telas contratadas xa?» ¡Pois tampouco está de máis! En primaria hai traballo de sobra, e axudaría bastante a desafogar traballo a outros profesionais. Se hai que esperar ao último día para aforrar uns cartiños, esperen. Pero cando teñamos que poñer as vacinas, teñamos profesionais para que non deixemos ningún deses postos de 2.000 enfermeiras en primaria sen cubrir, e que ademais teñamos máis de 200 para vacinar. E se temos 2.200 agora, 2.000 por un lado e 200 noutro, o que non se pode multiplicar... —eu xa dubido *dos pans e dos peixes*—, pero o que non se multiplican son as enfermeiras. Entón, se queremos ter máis de dúas mil nun lado e máis de duascentas nos outros, hai que ter máis. Polo tanto, fágano cando vexan, pero que cando empece a vacinación posible —que chegará, e probablemente máis cedo que tarde— teñamos máis profesionais.

Nós nese segundo punto tamén estamos de acordo, evidentemente, e tamén estamos de acordo no incremento estrutural de profesionais en primaria, como demanda a moción. En canto aos profesionais de rastrexo, gustaríanos incrementalos, e é máis, somos algo máis humildes: gustaríanos saber cantos hai. O que pasa é que xa se sabe: primeiro, hai que definir o que é un rastrexador, que non está claro, e despois hai que saber se hai setecentos ou seis mil. En realidade, xa que o señor Feijóo inventaba rastrexadores, igual tamén pode inventar enfermeiras para vacinar. Entón así podemos resolver o problema. Pero, en todo caso, gustaríanos saber cantos hai, e probablemente se son insuficientes, se é que o son —nós consideramos que seguramente si—, incrementalos.

A partir de aí, ¿nós que defendemos, ademais?, ¿que cremos que é importante sobre esta moción? Nós cremos que é un terreo lexítimo en discusión, pero un terreo complexo ao entrar nas prioridades da vacinación de maneira sectorial. Explícome. Non se trata —como diciamos antes— de que todo o mundo teña prioridade, porque se todo o mundo ten prioridade, ninguén a ten. É unha decisión complicada, porque priorizar un grupo implica non priorizar outro, e esa é unha decisión complicada. Nós cremos que hai que ser comprensivos coas persoas que teñen que decidir, coa súa capacidade de ver o sistema, de entendelo, de ver os volumes, de ver a operatividade. Por tanto, aínda que poidamos ter —se

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

é que a temos, que nin sequera é relevante se a temos— algunha posición distinta sobre algúns grupos, podémola trasladar noutro nivel de debate, pero cremos dende o noso grupo que en público non hai que alimentar os enfrontamentos entre colectivos. E non é o que plantexa esta moción, en absoluto, pero querémonos tamén adiantar a posibles debates que son tentadores, e queremos que quede claro.

Tamén é certo que o mesmo pasa cos cribados. Nós non temos rexistrado neste parlamento ningunha petición directa de ningún cribado. Si o fan algúns concellos, cremos que no lexítimo debate local dos concellos, pero tamén respectamos os criterios que ten o Sergas. Si discrepamos con algunha organización de algúns, que foron moi caóticos, e algúns non son de todo entendidos, ou non se entende a organización propia deles. Pero, en todo caso, o concepto xeral dos cribados é positivo.

Por tanto, estamos a favor da moción. Vai ás cousas que nós tamén vimos demandando e que cremos que son necesarias: dunha maior claridade no proceso de vacinación, de máis persoal para que non nos colla o touro coa vacinación cando teñamos unha maior capacidade; maior capacidade que imos ter, capacidade que teremos, ademais, cunha instrución clara e exacta das vacinas, e que ademais fará o que ten que facer o proceso de vacinación, que é cubrir todas as persoas que teñen que ser vacinadas, que o vai facer sen discriminar territorios. *(Risos.)*

Asumir que se discriminan territorios é sementar unha dúbida sobre este proceso que roza o absurdo. É dicir, no proceso de vacinación temos un problema, e é que estamos pensando só en España. Imaxínense que puxeramos a vacinación obrigatoria en Galicia, imaxínense esa cousa absurda. Entón, ¿imos quedarnos pechados entre nós para que non veña ninguén do resto de España que pode non estar vacinado? Se pensamos en España, pasa o mesmo.

Non haberá unha solución deste problema ata que entendamos que este é un mundo global e, por tanto, hai que contribuír a vacinar os nosos veciños do sur, os países asiáticos que teñan máis dificultades... *(Aplausos.)* Hai moitos países en Latinoamérica que teñen máis dificultades para acceder. Temos que colaborar, este é un mundo tan globalizado que pensar só nun só país non ten sentido. Imaxínense pensar en vacinar obrigatoriamente só nun territorio, despois debemos quedar pechados dentro dun muro como Trump, o cal non tería sentido.

En definitiva, é tan complexo que nós entendemos os gobernos —como dicimos sempre— e somos comprensivos coas decisións. E como celebramos que é un éxito colaborativo, apuntámonos á idea de sumar ou de intentar aportar algunha cuestión, discrepar nalgúns debates parlamentarios...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...pero comprender e tratar de non entorpecer as cuestións de xestión puras. Porque, iso si, se as cousas van ben, non oculten que algunhas van mal. E non nos fagan caer no autoafago. Pero, en todo caso, que o autoafago e as cousas que van mal non nos fagan deixar de pensar que, en xeral, a ciencia foi un grande avance e o proceso vai razoablemente ben.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías. Boa tarde, señor conselleiro.

Tiña razón, señor Torrado, continuamos co tema sanidade, tema importante dende logo neste día, e un tema que xa temos debatido moitas veces, tanto neste hemiciclo como na Comisión de Sanidade, que é o tema da vacinación.

Neste tema, cada grupo parlamentario ten as súas opinións, como é lóxico, e é así; é a esencia da democracia. Pero unha cousa son as opinións e outra cousa ben distinta son os feitos. Refírome ao feito innegable de que Galicia foi unha comunidade que estaba preparada para empezar coa vacinación o pasado 27 de decembro. E estaba preparada porque tiña elaborado xa un Plan de vacinación, no que se recollían non só as características da vacina, primeiro a de Pfizer, despois a de Moderna, senón tamén a loxística, a organización, o rexistro, a formación e a aplicación. E o que non se sabía, e ás veces séguese sen saber, é cantas vacinas van chegar e con que cadencia. E deste plan, señora deputada, si que se está a informar. Non esqueza vostede de que na primeira Comisión de Sanidade deste novo período de sesións compareceu, a petición propia, a directora xeral de Saúde Pública e informou amplamente sobre o Plan de vacinación que se estaba levando a cabo, o que se estaba facendo nese momento, pero o que é máis: comprometeuse a vir cantas veces fora necesario para informar deste plan. Por certo, destacando a boa posición que Galicia acadou respecto da administración da vacina fronte ao coronavirus. Un bo traballo que corresponde á planificación que se fai e á boa xestión do Goberno galego que está representada aquí mesmo por vostede, señor conselleiro. ¡Moi bo traballo!

Tamén o presidente compareceu, e ten respondido a diversas iniciativas neste parlamento sobre esa cuestión; e hai uns minutos o conselleiro de Sanidade compareceu a petición propia para dar conta da situación da pandemia e da campaña de vacinación.

A Xunta de Galicia xa conta cun Plan galego de vacinación, que está dispoñible para toda a poboación na páxina web do Sergas, aínda que os señores da oposición se empeñan en dicir que non o hai. Esta semana publicouse a segunda actualización do mesmo, segunda actualización dun plan que si que existe, porque se non existe, non se pode actualizar, penso eu.

O conselleiro ten anunciado xa en varias ocasións —e agora mesmo o acaba de repetir— que en Galicia se tomou a decisión de contar cun grupo específico de vacinación, dedicado exclusivamente a esta tarefa, e que permitiría despois a formación do resto do persoal de enfermería en atención primaria. Douscentos profesionais de enfermería —e aí si que esta-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mos todos de acordo, paréceme— que están facendo un excelente traballo, que teñen experiencia en vacinación e, o máis importante, ofrecéronse voluntariamente. E despois serán as persoas que poidan formar o resto do persoal de atención primaria —que, por certo, xa se está formando dende a Consellería, porque xa dispoñen de cursos de formación para a vacinación—. E estas enfermeiras foron substituídas nos seus centros de traballo para que se puidese continuar coa súa actividade —isto fíxose co primeiro grupo—. Para os seguintes grupos, se fai falta, contarase coas 2.000 enfermeiras de atención primaria. Ademais, non nos olvidemos dos equipos de medicina preventiva e de prevención de riscos laborais, que contan tamén con moita experiencia neste campo.

Non vou repetir aquí os cálculos, porque me parece que están falados dabondo, pero o que queda claro é que non hai problema. E se chegara toda esa cantidade de vacinas que vostede di, ¡ogallá!, eu creo que cantidade de persoal sanitario estaría disposto a vacinar, incluídas as fins de semanas, porque se trata da saúde de todos nós.

O que non podemos nin debemos esquecer é que é un plan dinámico que está suxeito a variacións. E a semana pasada, sen ir máis lonxe, no seo do Consello Interterritorial, acordouse identificar os próximos grupos diana, que son grupos en estratos de idade de xeito descendente, e empezouse coa vacinación dos 80 anos, que era o primeiro grupo. Galicia está seguindo polo miúdo a Estratexia nacional de vacinación.

De todos nós é coñecido como se está levando a cabo este proceso dos maiores de 80 anos que están sendo chamados aos centros de saúde para seren vacinados. Unha poboación de 224.000 persoas, que estarán inmunizadas —se nos chegan as vacinas— na primeira semana de maio. Un ritmo que prevé citar trinta mil persoas cada sete días.

Polo tanto, señora Carreira, o Plan de vacinación en Galicia existe e funciona. Cousa diferente é que cando se fai unha proba piloto, como sucedeu coa vacinación de educación, é iso: unha proba piloto para poder pór en marcha o sistema sen eivas.

No que si estamos de acordo con vostede é no ritmo da vacinación, que seguramente vostedes e nós queremos que vaia máis rápido. É ben certa a frase de que «o que espera, desespera», e máis falando de saúde. E o que está a pasar co ritmo de vacinación é que os atrasos na subministración —primeiro por parte das farmacéuticas de Pfizer e logo por Astra-Zeneca— complican os plans de todos os países europeos. O obxectivo da Comisión Europea de vacinar o 70 % da poboación antes do verán —obxectivo que é compartido pola Sanidade española, e dende logo pola Sanidade aquí en Galicia— vaise conseguir se chegan as doses que nos fan falta.

O ritmo de vacinación, como vostede sabe, depende da dispoñibilidade das vacinas, do número de vacinas recibidas e de cales sexan. E hai múltiples factores, e un deles tamén —que é importante e non debemos olvidar— é o da colaboración institucional, porque a saúde debe estar por riba de todo. Na vacinación que se está levando a cabo estes días e que se empezou co persoal dos servizos de axuda no fogar, pedíuselles aos concellos, a través da Fegamp, que remitiran información do persoal dos seus servizos de atención do fogar para poder elaborar as listaxes e poder vacinalos deste xeito. E só como un exemplo —é anecdótico—,

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

saben vostedes, e vindo precisamente da miña provincia, que a información que enviaban os concellos tívose que pedir de novo. Tívose que pedir de novo a información para poder acelerar o ritmo de vacinación a tres concellos na miña provincia en Ourense, que non tiñan mandado aínda a información. Perdón, catro concellos: tres concellos gobernados polo Partido Socialista e un concello gobernado polo BNG. Se queren, dígolles os nomes. Ao mellor é casualidade; eu non digo que non sexa casualidade. Pero penso que isto nos debería facer reflexionar a todos, porque neste tema —volvo repetir— trátase da nosa saúde, e non se debe xogar con iso.

O que ten que quedar claro —e non me canso de repetilo cada vez que falo deste tema— é que non se vacina máis por falta de persoal, senón por falta de doses, e isto non o di o Grupo Popular. Segundo os datos publicados polo Ministerio de Sanidade —non datos da Xunta de Galicia—, España ten 1,14 millóns de persoas inmunizadas. Nesa mesma información dicía: «Nas últimas vinte e catro horas, o número de novos inmunizados no ámbito nacional foi de 25.376 persoas.» Señora Carreira, ¿só 25.376 persoas en toda España en vinte e catro horas? Eu creo que isto non é un problema de persoal.

O presidente da Asociación Galega de Enfermería —dicíao o outro día— non ten dúbida da capacidade do sistema. O que está claro é que ata que as vacinas cheguen a un ritmo constante e axeitado non se pode avanzar ao ritmo desexado por todos.

«Galicia recibe el 5 % de las dosis, pese a que tiene el 8,2 % de los mayores de 80». Noticia destes días atrás na prensa. E isto parece que non lle vai gustar, señor Torrado, pero é a verdade. A noticia de hoxe sorpréndenos, doulles a benvida aos señores do BNG, porque o BNG revélase contra o déficit de vacinas para maiores de 80 anos. Non sei se vostede está de acordo coa súa portavoz, pero o certo é que volvemos insistir en que o problema é o número de vacinas que nos chegan e non o número de profesionais.

E xa para rematar, sobre o reforzo de uso das probas masivas e detención de novos positivos, ¿sabe vostede que Galicia é a Comunidade Autónoma que máis probas de diagnóstico realiza, tendo unha taxa na última semana de catro millóns quiñentos por cen mil habitantes, case o dobre que a media nacional, e que Galicia xunto con Castela-León...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: ...é das rexións europeas que máis tests realizaron. Non o di o Grupo Popular, dío o Centro Europeo para la Prevención y el Control de las Enfermedades. Sempre se pode facer máis, desde logo, pero cremos que estes datos hai que recoñecelos e celebralos...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: ...por parte de todos.

E xa remato. Polo tanto, dende o Grupo Popular estamos moi satisfeitos co esforzo que se está realizando dende a Consellería de Sanidade. E non me quero esquecer do enorme esforzo

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dos meus compañeiros que traballan en saúde pública dende o comezo da pandemia. E o que si desexamos é que nos cheguen máis doses para que se poidan vacinar todas as galegas e os galegos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Rodríguez-Vispo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Antes de nada, quixera agradecer o apoio do Grupo Socialista á moción. Non me quedou claro se desde o Grupo Popular era un apoio, era un rexeitamento... Non logrei esclarecer a intención.

Señora Rodríguez-Vispo, coñezo ben a existencia deste Plan galego de vacinación. Non poño en dúbida a súa existencia, ¡faltaría máis!, cando o consultei escasos minutos antes de comezar este debate. Claro que existe, o que se pide é que se afonde máis nel para dar resposta ás seguintes fases de vacinación que se contemplan no propio plan.

A comparecencia da directora xeral de Saúde Pública —dixémolo daquela na Comisión 5ª e volvémolo dicir agora— deuse para explicar o plan a posteriori, cando xa se estaba aplicando. O que pedimos é que se anticipe como se van desenvolver as seguintes fases, porque estas fases teñen que estar planificadas, ou interpretamos que teñen que estar previstas. O que non sería concibible é que todo fora *a salto de mata*, correndo e improvisado. Se veñen explicar o plan cando xa se está aplicando, o que estamos é que o que veñen aquí é presentar unha boa noticia e facer a foto de rigor, pero non dar contas de cal é o traballo.

Por outra banda, a respecto do persoal sanitario. Eu —permítanme— creo que ten que quedar claro que o Sergas ten un problema grave a nivel laboral. Hai profesionais ás que se lles acaba o contrato hoxe e non saben se mañá van traballar. Hai profesionais ás que se lles chama ás sete da mañá para entraren a traballar ás nove. Hai profesionais que están no seu posto laboral, que están no medio da súa xornada laboral, por exemplo, nun PAC, nun centro de saúde, e que as chaman para cubrir unha ausencia noutro PAC, noutro centro de saúde, que non é un imprevisto. Isto non son anécdotas. Disto colectivos como as Enfermeiras Eventuais en Loita dan conta de que son o pan de cada día dun colectivo tan maltratado como é o da enfermería. Un colectivo que agora, co Plan de vacinación enriba da mesa, se está vendo que é fundamental.

Nesta moción, nós recollemos aspectos que vemos que son chave para a boa evolución do Plan de vacinación, mais tamén para o resto do sistema sanitario. No reforzo de atención primaria é clave que o eixo fundamental do sistema sanitario estea ben dotado, estea funcionando correctamente, con profesionais suficientes, con medios axeitados

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para atender toda a patoloxía que teñen. Pero é que tamén a evolución do plan ten que ser o máis transparente posible. Ten que presentarse con antelación, darse a coñecer, non pode ser que as comparecencias sexan sempre a posteriori. E como calquera plan, unha vez que se vai aplicando, hai que avaliar se funciona, se non funciona, cales son os erros, cales son os acertos... E iso é o que nós estamos pedindo, que se elabore un informe actualizado das primeiras etapas do Plan de vacinación, no que se recollan as doses que se administran, como se distribúen, cantas se recibiron... O que pedimos nós é ter unha maior información para poder así avaliar de xeito adecuado as medidas que se adoptaron.

Sen máis, reitero o agradecemento ao Grupo Socialista, e espero que tamén sexa o do Grupo Popular. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Carreira.

Cambio no desenvolvemento da orde do día

O señor PRESIDENTE: Pasamos á seguinte moción, na que se produce unha alteración da orde do día, debatemos agora a 5.3 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a xestión da crise sanitaria provocada pola pandemia

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Manuel Lourenzo Sobral, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición:

Débense engadir tres novos puntos na parte resolutiva:

«6. Dotar a sanidade pública dos recursos necesarios para garantir que a atención primaria conte co persoal e recursos necesarios para facer fronte tanto ás necesidades derivadas da pandemia como para reverter a precarización de persoal e medios que vén padecendo nos últimos anos.

7. Implementar de maneira urxente as medidas necesarias para recuperar atención presencial na Atención Primaria, de maneira que se poida dar resposta ás necesidades sanitarias derivadas da Covid-19 e do resto de patoloxías e para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación.

8. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado Quintela.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor TORRADO QUINTELA: Boa tarde.

Antes de nada, si que quero agradecer aos grupos parlamentarios e á Presidencia do Parlamento por alterar esta orde do día, por petición do noso grupo, e facilitándonos o debate, toda a continuidade de sanidade que estamos hoxe. Os que estamos falando todo o día aquí estamos encantados, os demais igual están un pouco saturados, pero en fin... Dígolles que é un gusto poder debater así, en prolongado.

Aproveitando a continuidade, vanme permitir que mencione dúas cousas. En primeiro lugar, sobre isto que se mencionou antes da petición de datos do SAF aos concellos. Eu non me quero meterme en chamadas persoais que se fan dende outras administracións, incluso ás veces para recoñecer que houbo algún erro á hora de contar ou de acusar algúns concellos. Non o quero facer, pero igual é moito mellor que, antes de vir aquí dicir algunhas cousas, nos aseguremos de que o que imos dicir non foi recoñecido... En fin, para quen queira quedar.

E logo ese dato do oito por cento, 8,2 %, que plantexaron. O que si é certo é que o plantexou o BNG tamén, e paréceme importantísimo facer unha mención sobre isto. A afirmación que se fai é: como a poboación maior de 80 anos en Galicia é o 8,2 %, precisamos o 8,2 % das vacinas do Estado. Isto non aproba ningún exame de primeiro de Matemáticas, porque son dous grupos poboacionais distintos. Non se pode facer a comparativa de porcentaxes sobre dous grupos poboacionais distintos. Porque imaxínese por un caso que Galicia ten o 50 % da súa poboación maiores de 80 anos, ¿ten que levar o 50 % das vacinas de toda España? Non. Ou imos facelo doutra maneira: se Galicia ten o seu 8 % de poboación maior de 80 anos, e todas as comunidades autónomas o tiveran, o 8 % maior de 80 anos, ¿canto habería que repartir? O 136 %, que tampouco ten sentido.

Se Galicia ten o 8,2 % —8,6 % segundo o INE do ano pasado— da súa poboación maiores de 80 anos, o que ten que levar é o 8,2 % do total de vacinas que vai levar Galicia, que é o que vai pasar. Non podemos pedir o 8,2 % das vacinas de España porque teñamos un 8,2 % de poboación maior, (*Aplausos.*) porque son dous grupos poboacionais distintos. Porque non temos o 8,2 % de poboación maior de 80 anos de toda España. Ese 8,2 % é o dato de porcentaxe de poboación maior de 80 anos que temos en Galicia con respecto á nosa poboación. Se esas son matemáticas simples.

A min recoñézolles que me sorprendeu, pero incidiron nisto e parece importante mencionalo. Dende que estamos entrando nunha trampa de desnaturalizar, de infundir certas mentiras sobre o proceso, ¡oia, discutimos todo!, pero en matemática aínda non; aínda se pode, pero non. Teremos que levar a proporción ao grupo poboacional con respecto ao total da nosa poboación. Imaxínense, se non, unha comunidade autónoma na que toda a poboación tivese máis de 80 anos, ¿que tiña que levar, todas as vacinas de España? E terían dez vacinas por persoa; entón, hai que poñelas todas. Viría a xefa de DomusVi poñerse unha. (*Aplausos.*) ¡Claro, é que non ten sentido! É un sensentido matemático absurdo, pero en fin... Mensaxe colocada: Sánchez é moi malo, aínda que sexa salvando as matemáticas. Está ben.

Imos ver se somos capaces de construír algo máis sobre o outro. Desmontado isto, nós plantexamos unha moción que ten que ver con esta situación, e ten que ver con que mentres non

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

teñamos vacinación, o que debemos plantexar é como afrontamos unha situación crítica; crítica na que xa estamos menos críticos do que estamos. Non quere dicir que a situación non sexa dura, durísima. Pero foi visto —e así o recibimos dende os profesionais que están dentro, e así observamos nos medios de comunicación en conversas con persoas que coñecen de maneira directa, porque están no día a día, e pola capacidade que nós teñamos de obter a información— e nós cremos que a nosa saturación do sistema foi moi alta. De feito, un dos elementos que se utilizan para a toma de decisións sobre criterios de restrición tamén está no estrés do sistema, e é lóxico, ten toda a lóxica do mundo.

O que plantexamos é que estivemos nun punto de tal nivel de estrés asistencial que existiron decisións entregadas practicamente á vontade e á bondade dos profesionais, que sempre van responder, porque esta sanidade estana salvando hai anos os profesionais a pesar dos dirixentes.

Pero a pesar diso, o que non debemos é deixar de recoñecer que podemos ter un déficit. ¿Que déficit? Dende o noso punto de vista, a infrautilización de recursos. Por exemplo: hai espazos baleiros inutilizados ou infrautilizados en centros hospitalarios. Se temos máis capacidade de persoal —evidentemente é un investimento en cartos, sostidamente, e máis orzamento necesario—, o que debemos é aumentar a nosa capacidade de maneira estrutural, porque ademais desafogaremos o sistema. En tempos de dificultade, de estrés asistencial como o que vivimos, teremos máis capacidade asistencial porque poderemos diferenciar. Poderemos, por exemplo, evitar a dificultade que tivemos durante 2020 para ter —antes falabamos disto— maiores diagnósticos oncolóxicos. Non o dicimos nós, senón profesionais galegos que si falan dese dez por cento, incluso algúns falan do vinte por cento. Nós non temos o dato exacto, a Xunta recoñece agora —en novembro non recoñecía nada— un dez, e parece que non é un dez, é un sete, e os profesionais falan entre un dez e un vinte por cento.

Por exemplo, se tiveramos máis espazos, poderiamos diferenciar moito mellor os circuítos covid e non-covid. Se tiveramos máis espazos, poderiamos desafogar a atención e poderiamos ter ademais máis profesionais para desenvolver a actividade de patoloxías non-covid; por exemplo, algunhas que tiveron moita menos atención porque, polas circunstancias que son, teñen menos visitas durante 2020 a profesionais. Estou pensando en saúde mental, que tivo unhas grandes dificultades para manter incluso unhas terapias que necesitan de atención presencial. Se tiveramos máis espazos, que existen —estou pensando no Novoa Santos en Ferrol, nalgunhas salas que teñen algúns hospitais sen utilizar, estou pensando en reconverter espazos de saúde que hai en centros hospitalarios que non se utilizan porque non temos persoal—, eses espazos que normalmente sempre se di que están dispoñibles se foran necesarios, utilicémolos. Se están dispoñibles por se foran necesarios, pois estiveron dispoñibles e non utilizados no momento do pico de máis estrés asistencial da pandemia. E, por tanto, nós cremos que temos unha situación estrutural que permite ampliar isto. Permite, ademais, traballar sobre máis horarios para espazar os horarios de atención nos centros hospitalarios que nos permitan, ademais, ser capaces de desafogar o sistema e non acumular tantos profesionais e tantos pacientes.

En definitiva, teremos un maior sistema porque os espazos existen, están construídos. A obsesión de construír sen poñer persoal levou a que temos espazos construídos que non se

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

utilizan. Son de Vilagarcía, eu vivín cando houbo, durante moito tempo, quirófanos en Urxencias construídos con material embalado porque non había cirurxiáns para operar. E non falo dun día ou de dous, falo de semanas e de meses. Entón, vaiamos ter a maior capacidade de dotar o sistema do que necesita. Por iso, plantexamos esta moción. É certo que plantexa tamén información. Somos ousados, somos atrevidos: pedimos información.

E, por favor, non nos digan que a busquemos nalgún xornal dixital. E pedimos información, pedimos saber como estiveron agora que pasou, en parte, e cal foi o nivel real de estrés asistencial. Porque os datos oficiais que se transmitían e os datos reais que daban algúns profesionais non coincidían. E nós defendemos que era un problema facer ver, se era así, que o sistema estaba mellor do que estaba, porque unha das ferramentas para transmitir ou para contribuír á concienciación cidadá sobre a dificultade que estamos vivindo como sociedade é transmitirlle á xente que os hospitais están saturados, ao límite. E cando estaban tan mal —e non é que agora estean ben, pero poden non estar tan críticos como estiveron hai unhas semanas—, era unha maneira bastante útil, aínda que triste, pero a realidade é triste, de transmitir que necesitamos colaboración de todos. Porque saír da pandemia tamén é un exercicio de solidariedade e, por tanto, necesitamos transmitir esa capacidade de que debemos tela entre todos.

Moitas veces á xente, á cidadanía cústalle, por outras razóns, moito defender ese nivel de solidariedade e de responsabilidade individual. Por tanto, tamén é unha maneira de convencer. Convencer, non obrigar, que sempre é moito mellor ferramenta. Por iso, cremos que coñecer a información é útil.

Plantexamos, ademais, algunha cuestión que nos parece interesante que comecemos. Probablemente se poida argumentar que algún avance se fixo. Fíxose, si, algún avance se fixo neste goberno; ao noso entender, tímido.

Estruturalmente debemos ter a capacidade de fabricar material de prevención en termos de saúde pública, sobre todo en Galicia. Isto é un erro que se cometeu e non lle corresponde unicamente a este goberno; todos os gobernos, todos os gobernos autonómicos, o Goberno estatal e a práctica totalidade dos países europeos —non todos, pero a práctica totalidade— cometeron o erro de deslocalizar incluso isto. E logo viñeron os problemas de que había que ir buscalos alá onde estiveran deslocalizados. O cal demostra que isto da deslocalización tampouco é unha boa solución, porque cando a necesitas non a tes, tes que andar dependendo doutros. Polo tanto, cremos que Galicia pode estar nese plantexamento.

Isto é o que plantexamos a través da moción: información, reforzo de recursos e apostar decididamente pola construción ou a elaboración de material propio que nos poida permitir afrontar en mellores situacións un pequeno incremento, que ninguén desexa, pero que pode existir. E, polo tanto, estar preparados para iso.

Nese sentido plantexamos a moción, e desexamos ter o apoio ou, para non ser ilusos, polo menos, un debate construtivo sobre o asunto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Presidente, señorías, boa tarde.

Señor Torrado, eu incorpórome agora ao debate apaixonante. Ademais, é sempre agradábel poder falar destas cuestións. Simplemente, antes de empezar, trasladarlle un agarimo ás nosas compañeiras que hoxe deberían estar aquí. A Montse —como xa ben fixo o conselleiro—, tamén a Carme e a Alexandra, e desexarlles a pronta recuperación. *(Aplausos.)*

Trasladábanme o outro día, nunha xuntanza con profesionais sanitarios, médicos de Urxencias algúns deles, unha idea na que viñan dicir que nunca se cadra, ou non en momentos recentes cando menos, unha sociedade estivera tan pendente dos datos sanitarios, da situación da sanidade que tiñamos enriba da mesa. E eles, que valoraban isto como algo certamente positivo, tamén destacaban que era importante que a frialdade dos números, a frialdade dos datos, non ocultase o drama humano e o esforzo inxente do persoal sanitario ao longo desta pandemia.

No día de hoxe, entendo que os datos xa se trasladaron aquí, mais temos 7.748 casos activos, 146 persoas hospitalizadas en Coidados Intensivos e, tristemente, temos que lamentar xa 2.187 persoas que perderon a vida por mor da covid-19. Datos que refiren o drama de miles de familias que perderon os seus seres queridos, mais datos tamén debaixo dos cales se reflicte o esforzo de profesionais sanitarios que levan xa case un ano na primeira liña en contra da pandemia. Mais datos que tamén no día de hoxe, pola propia progresión que se vén derivando, poden transmitir e albergar unha certa esperanza, que é na que todos tratamos de estar, coa que todos tratamos de contribuír. Mais datos —e así nolo trasladaban tamén estes propios profesionais— que dalgún xeito dirimían tamén o cansazo e o esgotamento duns profesionais sanitarios; o cansazo e o esgotamento tamén de toda unha sociedade.

¿Cansazo desta situación? Si, obviamente, mais cansazo tamén de determinados discursos, de determinados relatos do «*y tú más*» e da autocompracencia. Denuncia que xa trasladaron en ducias de ocasións sindicatos, asociacións profesionais; e denuncias que, dalgún xeito, tamén se deixaron entrever na propia Comisión de Reactivación Económica e Social deste parlamento.

Cansos, en definitiva —e así o trasladaban—, de que dalgún xeito se implementasen os datos, xa non tanto para tratar de abordar unha realidade tan dramática —que loxicamente entendemos que tamén—, mais, en demasiadas ocasións, para construír un relato partidista que eles tiñan para si, e que en moitísimas ocasións pouco tiña que ver coa realidade que eles mesmos percibían. E así nolo dicían cando facían referencias —unha delas era tamén enfermeira— a que estes relatos en poucas ocasións ou en ningunha ocasión contribúen a solucionar a realidade que percibe unha enfermeira que acaba de dobrar turnos, que leva meses sen saber o que é ter unha fin de semana libre e que está na primeira liña da barreira contra a covid.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pola contra, dicía que era tamén importantísimo poñer acento a datos que si contribúen a resolver moitos dos problemas que temos na nosa sanidade. Datos, por exemplo, como a ratio de enfermería que temos no noso país e que, segundo eles mesmos trasladaban, son datos públicos. Están en 5,3 enfermeiros por cada 1.000 habitantes, fronte á media do Estado, que ten 6,5 enfermeiras por cada 1.000 habitantes, e a unha distancia xa sideral dos datos da Unión Europea: 8,8 enfermeiros por cada 1.000 habitantes. Este é o dato co que eles insistían en que, dalgún xeito, había que afrontar a pandemia; ese é o dato que eles demandan. Menos relato e máis reforzo da sanidade pública.

E así o trasladaban tamén médicos intensivistas exhaustos de ver como era o propio presidente da Xunta quen, ante unha situación dramática, viña manifestar que as UCI —e as UCI era a terminoloxía que neste caso se expresaba— estaban cun 25 % de ocupación. Mais a realidade que reflectían intensivistas que estaban a traballar nesas propias UCI era, literalmente —leo textualmente—: «As UCI están saturadas; se estás de garda non quedan camas libres, e sabes que se entra outro paciente máis con covid, ou o entubamos ou morre». Esta é a realidade que estaban a reflectir os profesionais sanitarios literalmente. Son cuestións que trasladan e que están na propia prensa.

E claro que estas cuestións non están libres dun exercicio de dificultade evidente que tería por diante calquera goberno. E ante esas dificultades, claro que terían o apoio de todos os grupos, tratando de sumar. Mais eu creo que a construción do relato —digamos— en termos de autobombo ou en termos de certo triunfalismo —con todas as cautelas— creo que non responde a esta perspectiva que están a demandar os propios profesionais sanitarios. Estes denunciaban tamén como, de súpeto, ante esta situación, a terminoloxía, como era a de «camas dispoñíbeis», pasaba a ser de «camas posíbeis». Simplemente para cambiar o relato e trasladar unha situación que non era a que eles mesmos percibían. E a pregunta é: ¿en que contribúe este cambio de terminoloxía á mellora da situación?, ¿en que contribúe á concienciación dunha sociedade, que nestes momentos máis que nunca é fundamental? E trasladábannolo porque dicían que estaban a un paso —descoñezo se despois se tivo que chegar a aplicar, pero é que algúns outros médicos trasladaban que si— de que algúns pacientes que entraban tiñan que ser catalogados nos seus expedientes como ucibeis ou non ucibeis, é dicir, en función de se a situación epidemiolóxica avanzaba, eses pacientes poderían ser susceptíbeis de ser trasladados na UCI ou non.

Esta é a situación que están a poñer, que están a denunciar enriba da mesa e, dende logo, cremos que, ante unha circunstancia difícil evidente, a constitución dun relato que contribúa a xerar este tipo de confianzas é fundamental. Como é fundamental o apoio e o traballo nunha atención primaria —e aí vai boa parte da nosa emenda—. Adiantamos que, por suposto, aceptamos todos os puntos, e a emenda que simplemente implementamos é para facer unha referencia a ese piar fundamental que ten que ver coa atención primaria, pero que mirabamos en cuestións que acontecen en concellos. É o caso de Soutomaior —porque o outro día falámolo neste debate, pero pensamos que é extrapolábel a calquera outro concello do país—, que cando se nos dicía que as listas de agarda neste mesmo pleno eran de dous-tres días, o que me trasladaban os veciños nese mesmo día por correos electrónicos eran as súas citas, que se prolongaban ata dúas semanas para ter unha cita de atención telefónica.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, dende logo, o que nós temos claro é que, atendendo a declaracións oficiais da propia Xunta de Galiza, este baile de datos en pouco contribúe a trasladar a seguridade e a solvencia que, nun contexto coma este, necesitamos. E dicimos isto porque nun mesmo día era o presidente da Xunta o que falaba dun 30 % de ocupación da UCI; era nese mesmo día no que o Sergas falaba dun 68 %; era nese mesmo día no que os profesionais sanitarios falaban dun 93 %. Cremos loxicamente que, á hora de trasladar esta información, tamén era necesario contribuír a clarificar e a trasladar con transparencia e con solvencia todos estes datos.

E da mesma maneira que se falaba —declaracións oficias *sic*, tal cal— de que a asistencia estaba realizada por profesionais sanitarios cualificados e formados no manexo de pacientes críticos, ao tempo que nese mesmo día tamén eran os intensivistas os que dicían que non son profesionais intensivistas, e os parámetros que usamos na UCI e o resto de médicos son diferentes, nin sequera empregamos a mesma linguaxe, cos problemas que isto pode ter.

Polo tanto, como vexo que se me acaba o tempo, dende logo se nós algo temos claro é que nun contexto como o que estamos, ninguén está libre de cometer erros. Por suposto que non, todos os cometemos. E se algo temos claro é que a construción do relato, que pode ser entendíbel politicamente, en ningún momento pode estar supeditado a abordar unhas necesidades que se evidenciaron confusas en tantos momentos, precisamente porque este relato primaba.

Polo tanto, dende o BNG simplemente o que queremos trasladar é que son momentos de sumar pola sanidade pública, sumar para dotar os nosos hospitais do persoal e dos recursos necesarios e, dende logo, sumar e escoitar para atender tantas demandas que temos por diante para sermos capaces de afrontar un reto como o que nos ocupa, e para que, dende logo, o noso país poida saír canto antes dunha situación, que é o que todas e todos desexamos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes de novo.

Moitas grazas, presidente.

Ben, vou tratar de seguir o guión da moción, porque se falou de tantas cousas... pero vou empezar, sobre todo, falando de transparencia, que se falou aquí de transparencia, e era como empezaba tamén o señor Torrado a súa moción.

Aquí séguese coa teima de que desde Galicia se maquillan os datos de ocupación das camas de coidados intensivos. Volve preguntar vostede, na súa moción, cales son esas camas, e hai

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

quince días, na comparecencia do conselleiro, tamén se pretendeu sementar dúbidas e desconcertar a poboación; e digo que se pretendeu, que non quero dicir que se conseguira. E, desde logo, sen acritude, ¿eh?, pero non se pode terxiversar a realidade, non se pode embarrar neste sentido. A realidade vén marcada pola transparencia da Xunta de Galicia á hora de ofrecer todos os datos ao longo desta pandemia.

Vou empezar por definir o que é unha cama de críticos, porque, ¡claro!, non se pode vir ao Parlamento, pleno tras pleno, sementando confusión. Sempre se debe saber —e nestes momentos máis delicados, máis— que nos hospitais, dependendo das necesidades, das características das patoloxías e dos pacientes que precisen unha vixilancia intensiva, pode haber varias unidades de coidados intensivos, que poden estar nesa UCI propiamente dita, nas unidades de coronarias, nas de reanimación, nos postoperatorios xerais, nos postoperatorios cardíacos, nos transplantados, ou mesmo, tamén nos quirófanos. Todas e cada unha desas unidades teñen camas con tecnoloxía, están perfectamente equipadas para o manexo destes pacientes graves.

Aos socialistas galegos non lles gusta que usemos ese criterio para definir as camas de coidados intensivos, pero vostedes teñen que pedirlle ao seu ministerio que mude os criterios; terán que pedir ao Goberno de España que mude iso, porque en Galicia se contabilizan as camas UCI tal e como se indica desde o Ministerio de Sanidade. Na propia plataforma en que se colgan os datos —desde Galicia e desde outras comunidades— pódese ler que: «La resolución especifica que a efectos de cumplimentación en este contexto específico de pandemias, se consideran camas de unidades críticas las de UCI, las de reanimación, las de recuperación posquirúrgica, quirófanos y similares». Pero vostede isto non o quixo ler.

Eu non nego que nesta terceira onda se pasaron momentos de moita dificultade e sempre poñendo en valor a eses profesionais da sanidade que traballaron ata a extenuación; é verdade. Pero tamén é certo que os médicos estamos para iso, sabemos iso e levámolo no ADN. Cando hai que dalo, damos todo, calquera profesional da sanidade. E eu poño en valor todo o que se fixo, un esforzo inestimable. Pero, mire, o que importa é que cando un paciente ten a necesidade desa vixilancia intensiva teña unha cama nun hospital, dotada cun respirador e coa tecnoloxía e a monitorización axeitada. E o que non se pode vir dicir aquí é que iso de se necesita un respirador non... ¡pois non!. En Galicia, afortunadamente —e iso é importante—, ninguén que precisou unha cama de UCI quedou fóra. Polo tanto, non se pode alarmar, hai que tranquilizar, falar coa verdade e deixar moi claro que aquí, por sorte, pola correcta xestión dun goberno como o galego, que soubo anticiparse, e por ese esforzo tan tremendo de todos os profesionais, ningún doente morreu por falta dunha cama de coidados intensivos.

Vostede, señor Torrado, tamén falaba desa implementación dun plan de contratación extraordinaria de profesionais. Pois, mire, a primeiros de ano a Xunta de Galicia remitiu á Comisión de Reactivación deste Parlamento un informe con todas as contratacións extraordinarias de persoal que o Sergas fixo nesta crise sanitaria: ao peche de novembro eran 2.100; e aquí hai que engadir esas 200 enfermeiras que cubriron os ocos de Primaria..., que se cubriron eses ocos con profesionais que pasaron a formar parte dos equipos de vacinación. A maiores, hoxe mesmo escoitámoslle ao señor conselleiro a posta en marcha do

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

plan de recuperación da actividade, co que se pretende recuperar e adiantar a actividade que tivera que ser paralizada nesta pandemia.

Tamén vostede falaba, nun punto, de aproveitar ao máximo posible os espazos infrautilizados nos hospitais públicos. Pois ben, este é un proceder que se vén a facer de maneira constante no Servizo Galego de Saúde dende hai tempo. Un exemplo témolo aquí mesmo, en Santiago, coa ampliación da área de urxencias; e tamén outro exemplo que se puxo especialmente durante esta terceira onda foi o denominado «hospital único», unha fórmula que nos permitiu que pacientes de coidados intensivos fosen trasladados a outros hospitais que contaban cunha menor presión nestas unidades de críticos e, desde logo, dotando os hospitais dos medios materiais e humanos; materiais, realizando compras desde o comezo da pandemia, o que permitiu que Galicia puidera contar con respiradores e material de protección sen demoras e a prezos moito máis competitivos dos que se conseguían desde o Ministerio de Sanidade. Contamos con grandes profesionais con moita experiencia que permitiron que Galicia sempre se adiantara a esas necesidades de material; e tamén Galicia foi quen de adiantarse durante a vacinación, porque se lle fixeramos caso ás indicacións do Ministerio sobre as xiringas a empregar para a vacinación, agora mesmo teriamos que estar de brazos cruzados. Porque Galicia foi previsora e adquiriu as xiringas máis axeitadas, que nos permitiron, por exemplo, obter esa sexta dose da vacina de Pfizer.

Tamén pide na súa moción adquirir ou fabricar por medios propios os materiais requiridos para poder ampliar o volume de camas UCI. Mire, o Goberno galego —e o do Sergas— non improvisa, conta cun plan de continxencias onde se precisan os espazos que se van ocupando con pacientes de coronavirus, segundo a presión hospitalaria.

O Goberno da Xunta de Galicia non improvisa, ¡xestiona!, que é diferente. Eu remítome ao que hoxe lle escoitamos ao conselleiro, que fixo unha compra de diverso material para poder dotar as unidades de coidados respiratorios intermedios.

E, por último, na súa moción que hoxe, precisamente agora, non o nomeou, pero nomeouno antes: o tema dos rastrexadores. Vostede ten esa teima. E, mire, desde o inicio da pandemia, a Xunta de Galicia informou de que nese proceso de rastrexo participa ¡todo! o persoal do Sergas, ¡todo!. O rastrexo non é un oficio, ninguén é rastrexador por oficio; tampouco é unha categoría laboral. O rastrexo sanitario é un proceso complexo, integrado, no que participamos moitos colectivos que traballamos no Sergas. Participa, mire: o persoal do Servizo de Medicina Preventiva; o persoal de servizos de vixilancia epidemiolóxica das xefaturas territoriais de Sanidade, que segue cada gromo que se dá nunha residencia, ou ben en establecementos de hostalaría; o persoal de Atención Primaria, que fai seguimento dos contaxios que están no seu domicilio, e, ademais, ten un papel fundamental en detectar novos casos na súa faceta de saúde familiar e comunitaria; o persoal da Central de Seguimento de Contaxios, un persoal que foi formado respecto ao virus, que foi dotado de protocolos de entrevista para os casos confirmados e para os seus contaxios estreitos, e que está permanentemente asesorado e supervisado por técnicos das xefaturas territoriais e dos hospitais. A Central de Seguimento de Contactos é un instrumento que está a dar asistencia e axuda ao persoal sanitario nunhas tarefas novas e específicas derivadas dunha pandemia.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estas razóns son polas que o cadro de persoal nunca podemos dar un dato, un número, porque varía dependendo das necesidades e da propia evolución epidemiolóxica, segundo se vai requirindo. Ademais disto, cóntase coa colaboración da Unidade Militar de Emerxencias, que puxo tamén persoal militar á súa disposición; persoal que funciona sempre baixo a supervisión dos técnicos da Dirección Xeral de Saúde Pública, que son os profesionais de referencia para orientar e formar as persoas que logo executan as tarefas máis burocráticas de enquisas, chamadas, seguimento e control.

En conclusión, señor Torrado, contando co persoal sanitario de Atención Primaria, é pertinente dicir que participan no rastrexo preto de 6.000 profesionais, e se a pregunta se refire ao persoal que se dedica en exclusiva ou case en exclusiva ao rastrexo, o número de efectivos dos servizos de vixilancia epidemiolóxica, medicina preventiva e persoal á disposición da Central de Seguimento de Contactos, rolda os 700.

E, xa para rematar, señor Torrado, dígolle, convencida, que todas e cada unha das decisións que se tomaron en Galicia foron coherentes, foron consensuadas, transparentes e axeitadas á situación que precisaba cada momento da pandemia, cun único obxectivo; e ese obxectivo é frear no posible a expansión da pandemia e salvar vidas. Aí están os datos para quen os queira ver. Pero a verdade é que a nosa comunidade autónoma, grazas á boa xestión do Goberno da Xunta, grazas a unhas infraestruturas punteiras e, por suposto, a un excelente persoal sanitario entregado e comprometido, que co seu esforzo fixo posible que Galicia lidara coa pandemia de mellor xeito que outras comunidades e estados da nosa contorna.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da Moción ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde, outra vez. ¿Moléstalle que diga «boa tarde» tamén? Estamos nun nivel de tensión...

Señor Lourenzo, máis que benvido aos debates; ¡se aquí vimos todos a aprender un pouco!, así que grazas polo ton, non era nin dubidable. E, dende logo, a emenda que vostedes propoñen ten todo o sentido do mundo, é perfectamente incorporable. *(O señor Lourenzo Sobral asente coa cabeza.)* Ademais, é moi acaída; por tanto, non temos ningún problema, é máis, agradecémola e incorporámola con gusto.

Gustaríame debater algo máis sobre a Moción e as cousas, pero, salvo vostede, aquí non falou ninguén máis da Moción. Ben, falouse doutras cousas: de loas ao Goberno —que está moi ben, é un papel razoable—, e de como se toman as decisións, das cousas que pasaron en marzo pasado e do Goberno de España, por suposto. E, en fin, a partir diso, pois pouco máis.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En fin, eu querería aproveitar tamén, en nome do meu grupo, para transmitir —debe ser que non o fixemos o suficiente— que nós comprendemos as dificultades da xestión da pandemia. Comprendémolas ata o punto de que, como advertimos en notorias ocasións, hai temas que serían motivo de utilización fácil para facer un debate chusco e curtopracista, pero que non corresponden a este Parlamento, e que non os facemos porque cremos que é máis oportuno debater doutras cousas; doutras cousas das que si consideramos que hai aspectos a criticar ou, polo menos, a demandar información, porque hoxe se nos discutiron cousas que non dixemos. ¡Tamén é normal!, porque, cando se traen as réplicas escritas sobre cousas antes de escoitar o que di aquí o propoñente, pois soen pasar estas cousas.

Pero, en definitiva, sobre isto, hoxe plantexamos, entre outras cousas, a petición dalgunha información. Nós cremos que é importante. ¿Por que cremos que é importante ter a información concreta sobre o número de recursos dispoñibles? Cremos que é importante porque moitas veces os propios profesionais tampouco a teñen, e contribuiría, tamén, a que puideran existir aportacións ou ideas que poidan enriquecer ao Goberno, porque hai unha cousa que é indiscutible: que o Goberno ten a lexitimidade obvia de gobernar. Pero, ás veces, dá a sensación de que hai algunha outra cuestión que non se entendeu moito, e é que pode ser que non sexan propietarios da verdade absoluta; ou é máis, incluso sendo propietarios pode haber alguén –¡quen sabe!– que teña algunha idea boa. ¡non eu, ¿eh?!, ¡pero o señor Lourenzo deu aquí algunha idea boa! ¡Pero, claro!, se a vontade é chegar aquí para dicir que todo mal...:«¡todo mal, o que fan vostedes todo mal, todo mal! Isto tal... Xa o facemos nós que somos perfectos. Pois é complicado, porque ás veces a xente equivócase, ou incluso fai as cousas con toda a boa vontade do mundo, e hai algunha maneira mellor de facelas.

Entón, as loas mesiánicas empobrecen un pouco o debate, dificultan ser capaces de chegar a acordos e complican bastante a posibilidade de avanzar sobre os debates, porque se non, pasa o que advertimos aquí antes: estamos repetindo constantemente os mesmos debates de maneira permanente. Eu, cando fago unha intervención aquí, xa sei que parte dalgunha réplica vai ser: vostedes maltratan a sanidade, falan mal dos profesionais, é que vostedes fan unha crítica de non sei que... —nada que dixeramos nese momento, pero dá igual—, vostedes están constantemente non sei que, porque vostedes son uns non sei canto... E eu isto xa o sei, xa vai de serie, é o oitenta por cento do tempo. Despois ás veces, con sorte, noutro vinte por cento hai algunha cousa interesante.

Pero, ao final, non estamos contribuíndo a isto. Dende logo, nós como grupo parlamentario seguramente facemos propostas que ao Goberno non lle gustan; facemos propostas que o Goberno non comparte, como é normal, e facemos propostas incluso que poden estar non atinadas nalgún momento; nós cremos que si, e por iso as facemos, pero pode ser que non. Pero estar permanentemente tendo que saír aquí escoitar: «Pódense ter opinións pero non hai que discutir os feitos.» ¡Claro que non hai que discutir os feitos! ¿Pero non é unha realidade que este sistema viviu un estrés asistencial enorme e que non era certo que tiñamos ocupados o 30 % dos recursos e non máis? Era certo, e isto é o que plantexamos. ¿Non é certo que teñamos a capacidade de ter máis recursos, máis camas e máis profesionais que non temos? É certo, pois plantexamos un debate sobre iso.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Se non ten nada que ver, en realidade non ten nada que ver con dicir que ninguén é mellor ou peor, trátase con ter unha perspectiva de onde hai que investir e onde non, e podemos ter eses debates. O que pasa é que se un vén aquí asumir que todo o que fan os demais está mal e traer escrita unha réplica para alguén que non sabe o que vai dicir, logo pasa que está replicando algo que non se dixo. E entón non construímos nada, nada de nada.

Nós o que pensamos aquí foi: información. Cremos que é útil, explicamos por que, porque explicamos que algunha información contribuirá seguro a trasladar a importancia da situación na que vivimos; trasladamos unha demanda de máis persoal, que a facemos de maneira habitual, e trasladamos, ademais, o plantexamento de máis e mellor estocaxe de material. E díxose aquí: vostede acusa o Goberno de non facer isto. Pero se eu na miña exposición dixen que se están facendo cousas, pero cremos que hai que facer máis. Estanse facendo cousas, e acúsanme de dicir que non.

Entón, é moi difícil de discutir cando a única vontade nalgúns discursos é vir aquí advertir que hai unha bondade de luz toda chea de razón e que todos os demais non merecemos estar aquí. Ata pode ser certo, pero a realidade é que estamos aquí. Por tanto, algunhas das propostas nós non pedimos que se aproben, pedimos polo menos que se escoiten e pedimos que se debatan con argumentos, e a partir de aí construímos. Pero é que ata o de agora non fixemos nada disto, e tivemos hoxe unha tarde fantástica para estar escoitando. O único que sacamos en claro é que alguén nos quixo comparar agora aquí con ignorantes e intolerantes. Iso é o único que sacamos en claro.

Ao final disto, un que vai para a casa pensando: ou ben que un é moi malo, que pode ser, que eu podo ser bastante malo, ou ben que temos un mundo tan marabilloso que non pasa nada. Se dentro de pouco imos dicir que o señor Feijóo vai parar cunha espada de Damocles o virus tamén, e non é así. Hai que contribuír entre todos, e a ver se somos capaces de facelo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento local

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado e viceportavoz Xosé Luís Torres Bará, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Débense engadir, despois da parte resolutiva da moción, dous novos puntos:

«7º) Incluír progresivamente no Fondo de Cooperación Local as axudas e subvencións anuais ás entidades locais e garantir o reparto das axudas con criterios obxectivos e equitativos.

8º) Demandar a derrogación da lexislación estatal que afoga as finanzas das entidades locais, nomeadamente da lei de estabilidade orzamentaria e da lei de racionalización e sostibilidade da administración local.»)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Alberto Pazos Couñago, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da moción polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a solicitar da Xunta de Galicia a apertura dun proceso negociador co municipalismo galego, a través da Fegamp, que inclúa a realización dunha auditoría conxunta para determinar as competencias impropias que está asumindo cada Administración así como os custos económicos respectivos.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señores e señoras deputadas.

Hoxe imos debater unha moción substanciada na interpelación feita por este grupo parlamentario ao Goberno galego no último pleno desenvolvido neste parlamento.

Nesta moción solicitamos maior transparencia e que se permita visualizar a execución das partidas orzamentarias destinadas ás entidades locais por cada consellería; solicitamos maior execución das ditas partidas consignadas nos orzamentos; pedimos acordar un incremento do Fondo de Cooperación Local, tendo en conta as contías orzadas que ano tras ano a Xunta de Galicia deixa sen executar, e pedimos establecer os criterios que rexan a repartición das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, con criterios obxectivos pactados coa Fegamp e que garantan a igualdade de acceso mediante convocatorias públicas, así como iniciar no seo da Comisión Galega de Cooperación Local o estudo e debate dun proxecto de lei que regule a participación no financiamento dos concellos galegos nos ingresos da Xunta de Galicia.

Esta é polo tanto unha moción de man tendida, que estamos dispostos a pactar para acadar a unanimidade de todos os deputados e deputadas desta cámara. Por iso os socialistas traemos unha vez máis a esta cámara unha iniciativa que permita abrir o necesario debate do financiamento local, así como iniciar ese diálogo coa Fegamp para pactar os criterios que

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

regulen os fondos que lles transfire a Comunidade Autónoma a través de subvencións, axudas ou convenios.

As iniciativas anteriores foron vetadas polo grupo maioritario desta cámara, que coñecendo a necesidade votou en contra do voto favorable dos gobernos locais da súa mesma cor política no seo da Fegamp, co que se impide unha e outra vez que a Xunta de Galicia negocie en condicións de igualdade cos concellos galegos e sen imposicións.

Porque volvemos poñer ao dispor de todos os grupos desta cámara, nomeadamente do grupo maioritario do Partido Popular, a posibilidade de que esta moción sexa aprobada, dando así resposta aos acordos adoptados por unanimidade de todos os grupos políticos no seo da Fegamp, que temos solicitado reiteradamente á Xunta de Galicia a través do Pacto local no seo da Fegamp en multitude de documentos presentados á Xunta de Galicia e nas distintas reunións da Comisión Galega de Cooperación Local. Xa que logo, ningún deputado nin ningunha deputada pode argumentar o seu voto en contra a esta moción por non conter o consenso de todos os gobernos locais ou por non ser unha necesidade reiterada polos mesmos, independentemente da súa cor política.

Un bo número de deputados e de deputadas desta cámara tivemos —e algúns aínda teñen— responsabilidades políticas en concellos galegos. Sabemos perfectamente que en Galicia hai trescentos trece concellos con potencialidades moi distintas e con necesidades tamén diferentes. Temos, por unha banda, as sete grandes cidades, que abranguen practicamente o corenta por cento da poboación, e, por outra banda, douscentos concellos de menos de cinco mil habitantes, nos que vive algo máis do quince por cento da poboación total galega. Concellos urbanos fronte a outros eminentemente rurais, concellos moi diferentes, tanto nas súas comunicacións como nos seus servizos, sen que por parte da Xunta de Galicia se abordase o absolutamente necesario plan de reequilibrio territorial.

O que teñen en común estes trescentos trece concellos é que os seus gobernos locais contan con recursos insuficientes para atender a súa cidadanía e exercer as competencias que lles outorgan as leis, e que non se corresponden cos principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais establecidas na Constitución española, na Carta europea de autonomía local ou na Lei reguladora de bases de réxime local.

Como todos vostedes saben, os recursos financeiros dos concellos proceden ou ben dos recursos fiscais propios ou ben dos recursos procedentes da participación nos tributos do Estado ou na Comunidade Autónoma, que teñen como finalidade cubrir as diferenzas entre as necesidades de gasto e os recursos obtidos polos seus propios medios para acadar esa suficiencia financeira nas súas facendas das que falaba antes.

Pois ben, a realidade é que, durante once anos do goberno de Núñez Feijóo na Xunta de Galicia, o Fondo de Cooperación Local non incrementou nin un só euro. O Goberno galego aprobou normas que incrementaron as competencias dos concellos sen achegarlles os recursos necesarios para desenvolvelas. A Xunta de Galicia exíxelles aos concellos que carguen cunha parte importante do custo do asentamento empresarial no noso país, coa renuncia a unha parte importante dos seus ingresos fiscais propios, obviando que é a

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xunta de Galicia a que ten a competencia exclusiva en promoción económica, co que se reduce aínda máis a capacidade recadatoria dos concellos. Ademais, chantaxéanse os concellos ao condicionar a obtención de determinadas subvencións se non se fan concellos emprendedores.

O Goberno galego nestes once anos aínda non asumiu a totalidade dos gastos de mantemento dos centros de saúde, nin tampouco dos centros de atención primaria a cargo dos concellos. Isto é algo que foi aprobado polo Pacto local e asinado coa Fegamp no ano 2006. Unha Xunta de Galicia que —como dixen antes— non ten abordado ese plan de reequilibrio territorial. Un Goberno galego que durante a crise sanitaria da covid-19 volve cargar os concellos coa responsabilidade de asumiren unha parte importante dos gastos necesarios para evitar a propagación do virus, sen achegarlles os recursos económicos suficientes, cando o Goberno galego si recibiu fondos do Estado.

Os concellos galegos reciben da Comunidade Autónoma fondos por tres vías: o Fondo de Cooperación Local, as subvencións ou os convenios de colaboración. Pois ben, no Fondo de Cooperación Local, este fondo, no ano 2006, cando accedeu Emilio Pérez Touriño á presidencia da Comunidade Autónoma —algo que vostedes soen empregar en determinadas ocasións—, era de 66,5 millóns de euros, incrementándose durante o seu goberno en 24 millóns de euros, ata acadar os 113 millóns de euros. Esta cifra foi exactamente igual á consignada nos orzamentos da Xunta de Galicia para este ano 2021. É dicir, once anos despois, a participación das entidades locais nos fondos da Comunidade Autónoma segue a ser exactamente igual que no 2009: cento trece millóns de euros.

O Goberno galego introduce nos orzamentos, a partir do 2016, uns fondos que lles chama «adicionais» e outras veces tamén uns «fondos complementarios», que son axudas específicas para determinados concellos e condicionados a determinadas actuacións. Así, dende o 2016, dotan por 11,5 millóns de euros para os concellos fusionados, concellos aos que hai que sumarlles, ademais, os recursos que reciben a través de convenios a dedo de practicamente todas as consellerías do Goberno galego, ademais de teren unha maior puntuación de partida en todas as convocatorias de subvención do Goberno autonómico, tratándose de medidas totalmente discriminatorias que non responden a ningún plan de reequilibrio territorial, senón que veñen vestir esa medida estrela anunciada polo presidente Feijóo no seu discurso de investidura na novena lexislatura, como se a fusión de concellos fose por si acabar cos problemas do municipalismo galego. Tamén hai que dicir que foi unha medida anunciada con moita publicidade e propaganda, pero con pouco percorrido; algo ao que nos ten acostumados este goberno da Xunta de Galicia.

Pois a través tamén destes fondos adicionais, o Goberno galego destinou, dende 2016 a 2021, case trinta e cinco millóns de euros en axudas condicionadas para determinados concellos. Estes fondos son para sufragar gastos que na súa práctica totalidade son competencia da Administración autonómica.

Os socialistas non estamos en desacordo con esas axudas, posto que se lles dan as competencias parécenos o normal que tamén lles acheguen os fondos. Pero non intenten enganar a ninguén, pois non son fondos de cooperación local, non son fondos incondicionados, son

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fondos para que os concellos asuman e xestionen competencias que son da Xunta de Galicia, e ademais dótanos insuficientemente. *(Aplausos.)*

Outra vía de transferencia de fondos da Comunidade Autónoma aos concellos galegos vén pola vía de convenios e subvencións, consignados tamén nos orzamentos da Xunta de Galicia. Nos últimos tres exercicios o Goberno galego deixou sen executar da orde de cento corenta millóns de euros deles. Cento corenta millóns de euros dos que unha parte podía ter incrementado o Fondo de Cooperación Local.

Pois miren: as contías destinadas a convenios e subvencións para as entidades locais tamén diminuíron dende que goberna Núñez Feijóo na Xunta de Galicia. Durante o goberno de Emilio Pérez Touriño incrementáronse en 67 millóns de euros as partidas na súa lexislatura, ata acadar os 310 millóns de euros no 2009, e agora, nos orzamentos de 2021, é dicir, once anos despois, consignan 29 millóns de euros menos que en 2009 para os concellos galegos pola vía de convenios e subvencións.

E debemos ter en conta, ademais, que dentro destas contías consignadas se orzan créditos que van destinados á prestación de servizos que son competencia da Comunidade Autónoma; contías que non chegan para cubrir o custo dos servizos e lastran aínda máis as xa maltreitas arcas municipais, ao facérense cargo os concellos nalgúns casos de máis da metade do financiamento con fondos propios...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...como pode ser —remato xa, señor presidente— o mantemento de escolas infantís, o plan concertado, o servizo de axuda no fogar ou as políticas activas de emprego.

Ben, como xa me está avisando o señor presidente e non quero parecer descortés, remato aquí esta primeira quenda.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde ou noite xa, non sei exactamente en que momento estamos.

En todo caso, estamos nun debate recorrente e repetido, que xa veu aquí en varias ocasións e non por iso menos necesario e menos importante. De feito, o BNG tamén o trouxo no pasado período de sesións; o que pasa é que sen moitos resultados á verdade. Aquí batemos en ferro frío.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A min ocorríaseme agora facer unha proposta: que comparecesen neste parlamento os representantes da Fegamp e a ver se nos poñemos de acordo; podiamos facer un careo entre os representantes na Fegamp do Partido Popular e os representantes no Parlamento galego do Partido Popular a ver se se poñen de acordo, porque defenden cousas antitéticas, pois na Fegamp defenden unha cousa e aquí a contraria, e quedan tan tranquilos.

De todas maneiras, tamén nos parece importante neste debate elevar un pouco a mirada e pensar realmente en cales son os problemas financeiros que teñen os concellos, que non son só os relacionados co financiamento, coa participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, e que son máis profundos e que levan a unha situación de auténtica asfixia e de auténtico —podemos dicir— maltrato aos concellos galegos por parte das institucións do ámbito superior, tanto no caso autonómico como no caso do Goberno do Estado.

E nós pensamos que esta situación melloraría cun novo sistema de financiamento para Galiza, é dicir, dunha maneira que teñamos máis recursos para repartir, para a prestación de servizos e tamén para transferirlles aos concellos. E a este respecto temos que dicir que o BNG ten unha proposta na materia de financiamento autonómico, que é o sistema de concerto, que xa o explicamos aquí moitas veces.

Non sabemos cal é a proposta dos outros grupos, ou si sabemos, polo menos, que é a proposta actual, que todo o mundo recoñece que é discriminatoria e inxusta para Galiza, pero ninguén, cando está no goberno, se atreve a cambiala. Esa é a realidade.

Entón, temos unha situación de insuficiencia financeira que ten principalmente tres razóns:

Unha é un sistema de financiamento local inxusto e discriminatorio. Isto díxoo en numerosas ocasións a Fegamp, e aprobamos aquí tamén iniciativas ao respecto. Pero cando se chega a Madrid resulta que se mantén esta situación, non hai quen cambie este sistema que a propia Fegamp chegou a valorar en que perderon os concellos galegos, polo tanto, perdemos todas e todos nós, ata dous mil millóns de euros desde o ano 2004, que deixaron de ingresar os concellos galegos, coas consecuencias que ten iso na prestación de servizos. Todo o mundo está de acordo en que hai que valorar outros criterios, non só o da poboación, porque este sistema favorece as grandes cidades descaradamente, que hai que ter en conta tamén a dispersión da poboación, que é un factor fundamental para explicar o custo dos servizos, e tamén, desde logo, o avellentamento da poboación. Nisto está todo o mundo de acordo, pero non se cambia. Non se cambia e iso penaliza gravemente os concellos galegos.

A segunda causa é que os concellos sofren un marco legal tamén asfixiante, que vén derivado fundamentalmente da aprobación —non só pero principalmente— do artigo 135 da Constitución no ano 2011, cunha finalidade clara, pois aí houbo acordo —digamos— entre os dous grupos centralistas. Isto trouxo como consecuencia unha serie de cambios legais que tamén prexudicaron gravemente as competencias, as capacidades e os ingresos dos concellos. E aí están a Lei de estabilidade orzamentaria e tamén a Lei de racionalización e sostibilidade da Administración local, que sofren cada día os alcaldes, as alcaldesas, os gobernantes dos concellos e tamén a propia veciñanza. Porque estas normas crearon un corsé que dificulta gravemente o gasto público, os investimentos públicos, a utilización do superávit ou tamén a

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

contratación de persoal para os servizos públicos. E despois fálase, claro, do tema das taxas de reposición, pero vén todo de aí, de establecer mediante unha lei e mediante un cambio da Constitución que o prioritario era pagar as débedas que tiñan as entidades locais coas entidades financeiras, e non a mellora da prestación de servizos municipais.

E a terceira causa deste auténtico estrangulamento que sofren os concellos ten que ver precisamente con esa participación dun fondo da Xunta, raquítico, das transferencias aos concellos, que, ademais, nestes orzamentos deste ano se viron diminuídas, cando é un orzamento claramente expansivo, cunha baixada do 6,4 % das transferencias aos concellos nos orzamentos da Xunta do ano 2021.

Pois, ben, fálase normalmente do Fondo de Cooperación Local, e falou a portavoz do Grupo Socialista deste fondo, e en realidade este fondo supón o 33 % do total das transferencias que fai a Xunta aos concellos. Como dixo moi ben a señora Rodríguez Rumbo veñen do Fondo de Cooperación Local, que ten uns criterios de repartición iguais para todos.

Pero despois hai outras dúas bolsas, que son as subvencións e, sobre todo, os convenios, que teñen as cartas marcadas e que benefician descaradamente os concellos do Partido Popular. E iso hai que cambialo. E iso foi acordado en reiteradas ocasións pola Fegamp en acordos tamén coa Xunta de Galiza. Pero non hai *tu tía*; aquí mantense este marco porque favorece os concellos do Partido Popular, e por iso o Goberno da Xunta non ten ningún interese en cambialo. E a pesar de que houbo —xa digo— acordos para asinar o Pacto local, para na Comisión de Cooperación Local aprobar —isto anunciouno o presidente da Xunta no ano 2017— «impulsar unha lei autonómica para brindar a cooperación local e para establecer eses criterios equitativos de repartición de todos os fondos públicos». Iso está ademais nos acordos da Fegamp do ano 2017, que son públicos e que foron aprobados por todos os grupos. Pero isto mantense exactamente igual porque non interesa cambiar ese marco.

E agora resulta que en outubro do ano pasado se reúne outra vez a Comisión de Cooperación Local, e sobre a mesa están os mesmos temas que levan dando voltas practicamente durante unha década, entre outras razóns porque estiveron sete anos sen convocar esta comisión. Pero se vimos na orde do día dos temas tratados que, ademais dos niños de velutinas, están a Lei de facendas locais, que segue pendente; as transferencias aos concellos, que seguen pendente; o pacto da auga, que segue pendente; o mapa das emerxencias, que segue pendente.

Polo tanto, é xa hora de que nos sentemos, de que se senten a falar coa Fegamp e de que poñan solución a este tema, porque lles vai moito aos concellos na solución desta cuestión.

E, por último, quixera tamén facer unha referencia loxicamente a que vivimos nunha pandemia as necesidades, e as obrigas dos concellos estanse incrementando normalmente porque a Xunta de Galiza e tamén o Goberno do Estado lles están trasladando máis competencias e máis responsabilidades, pero non os recursos necesarios. E a respecto desta cuestión, hai tamén un acordo da Xunta directiva da Fegamp no que lles pide tanto ao Goberno da Xunta como ao Goberno central que lles transfira fondos extraordinarios para facerlles fronte a estas necesidades. Están aínda agardando.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por iso, o BNG vai apoiar esta iniciativa. Compartimos todos os puntos da moción que presenta o Grupo Socialista e engadimos dúas emendas que entendemos que son complementarias e que melloran o texto. En todo caso, o noso voto será favorable á proposta do Grupo Socialista.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, sorpréndeme que a estas alturas teñamos que aclarar esta cuestión, pero eu creo que nesta cámara non deberiamos confundir conceptos básicos en materia de democracia como é «vetar» con «votar». O grupo maioritario non veta nada nesta cámara, o grupo maioritario vota segundo as convicciónns propias que ten, exactamente igual que fan as súas señorías. O que pasa é que os galegos decidiron que os votos do grupo maioritario, por iso é maioritario, tiveran máis peso nas decisións da Cámara. Pero nós non vetamos nada, señoría, non o facemos. *(Aplausos.)*

Pedía un compañeiro seu nunha intervención anterior que se debata con argumentos. Eu prométolle que vou intentalo e, polo tanto, deixarei así algunhas cousas peregrinas que escoitei, como que os problemas económicos de Galicia se resolven cun concerto, que basicamente supón pasar da fame actual dos concellos a que morran xa directamente de inanición, ou que hai que acabar coas fusións, que parece que iso é un problema, que non sei por que iso é un problema; levábanas vostedes en programas, despois retiráronas, non sei por que.

Pero se falamos de financiamento eu teño que dicir que nós compartimos a preocupación do PSdeG sobre o financiamento dos concellos galegos. Porque creo que todos estaremos de acordo, todos imos concordar en que dispoñen de menos recursos que a media dos concellos de España, e iso é un problema.

Eu o que entendo menos, e téñollo que confesar, señoría, é a teima do PSdeG por desviar a atención sobre a orixe fundamental desa anemia orzamentaria que sofren os nosos municipios, que pouco ten que ver coa aportación financeira que fai a Xunta de Galicia. Como dicía vostede: este é un tema recorrente que debatemos moitas veces aquí nesta cámara, no Parlamento. E todos os grupos da Cámara acordamos reclamar un mellor financiamento dos concellos galegos. Eu, como falaba vostede de unanimidade, voulle ler o acordo ao que chegamos por unanimidade dos grupos desta cámara:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar a reforma do actual modelo de financiamento local de acordo cos seguintes criterios: proporcionar máis recursos aos concellos; adoptar os criterios de dispersión e avellentamento da poboación para a repartición

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da participación nos ingresos do Estado, a PIE, por se tratar de factores que repercuten de xeito determinante sobre o custo dos servizos que prestan os concellos galegos; e, terceiro, transferir á Xunta de Galicia a contía correspondente á PIE, para que sexa a Administración galega a que realice a repartición destes fondos entre os concellos».

Este era o acordo unánime que tiñamos. ¿Por que mudamos o acordo? O único que mudou voulle explicar eu o que era: cando o Partido Popular apoiou esta proposta, quen estaba gobernando en Madrid era o presidente Rajoy, e agora está o presidente Sánchez. E son outros que cando cambian de presidente o que queren é descabalgarse dos acordos unánimes que tiñamos previamente adoptados nesta cámara. Señoría, creo que é unha obviedade.

Como din vostedes este é un «debate recorrente», como é un debate recorrente dáse en varias cámaras. Eu estiven moi atento a semana pasada ao debate que houbo sobre este tema no Congreso dos Deputados. Nel pedíanse algunhas cuestións por parte do Grupo Popular que creo que son fundamentais para os concellos galegos. Mire: que comunidades autónomas —a galega entre elas— e os concellos non teñan que devolver o saldo negativo das entregas á conta de 2020 e 2021. Porque saben vostedes, señorías, que imos ter un serio problema e que se vai crear un gran burato nas arcas públicas autonómicas e municipais. Desgraciadamente non prosperou este tema porque votaron en contra o PSOE, Podemos e Vox.

Pediamos tamén que se retomara a reforma do financiamento autonómico e local, porque o certo é que era prioritario para todos. Pero dende que houbo o cambio de goberno non se volveu saber nada deste tema e non se volveu convocar tampouco a Conferencia de Presidentes.

Pediamos tamén aplicar os mesmos criterios que a Unión Europea na repartición dos fondos europeos para eliminar esa discrecionalidade da que vostedes se queixan tanto nesta cámara. Pero tampouco puido tomarse o acordo porque votaron en contra o PSOE, Podemos e Vox.

E tamén pediamos respectar a autonomía fiscal das comunidades autónomas no marco das súas competencias. E non o van crer, pois votaron en contra desta cuestión o PSOE, Podemos e Vox; o que empeza a parecer o novo *trifachito de Colón*. ¡É unha cousa certamente curiosa! *(Aplausos.)* Sorprende menos cando un escoita cousas como que «*Sánchez alaba el sentido de Estado de Abascal por facilitar los fondos de la Unión Europea*». En fin, hai non moito tempo nesta cámara dicíasenos que con estes señores non había nada que falar.

Se queremos solucionar o problema de financiamento dos concellos galegos, eu penso que debemos ser rigorosos no diagnóstico e determinar cales son os problemas que realmente temos que solucionar. A realidade acredita algunha cousa:

A primeira, que o Fondo de Cooperación Local de Galicia é o segundo mellor dotado de todas as comunidades autónomas peninsulares, e que a participación nos ingresos do Estado dos concellos galegos é a cuarta máis baixa de todas as comunidades autónomas.

Hai quince días houbo unha interpelación aquí, e eu creo que hai determinadas cousas nas que xa vou evitar afondar, porque as aclarou o conselleiro. Aclarou a falacia da baixa execu-

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ción dos fondos. ¡Home!, eu creo que non debemos de poñer en dúbida os informes do Consello de Contas, que din que os fondos destinados aos concellos se executan nun 97,5 %. ¡Parece un grao de execución razoable!

Descenso das transferencias aos concellos este ano. Tamén lle acreditou o conselleiro que soben máis de seis millóns e medio.

E a falacia que repetiu vostede hoxe do Fondo de Cooperación Local. Non, señoría, o Fondo de Cooperación Local en 2009 estaba dotado con 104 millóns, o fondo base. O fondo base do 2021 son 112 millóns. Pero se quere vostede sumarlle os fondos adicionais, no 2009 eran 124 millóns, e hoxe, 127 millóns.

A isto temos que sumar que durante catro anos, nos que se produciu unha caída da recadación nas arcas da Comunidade Autónoma, a Xunta, a pesar de que tiña que facelo legalmente, non diminuíu a aportación aos concellos galegos; ao contrario, mantívoa, o cal supón unha aportación extra de 21 millóns de euros. Polo tanto, creo que, sinceramente, o compromiso da Xunta está bastante fóra de dúbida.

Por se ten vostede algunha, eu intentei recadar información dalgún informador obxectivo, neste caso a Rede Localis. Creo que vostede terá respecto polos seus membros, grupos do GEN da Universidade de Vigo, o señor Santiago Lago, o señor Leiceaga e o señor Antonio López, que creo que non son sospeitosos de ser ultradereitistas militantes, ¿verdade? Léolle o informe que fixo en marzo deste ano:

«La importancia relativa de las transferencias corrientes por la vía autonómica es mayor en Galicia que para la media nacional. El porcentaje anterior para Galicia es del 29,3 %, frente al 22,3 % a nivel nacional. Por el contrario, la aportación de la Administración general del Estado es casi dous puntos porcentuales menor en Galicia que con respecto a la totalidad de ayuntamientos a nivel nacional. Lo anterior permite señalar como la aportación autonómica a los ayuntamientos gallegos es más generosa de la que se realiza en otros territorios».

Eu creo que aí se sinala claramente un dos problemas. Outro dos problemas, evidentemente, é esa falta de aportación. Non o digo eu, esta mesma semana na prensa, fin de semana, *Faro de Vigo*: *«Galicia pierde fuelle en los fondos del Estado destinados a financiar los concellos».* A media é de 281 euros; Galicia percibe nos concellos 226 euros. O problema é que o ano pasado eramos a sexta comunidade que recibía menos fondos, empezando pola cola. E este ano a cuarta. ¿Por que? Porque hai un sistema profundamente inxusto cos concellos galegos que cada ano nos vai xerar maiores problemas. Polo tanto, eu creo que aquí están os problemas, e o que hai que intentar é solucionalos.

Para isto nós presentamos unha emenda. Creo que é unha emenda razoable: «Solicitar da Xunta de Galicia a apertura dun proceso negociador co municipalismo galego a través da Fegamp, que inclúa a realización dunha auditoría conxunta para determinar as competencias impropias que está asumindo cada administración, así como os custos económicos respectivos».

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non é unha novidade, señorías: acordo entre Xunta e Fegamp para blindar por lei a cooperación local. Xa tiñamos este acordo tomado. «O presidente da Fegamp espera que o texto defina tanto as competencias dos municipios como o financiamento requirido para iso, aínda que recoñeceu que haberá que esperar a que o Goberno central acometa a reforma desta lei a nivel estatal». Claro, o que pasa é que cambiou o presidente da Fegamp, non cambiou de partido, era socialista este, segue sendo socialista o de agora, pero a actitude parece que mudou. E a min iso, señorías, preocúpame, porque nós precisamos saber se na Fegamp imos ter un aliado para clarificar e mellorar o financiamento dos concellos galegos ou un ariete ao servizo dos intereses partidistas ou políticos. Eu pediría que non pasase isto segundo, porque me parece que é importante unha colaboración que nos permita clarexar as competencias e asignar os recursos para desenvolver esas competencias. Polo tanto, o que pido é seriedade.

O que pedimos nós tamén é respecto para os municipios. Pedimos que non se intente quedar cos remanentes dos municipios como se pretendeu, por exemplo, dicíndolles que a cambio dos 15.000 millóns que lles cedían ao Estado, o Estado permitíalles acceder a unha liña de axudas de 5.000 millóns. ¡Cambiar 15.000 millóns por 5.000 millóns, dende logo, era un gran negocio para os concellos galegos! Afortunadamente, ¡parámolo! Non foi grazas á postura do Partido Socialista, nin en España nin en Galicia.

Por certo, tamén pediriamos, exactamente igual que vostedes, a participación dos concellos nos fondos europeos. Porque, efectivamente, transferíronse fondos do Estado á Comunidade, pero era para atender os gastos da Comunidade, ¡eh! Eran os gastos médicos, eran os gastos derivados de atender a pandemia. Nós pedimos recentemente que os concellos participen tamén deses fondos. ¡Home!, creo que non somos nós os sospeitosos de poñer pegas a este tema, porque *«El PSOE rechaza repartir los fondos europeos a los ayuntamientos por su falta de recursos intelectuales»*.

Señora Rumbo, ¿vostede considera, de verdade, que isto que declarou, por certo, un senador socialista nun debate no propio Senado, onde se pedía que se cedesen fondos europeos ao servizo dos concellos para atender as necesidades xurdidas a partir da pandemia, que esta é a contestación que ten o PSOE para o municipalismo español?, ¿que non lles van dar fondos porque cuestionan os seus recursos intelectuais? A min paréceme que isto é pouco serio.

Polo tanto, volvo repetir: nós o que queremos é diálogo. E agora o que teñen que dicir vostedes é se están dispostos a ese diálogo ou se, efectivamente, van manter a mesma...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...—si, remato xa, presidente— actitude que se mantivo ata agora.

A Xunta ofreceulles asinar un convenio, participar nun convenio coa universidade para determinar as competencias impropias de cada administración. A Fegamp rexeitouno. Pedíronlles tamén que se incorporaran os grupos de traballo para intentar determinar esta cuestión, que é a esencia mesma do problema do financiamento local. E seguen sen designar esas persoas.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu o que lles pido é que falen cos seus compañeiros de partido, que recapaciten...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...que se sumen a este intento de recompoñer as maltreitas arcas dos concellos galegos e, entre todos, agora si, con argumentos,...

O señor PRESIDENTE: Grazas... Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...poidamos axudar a que os municipios vaian un pouco...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor PAZOS COUÑAGO: ...máis desafogados en termos económicos.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Ben, eu insisto, señor Pazos Couñago: bríndolles a posibilidade de aprobar por unanimidade esta moción e trasladar un compromiso de apoio unánime aos concellos galegos por parte dos tres grupos parlamentarios que conformamos este Parlamento galego.

Eu creo que é moito máis fácil que nos digan directamente se vostedes están de acordo cos puntos contidos na moción, ¿si ou non? Se están de acordo, voten a favor, e se non o están, explicaránllelo aos concellos galegos da súa mesma cor política, que están totalmente de acordo con estes puntos que nós aquí recollemos.

De todas formas, eu creo que vostede está equivocado de foro. A verdade é que vostede vén aquí e parécelle que está no Congreso. E non, estamos no Parlamento galego. Polo tanto, aquí estamos para dicirlle ao Goberno galego as cousas que nós consideramos que debe facer ou que non deber facer, e adoptar medidas para que as faga o Goberno galego, non no Estado. Ese é outro debate, que tamén o podemos abordar noutro momento, pero, de inicio, que asuman eles as súas competencias.

Nós o que cremos é que realmente hai que mudar a forma que ten a Xunta de Galicia para repartir os fondos públicos, coa dedicación dunha parte moi importante destes fondos a convenios que reparten a dedo, sen ningún criterio obxectivo e sen que poidan ser amparados por ese plan de reequilibrio territorial que lle comentaba antes.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E voulle dar dous exemplos. Un, xa o presentei a semana pasada, e alégrome de que estea aquí o vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, son os convenios que repartiu a súa consellería dende 2017 a 2020. Pois mire: esta é a gráfica *(A señora Rodríguez Rumbo amósalle á Cámara un folio cun gráfico.)*, eu creo que bastante elocuente. E dinos que en catro anos, de seis millóns que foron repartidos pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, pois 5,5 foron para concellos gobernados polo Partido Popular. *(Aplausos.)*

Teño outro exemplo máis: convenios da Axencia Galega de Infraestruturas, anos 2016 a 2020. Pois dos case vinte millóns que repartiron, o 90 % tamén foron para concellos con gobernos do Partido Popular: 19,6 millóns de euros.

Daquela, ¿vostedes consideran que a Xunta de Galicia fai unha repartición equitativa e xusta e que contribúe ao reequilibrio territorial de Galicia repartindo a dedo estes fondos públicos? Pois miren: os socialistas rexeitamos unha vez máis o sistema de repartición a dedo dos fondos da Xunta de Galicia. Este é un sistema caciquil que non respecta a autonomía local, que non está baseado nun plan de reequilibrio territorial para Galicia, que non procura a cobertura de servizos básicos para toda a cidadanía galega, independentemente daquel lugar onde vivan, que non cumpre cos principios de transparencia e obxectividade contemplados na Lei de transparencia e bo goberno de Galicia e que non respecta a Lei de subvencións de Galicia.

Xa llo dixen na anterior interpelación ao conselleiro e repito agora: nun orzamento expansivo para o 2021, que medra 1.575 millóns de euros, os concellos son un dos grandes damnificados. As transferencias a entidades locais diminúen para o ano 2021 en case 11,5 millóns de euros, sendo das poucas partidas que baixan para este ano 2021. Cando vostedes no programa electoral para o 2020 das eleccións autonómicas, no apartado relativo á Administración local, dicían literalmente: «Comprométense a revisar o financiamento dos concellos a través do Fondo de Cooperación Local cara a un modelo que sobrepondere o avellentamento, a despoboación e o esforzo fiscal, e a aposta pola cohesión territorial».

Polo tanto, vostedes teñen que decidir se votan a favor dos concellos, dunha repartición máis equitativa, máis igualitaria e con criterios obxectivos, ou se seguen apostando pola repartición a dedo. Eu falo da Xunta de Galicia, que é o foro que me compete. *(Aplausos.)* Decidan: poden votar a favor e dar unha mensaxe unánime, ou poden votar en contra e estar continuamente en contra e seguir apoiando esa repartición caciquil dos fondos, que son de todos e de todas. *(Aplausos.)*

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, ¿acepta as emendas?

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Do Partido Popular aceptamos a emenda como engádega e aceptamos tamén o primeiro punto da emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego.

Polo tanto, invitámolos unha vez máis a que voten a favor e saír de aquí cun acordo unánime.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado xa o debate das mocións, procedemos á súa votación.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Iria Carreira Pazos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Iria Carreira Pazos, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa nova onda de contaxios de covid-19 e a Estratexia de vacinación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a que se acaba de debater, que é a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento local. Manifestou que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego —aceptaba o primeiro punto—. E da emenda do Grupo Parlamentario Popular dixo que a aceptaba como adición.

(O señor Pazos Couñago pide a palabra.)

Si, señor Pazos ¿para que quere a palabra?

(Prodúcese unha breve intervención que non se rexistra na gravación.)

O señor PRESIDENTE: Non acepta a señora Rodríguez Rumbo a votación por puntos, entón... *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Este é o debate político, ¿que quere que lle faga? Por min que lla aceptara, pero non lla acepta. *(Risos.)* ¡Que quere que lle faga!

Temos que votar. Votamos tal e como comentei antes.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento local.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D. Julio Torrado, que acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a xestión da crise sanitaria provocada pola pandemia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Suspéndese a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás oito e dezaoito minutos do serán.

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura (S)
2. Aira Díaz, María del Carmen (BNG)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
4. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
5. Arangüena Fernández, Pablo (S)
6. Arias Rodríguez, Raquel (P)
7. Armada Pérez, José Antonio (P)
8. Balseiro Orol, José Manuel (P)
9. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo (S)
11. Calvo Pouso, Diego (P)
12. Candia López, María Elena (P)
13. Carballo Páez, Ramón (P)
14. Carreira Pazos, Iria (BNG)
15. Castro García, Daniel (BNG)
16. Castro Rey, Paloma (S)
17. Conde López, Francisco José (P)
18. Díaz Mouteira, María Sol (P)
29. Díaz Varela, Noa Susana (S)
20. Egerique Mosquera, Teresa (P)
21. Fernández Alfonzo, Ramón (BNG)
22. Fernández Gómez, Alexandra (BNG)
23. Ferro Iglesias, José Luis (P)
24. Francisco Rivera, Juan Carlos (S)
25. Gallego Sanromán, María Leticia (S)
26. García Martínez, Fabiola (P)
27. García Vidal, Ana Belén (P)
28. González Albert, María (BNG)
29. González Iglesias, María do Carme (BNG)
30. González Vázquez, José (P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio (BNG)
32. Lorenzo Gómez, Rubén (P)
33. Martínez García, Valeriano (P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
35. Nóvoa Iglesias, Marta (P)
36. Núñez Feijóo, Alberto (P)
37. Ortega Otero, Marina (S)
38. Otero Rodríguez, Patricia (S)
39. Pazos Couñago, José Alberto (P)
40. Pérez Fernández, Rosana (BNG)
41. Pérez López, Daniel (BNG)
42. Pérez López, Noelia (P)
43. Pomar Tojo, Carmen María (P)
44. Pontón Mondelo, Ana (BNG)
45. Porro Martínez, María Corina (P)
46. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
47. Prado del Río, Paula (P)
48. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
49. Puy Fraga, Pedro (P)
50. Queixas Zas, Mercedes (BNG)
51. Quintana Carballo, Rosa María (P)
52. Rey Varela, José Manuel (P)
53. Ríos Santomé, Paulo (BNG)
54. Rivas Cruz, Xosé Luís (BNG)
55. Rodeiro Tato, Ovidio (P)
56. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
57. Rodríguez Carrera, María Felisa (P)
58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)
59. Rodríguez González, Román (P)
60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
62. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
63. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
64. Santos Costa, Manuel (P)
65. Sanz Arias, Cristina (P)
66. Seco García, Martín (S)
67. Suárez Sarmiento, María Elena (P)
68. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)
69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel (P)
70. Torrado Quintela, Julio (S)
71. Vázquez Domínguez, Sandra (P)
72. Vázquez Mejuto, María Ángeles (P)
73. Vázquez Mourelle, Ethel María (P)
74. Vega Pérez, Daniel (P)
75. Verea Fraiz, Borja (P)

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPGsPQYi4gTM5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/